



Proxecto Educativo de Centro

CEIP REIBÓN

O presente Proxecto Educativo de Centro (PEC) foi revisado e aprobado na reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica celebrada o 03/04/2018 de 2018 tendo validez para os dous vindeiros cursos.

En Moaña a 06 de 04 de 2018.

Vº e Prace

O DIRECTOR

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

2.1 Situación socioeconómica e cultural da zona

2.2 Escolas

2.3 Situación socioeconómica e cultural das familias

2.3.1 Informe sobre o uso do galego

2.3.2 Nivel socioeconómico

2.3.3 Cultura e ocio

2.3.4 Hixiene e nutrición

2.3.5 Hábitos de estudo

2.4 Tipoloxía escolar

2.5 Ubicación xeográfica

2.6 Titularidade

2.7 Niveis educativos

2.8 Número de unidades

3. ÓRGANOS DE GOBERNO

3.1 Unipersoais

3.2 Colexiados

3.2.1 Consello Escolar

3.2.2 Claustro

3.3 De coordinación docente

3.3.1 Equipos de Nivel

3.3.2 Comisión de Coordinación Pedagóxica

3.3.3 ENDL

3.3.4 Actividades complementarias e extraescolares

3.3.5 Seccións Bilingües

3.4 Persoal non docente

4. ESPACIOS E EDIFICIOS ESCOLARES

4.1 Oficinas e outros usos

4.2 Aulas para alumnado con NEAE

4.3 Aulas para música

4.4 Pistas polideportivas e espazos abertos

5. TRABALLO COOPERATIVO CON PAIS/NAIS

5.1 Asociación de pais/nais

6. CENTRO DE RECURSOS

6.1 Réxime de permanencia de alumnado e profesorado

6.1.1 Horario do centro

6.1.2 Atención ás familias

6.2 Saídas, viaxes e excursións

6.3 Financiación

7. ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

7.1 Notas de identidade

7.1.1 Confidencialidade

7.1.2 Pluralismo e valores democráticos

7.1.3 Coeducación

7.1.4 Educación para a paz

7.1.5 Respecto ao medio ambiente

7.1.6 Educación para a saúde e o consumo

7.2 Modelo de xestión institucional

8. PRINCIPIOS BÁSICOS E OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

8.1 A nivel educativo

8.2 A nivel de aprendizaxe

8.2.1 Estilos de aprendizaxe

8.2.2 Finalidade

8.2.3 Criterios de avaliación

8.2.4 Criterios xerais de aprendizaxe

8.3 Tratamiento da diversidade

- 8.4 Liña metodolóxica do centro
- 8.5 Concrección curricular
 - 8.5.1 Introducción
 - 8.5.2 Características educativas do alumnado de E.P
- 8.6 Metodoloxía
 - 8.6.1 Principios metodolóxicos
 - 8.6.2 Consideracións metodolóxicas xerais
- 8.7 Atención á diversidade
 - 8.7.1 Recursos e servizos de apoio
 - 8.7.2 Medidas de reforzo
 - 8.7.3 Atención ao alumnado con NEAE
 - 8.7.4 Adaptación que é preciso
- 8.8 Obxectivos da E.P
- 8.9 Avaliación do proceso
- 8.10 Concrección curricular
 - 8.10.1 Áreas de LG e LC
 - 8.10.2 Área de LE (Inglés)
 - 8.10.3 Áreas de CN e CS
 - 8.10.4 Área de Matemáticas
 - 8.10.5 Área de EF
 - 8.10.6 Área de Música
 - 8.10.7 Área de Relixión

9. PLAN ANUAL DE LECTURA

10. PLAN TICS

11. PROXECTO LINGÜÍSTICO

- 11.1 Normativa legal
- 11.2 Adenda anual
 - 11.2.1 Actividades 16/17
 - 11.2.2 Actividades 17/18

12. NOF E NORMAS DE CONVIVENCIA

- 12.1 O centro, características e obxectivos
- 12.2 Fundamentos legais
- 12.3 Estrutura organizativa
- 12.4 Normas de convivencia
- 12.5 SEC e funcionamento
- 12.6 Organización de espazos
- 12.7 Difusión á comunidade educativa
- 12.8 Avaliación e modificación das NOF

1. INTRODUCCIÓN

Nos comezos do século XXI, ás institucións escolares pídesenos que ofrezamos unha educación capaz de responder ás cambiantes necesidades e ás demandas que formulan as sociedades actuais, na convicción de que dela dependen tanto o benestar individual como o colectivo. Por outra banda, a educación escolar ten lugar no seo dunha organización e hoxe en día parece pouco cuestionable o feito de que todas as organizacións necesitan pautas ou, se o preferimos, un conxunto de guías de acción que sirvan para orientar de maneira coordinada e coherente as actuacións que desenvolvemos as persoas que formamos parte dela. Na actualidade, sábese que o clima escolar, a dinámica de traballo do equipo de profesores, o papel do equipo directivo, os criterios metodolóxicos xerais utilizados para decidir o uso do tempo, do espazo, ... ou como se concibe e se desenvolve a participación dos distintos membros da comunidade educativa, é determinante na educación escolar, como tamén o son variables externas propias dos sistemas educativos: lexislación, políticas xerais, status do profesorado ou a tipoloxía e características propias de cada centro. O Centro é, pois, a organización na que se desenvolve o traballo de profesoras e profesores, alumnas e alumnos e o lugar que debe servir de marco adecuado

para crear un ambiente favorecedor dos procesos de ensinanzaaprendizaxe e só desde unha concepción xeral e global dese traballo, alén de cada aula considerada illadamente, posibilitará estímulos e oportunidades educativas suficientes e variadas. No CEIP Reibón tratamos de reflexionar para identificar as conviccións compartidas e o alcance destas; para acordar e fixar os nosos propósitos, as nosas intencións comúns e as formas de organizar o traballo. En moitos casos, esta actividade é apoiada por outros membros da comunidade escolar (ANPA, Concello, ...) mediante a súa participación e as súas contribucións. Como consecuencia desa construción reflexiva, determinanse criterios comúns de carácter didáctico, organizativo e orientador, ou ben outros que corresponden á xestión administrativa ou de goberno do Centro. A miúdo, eses acordos adoitan recollese en instrumentos de traballo que non deixan de ser deseños que anticipan e orientan a acción, é dicir, proxectos.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE),(ratificada pola LOMCE) na alínea 2 do Artº 120 (Cap.II) di: “Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro”. Así mesmo, nas alíneas 1 e 2 do Artº 121 e con respecto ao proxecto educativo, dise: “1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas”. Este proxecto, que deberá ter en conta as características do ámbito social e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción titorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta Lei e na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación”.

O nivel de autonomía institucional que, na actualidade, temos os centros educativos a nivel curricular, organizativo e de xestión levan a unha esixencia e á existencia dun Proxecto de Centro. Cando os centros educativos temos que tomar decisións sobre aspectos relacionados coa nosa organización e funcionamento que non veñen prescritos pola Administración, faise necesaria a creación e a elaboración dunha liña de Centro ou marco de referencia no que se establezan unhas metas e uns compromisos dos distintos estamentos da comunidade educativa a través dun funcionamento harmónico, co fin de asegurar a coherencia nos procesos educativos. Partimos, xa que logo, da convicción de que os instrumentos programáticos, como o Proxecto Educativo, as Normas de Organización e Funcionamento, a Programación Xeral Anual, o Plan de Convivencia, o Plan das TIC, o Plan Lector, o Plan de Atención á Diversidade, ... sistematizan, vertebran e orientan a vida do Centro como institución, alén das persoas que poidan estar nun determinado momento pero, ademais e sobre todo, son a referencia que nos vai permitir lexitimar ou non as actuacións individuais e colectivas de todos os membros da comunidade escolar. Por todas estas razóns e tamén polo compromiso que debe asumir esta institución de proporcionar unha educación de calidade, o CEIP Reibón elabora e desenvolve este PROXECTO EDUCATIVO

FUNDAMENTOS LEGAIS:

θ Constitución Española de 1978. θ Estatuto de Autonomía de Galicia. Lei 1/1981.

θ Lei 8/1985, do 3 de xullo, Orgánica do Dereito á Educación (LODE).
θ Lei 2/2006, do 3 de maio, Orgánica de Educación (LOE).

θ Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Colexios de Educación Primaria dependentes da Consellería de Educación e OU.

θ Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento dos colexios de Educación Primaria. θ Decreto 105/2014 que establece o currículo de primaria

θ Decreto 30/2007, sobre admisión de alumnos nos centros sostidos con fondos públicos.

θ Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia.

θ Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

θ Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación

θ Lei 7/2004, do 16 de xullo da igualdade de homes e mulleres

θ Lei 8/2013 do 9 de decembro (LOMCE) θ Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

2.1 SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA E CULTURAL DA ZONA.

Grado de concentración ou dispersión dos alumnos/as respecto á escola e medio de transporte que empregan.

Os alumnos/as que asisten ao centro pertencen fundamentalmente a tres das cinco parroquias do Concello:

- Meira
- Moaña
- Tirán

Tendo en conta o dato anterior, é evidente que o noso alumnado atópase bastante disperso, motivo polo que necesitan empregar o transporte escolar bastantes alumnos. Os que non fan uso del acceden ao centro andando ou ben facendo uso de transporte privado.

2.2 ESCOLAS.

No Concello existen os seguintes centros de Ensino :

- Escolas de Educación Infantil:
 - EEI de Verducedo (Adscrito)

- EEI do Con
- Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria.
- C.E.I.P. A Guía
- C.E.I.P. de Abelendo
- C.E.I.P. de Quintela
- C.E.I.P. de Seara
- C.E.I.P. de Tirán
- C.E.I.P. de Reibón (Adscrito a I.E.S. As Barxas)
- Centros Públicos de Educación Secundaria.
- I.E.S. A Paralaia
- I.E.S. As Barxas

2.3 SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA E CULTURAL DAS FAMILIAS DO ALUMNADO


2.3.1. INFORME SOBRE O USO DO GALEGO

No curso 2015/16 realizouse unha enquisa sociolingüística cunha participación de 256 familias do alumnado do CEIP de Reibón. Estas son as súas principais conclusións:

1. Obsérvase claramente o **abandono progresivo do idioma** de xeración a xeración. Hai un descenso no uso, pero tamén na transmisión oral ás xeracións máis nova , que tamén colabora na ruptura dun diálogo en galego cos seus e as súas maiores.

O 55% das avoas e avós falan maioritariamente en galego, baixando a un 23% dos pais, 4% das nais ata chegar ao 0% do alumnado.

que lingua usa habitualmente o/a alumno/a?




As porcentaxes de uso do galego descenden cando os/as maiores falan co alumnado, que aínda por riba non mantén o galego na súa resposta:

- O 32% das avoas e avós fálanlle maioritariamente en galego aos netos/as, pero só un 2% do alumnado usa o galego con avoas e avós.
- O 7% dos pais fálanlle maioritariamente en galego aos fillos/as, pero só un 1% do alumnado usa o galego cos pais.
- O 4% das nais fálanlle maioritariamente en galego aos fillos/as, pero só un 1% do alumnado usa o galego coas nais.

O ámbito familiar non parece asegurar o futuro da lingua. De feito resulta moi significativo que a totalidade do alumnado aprendeu a falar unicamente en castelán.

En que lingua aprendeu a falar o/a alumno/a?



2. Nas **actividades de lecer e relacións de amizade o galego ten unha presenza moi minoritaria**. A lingua galega está moi lonxe do aprobado (5 sobre 10) en actividades como a lectura de libros (3,3) a TV (2,3) ou a música infantil (0,5).

Sen embargo **as familias consideran ao alumnado de primaria capacitado** para falar en galego (5,4) para lelo (7,6) e escribilo (6,1).

Ademais o alumnado mostra unha **grande preferencia por escribir (62%) e ler (77%) en lingua castelá**.

3. No CEIP de Reibón **o 34,3% do profesorado usa o galego** (3,6% en Educación infantil e 34,6% en primaria). O alumnado manifesta certas dificultades en comprendelo e participa en clase moi maioritariamente en castelán.

4. As familias **recoñecen o galego como lingua propia de Galicia** (7,2 sobre 10) e **valoran a utilidade do ensino en galego** porque lle dá ao alumnado maior dominio da lingua (8,2). Hai opinións moi dispares sobre se o ensino en galego dá máis facilidade para aprender outras linguas. Pénsase ademais que o alumnado que recibe o ensino en galego terá dificultades académicas ao saír fóra de Galicia.

Ademais as familias mostran unha lixeira inclinación ao **fomento do uso do galego** (5,8) aínda que maioritariamente (5,9) observan unha igualdade entre o galego e o castelán en Galicia.

2.3.2 NIVEL SOCIO- ECONÓMICO.

A poboación relacionada co entorno do C.E.I.P. Reibón ten unha alta porcentaxe de estudos primarios, sendo o seu nivel económico medio-baixo.

O sector laboral está moi repartido destacando empregados do sector servicios. Os contratos de traballo están equilibrados entre temporais e fixos.

A maioría das mulleres non traballa fóra da casa e, se o fan, é como empregadas das conserveiras.

A vivenda suele ser en propiedade e as familias dispoñen dun vehículo para os seus desprazamentos. Predomina o núcleo familiar formado por 4-5 membros.

2.3.3 CULTURA E OCIO.

Consultando datos de diferentes enquisas de organismos oficiais consideramos que o nivel cultural das familias dos alumnos/as deste Centro é medio baixo.

A maior parte dos alumnos/as do Centro adican o seu tempo libre segundo a seguinte orde de prioridades :

1. Xogar.
2. Actividades extraescolares
3. Ve-la televisión
4. Axudar na casa
5. Ler.

2.3.4 HIXIENE E NUTRICIÓN.

Consideramos que o alumnado non presenta carencias salientables nin deficiencias alimentarias ou hixiénicas.

2.3.5 HÁBITOS DE ESTUDIO.

Presentan hábitos normais á hora de realiza-lo seu estudio.

Unha gran parte dos alumnos non utilizan un lugar axeitado para realiza-las súas actividades académicas e non acostuman mante-lo mesmo horario de traballo.

2.4 TIPOLOXÍA ESCOLAR

DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO.

1. Nome do centro: C.E.I.P. Reibón
2. Enderezo: A Xunqueira, 17
3. Localidade: Moaña
4. Provincia: Pontevedra
5. Código do centro: 36004733
6. C.I.F.: Q8655034J.
- 7.-E-mail: Ceip.reibon@edu.xunta.es
- 8.-Páxina web:www.reibon.com

2.5 UBICACIÓN XEOGRÁFICA.

O C.E.I.P. Reibón está situado no lugar de A Xunqueira, na parroquia do Meira. Limita coa estrada C-550 Rande-Cangas polo Sur e está rodeado por beirarúas locais con entradas individuais para os alumnos polos frentes Oeste e Este. A rúa que o limita polo Oeste permite o aparcamento dos autobuses.

Pódese destacar a súa proximidade á estrada comarcal Rande-Cangas, feito que debe supoñer unha extrema vixianza e precaución por ser unha estrada bastante transitada, sobre todo ás horas punta. Vótase de menos unha sinalización axeitada desta estrada que incluíse límites de velocidade e mesmo carteis sinalizadores da presenza dun centro público. Débese ter en conta que unha parte do alumnado debe acceder ó centro escolar atravesando a estrada.

2.6 TITULARIDADE.

Colexio de Ensino Público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

2.7 NIVEIS EDUCATIVOS.

No presente curso escolar, o Centro conta con alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.

Na rede de Centros deseñada pola Consellería de Educación o C.E.I.P. Reibón figura coas seguintes unidades:

Educación Infantil: cinco unidades.

Educación Primaria: dezaseis unidades

2.8 NÚMERO DE UNIDADES.

	Creadas	Funcionando
E. Infantil	5	5
E. Primaria	17	16
E. Física	2	2
E. Musical	1	1
P. Terapéutica	1	1
Audición e Linguaxe	1	1
Idioma Estranxeiro	3	3
Relixión	1	2
D. Orientación	1	1
Coidadora	2	2

3. ÓRGANOS DE GOBERNO

3.1 UNIPERSOAIS.

DIRECTOR/A.

SECRETARIO/A.

XEFE/A DE ESTUDOS.

Os órganos unipersoais de goberno constitúen o **Equipo Directivo** do centro.

É competencia do director/a:

1. Representar oficialmente á Administración no centro.
2. Representa-lo centro.
3. Dirixir e coordinar tódalas actividades do centro, cara á consecución do proxecto educativo e de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo das competencias do consello escolar e do claustro.
4. Designar o xefe de estudos e o secretario, e propoñe-lo seu nomeamento e destitución.
5. Nomea-los coordinadores de ciclo, ó coordinador de normalización lingüística e ós titores.
6. Executa-los acordos dos órganos colexiados no ámbito da súa competencia.
7. Coordina-la elaboración do proxecto educativo do centro, proxecto curricular e programación xeral anual, de acordo coas directrices e criterios establecidos pola Administración educativa e polo consello escolar, e coas propostas formuladas polo claustro e outros órganos de participación, responsabilizándose co equipo directivo da súa redacción e velando pola súa correcta aplicación.
8. Convocar e presidi-los actos académicos, o consello escolar, o claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, a comisión económica do consello escolar e cantas outras se constitúan regulamentariamente, podendo delega-la presidencia dalgunha destas comisións noutros membros do equipo directivo ou do claustro.

9. Cumprir e facer cumprir-las leis e demais disposicións vixentes.
10. Exerce-la xefatura de todo o persoal adscrito ó centro.
11. Favorece-la convivencia do centro e impoñe-las correccións que corresponda, de acordo coa normativa vixente, co Regulamento de réxime interno e cos criterios establecidos polo consello escolar.
12. Garanti-lo dereito de reunión de mestres, alumnos, pais de alumnos e persoal de administración e servizos.
13. Colaborar coa inspección educativa na valoración da función pública docente e, en xeral, nos plans de avaliación do centro.
14. Xestiona-los medios humanos e materiais do centro, dinamizando os distintos sectores da comunidade educativa, especialmente os restantes membros do equipo directivo e coordinadores de ciclo e normalización lingüística, canalizando aportacións e intereses e buscando canles de comunicación e colaboración.
15. Promover e impulsa-las relacións do centro coas institucións do seu contorno.
16. Trasladarlle ó delegado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a memoria anual sobre as actividades e situación xeral do centro, así como, no seu caso, as propostas de solución ós problemas existentes.
17. Facilita-la adecuada coordinación con outros servizos educativos da zona.
18. Coordinar e fomenta-la participación dos distintos sectores da comunidade escolar e procura-los medios precisos para a máis eficaz execución das súas respectivas competencias.
19. Proporciona-la información que lle sexa requirida polas autoridades educativas competentes e colaborar en todo o relativo ó logro dos obxectivos educativos do centro.
20. Facilita-la información sobre a vida do centro ós distintos sectores da comunidade escolar.
21. Autoriza-los gastos de acordo co orzamento do centro e ordena-los pagamentos.

22. Realiza-las contratacións de servizos e subministracións de acordo co que regulamentariamente se estableza.

É competencia do xefe/a de estudos:

1. Exercer, por delegación do director e baixo a súa autoridade, a xefatura do persoal docente en todo o relativo ó rexime académico.
2. Substituí-lo director en caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións.
3. Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación do profesorado e alumnado, en relación co Proxecto Educativo do Centro, os proxectos curriculares de etapa e a Programación Xeral Anual.
4. Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipersoais, os horarios académicos de alumnos e profesores de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario xeral incluído na programación xeral anual, así como velar polo seu estrito cumprimento.
5. Coordina-la actividade dos coordinadores de ciclo.
6. Coordinar e orienta-la acción dos titores de acordo co plano de acción tutorial.
7. Coordina-la participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento, aí como planificar e organiza-las actividades de formación do profesorado realizadas polo centro.
8. Coordina-la actividade docente do centro, con especial atención ós procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.
9. Facilita-la organización do alumnado e impulsa-la súa participación no centro.
10. Establece-los mecanismos para corrixir ausencias imprevistas do profesorado, atención a alumnado accidentado ou calquera eventualidade que incida no normal funcionamento do centro.
11. Organiza-la atención do alumnado nos períodos de lecer.
12. Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo director/a dentro do ámbito da súa competencia.

É competencia do secretario/a:

1. Ordena-lo réxime administrativo do centro, de conformidade coas directrices do director/a.
2. Actuar como secretario/a dos órganos colexiados de goberno do centro, levantar acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e prace do director.
3. Custodia-los libros e arquivos do centro cao colaboración dos coordinadores/as do ciclo.
4. Expedi-las certificacións que soliciten as autoridades e os interesados/as.
5. Realiza-lo inventario xeral do centro e mantelo actualizado.
6. Custodiar e dispoñe-la utilización dos medios audiovisuais, material didáctico, mobiliario ou calquera material inventariable.
7. Coordinar, dirixir e supervisar, por delegación do director/a, a actividade e funcionamento do persoal de administración e de servicios adscrito ó centro.
8. Elabora-lo anteproxecto de orzamento do centro de acordo coas directrices do consello escolar e oída a comisión económica.
9. Ordena-lo réxime económico do centro, de conformidade coas instuccionés do director/a, realiza-la contabilidade e render contas ó consello escolar e ás autoridades correspondentes.
10. Velar polo mantemento material do centro en tódolos seus aspectos, de acordo coas indicacións do director/a.
11. Dar a coñecer e difundir a toda a comunidade educativa a información sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional que se reciba no centro.
12. Presidir, se é o caso, e, por delegación do director/a, a comisión económica.
13. Calquera outra función que lle encomende o director/a dentro do seu ámbito de competencias.

3.2 COLEXIADOS.

3.2.1 O CONSELLO ESCOLAR.

O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade educativa. A súa composición e atribucións están especificadas no **Decreto 374/1996 do 17 de outubro**. As normas xerais de funcionamento dun C.E. veñen establecidas pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas do Procedemento Administrativo Común (BOE 27/11/1992).

Reunirase preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que o convoque o seu presidente ou o solicite un tercio, polo menos, dos seus membros. En todo caso reunirase ó inicio e ó remate do curso.

A súa composición é a seguinte:

- Director/a, que será o seu presidente.
- Xefe/a de estudos.
- Un concelleiro/a ou representante do concello.
- Un representante do persoal de administración e servizos.
- Cinco mestres/as elixidos/as polo claustro.
- Cinco representantes dos pais/nais do alumnado.
- O Secretario/a do centro, que actuará como secretario/a do consello, con voz, pero sen voto.

O consello escolar do centro terá as seguintes atribucións:

1. Establece-las directrices e elaborar propostas para a elaboración do proxecto educativo do centro, aprobalo, avalialo e, se é o caso, introducir modificacións, sen prexuízo das competencias que o claustro de profesores ten atribuídas en relación coa planificación e organización docente.
2. Elixi-lo director/a do centro.

3. Propoñe-la revocación do nomeamento do director/a, logo do acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous tercios.
4. Decidir sobre a admisión de alumnado, con suxección ó establecido na lexislación vixente.
5. Aprobar e modifica-lo Regulamento de Réxime Interior do centro.
6. Resolve-los conflitos e impoñe-las correccións con finalidade pedagóxica que correspondan a aquelas condutas do alumnado que perxudiquen gravemente a convivencia no centro.
7. Aproba-lo proxecto de orzamento do centro e a execución del.
8. Aprobar e avalia-la programación xeral anual do centro, respectando en todo caso, os aspectos docentes que competen ó claustro.
9. Aproba-la programación das actividades extraescolares e complementarias e avalia-lo seu desenvolvemento.
10. Establece-las directrices para a participación do centro en actividades culturais, deportivas e recreativas.
11. Establece-los criterios de colaboración con outros centros, entidades ou organismos.
12. Promove-la renovación das instalacións e equipamento do centro, e vixia-la súa conservación.
13. Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa.
14. Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación do centro, nos termos que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza.
15. Regula-lo procedemento de autorización das saídas voluntarias entre clases ou en períodos de lecer do alumnado do centro.

COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

Representantes dos pais e nais	5
Representantes do alumnado	
Representante do Concello	1
Representante do persoal non docente	1
Representantes do profesorado	5
Equipo Directivo	3

No seo do Consello Escolar do Centro funciona actualmente a seguinte comisión:

COMISIÓN ECONÓMICA.

Está integrada por :

- Director/a.
- O/a Secretario/a.
- 1 profesor/a.
- 1 nai ou pai de alumnado.

3.2.2 O CLAUSTRO DE PROFESORES/AS.

O Claustro de profesorado é o órgano propio de participación destes no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre tódolos aspectos docentes del.

O claustro reunirse, como é preceptivo, unha vez por trimestre e sempre que o considere necesario o Equipo Directivo ou cando sexa solicitado por un tercio dos seus membros. En todo caso reunirse ó inicio e ó remate do curso.

Son membros do claustro a totalidade dos profesores/as que presten servizo no centro e estará presidido polo director/a. Forman tamén parte do claustro, os profesores/as de relixión propostos pola comisión episcopal de ensino e nomeados/as pola delegación provincial.

O claustro de profesores/as terá as seguintes competencias:

1. Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro e da programación xeral anual.
2. Aprobar e avalia-los proxectos curriculares e os aspectos docentes da programación xeral anual, conforme ó proxecto educativo do centro.
3. Determinar cal é a lingua materna predominante entre os alumnos e alumnas, así como a lingua ambiental, co fin de que o profesorado de educación infantil e primeiro ciclo a use na clase coidando á súa vez que adquiran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo.
4. Aproba-lo procedemento que permita determinar de xeito individualizado o coñecemento da lingua materna dos alumnos e alumnas co fin de que sexan atendidos adecuadamente.
5. Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
6. Elixi-los seus representantes no consello escolar do centro e no consello directivo do centro de formación continuada do profesorado.
7. Propoñer todo tipo de iniciativas que tendan a mellora-lo funcionamento do centro en calquera dos seus aspectos.
8. Aproba-los criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos.
9. Aproba-la planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación.
10. Analizar e valora-lo rendemento escolar do centro mediante os resultados das avaliacións e outros parámetros que se consideren pertinentes.
11. Coñece-las candidaturas á dirección e os programas presentados polos candidatos.
12. Coordina-las funcións referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas.
13. Analizar e valora-los resultados da avaliación que do centro realice a administración educativa ou calquera informe referente á súa marcha.
14. Colaborar coa inspección educativa nos plans de avaliación do centro.

O procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos órganos colexiados de goberno rexerase polo disposto no Decreto 92/1988, do 28 de abril modificado polo Decreto 324/1996 de 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

3.3 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

3.3.1 EQUIPOS DE NIVEL.

Os equipos de nivel agruparán a tódolos mestres/as que impartan docencia nel. Son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do xefe/a de estudos, as ensinanzas propias do nivel.

Son competencias do equipo de nivel:

1. Formular propostas ó equipo directivo e ó claustro relativas á elaboración do proxecto educativo e programación xeral anual.
2. Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa ou á modificación deles.
3. Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
4. Elabora-la programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.
5. Cada un dos equipos de nivel estará dirixido por un portavoz, que desempeñará o seu cargo durante dous anos académicos e serán designados polo director, oído o equipo de nivel.
6. Os portavoces de nivel deberán ser mestres que impartan docencia no nivel preferentemente con destino definitivo e horario completo no centro.
7. Corresponde ó portavoz de nivel:
8. Dirixir e coordina-las actividades académicas do equipo de nivel.
9. Convocar e presidi-las reunións do equipo de nivel.
10. Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa e elevar á comisión de coordinación pedagóxica as propostas formuladas a este respecto polo equipo de nivel.

11. Coordina-las funcións de tutoría dos alumnos de nivel.
12. 5. Coordina-la ensinanza no correspondente nivel de acordo co proxecto curricular de etapa.
13. Responsabilizarse da redacción da programación didáctica do nivel.
14. Responsabilizarse de que se levante acta das reunións e de que se elabore a memoria final de curso.
15. Coordina-la organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do equipo.
16. Aqueloutras funcións que lle encomende o xefe de estudos na área da súa competencia, especialmente as relativas ó reforzo educativo, adaptación curricular e actividades complementarias.
17. Colaborar co secretario/a na elaboración e actualización do inventario do centro.

A **programación didáctica** dos equipos de nivel incluirá, necesariamente, os seguintes aspectos:

- Os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, con especial referencia ós mínimos esixibles.
- A metodoloxía didáctica que se vai aplicar.
- Os procedementos de avaliación da aprendizaxe dos alumnos.
- As actividades de recuperación e os reforzos para lograla dita recuperación.
- Os materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar, incluídos os libros para uso dos alumnos.
- A programación correspondente ós temas transversais.
- As actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar desde o equipo de nivel.
- As medidas de atención á diversidade e se é o caso, as adaptacións curriculares para os alumnos que as precisen.

Os Equipos de nivel reuniranse alomenos un martes de cada mes.

3.3.2 COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

A comisión de coordinación pedagóxica estará integrada por:

- Director/a do centro, que actuará como presidente.

- Xefe/a de Estudos.
- Os coordinadores/as de ciclo.
- O xefe/a do Departamento de Orientación
- O coordinador/a do Equipo de Dinamización e Normalización da Lingua Galega.

A comisión de coordinación pedagóxica terá as seguintes funcións:

1. Elevar propostas ó claustro co fin de establece-los criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
2. Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realice conforme ós criterios establecidos polo claustro.
3. Asegura-la coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
4. Establece-las directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e do plan de acción tutorial.
5. Establece-las directrices xerais para a elaboración das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular incluídos no proxecto curricular.
6. Propoñer ó claustro de profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.
7. Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
8. Canaliza-las necesidades de formación do profesorado cara ó centro de Formación Continuada do Profesorado.
9. Realizar, de se-lo caso, a proposta ó xefe de estudos con fin de que se designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
10. Propoñe-los profesores que han de formar parte do equipo de normalización lingüística.

A comisión de coordinación pedagóxica reunirse cunha periodicidade mensual e realizará unha sesión extraordinaria ó comezo do curso e outra ó finalizar éste, así como cantas outras se consideren necesarias.

3.3.3 EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Constituirase o ENDL (seguindo o Decreto 79/2010, de 20 de maio) para potencia-lo uso da lingua galega. Este equipo estará formado por un profesor de cada et, nomeado polo director por proposta da comisión de coordinación pedagóxica, podendo incorporarse ó traballo do equipo, para temas puntuais, outros membros da comunidade escolar.

Son competencias do ENDL as seguintes:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos :
3. Medidas para potencia-lo uso da lingua galega nas actividades do centro.
4. Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellora-la competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
5. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potencia-la presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc., no ensino.
6. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plan anteriores.
7. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
8. Aquelas outras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria preveña na súa normativa específica.

A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor del, preferentemente con destino definitivo no centro. Será nomeado polo director por proposta dos compañeiros do equipo e desempeñará as súas funcións durante dous anos.

Son competencias do coordinador/a:

1. Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
2. Responsabilizarse da redacción dos plans que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
3. Convocar e presidi-las reunións do equipo.
4. Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
5. Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

O Equipo de normalización e dinamización da lingua reunirse cunha periodicidade mensual e realizará unha sesión extraordinaria ó comezo do curso e outra ó finalizar este, así como cantas outras se consideren necesarias.

3.3.4 EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Actividades complementarias.

Aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio, ou recursos que utilizan :

- Visitas.
- Traballos de campo.
- Viaxes de estudio.
- Conmemoracións e outras semellantes.

Actividades extraescolares.

Aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo consello escolar, se realizan fóra de horario lectivo. A participación nelas será voluntaria.

Crearanse distintas comisións para as diferentes actividades extraescolares e complementarias. Ditas comisións estarán dirixidas por un xefe, membro do Claustro, preferentemente con destino definitivo no centro, que actuará baixo a dependencia directa do xefe de estudos.

Funcións do xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares:

1. Elabora-la programación anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas:
 - dos equipos de ciclo.
 - dos profesores e dos pais.
 - e as orientacións:
 - do claustro de profesores.
 - da comisión de coordinación pedagóxica.
2. Programar cada unha das actividades especificando:
 - obxectivos.
 - responsables.
 - momento e lugar de realización.
 - repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
3. Proporcionarlles ós alumnos e ós pais a información relativa ás actividades do equipo.
4. Promover e coordina-las actividades culturais e deportivas en colaboración co:
 - claustro.
 - coa comisión de coordinación pedagóxica.
 - cos equipos de ciclo.
 - coa asociación de pais.
5. Coordina-la organización dos intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realice cos alumnos.
6. Distribuí-los recursos económicos destinados para o efecto, procedentes de achegas de institucións, asociacións ou do propio centro, logo de aprobación polo consello escolar.
7. Organiza-la utilización da biblioteca do centro.

8. Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
9. Presentar propostas ó equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.

Para o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes **requisitos**:

- Aprobación do consello escolar.
- Autorización escrita dos pais ou titor legal.
- Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada unidade.

3.3.5. EQUIPO DE SECCIÓNS BILINGÜES

Constituirase o E.S.Bilingües para potenciar o uso da lingua estranxeira inglés no noso centro.

Este equipo estará formado por:

- profesorado de lingua estranxeira inglés do centro.
- profesorado AICLE/CLIL participante nas seccións bilingües, con destino definitivo no centro e que teña a especialidade de inglés, ou a titulación que acredite a súa competencia lingüística no nivel B2.
- Un/unha auxiliar de conversa, no caso de ser asignado ao centro pola Xunta.

As seccións bilingües neste centro desenvolveranse na área de Educación Artística.

Obxectivos xerais das seccións bilingües:

1. Con respecto á área de inglés:
2. Desenvolver a capacidade de comprender e producir mensaxes orais e escritos tendo en conta o nivel no que se atopa o alumnado.
3. Facer que o inglés sexa significativo para o alumnado ao relacionalo con outras áreas curriculares.
4. Recoñecer o valor comunicativo do inglés.

5. Participar nunha conversa, utilizando frases feitas e expresións coloquiais.
6. Mostrar unha actitude positiva de respecto e comprensión cara outras linguas, os seus falantes e a súa cultura.
7. Desenvolver estratexias de aprendizaxe autónoma.
8. Reforzar a aprendizaxe da lingua estranxeira (inglés) a través da incorporación parcial do seu uso como vehículo de comunicación na materia na que se desenvolve, así como a adquisición de terminoloxía.
9. Con respecto á área de educación artística:
10. Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
11. Formar progresivamente o sentido estético persoal.
12. Comprender e utilizar os elementos principais da linguaxe plástica para expresar ideas e sentimentos, contribuindo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.
13. Utilizar as diferentes técnicas artísticas básicas seleccionando as máis axeitadas.
14. Consolidar hábitos de coidado, organización e respecto de materiais.
15. Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.
16. Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe e o son, e empregalas como recursos para a observación, para a busca de información e para a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.
17. Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.
18. Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos.

19. Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.
20. Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa.
21. Coñecer algunhas das profesións nos diferentes ámbitos artísticos.

Competencias do equipo das seccións bilingües:

Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo Directivo para a fixación dos obxectivos das Seccións bilingües que se incluírán no P.E.C.

O Equipo comprometerase á coordinación co profesor ou profesora da área non lingüística da sección bilingüe.

Para tal fin, cada sección bilingüe deberá ser coordinada polo profesorado que imparte a lingua estranxeira ao grupo de alumnado.

A dirección do centro deberá establecer os procedementos que garantan a coordinación semanal das actuacións entre o profesorado que imparte en cada grupo de alumnado da sección bilingüe a área, en este caso a Plástica, e o da correspondente lingua estranxeira.

Funcións do profesorado coordinador do ESB:

1. Realizar o seguimento semanal e a coordinación do equipo de profesores/as que forman parte do programa de seccións bilingües e levantar acta dos temas tratados e dos acordos adoptados.
2. Coordinar a elaboración do proxecto lingüístico e do currículo integrado no marco do P.E.C.
3. Participar nas actividades formativas do profesorado e propoñer novas actividades.
4. Participar na elaboración de materiais específicos, revisar e trasladar ao Equipo Directivo as programacións iniciais e memorias finais.
5. De ser o caso, titorizar a persoa nativa de apoio ao programa.

Funcións do profesorado AICLE/CLIL do ESB:

O profesorado de áreas, materias ou módulos non lingüísticos participantes na sección bilingüe terá como funcións:

1. Elaborar a programación específica ao inicio de cada curso escolar.
2. Elaborar unha memoria final.
3. Participar nas actividades de formación organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
4. Elaborar materiais curriculares específicos.
5. Aqueloutras que sexan necesarias para o desenvolvemento adecuado da experiencia.

Funcións das persoas auxiliares de conversa:

1. Posibilitar a práctica da conversa oral na lingua estranxeira obxecto de estudo do alumnado.
2. Achegar o alumnado e o profesorado á cultura do país onde se fala a lingua estranxeira, mediante a presentación de temas de actualidade e actividades lúdicas.
3. Proporcionar un modelo de corrección fonética e gramatical na lingua estranxeira correspondente.
4. Colaborar co profesorado na elaboración de materiais didácticos na lingua estranxeira correspondente.
5. Colaborar nas actividades e nos proxectos internacionais en que participe o centro.
6. Apoiar o alumnado cos medios informáticos ou audiovisuais necesarios para a mellora da lingua oral.
7. Calquera outra relacionada coa lingua estranxeira obxecto de estudo, que lle sexa encomendada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3.4 PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente co que nestes intres conta o centro é:

- Un conserxe
- Unha administrativa
- Dúas coidadoras
- Un cociñeiro e tres axudantes de cociña
- Dez colaboradoras de comedor
- Tres señoras de limpeza

4. EDIFICIOS E ESPAZOS ESCOLARES.

4.1 OFICINA E OUTROS USOS

1 secretaría

1 dirección

1 conserxería

1 material

1 sala de reunións

2 aseos profesores.

aseos alumnos.

1 material de limpeza.

Comedor

Cociña

BIBLIOTECA

LOCAL CONTIGUO Á BIBLIOTECA que se destina a sala de ludoteca

AULA DE MEDIOS AUDIOVISUAIS

XIMNASIO.

INFÓRMATICA

LABORATORIO

AULA DE MÚSICA

AULA DE PLÁSTICA

2 AULAS DE P. T.

1 AULA DE A. L.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PAVILLÓN DE DEPORTES

COMEDOR

AULA DE RELIXIÓN
3 AULAS DE IDIOMAS
AULAS: 22

4.2 AULAS DE ALUMNADO CON NEAE

O colexio conta con dous espazos ubicados na planta baixa, nos que se desenvolven tarefas encamiñadas á superación de determinadas dificultades que presentan algúns alumnos/as do centro.

En cada unha destas aulas podemos diferenciar dous espazos:

Zona de alfombra, onde hai abundantes xogos didácticos, un espello, etc.

Zona de traballo e consulta.

Tendo en conta a gran evolución e ventaxas dos novos instrumentos didácticos (informática aplicada ó ensino...), pensamos que sería interesante contar con algún destes materiais nas aulas de Pedagogía Terapéutica. Non obstante, os alumnos/as de NEAE traballan cos ordenadores que están ubicados na sala de informática.

4.3 MÚSICA.

A área de música conta cunha aula propia.

Dispoñemos dun material que foi enviado a este Centro no momento da constitución desta disciplina.

Entre o material do que esta dotada a aula de música destacamos:

1 teclado YAMAHA

1 minicadena SONY

Nestes íntres e mentras o Concello non dispoña dun lugar adecuado está funcionando polas tardes unha aula da Escola Municipal de Música.

4.4 PISTA POLIDEPORTIVA E ESPAZOS ABERTOS.

Pista de baloncesto.

Pista de voleibol.
Pistas de futbito.
Zona de herba na parte posterior
Zona de xardín infantil.
Zona de acceso ó recinto.

5. TRABALLO COOPERATIVO COS PAIS/NAIS.

No centro búscase a participación de toda a comunidade educativa, polo que se realizan as seguintes tarefas para acadar a cooperación das familias:

Participación en actividades programadas conxuntamente.

Uso das dependencias do centro para desenvolver actividades programadas pola ANPA.

Aportación económicas.

Participación e interese dos pais nos órganos de goberno colexiados (Consello Escolar e Comisións).

Seguimento da marcha do centro mediante reunións informativas.

5.1 ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS.

A ANPA dispón dun local no Centro para desenvolver as súas funcións administrativas. Asemade, fai uso das instalacións para desenvolver as actividades dirixidas ós alumnos/as. A relación destas actividades recóllese na Programación Xeral Anual.

Pódese destacar a boa comunicación que existe entre a Asociación de Pais e o Centro, así como tamén a estreita colaboración mutua na programación de diversas actividades.

6. CENTRO DE RECURSOS.

Foi creado pola Orde de 28-I-85, D.O.G. nº 33 de 15-II-85. Dende a súa posta en marcha ven ocupando distintos espazos dentro do C.E.P.

Salustiano Rei Eiras, onde segue a día de hoxe, nas antigas dependencias da cociña do Centro.

Atende ós centros educativos da comarca do Barbanza, pertencentes ós concellos de Dodro, Rianxo, Boiro, Pobra e Ribeira.

En canto ós materiais existentes no Centro de Recursos pódense clasificar nos seguintes bloques:

- Material fotográfico.
- Material de laboratorio e ciencias da natureza.
- Material musical.
- Material de Plástica e Tecnoloxía.
- Material audiovisual.
- Material bibliográfico.

Este material permite dispoñer, entre outros, dos seguintes servizos:

- a) FOTOGRAFÍA.
- b) REPROGRAFÍA.
- c) VIDEO.
- d) AUDIO.
- e) PUBLICACIÓNS.
- f) OUTROS SERVIZOS.

Por último, débese destacar a presenza do Centro de Recursos no noso Colexio, dadas as posibilidades que ofrece ó profesorado de dispoñer de diversos materiais didácticos, así como de asesoramento para a utilización pedagóxica de novos medios.

6.1 RÉXIME DE PERMANENCIA DE ALUMNADO E PROFESORADO.

6.1.1 HORARIO DO CENTRO.

O Centro funciona en horario de Xornada continuada en sesións de mañán.

HORARIO DE ALUMNOS: De 9,15 horas á 14,15 horas

HORARIO DE PROFESORES: de 9,15 horas á 14,45 horas os luns, mércores e venres.

Os martes de 9,15 á 14,15horas e de 16 á 18 horas.

6.1.2 ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.

Por parte do profesorado.

Reunión informativa por niveis ou titorías ó longo do mes de outubro.

Recepción das familias por parte dos profesores-titores, tódolos martes de 16:00 a 17:00 horas.

Informes individualizados por escrito e citación das familias naquelas circunstancias que o requiran.

Por parte do Equipo Directivo.

Seguiranse as directrices establecidas no Plan Xeral Anual que se elabora a comezos de cada curso.

Por parte do Departamento de Orientación.

Seguiranse as directrices establecidas no PXA .

6.2 SAÍDAS, VIAXES, EXCURSIÓNS.

Plantexámonos como obxectivo establecer unha programación vertical de posibles saídas e viaxes que fose asumida polo profesorado, de xeito que os alumnos/as recorresen un itinerario dende o seu inicio da escolaridade no centro ate o remate da mesma.

6.3 FINANCIACIÓN.

O centro disporá de autonomía na súa xestión económica no marco establecido na normativa vixente.

Agás dos recursos económicos que reciba para atendelas súas necesidades e desenrola-los seus obxectivos, o centro poderá obter recursos complementarios, que se aplicarán ós seus gastos de funcionamento.

O centro tamén poderá recibir aportacións voluntarias dos pais de alumnos, ou outras institucións.

A comisión económica deberá presentar o plan de accións encamiñadas á obtención dos recursos complementarios.

7. ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

7.1 NOTAS DE IDENTIDADE.

7.1.1 CONFESIONALIDADE.

Respecto ás crenzas e ideoloxías de tódolos membros da Comunidade Educativa.

O C.E.I.P. Reibón defínese como aconfesional. Respetará tódalas crenzas e confesións de todo o alumnado, profesorado e demais membros da Comunidade Educativa, renunciando asemade a toda manifestación de adoctrinamento e sectarismo, acatando as normas que sobre este punto dictamine a Administración Educativa.

7.1.2 PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS.

Este Centro maniféstase respetuoso cas liberdades individuais e ideolóxicas, defendendo un modelo de ensino baseado nos principios democráticos de tolerancia, diálogo, solidariedade, etc.

A educación neste Centro desenvolverase nun marco de tolerancia e respecto á liberdade dos demais e ás súas conviccións, que asegure unha convivencia libre e pacífica e mantendo unha neutralidade ideolóxia diante de toda a Comunidade Educativa.

As concrecións básicas en relación con estes aspectos serán as seguintes:

- Respecto polo pluralismo ideolóxico.
- Vontade de non adoctrinamento.
- Rechazo a todo tipo de dogmatismo.
- Compromiso co conxunto de valores democráticos e o respecto ós dereitos humanos.
- Dar a coñece-los principios básicos da nosa Constitución, do Estatuto de Autonomía, así como tamén os Deberes e Dereitos de tódolos membros da Comunidade Educativa.

7.1.3 COEDUCACIÓN.

Manifestámonos partidarios da coeducación, entendendo tal concepto non como unha simple coincidencia na aula de nenos e nenas, senón como un compromiso inequívoco cara a fomentar, de forma deliberada e consciente, actitudes de respecto, dentro e fóra da aula, entre os dous sexos.

Tentaremos practica-la coeducación dun xeito efectivo e real, tratando de elimina-las actitudes sexistas e a diferenciación de roles entre home e muller.

Por conseguinte, deberemos ter en conta os seguintes criterios :

- Eliminar calquer tipo de trato diferencial por razón de sexo.
- Recoñecer e aceptar a súa propia sexualidade e a do doutro (educación sexual).
- Seleccionar material didáctico e, especialmente, libros de texto seguindo estas pautas.
- Potenciar a participación mixta nos deportes e no tempo e espacio de ocio na escola.
- Trato diario do profesorado cos alumnos/as.
- Analizaremos con sentido autocrítico as actividades que poideran estar en contraposición coa coeducación para reorientalas e para fomentar unha educación non discriminatoria.

7.1.4 EDUCACIÓN PARA A PAZ.

Potenciaremos unha educación favorable ó respecto e a convivencia, privilexiando a resolución pacífica dos conflitos.

7.1.5 RESPECTO AO MEDIO AMBIENTE.

Somos partidarios dunha educación que se comprometa co coidado e millora do seu entorno vital, material e ecolóxico.

7.1.6 EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E O CONSUMO.

Estes puntos están incluídos na Programación Xeral Anual e nas programacións de aula como contidos transversais.

No noso Centro realizaranse actividades conxuntas en determinadas datas e atendendo a diferentes criterios.

7.2 MODALIDADE DE XESTIÓN INSTITUCIONAL.

Aínda que a lexislación vixente xa establece os órganos de goberno dos centros así como tamén as funcións de cada elemento da estrutura organizativa, é convinte facer constar a importancia da participación efectiva e do diálogo de tódolos membros da Comunidade Educativa, co fin de conseguir unha maior colaboración.

As asociacións de pais representarán un órgano importante pola labor que prestan en diversas actividades extraescolares, entre outros servicios

8. PRINCIPIOS BÁSICOS E OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

8.1 A NIVEL EDUCATIVO:

- Fomenta-la formación integral do alumno/a, dende os puntos de vista intelectual, físico e afectivo-social, que o capacite para afronta-lo futuro.
- Favorecer un clima axeitado para o desenvolvemento da autoestima.
- Desenvolve-las capacidades e estratexias básicas de aprendizaxe a través da adquisición de hábitos de traballo.
- Educar na liberdade e na responsabilidade persoal.
- Ensinar a aplicar tódolos coñecementos adquiridos na resolución dos problemas que se lle poidan plantexar.
- Estimula-lo desenvolvemento corporal a través do xogo e o deporte, e orienta-la ocupación do tempo de lecer de forma positiva e creativa.
- Potencia-la capacidade para afronta-las dificultades .
- Considera-la diversidade do alumnado sen facer diferencias por razóns de raza sexo, nivel social ou nee.
- Potenciar hábitos de conducta positivos, educando na tolerancia, no respecto ás opinións dos outros, fomentando actitudes de solidariedade e de defensa da paz e a non violencia.

- Favorece-la integración e normalización do alumnado con nee, aprendendo a valora-las cualidades de tódalas persoas para conseguir unha convivencia baseada no respecto ás diferencias e na resolución dialogada dos problemas.
- Buscar estratexias para dotar o programa de integración do alumnado con nee dos recursos humanos e materiais necesarios.
- Buscar unha educación personalizada e compensadora das desigualdades.
- Compensar ata onde se poida as desigualdades por razóns psíquicas, sociais ou de orixe, a través dos medios pedagóxicos, sociais e humanos á nosa disposición cara ó seu enriquecemento persoal e social.
- Organizar os contidos da aprendizaxe de xeito que todo o alumnado teña igualdade de oportunidades.
- Traballar de forma equilibrada os aspectos afectivos, intelectuais e físicos do alumnado, tentando que as aprendizaxes estean ligadas ós seus intereses, ó seu entorno e á súa realidade.
- Utilizar tódolos recursos dispoñibles para dar resposta ós problemas específicos do alumnado.

Proporcionar ó alumnado experiencias que lles axuden a adquirir coñecementos, conservar e mellora-lo medio ambiente e o patrimonio cultural, fomentando a integración do Colexio no medio e na realidade de Moaña e potenciando a lingua galega.

- Desenvolve-la conciencia e a sensibilidade polos aspectos do medio ambiente, conservándoo e mellorándoo a partires do máis próximo: a casa, o colexio, a parroquia...
- Coñecer e valora-lo contorno medio-ambiental, patrimonial e histórico de Moaña.
- Potenciar accións que contribúan a crear, coidar e mante-lo contorno natural (patio de recreo, xardíns...) e material (aulas, espacios comúns...).
- Potenciar actividades colectivas que fomenten as relacións interpersoais entre os membros da comunidade educativa (magosto, entroido, maios...)

- Planificar cada curso as necesidades de infraestrutura e mantemento do centro e abordalas coas institucións responsables.
- Potencia-lo uso da lingua galega como instrumento da nosa identidade cultural.

Potenciar estilos de vida saudables, desenvolvendo programas de educación para a saúde e para o emprego positivo do tempo de lecer.

- Presentar unha imaxe limpa, coidada e agradable da nosa persoa e do colexio.
- Aprender a optar polas alternativas positivas que se ofrecen dende a escola (deporte, lectura, disfrute da natureza...), fronte ás drogas, alcohol e tabaco, analizando criticamente as mensaxes que presentan os medios de comunicación.
- Fomentar hábitos de seguridade, hixiene alimentación e consumo, valorando as repercusións que determinadas conductas teñen sobre a saúde e a calidade de vida.

Asentar aprendizaxes significativas, buscando centros de interese válidos e desenvolvendo a actividade curricular arredor deles de forma activa, participativa, globalizadora e crítica.

- Coñece-lo nivel madurativo, actitudes e intereses do alumnado para organizar de forma axeitada a secuencia de obxectivos e contidos.
- Facilitar que o alumnado constrúa as súas propias aprendizaxes e manifieste ideas propias e creativas, partindo do coñecido e concreto para achegarse ó novo e ó complexo.
- Fomentar estratexias de observación, busca e recollida de información, análise, síntese, elaboración e comprobación de hipóteses e xuízo crítico.
- Proporcionar ó alumno/a situacións variadas (dentro e fora da aula) nas que teña que traballa-los conceptos, procedementos e actitudes, buscando a implicación e a responsabilidade persoal.
- Fomenta-lo traballo en equipo e o contraste de ideas, propiciando experiencias distintas, motivantes e diversas que fagan do colexio un lugar agradable e humanizador.

Garantir unha educación democrática, plural e igual para todos, formando persoas con sensibilidade solidaria que se esforcen por mellora-la sociedade.

- Crear no centro un clima de diálogo, tolerancia e respecto, fomentando a participación e comunicación de tódolos membros da comunidade educativa, potenciando os momentos de encontro (titorías reunións...)
- Establecer relacións harmónicas en distintas situacións sociais, ofrecendo modelos válidos para a resolución de conflitos, valorando as diferencias sociais e individuais e rexeitando calquera tipo de discriminación.
- Aproveita-las capacidades dos membros da comunidade, fomentando a participación deles na vida do centro.
- Afianzar hábitos e prácticas democráticas na vida do centro (respecto, puntualidade, integración social, liberdade, responsabilidade, disciplina, saber escoitar, quenda de palabra...) a través do diálogo, a participación e o traballo.

Optimiza-los recursos humanos e materiais do Colexio.

- Dar a coñecer a tódolos membros da comunidade escolar os recursos humanos e materiais de que dispón o centro.
- Utilizar determinados espacios e recursos con un carácter multifuncional para rendabilizalos ó máximo.
- Potenciar espacios e tempos para conseguir unha coordinación sistemática, fluída e organizada.
- Facilitar o traballo en equipo e a formación permanente do profesorado para enriquece-la nosa práctica educativa.

Crear seminarios e grupos de traballo no centro, para fomenta-lo traballo en grupo do profesorado, unificando criterios e metodoloxías, contrastando experiencias e buscando solucións comúns ós problemas que se plantexen.

- Potencia-la coordinación do profesorado para un mellor aproveitamento de tódolos recursos.
- Favorece-la formación crítica do profesorado, preparándose para os cambios acelerados da sociedade e ás novas tecnoloxías.

Establecer unha estreita relación de colaboración coas familias e coa ANPA, conscientes de que eles son os primeiros e principais educadores dos nosos alumnos/as.

- Impulsa-la información e comunicación entre as familias e o profesorado, a distintos niveis (titoría, ciclo...) e entre o Equipo Directivo e a ANPA.
- Favorece-las entrevistas persoais entre as familias e o profesorado.
- Potencia-la participación das familias e da ANPA na realización das actividades extraescolares.
- Procura-la colaboración das familias co profesorado na busca de solucións ós problemas plantexados no proceso de ensino-aprendizaxe.

8.2 A NIVEL DE APRENDIZAXE:

8.2.1 ESTILOS DE APRENDIZAXE:

Fomentaremos que os alumnos **aprendan a aprender** que xeneralicen o aprendido facéndoos así protagonistas da súa propia aprendizaxe.

Programaremos actividades individuais e/ou colectivas, tendo en conta as capacidades básicas, as habilidades previas e as posibles limitacións individuais se as houberse. Ó mesmo tempo realizarase unha aprendizaxe formativa, baseada no interese e a motivación do alumnado.

Dentro da aula o profesorado traballará cunha metodoloxía que facilite a aprendizaxe do alumnado, ben coa execución de determinadas actividades ou tarefas e a selección de determinados materiais, ben realizando agrupamentos que dean resposta ás características individuais de cada alumno/a.

8.2.2 FINALIDADE:

1. Vivi-la escola como un lugar gratificante e non como unha obriga.

2. Reduci-las conductas conflictivas aparecidas no ámbito educativo, fomentando no alumnado niveis axeitados de autoestima e asertividade en base ó desenvolvemento de habilidades de competencia social.
3. Fomenta-la integración familia-escola.
4. Acentua-la dimensión social do proceso educativo, xerando actitudes e valores que faciliten a súa integración e interacción social.

8.2.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

1. Os mínimos establecidos por ciclo no 1º e 2º nivel de concreción curricular (D. 130/2007 e PE, respectivamente).
2. progreso do alumno/a dentro do seu nivel (respecto ós distintos ritmos de aprendizaxe e niveis iniciais dos alumnos/as).
3. A capacidade do alumno/a.
4. interés por aprender (esfuerzo e actitude cara ó traballo).
5. A adaptación social dentro do grupo e do centro.

8.2.4 CRITERIOS XERAIS DE APRENDIZAXE:

Promocionan

1º. Tal e como establece o artigo 9 do Decreto 130/2007, o alumnado promocionará ao ciclo seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un axeitado grao de madurez consonte á súa idade.

2º. Accederase igualmente ao ciclo seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo ciclo. Neste caso, o centro educativo adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación das ditas aprendizaxes.

3º. Os que teñen superados os obxectivos mínimos das áreas que comprende o currículo correspondente.

4º. Os que xa permaneceron nalgún ciclo o ano de máis que lles concede a lei, malia que non teñan superados os obxectivos mínimos.

5°. O alumnado que presente necesidades educativas especiais poderá permanecer un ano máis na etapa de educación primaria, nos termos previstos no artigo 16.6°do Decreto 130/2007 polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma galega, sempre que esta medida favoreza a súa integración socioeducativa.

Non promocionan

1°. Os que non superen os obxectivos mínimos nas áreas instrumentais: Matemáticas e Linguaxe (Castelá e/ou Galega).

2°. Os que non superen os obxectivos mínimos nunha área instrumental e en dúas das restantes.

En caso de dúbida, o titor escoitará a opinión do equipo docente e a dos outros titores do mesmo nivel, valorando:

- As posibles NEAE do alumno/a.
- A súa actitude.
- A súa capacidade de integración no grupo.
- ambiente familiar.

8.3 TRATAMENTO DA DIVERSIDADE:

Educación na diversidade comporta ensinar a cada alumno/a segundo as súas características, pensar nun currículo aberto, recoñecer e valorar as distintas culturas e orixes, implicar a toda a comunidade educativa, poñer a disposición do alumnado todos os medios necesarios e rexerse polos principios de integración e normalización.

No noso Centro, o equipo de atención específica para o alumnado con NEAE está formado por:

- Unha profesora especialista en Audición e Linguaxe.
- Dúas profesoras especialistas en Pedagogía Terapéutica.
- Unha orientadora.
- Unha coidadora.

Os nosos obxectivos son:

1. Posibilita-lo acceso ó currículo de todo o alumnado.
2. Diseñar respostas educativas para o alumnado con n.e.e.

3. Aproveitar axeitadamente os recursos humanos existentes no centro.
4. Establecer uns criterios pedagóxicos que orienten as medidas a adoptar co alumnado con n.e.e.

Na atención do alumnado con NEAE dende o punto de vista propiamente académico, establecemos dúas vías de atención:

A) Atención ordinaria:

Reforzo educativo sen apoio: medidas que diseña o propio profesor para os alumnos/as con dificultades para seguir (por defecto ou por exceso) a programación diaria.

Reforzo educativo con apoio: medidas que contemplan o apoio temporal na aula, dun profesor/a, preferentemente do mesmo nivel, para a realización de tarefas concretas.

Desdobres: de haber aulas e persoal suficiente, considerarase a posibilidade de dividir algún grupo con especiais dificultades para acadar unha atención máis individualizada nas áreas instrumentais (língua e/ou matemáticas), priorizando esta actuación no primeiro nivel, momento no que a adquisición da lectoescritura está en proceso.

B) Atención extraordinaria:

Reforzo educativo con apoio específico: medidas que contemplan o apoio temporal dentro ou fora da aula, dun profesor/a especialista en dificultades de aprendizaxe, (PT e/ou AL).

(ACS): Esta medida seguirá o procedemento establecido nas disposicións legais vixentes.

Escolarización combinada: medida que acolle a alumnado de centros específicos en días determinados para a realización de actividades previamente establecidas.

Agrupamentos flexibles: medida que se realiza cando hai persoal dispoñible e algúns alumnos/as saen do grupo para recibir apoio nun grupo máis reducido, para traballar un tema/área concreta. A flexibilidade consiste en que o seu grupo de referencia sigue sendo a titoría, polo que non sempre será o mesmo alumnado o que reciba o apoio, senon que este é puntual.

Grupo de adquisición de linguas: Contémplase esta posibilidade para aquel alumnado procedente do estranxeiro que descoñeza as linguas oficiais de Galicia. O grupo realizarase segundo o establecido na normativa vixente.

Grupo de adaptación da competencia curricular: destinado a aquel alumnado de incorporación tardía que presente un nivel curricular inferior ao seu grupo de referencia. Establécese esta medida segundo as directrices establecidas pola lexislación vixente.

Flexibilización da escolaridade: esta medida será adoptada cando un alumno ou alumna presente necesidades educativas especiais, xa se agotaran outras medidas extraordinarias, e o profesorado considere que con esta medida o alumno/a conseguirá acadar os obxectivos mínimos ou unha mellor preparación para afrontar a etapa seguinte.

A escolarización de alumnos/as con n.e.e. require que o centro adecúe os seus servicios ás necesidades que estes/as presentan, de aí que teñamos suprimido barreiras, adaptado wc e servicio de transporte, segundo as recomendacións dos informes de atención e/ou escolarización.

8.4 LIÑA METODOLÓXICA DO CENTRO.

Como sabemos cada situación de aprendizaxe está sometida a moitas variables. Como na práctica cada profesor/a aporta un estilo distinto á súa actividade na aula, parece aconsellable establecer un marco que posibilite o diálogo entre os membros do equipo docente, e este marco, debe ser froito dun consenso que logre o equilibrio entre os diferentes métodos e estilos existentes.

Unha serie de criterios que se poden considerar básicos para establecer as liñas metodolóxicas do centro poden ser:

- Para cada nova aprendizaxe hai que **partir dos coñecementos previos**, velando de que os contidos non sexan soamente conceptuais, senón tamén procedimentais e actitudinais.
- A motivación ten que estar na base de cada nova aprendizaxe tentando fomentar o interese dos alumnos/as polo coñecemento.

- Valorar o esforzo e o traballo continuo así como a actitude positiva diante das aprendizaxes.
- A información ó alumno/a sobre o seu propio proceso de aprendizaxe será continua e constructiva para que actúe como eixo motivador e potencie unha boa autoestima.
- Sempre que sexa posible, a **multidisciplinabilidade** estará presente no tratamento dos contidos.
- A observación directa, a **investigación** e a **experimentación** serán as bases das aprendizaxes, sempre dentro das posibilidades do centro, da aula e do entorno, incidindo nunha liña deductiva donde o razoamento e, no seu momento, o pensamento lóxico, teñan un papel preponderante.
- Favorecer o traballo en agrupamentos flexibles para posibilitar a socialización e a cooperación entre alumnos/as, sen esquecer o traballo persoal e individual de tal modo que o alumno/a aprenda a planificarse, a estudar e a buscar información.
- Favorecer o espírito crítico e a capacidade de decisión e discusión sentando as bases dun auténtico espírito democrático.
- Potenciar a coordinación entre os distintos niveis e ciclos do centro, coas escolas de EI, e tamén no paso da EP á ESO.
- Tentar en todo momento a plena integración do alumnado co medio no que se desenvolve, relacionando o centro co entorno, tanto nos aspectos físicos como nos socioculturais.
- Aproveitar axeitadamente os recursos dispoñibles tanto no centro como no entorno.
- Fomentar o **diálogo**, a convivencia e o respecto polos demais, e favorecer a realización de actividades integradoras e non sexistas nin discriminatorias.

8.5 CONCRECIÓN CURRICULAR

8.5.1 INTRODUCCIÓN

O proceso de ensino-aprendizaxe depende en boa medida de que se consensúen previamente os diversos aspectos do plan de acción educativa:

que ensinar (obxectivos e contidos); **cando** ensinar (secuencia de obxectivos e contidos); **como** ensinar (metodoloxía); e **que, como e cando** avaliar (criterios de avaliación). Todos estes elementos, xunto co desenvolvemento das competencias básicas e a formulación da atención á diversidade do alumnado configuran a Concreción Curricular.

A Concreción Curricular é un instrumento práctico e público que permite a cada profesor/a encadrar as súas programacións de ciclo e aula no marco conxunto de actuación da etapa, e a todos os axentes educativos (dirección, profesores, familias e alumnos) coñecer a proposta pedagóxica do centro, así como as correccións xerais que poden formularse ou os mecanismos de reforzo e ampliación.

As Concrecións do Currículo, teñen as seguintes **finalidades**:

- Adecuar ao contexto do Centro as prescricións establecidas nos Decretos de Currículo, no noso caso o Decreto 130/2007, de 28 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Primaria e o Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o de Educación Infantil.
- Favorecer a coherencia da práctica docente a través da toma de decisións conxuntas do profesorado do claustro e dos equipos docentes.
- Aumentar a competencia do profesorado a través da reflexión sobre a súa práctica docente e tomar decisións sobre aspectos do ensino que non veñen determinados dende a Administración e que son responsabilidade do profesorado.

8.5.2 CARACTERÍSTICAS EVOLUTIVAS DO ALUMNADO DE EP

Aspectos evolutivos do alumnado de 1º e 2º de E.P.

O período de idade comprendido entre os seis e os oito anos está caracterizado por:

A nivel cognitivo:

Nesta idade presentan un grao de interese e entusiasmo por todas as cousas, polo que é axeitado apelar continuamente a súa curiosidade e a súa enorme capacidade de evolución e aprendizaxe.

É unha etapa na que é vital crear hábitos, espertar actitudes e apelar ao seu interese por aprender.

Atópanse nunha etapa intermedia do período preoperatorio, no que se preparan e organizan as operacións lóxico-concretas. Pero necesitan comprender as cousas dun modo ben concreto; aprenden mediante o que fan, mediante o que viven.

A **memoria** xurde nesta idade moi fortemente. Esta técnica de base é dunha importancia notoria, sobre todo na primeira etapa da Primaria, pero pódese converter nun arma de dobre fio se non se usa ben e se converte nun supletorio da intelixencia en vez dunha axuda e hai que ensinarlles a facer da memoria o uso axeitado.

Ademais de necesitar comprender as cousas de forma concreta, tamén necesitan comprender dunha forma ordenada; este feito proxectase na necesidade que advertimos neles de ordenar cousas, facer listas e, sobre todo empezar a coleccionar obxectos, malia que polo momento, impórtalles máis a cantidade que a calidade.

A nivel motor:

Forman a súa propia imaxe corporal a través da interacción co mundo, afirmase a lateralidade e a organización espazo-temporal.

Tamén aumenta o interese polos xogos regrados, en que se comparten normas cos outros.

A nivel socio-afectivo.

Necesitan afecto e á súa vez son afectuosos. Unha carencia afectiva daranos nenos e nenas con dificultades serias de evolución, tristes ou ben hostís, temerosos/as ou infelices.

Inician un maior achegamento aos compañeiros e presentan unha maior dependencia deles.

Aspectos evolutivos do alumnado de 3º e 4º de E.P.

A nivel cognitivo:

A partir dos oito anos entran na etapa das operacións concretas. Avanzan cara a niveis de razoamento progresivamente máis complexos, intentando atopar unha explicación lóxica ao que acontece.

Xa non lles serve calquera argumento para resolver as súas preguntas ou dúbidas. Esta etapa caracterízase por un pensamento lóxico, os principios máis importantes do cal son: a identidade (un obxecto segue sendo o mesmo aínda que modifiquemos algunha das súas características), a reversibilidade e a reciprocidade (permítenos dar volta ás operacións e entender que os diferentes problemas que se nos formulan poden solucionarse compensando dalgún xeito o que sucedeu)

Ao principio aínda se valen de referentes concretos (utilizar dedos para contar...) pero pronto prescindén destas axudas e desenvolven a súa capacidade de abstracción. Dáse un rápido desenvolvemento da súa capacidade de razoar.

A memoria e a atención melloran. Son capaces de estar máis tempo concentrados nunha actividade e evitar as distraccións. O desenvolvemento da atención repercute na súa capacidade de memorizar e recordar. Ao estar máis atentos, fíxanse na información máis relevante e desenvolven estratexias que lles permiten recordar mellor as cousas. A memoria empeza a ser máis ordenada e eficaz.

Son capaces de integrar diferentes informacións ou pensar en varias cousas ao mesmo tempo. A medida que aumentan os seus coñecementos, aumentan tamén as súas habilidades para entender mellor todo aquilo que se lles comunica.

Posúen a capacidade suficiente para comprender moitos dos fenómenos do mundo que nos rodea. Dentro desta comprensión cobra vital importancia todo aquilo que está relacionado coa construción

Na vida escolar atravesan por un momento óptimo de cara a potenciar a capacidade para a lectura e o interese polas ciencias, as matemáticas, o coñecemento de nós mesmos, dos demais e o mundo que nos rodea. Por todo iso é preciso que aprendan tamén a importancia dos valores internos. Os valores reflicten a personalidade dos individuos e son a expresión do ton moral, cultural, intelectual, afectivo e social marcado pola familia, a escola e a sociedade. Por iso é necesario que adquiran unhas normas de comportamento que lles sirvan de referencia.

A nivel motor:

Mellora a coordinación motriz, o crecemento é estable, polo que é un bo momento para traballar as habilidades básicas.

Aumenta o equilibrio e a lateralidade está afianzada.

A nivel socio-afectivo:

Ata os 9 anos atopámonos no estadio da heteronomía, é dicir, as normas veñen de fóra, son impostas polos adultos. Consideran que as regras son sagradas e inamovibles. Neste sentido é importante que contribúan á creación das normas. Por iso, débeseles de explicar o por que e para que destas.

Necesitan contar coa aceptación e aprobación dos seus iguais; desagrádalles estar sós.

Gozan sentíndose importantes e útiles. gustan das actividades grupais e excursións.

Gústalles vestir, falar e actuar como os seus amigos e precisan liberdade para visitarlos sos.

Gustan de participar nos plans e actividades familiares.

Necesitan a satisfacción de emprender as cousas e rematalas.

Necesitan estar seguros do apoio e comprensión dos pais.

Aspectos evolutivos do alumnado de 5º e 6º de E.P.

A nivel cognitivo:

A esta idade son capaces de crear as súas propias estratexias de traballo e estudio (empregan mapas, maquetas, gráficos, internet etc.) e empregan a súa intelixencia en asuntos prácticos.

De acordo a Piaget, ingresan ao terceiro e último dos períodos do desenvolvemento intelectual (operacións formais), que abrangue aproximadamente dende os 11-12 ata os 17 anos; o paso a este nivel significa que poden realizar operacións mentais por medio da linguaxe e que as dúas formas de reversibilidade se integran nun sistema único; ambos os dous logros permiten alcanzar o nivel hipotético-dedutivo e o carácter reflexivo do pensamento, ao final deste período.

En canto á linguaxe, lograron empregar a fala de mellor xeito ao comunicarse cos demais en diversos contextos, e son capaces de manter a conversación en torno a un mesmo tema. Desexan ter máis liberdade para

comunicarse e mobilizarse dentro e fóra da aula. Nesta época as rapazas tenden a valorar máis as relacións, mentres que para os rapaces o principal é as actividades. Os rapaces (e tamén as rapazas), tenden a ter moita actividade física e melloraron notablemente o seu tempo de reacción (habilidade motora), sendo os deportes unha das actividades que máis lles agrada.

A nivel motor:

É unha época de crecemento corporal e desenvolvemento hormonal, sobre todo nas nenas, polo que pode aparecer certa descoordinación motriz.

Débase traballar a autoestima e o autoconceito a través da nova imaxe corporal que presentan, así como a aceptación da mesma, incidindo nos hábitos de vida saudables: alimentación, hixiene e exercicio.

A nivel socio-afectivo:

O seu interese polos amigos lévaos a mellorar o seu desenvolvemento social, poden actuar de acordo coas regras de cada contexto, de cada situación social. Os pais preocúpense máis por como son os amigos dos seus fillos; esta preocupación é xustificada, pois a influencia do grupo de compañeiros se fai cada vez máis forte.

Gústalles poder compartir as súas novas aprendizaxes, con outros compañeiros, ou na casa coa familia. Son máis reflexivos e adoitan opoñerse aos adultos e cuestionar as súas decisións confrontándoas sobre a base dos coñecementos que adquiriron.

En correspondencia con estes logros do desenvolvemento intelectual, o desenvolvemento moral alcanza a Codificación, onde se dá unha regulamentación minuciosa (por exemplo, antes de xogar, dáse a coñecer o código que é aceptado por todos os xogadores). Iso conduce a unha transformación da conciencia, caracterizada pola heteronomía, onde a regra xa non é exterior e sagrada (imposta polo adulto), senón que é resultado dunha libre decisión; é digna de respecto na medida en que é mutuamente aceptada, polo tanto, aínda que ao ser lei o seu cumprimento é obrigatorio, pode modificarse baixo o consenso mutuo.

Aparece o sentido da xustiza como igualdade, é dicir que o xusto é que todos teñan igual, calquera diferenza é considerada unha inxustiza. Máis

adiante poderán entender que a xustiza igualitaria pode ser modificada pola xustiza equitativa, é dicir, aceptan que poden haber diferenzas de acordo ás necesidades ou ao mérito de cada persoa, por exemplo, que alguén reciba máis comida porque non comeu nada e ten máis fame, etc.

Nas súas interaccións, empezan a empregar máis o contacto físico: empuxóns, mensaxes, bromas e diversos actos ás veces torpes para chamar a atención; é un momento de aceleración e cambio, increméntase a súa actividade. Fáizelles difícil regular a súa actividade, por iso adoitan ser vistos como ruidosos e desorganizados. Esta actitude móstrase máis na casa. Non soportan a indiferenza. Empezan a diferir dos pais en gustos, cuestionan a autoridade e tenden a sentirse maltratados.

A súa vida emocional pode oscilar entre unha alegría desbordante e unha sentida tristura, debido a que se iniciaron os cambios da adolescencia. Necesitan diferenciarse dos pais e do resto de compañeiros, afirmando a súa autonomía e proxectando as súas aspiracións nun plan de vida.

8.6 METODOLOXÍA

8.6.1 PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

O alumnado é protagonista da súa propia aprendizaxe que só é posible a partir da súa actividade intelectual, e no que a adquisición de coñecementos é o resultado dun proceso no que o suxeito debe estar implicado directa e activamente.

A aprendizaxe de cada contido depende tanto do nivel madurativo do alumnado, coma do material que se lle ofrece expresamente para iso, e debe ser retomado incidindo reiteradamente ao longo da etapa.

A motivación do alumnado por aquilo que está a aprender é un factor primordial na actividade da aprendizaxe.

Para desenvolver un proceso educativo correcto é imprescindible coñecer o momento evolutivo en que se atopan as persoas a quen vai destinado, polo que o método será flexible axeitado a cada momento e circunstancia.

Consideramos fundamental a superación dos propios erros para a construción da aprendizaxe, porque o importante non é dicir ao alumnado que tal actividade está ben ou mal, senón buscar as razóns que lle levaron a tal ou cal erro.

Propoñer aprendizaxes significativas (Ausubel).

Avanzar na zona de desenvolvemento próximo proposta por Vigotsky.

8.6.2 CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS XERAIS

Todo o profesorado dun mesmo grupo practicará principios metodolóxicos comúns.

O traballo de cada unidade didáctica iniciarase cunha situación motivadora que permita detectar as ideas previas do alumnado para, a partir de aí, construír o novo coñecemento.

Tenderase á individualización, tanto das aprendizaxes instrumentais como intelectuais, detectando as dificultades que ten cada neno ou nena e buscando métodos que lles axuden a superalos.

Realizaranse actividades que favorezan a integración de cada alumno ou alumna no seu grupo de clase e polo tanto, a creación de actitudes sociais positivas que permitan a cada un a inserción futura na sociedade.

Neste sentido formularanse traballos de grupo, a través da aprendizaxe cooperativa, de maneira que aprendan a repartir funcións, a responsabilizarse da súa parte correspondente, a respectar a forma de facer dos seus compañeiros e compañeiras, a aceptar a diversidade.

Favoreceranse os coloquios que lles axudarán a:

Expresarse oralmente con orde.

Valorar as súas propias opinións e as dos demais.

Esperar a súa quenda de palabra.

Escoitar aos demais.

Respectar as diferenzas.

Para que a aprendizaxe sexa significativa realizaranse os seguintes pasos:

Observación da realidade.

Manipulación dos obxectos.

Ordenación destes.

Apreciación das súas características.

Con este proceso lógrase que o alumnado afonde, segundo a súa capacidade e nivel madurativo.

A metodoloxía estará baseada non só nos libros de texto, senón nunha maior gama de recursos, como traballos de investigación, biblioteca de aula, medios audiovisuais, etc, que favorezan a súa autonomía mediante un traballo individualizado ou en grupo.

Proponse polo tanto unha metodoloxía activa, creativa, participativa, flexible, globalizadora, cooperativa, motivadora e heteroxénea.

8.7 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

8.7.1 RECURSOS E SERVIZOS DE APOIO:

A atención integral ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo iníciase dende o momento en que se identifica a dificultade.

O noso centro dispón de recursos humanos específicos: dúas especialistas en Pedagogía Terapéutica (PT), unha especialista en Audición e Linguaxe (AL) e unha orientadora.

8.7.2 MEDIDAS DE REFORZO:

As medidas de reforzo educativo que adoptamos diríxense ao alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe nos aspectos básicos e instrumentais do currículo.

Nalgúns casos trátase de fomentar a adquisición duns axeitados hábitos de hixiene e postura corporal, consolidar determinados hábitos de atención-concentración ou de adquirir coñecementos previos básicos para a adquisición dos contidos curriculares propios do ciclo.

Este alumnado é atendido, preferiblemente, por mestres titores e/ou de área que forman parte do equipo docente do ciclo, e levase a cabo dentro da aula.

Nos casos en que esta resposta ás necesidades educativas formuladas non sexa suficiente, o titor ou titora solicitará a intervención da orientadora. Esta consulta pode derivar nunha selección de materiais, asesoramento nos

aspectos a ter en conta no proceso ensino-aprendizaxe, asesoramento á familia ou a realizar unha observación máis especializada do profesorado ou a través de probas médicas.

Se, tras esta observación, fose preciso realizar unha avaliación psicopedagóxica, informarase á familia.

8.7.3 ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO:

Cando, tras a avaliación psicopedagóxica, un alumno ou alumna ten necesidade específica de apoio educativo (NEAE), téñense en conta as seguintes pautas:

- **Alumnado con alteracións da comunicación e da linguaxe:** atención especializada da mestra de Audición e Linguaxe.
- **Alumnado con neae** (necesidade específica de apoio educativo): atención especializada das mestras de Pedagogía Terapéutica.
- **Alumnado con capacidade intelectual límite:** atención especializada das mestras de pedagogía Terapéutica.
- **Alumnado con altas capacidades intelectuais:** programa de enriquecemento baixo o asesoramento do especialista do EOE en coordinación coa orientadora e o titor ou titora.
- **Alumnado con atraso madurativo:** é atendido polo titor ou titora. As mestras de PT atenderanos se teñen dispoñibilidade horaria.

8.7.4 ADAPTACIÓNS QUE É PRECISO REALIZAR PARA COMPENSAR AS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO:

Realizaranse segundo marca a Orde do 6 de outubro de 1995, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regula o deseño, aplicación, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares nas ensinanzas de réxime xeral.

8.8 OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

Segundo o Decreto 130/2007 polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os obxectivos da

educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

1. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
2. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
3. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.
4. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.
5. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
6. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
7. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.
8. Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.
9. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.

10. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
11. Valorar a hixiene e asaúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e odos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
12. Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
13. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
14. Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

8.9 AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE DO ALUMNADO

Segundo indica o currículo oficial, os criterios de avaliación establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se espera que os alumnos vaian alcanzando ao longo da Educación Primaria con respecto ás competencias básicas e ás capacidades indicadas nos obxectivos xerais. O nivel de cumprimento destes obxectivos en relación cos criterios de avaliación fixados non ha de ser medido de forma mecánica, senón con flexibilidade, e tendo en conta a situación do alumno, o curso en que se atopa, ademais das súas propias características e posibilidades.

Á súa vez, a avaliación cumpre, fundamentalmente, unha función formativa, porque ofrece ao profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe dos seus alumnos, coa consecuente posibilidade de aplicar mecanismos correctores das insuficiencias advertidas. Por outra banda, eses indicadores constitúen unha fonte de información sobre o mesmo proceso de ensino. Por iso, os criterios de

avaliación, xunto ás competencias específicas, veñen ser un referente fundamental de todo o proceso interactivo de ensino e aprendizaxe.

Para recoller datos utilizaremos diferentes procedementos de avaliación:

A observación de comportamentos.

Entrevistas.

Probas configuradas como sínteses dos contidos máis significativos traballados no proceso de ensino-aprendizaxe.

Cuestionarios orais e escritos.

Ao mesmo tempo, o profesorado avaliará os procesos de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos educativos do currículo. Esta avaliación terá tamén un carácter continuo e formativo e incluírá referencias a aspectos tales como:

A organización da aula.

Aproveitamento dos recursos do centro.

A relación entre o profesorado e o alumnado.

A relación entre profesorado.

A convivencia entre o alumnado.

8.10 CONCRECIÓN CURRICULAR NAS DIFERENTES ÁREAS

8.10.1 ÁREAS DE LINGUA GALEGA E LITERATURA E LINGUA CASTELÁ E LITERATURA:

INTRODUCCIÓN

A linguaxe é o noso medio de comunicación habitual, vehículo de pensamento, o que nos fai crecer como seres humanos, o que nos diferencia doutros seres vivos. A linguaxe ten uns códigos e uns instrumentos.

O obxectivo primordial da Educación Primaria é coñecer os códigos básicos da linguaxe e utilízalos axeitadamente tanto no referente á comprensión como á expresión e por iso traballaremos os seguintes bloques:

1.- Linguaxe oral:

Dende o punto e vista do emisor traballaremos a capacidade de expoñer un tema con lóxica, orde, sentido e expresividade, diferenciando o esencial do accesorio e cun vocabulario o suficientemente rico para que a

súa expresión verbal permita a claridade e precisión do expresado (fondo). Así como conseguir unha correcta dicción, expresividade xestual e ton de voz axeitado (forma).

Dende o punto de vista do receptor traballaremos a capacidade de atención para chegar a unha interpretación correcta do escoitado e poder actuar en consecuencia.

2.- Linguaxe escrita:

Se atendemos á comprensión traballaremos os textos escritos, para o cal será imprescindible unha lectura fluída e expresiva con adquisición de vocabulario suficiente e utilización, con destreza, dos medios que proporcionen datos para entender ese vocabulario (dicionarios, internet, recursos da biblioteca...). Tamén daremos a coñecer diferentes textos, tanto os que interesan para a súa vida actual e propia como á futura e allea: xornais, invitacións, instrucións, prospectos, impresos... , así como textos literarios adaptados ás diferentes idades.

Atendendo á composición buscaremos conseguir a expresividade suficiente para que outros comprendan as mensaxes emitidas, con ideas ordenadas, correcta secuencialización no tempo, con vocabulario rico, letra clara, axeitada ortografía e uso dos signos de puntuación.

3.- Estrutura lingüística básica. Atenderemos ao coñecemento dos conceptos:

Letra (son e grafía), sílaba, palabra, oración, parágrafo e texto como unidades básicas e secuencializadas do recurso lingüístico.

A oración como unidade ordenada con sentido completo.

Coñecemento morfolóxico básico das palabras que constitúen a oración: substantivo, verbo, adxectivo... , palabras variables e invariables.

Función da sintaxe na oración simple, a relación entre as súas partes para o seu uso correcto.

4.- Estudo dun referente lingüístico: será importante o uso da literatura como referente, facendo estudio de obras adaptadas ás súas idades de diversos estilos literarios: poesía, narrativa, teatro, textos de transmisión oral...

METODOLOXÍA

Co ensino das competencias intentamos facilitar a capacidade de transferir as aprendizaxes escolares a situacións da vida cotiá. Por iso deben ser significativas, ter carácter procedimental, deben aprenderse dende a funcionalidade e o seu desenvolvemento debe impregnar as dimensións social, interpersonal, persoal e profesional sen distinción de áreas.

A aprendizaxe das competencias é complexa e podemos concluír que non existe un único método. O máis axeitado é a utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función dos obxectivos e as características do alumnado.

O proceso de aprendizaxe require dunha ensinanza diversa e complexa e utilizaremos unha metodoloxía variada, cuxas dimensións ou variables podemos agrupar en:

- Secuencias de actividades (clase expositiva, por descubrimento, por proxectos...).
- Relacións e situacións comunicativas: directivos, participativos, cooperativos...
- Formas de agrupamento: gran grupo, pequeno grupo, equipos fixos, equipos móbiles...
- Xeito de distribuír o espazo e o tempo: recunchos, obradoiros, aulas de área...
- Sistema de organización dos contidos: disciplinar, interdisciplinar, globalizador...
- Uso dos materiais: libro de texto, ordenador, fichas autocorrexibles, material feito polo profesorado...
- Procedemento para a avaliación: inicial, de resultados, formativa...

AS COMPETENCIAS BÁSICAS NAS ÁREAS DE LINGUA

Para lograr a adquisición da competencia lingüística, o alumno debe:

Ser capaz de comprender e producir mensaxes orais e participar activamente en intercambios comunicativos orais, respectando as normas que os rexen.

Os nenos aprenderán a expresarse oralmente con corrección e a comprender mensaxes orais, a debater e a chegar a acordos sobre cuestións relacionadas co seu ámbito cotián, respectando as normas que rexen a interacción social (xestos, posturas, ton de voz, papel adoptado...). A competencia de comunicación lingüística está presente na capacidade de convivir, debe ser instrumento para a igualdade e a resolución pacífica de conflitos así como para establecer vínculos e relacións construtivas desenvolvendo a autoestima e confianza en si mesmo.

Ser capaz de comprender diferentes clases de textos escritos.

Os alumnos demostrarán a súa capacidade de comprensión lectora á hora de enfrontarse a diferentes tipos de textos: narrativos, informativos, teatrais, poéticos, páxinas web, folletos, mensaxes gráficas... Así mesmo hai que valorar que o desenvolvemento do vocabulario e a estrutura da linguaxe desenvolve as competencias básicas de matemáticas, do coñecemento do medio, da competencia dixital, social e cidadá, cultural e artística.

Ser capaz de poñer en práctica os coñecementos e as estratexias necesarias para escribir correctamente.

Estudaranse as principais clases de palabras e das normas de puntuación ou acentuación, xunto coas normas ortográficas básicas.

Ser capaz de escribir textos relacionados co ámbito escolar, así como textos de información e opinión.

Os alumnos adquirirán unha serie de técnicas de redacción que poden ser aplicables a calquera escrito (alongar oracións, utilizar enlaces, ordenar frases...).

Ser capaz de ler e comprender de forma autónoma textos literarios axeitados á súa idade e intereses.

Os nenos afaranse a ler e comprender numerosos textos da literatura infantil clásica e actual. Xunto aos textos narrativos, terán unha importante presenza os textos poéticos.

Ser capaz de comprender e utilizar a terminoloxía lingüística propia do ciclo.

Os alumnos deberán coñecer e utilizar a denominación dos textos (narración, descrición, poema...), das principais clases de palabras

(determinantes, substantivos, verbos...) e dos mecanismos básicos de formación do léxico (derivación, composición...).

Ser capaz de manifestar interese pola lectura e a escritura como instrumentos para relacionarse cos demais e para aprender.

Os alumnos comprenderán que as súas producións orais e escritas son instrumentos de relación social, que lles permiten interactuar cos demais.

CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS DE LINGUA AO DESENVOLVEMENTO DE CADA UNHA DAS OITO COMPETENCIAS BÁSICAS.

Competencia en comunicación lingüística

- Adquirir vocabulario referente ao colexio, á familia, á casa, á rúa, ao Nadal, aos alimentos, ao coidado, ás partes do corpo humano...
- Utilizar a linguaxe como medio de comunicación oral e escrito.
- Expresar adecuadamente pensamentos, ideas e emocións.
- Desenvolver o interese pola claridade, pola orde e pola limpeza nas súas producións escritas.
- Dialogar en grupo para fomentar a expresión oral e a escoita.
- Fomentar o interese pola práctica de xogos lingüísticos como elemento de diversión.
- Adquirir vocabulario referente aos mamíferos, ás aves, ás plantas, aos peixes, á auga, ao sol e ao aire.
- Comprender e expresar de forma oral e escrita o sentido global dun texto.
- Fomentar a valoración do texto escrito como fonte de información, enriquecemento e diversión.
- Fomentar o uso das regras ortográficas aprendidas.
- Adquirir vocabulario referente aos fenómenos atmosféricos, aos medios de comunicación, aos medios de transporte e ás vacacións.
- Fomentar o gusto pola lectura e pola escritura de contos.
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico
- Percibir o colexio como o espazo físico no que se desenvolve parte da súa vida cotiá.

-
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
 - Realizar observacións para desenvolver a curiosidade.
 - Utilizar a lingua para obter e comprender información.
 - Contribuír, a través da lingua, a conservar un contorno físico agradable e saudable.
 - Contribuír, a través da linguaxe, a coidar o ambiente.
 - Obter e interpretar información acerca do medio físico que os rodea.
 - Empregar a linguaxe para mostrar actitudes de respecto aos demais e cara a un mesmo.

Competencia matemática

- Utilizar a linguaxe para poñer en práctica procesos de razoamento.
- Utilizar táboas para facer clasificacións.
- Tratamento da información e competencia dixital
- Iniciarse no uso do ordenador.
- Obter coñecementos e destrezas para buscar e interpretar unha información concreta.
- Nomear as partes do ordenador.
- Enumerar os distintos usos do ordenador.

Competencia social e cidadá

- Coñecer sentimentos e emocións en relación cos demais.
- Aprender a comunicarse cos demais e comprender o que estes transmiten.
- Utilizar a lingua como destreza para a convivencia, o respecto e o entendemento.
- Utilizar a lingua para desenvolver uns hábitos de comportamento responsables.
- Practicar o diálogo e a negociación como forma de resolver conflitos. A linguaxe debe ser un instrumento para a igualdade e a dignidade de todos os seres humanos e do ámbito que nos rodea.

Competencia cultural e artística

- escoitar, comprender e valorar narracións orais sinxelas.

- Promover o mantemento da atención durante a escoita de contos e outras narracións orais.
- Ler, comprender e valorar narracións sinxelas.
- Fomentar o gusto pola lectura de poemas.

Competencia para aprender a aprender

- Comprender, analizar e resolver un problema.
- Acceder á construción de coñecementos mediante a linguaxe.
- Utilizar a lingua para analizar problemas da vida cotiá, elaborar plans e tomar decisións.
- Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre que e como se aprendeu.

Autonomía e iniciativa persoal

- Empregar a linguaxe para comunicar afectos.
- Utilizar a lingua para fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos.
- Empregar a linguaxe para comunicar afectos e emocións.
- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais.
- Utilizar a linguaxe como medio de representación do mundo.
- Utilizar a lingua para elixir con criterio propio entre dúas opcións.
- Utilizar a linguaxe para expresar gustos e preferencias.
- Favorecer a creatividade a través da linguaxe.

OBXECTIVOS DE ETAPA

1. Comprender mensaxes orais, escritas e outras construídas con signos de diferentes códigos, en diversos contextos e situacións, interpretándoas con actitude crítica e ser capaz de aplicar a súa comprensión a novas situacións de aprendizaxe.
2. Construír mensaxes e expresarse oralmente e por escrito de forma coherente considerando as distintas finalidades e situacións comunicativas, os aspectos normativos da lingua, utilizando o léxico axeitado e potenciando o uso creativo da lingua e o desenvolvemento gradual dun estilo propio.

3. Utilizar a lingua oral para intercambiar ideas, experiencias e sentimentos, adoptando unha actitude respectuosa ante as decisións dos demais e atendendo ás regras propias do intercambio comunicativo.
4. Utilizar, en situacións relacionadas coa escola e a súa actividade, as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas ou privadas.
5. Usar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e a comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.
6. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.
7. Ler con fluidez e comprensión, desenvolver o pracer de ler e utilizar a lectura como fonte de información, de diversión e de aprendizaxe e como medio de perfeccionamento e enriquecemento lingüístico e persoal.
8. Comprender textos literarios de xéneros diversos adecuados en canto a temática e complexidade, e iniciarse nos coñecementos das convencións específicas da linguaxe literaria.
9. Recoñecer e apreciar a unidade e a diversidade lingüísticas, respectando as peculiaridades dos diferentes rexistros e variedades lingüísticas da comunidade autónoma dentro da realidade plurilingüe de España, valorando esta diversidade como un feito cultural enriquecedor.

1º e 2º DE E.P.

Adicaremos especial atención ao aprendizaxe da lectura e a escritura, sobre todo durante os dous primeiros trimestres do ciclo, posto que a importancia deste dominio vai a trascender e repercutir ao longo de toda a vida académica do alumnado.

Principios pedagóxicos xerais

1. proceso de ensinanza-aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:
2. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
3. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.

4. Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos, co fin de que resulten motivadoras, utilizando:
5. Metodoloxía activa.
6. Motivación.
7. Autonomía na aprendizaxe.
8. A utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada
9. A gradación das actividades.
10. A énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe.
11. Programación cíclica e unha rigorosa selección dos contidos.
12. Atención á diversidade do alumnado.
13. Sensibilidade pola educación en valores.
14. Avaliación do proceso educativo.

OBXECTIVOS XERAIS:

1. Comprender as ideas expresadas en textos orais (contos, lendas, poemas, adiviñanzas, etc.), relacionándoas coas propias ideas e experiencias.
2. Comprender un texto axeitado á idade.
3. escoitar e comprender a expresión oral dos demais.
4. Comprender e utilizar axeitadamente o vocabulario apropiado á súa idade en diferentes situacións.
5. Distinguir e pronunciar todos os sons correctamente.
6. Representar e recitar textos orais coa articulación, o ton e o ritmo axeitados, de forma comprensiva e expresiva.
7. Escribir textos sinxelos e breves empregando oracións curtas e utilizando palabras do vocabulario propio da idade.
8. Expresarse oralmente de xeito claro, narrando experiencias propias, ideas, situacións reais e imaxinarias, etc.
9. Aceptar as achegas dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo de forma activa.
10. Participar en diálogos, conversacións, charlas de clase, etc., respectando as normas que facilitan o intercambio comunicativo (esperar o momento de intervención, respectar as opinións dos demais, etc.).

11. Utilizar, de maneira dirixida, as tecnoloxías da información e a comunicación e os diferentes tipos de bibliotecas (de aula e de centro), mostrando respecto polas súas normas de funcionamento, coa finalidade de obter información e modelos para a composición escrita.
12. Utilizar a linguaxe como instrumento de aprendizaxe para memorizar anotar, preguntar, comprender responder.
13. Redactar textos breves (narracións, notas...) coas grafías adecuadas, os signos de puntuación correspondentes, as palabras separadas, etc., e presentando o escrito de forma clara e limpa.
14. Expresarse por escrito, dominando a ortografía natural e as normas básicas da lingua escrita.
15. Manipular a lingua oral e escrita de maneira simple: transformar oracións (afirmativas en negativas), substituír palabras polos seus sinónimos, ordenar frases, recoñecer palabras que expresan accións, nomes, calidades, etc.
16. Ler textos coa articulación, o ritmo, a fluidez, a expresividade e a seguridade necesarios e ser capaz de extraer algunha información específica: identificar personaxes, explicar o argumento, interpretar as instrucións das actividades, etc.
17. Iniciarse na adquisición do hábito e o gusto pola lectura.
18. Utilizar de forma habitual os libros como medio de diversión e desfrute, dentro e fóra da aula.
19. Utilizar os coñecementos de lecto-escritura para a comprensión de textos e o intercambio de experiencias e sentimentos.
20. Utilizar indicadores sinxelos na lectura de textos (ilustracións, títulos, etc.) para formular conxecturas sobre o seu contido.
21. Comprender o sentido global de textos de nivel axeitado e responder, oralmente e por escrito, a preguntas que demostren a devandita comprensión.
22. escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñanzas, cancións, contos, trabalinguas, etc.).
23. Valorar estas expresións como un feito cultural enriquecedor.

24. Distinguir usos racistas, sexistas e outros estereotipos que se atopan na linguaxe, en conversacións, audicións, contos e imaxes, e introducir as auto correccións pertinentes.

CONTIDOS

Bloque 1. escoitar e falar.

Participación e cooperación en situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto ás opinións das demais persoas).

Uso de fórmulas e de tratamento adecuado para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.

Comprensión e produción de textos orais para aprender, tanto os producidos con finalidade didáctica como os cotiáns (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicacións sobre a organización do traballo).

Comprensión de informacións audiovisuais procedentes de diferentes soportes, establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas.

Escoita de textos procedentes da literatura oral.

Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, pronuncia e entoación adecuados.

Dramatización de situacións presentadas en textos literarios.

Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.

Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, en especial as referencias ao xénero, ás razas ou ás etnias.

Bloque 2. Ler e escribir.

Comprensión e localización de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas, folletos, descricións, instrucións, explicacións, e acontecementos próximos á experiencia do alumnado.

Utilización e valoración de aspectos iconográficos e tipográficos como axuda á localización e comprensión de información textual.

Produción e reescritura de textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.

Recreación e reescritura de textos narrativos (contos) e de carácter poético (adiviñas, refráns, trabalinguas, cantigas, xogos de sortes...) usando modelos.

Composición de textos sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.

Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

Valoración da autonomía lectora, interese pola elección de temas e de textos, pola comunicación das preferencias persoais e pola apreciación do texto literario como recurso de goce persoal.

Adquisición progresiva das convencións do código escrito.

Interese pola presentación coidada e polo uso de normas ortográficas en textos escritos.

Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.

Iniciación ao uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.

Introdución ao uso das bibliotecas do centro e da aula, como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e para o coñecemento.

Bloque 3. Reflexionar sobre a lingua.

Identificación da palabra como instrumento básico para a segmentación da escritura.

Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas: ortografía natural, mp, mb.

Substitución, inserción, supresión, cambio de orde e segmentación de elementos lingüísticos no funcionamento dos enunciados e textos.

Inicio á reflexión sobre as estratexias de planificación, textualización e revisión como partes do proceso escritor.

Inicio na identificación implícita e uso dos termos seguintes en actividades de produción e de interpretación: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio.

Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS POR NIVEL

NIVEL:

TRIMES	CELEBRACIÓNS	CONTIDOS	MATERIAIS/RECUR.	PAT
1				
2				
3				

INDICADORES PARA A AVALIACIÓN CURRICULAR 1ºE 2º E.P.

Nota: Establécese unha escala de 1 a 4 (1 mínimo grao de adquisición, 4 máximo)

1º	1	2	3	4
2º	1	2	3	4

3º E 4º DE E.P.

OBXECTIVOS XERAIS:

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
2. Expresarse oralmente e por escrito con coherencia nos diversos contextos da actividade social e cultural.
3. Participar en diversas situacións de comunicación e utilizar a lingua oral de xeito adecuado, aplicando regras básicas de comunicación e respectando as opinións.
4. Usar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, informacións de diversos tipos, como instrumentos de traballo e aprendizaxe.
5. Utilizar as destrezas básicas da lingua (escoitar, falar, ler, escribir e conversar) para buscar, recoller, procesar información, elaborar e memorizar conceptos.
6. Ler con fluidez e ton adecuados, comprendendo distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.
7. Utilizar a lectura como fonte de pracer e de información.
8. Empregar a biblioteca para obter información e para gozar coa lectura.
9. Comprender textos literarios de xéneros diversos axeitados á idade.
10. Usar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para escribir e falar de forma axeitada, coidando a estrutura do texto, a caligrafía, a orde e a limpeza, e para comprender textos orais e escritos.

CONTIDOSBloque 1. escoitar e falar.

Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (expresión espontánea, asemblea, información, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra...).

Comprensión de textos orais procedentes dos medios de comunicación.

Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse (conversas entre iguais e no equipo de traballo, exposicións na clase).

Produción de textos orais para expresar ideas, sentimentos, emocións, desexos, opinión e vivencias, descrições...).

Uso de estratexias para comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e formulación de preguntas coherentes.

Actitude de escoita adecuada ante situación comunicativas (respecto das opción de quen fala, non interrupcións inadecuadas, contacto visual).

Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos).

Dramatización de situacións e de textos literarios diversos.

Utilización de documentos audiovisuais para obter, seleccionar e relacionar información.

Actitude de cooperación e de respecto en situación de aprendizaxe compartida.

Interese por expresarse oralmente con caridade, exposición ordenada, pronuncia e entoación adecuadas.

Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 2. Ler e escribir.

Comprensión de información relevante en textos de situacións cotiás de relación social: normas da clase, do comedor, do transporte, de uso da biblioteca ou regras de xogos.

Comprensión de información xeral en textos procedentes de medios de comunicación social (incluídas webs infantís).

Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse (folletos, instrucións...).

Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información.

Composición de textos propios:

Relativos a situacións cotiás de relación social: avisos, solicitudes, instrucións...

Relacionados co ámbito académico: cuestionarios, resumos, informes...

Poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, desexos...

Uso das estratexias de planificación e revisión como partes do proceso escritor.

Utilización de elementos gráficos para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos...).

Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras adecuadas á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.

Introdución ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipotetización, relectura...).

Lectura guiada e expresiva de textos de literatura infantil e de literatura actual en diversos soportes coa expresividade, velocidade e vocalización adecuadas.

Lectura, comprensión, memorización e recitado de poemas, co ritmo, pronuncia e a entoación adecuados.

Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

Elaboración e reescritura de textos (contos, cómics, poesías...) seguindo as normas da composición escrita.

Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos, así como atención ás normas ortográficas.

Utilización de estratexias de resolución de dificultades léxicos e/ou ortográficas (uso de dicionarios variados en diversos soportes).

Iniciación á creación dunha biblioteca persoal.

Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.

Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición escrita e para a lectura.

Bloque 3. Reflexionar sobre a lingua.

Recoñecemento dos elementos do contexto comunicativo como factores que inciden no intercambio comunicativo.

Identificación de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas sinxelas para a comprensión e composición de textos.

Coñecemento e uso das regras ortográficas.

Conciencia positiva da variedade lingüística existente no contexto escolar e social.

Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.

Uso e definición intuitiva nas actividades de produción e de interpretación da terminoloxía seguinte: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente, futuro).

Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos, de antónimos, polisemia... en relación coa comprensión e coa produción de textos.

Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita. Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións en relación coa composición de textos.

Identificación funcional das modalidades oracionais declarativa, interrogativa e exhortativa. Identificación intuitiva de suxeito e de predicado.

5º E 6º DE E.P.

OBXECTIVOS XERAIS:

1. Expresarse oralmente de forma adecuada para poder comunicarse e así desenvolver a sensibilidade, creatividade, precisión e estética.
2. Comprender discursos orais dos diversos contextos e actualizalos con sentido crítico.
3. Utilizar as destrezas básicas da lingua (escoitar, falar, conversar...) eficazmente.
4. Conseguir unha correcta dicción, unha expresión xestual e un ton de voz axeitado.

5. Participar en diversas situacións de comunicación respectuosa e de cooperación.
6. Usar os coñecementos sobre a lingua e escoitar de forma correcta e coherente.
7. Coñecer e valorar a riqueza lingüística de España como patrimonio cultural común e apreciando a súa dimensión universal.
8. Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar malsonancias e estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos de todo tipo.
9. Comprender textos escritos da actividade social e cultural analizándoos con sentido crítico.
10. Usar os medios de comunicación social e das tecnoloxías da información como instrumentos de traballo e de aprendizaxe.
11. Ler con fluidez, ton e expresividade adecuada, comprendendo distintos tipos de textos.
12. Usar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.
13. Potenciar os distintos hábitos de lectura como posibilidade de aprendizaxe, enriquecemento persoal e fonte de pracer.
14. Comprender textos literarios de xéneros diversos: narrativa, poesía, teatro..., axeitadas ás distintas idades.
15. Expresarse por escrito con distintas linguaxes: coloquial, culto, poético... para aumentar os seus recursos expresivos.
16. Utilizar diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas ou privadas en relación coa escola.
17. Usar os coñecementos sobre as normas de uso lingüístico para escribir de forma axeitada.
18. Evitar estereotipos lingüísticos que supoñan prexuízos.
19. Escribir textos reais, imaxinativos, persoais con vocabulario e corrección axeitadas á idade (vocabulario, ortografía, signos de puntuación, sangrías, claridade, limpeza...).

20. Comprender textos escritos da actividade social e cultural analizándoas con sentido crítico.
21. Usar os medios de comunicación social e das tecnoloxías da información como instrumentos de traballo e de aprendizaxe.
22. Evitar estereotipos lingüísticos que supoñan prexuízos.
23. Coñecer os mecanismos e recursos da estrutura da lingua para a mellor comprensión e elaboración do discurso lingüístico.
24. Usar as normas sobre a lingua utilizando os coñecementos adquiridos para escribir e falar de forma axeitada.
25. Reflexionar sobre a necesidade dunha estrutura lingüística e do seu bo uso para perfeccionar o sistema de comunicación.
26. Usar as Tic como medio de reforzo e aprendizaxe dos distintos coñecementos.
27. Estudar obras literarias, de diferentes xéneros, como coñecemento de distintas formas de expresión e comunicación humana.
28. Potenciar a sensibilidade, ante unha forma artística, como faceta fundamental na formación integral do alumnado.
29. Incentivar a súa propia expresión literaria propiciando o bo uso da linguaxe en canto á súa forma e o seu fondo.
30. Desenvolver a súa capacidade de elección, crítica ou aceptación ante as obras literarias como desenvolvemento da súa personalidade.
31. Propiciar o descubrimento do goce ante unha lectura dunha boa obra escrita.

CONTIDOS

Bloque 1. escoitar e falar

Participación e cooperación en situacións comunicativas da aula: avisos, instrucións, conversacións, debates, narracións reais ou imaxinativas, expresión de sentimentos... Con valoración de respecto e normas de interacción oral.

Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio, televisión e outros medios audiovisuais, como información de acontecementos e de ampliación dos seus coñecementos.

Comprensión e produción de discursos orais con finalidade didáctica ou de organización de clase.

Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Coñecemento e valoración da literatura de transmisión oral: romances, contos, adiviñanzas, trabalinguas...

Lectura en voz alta de textos para fomentar a correcta dicción e a capacidade de escoita e comprensión.

Memorización de poemas e contos.

Utilización do vocabulario propio do mundo e do xénero teatral.

Exercitar o teatro lido e o teatro representado de obras existentes e das súas propias obras.

Bloque 2. Ler e escribir

Comprensión de textos escritos:

Comprensión textos propios de situacións cotiás próximas á súa experiencia: convites, notas, cartas, avisos...

Comprensión de información xeral procedentes dos medios de comunicación: xornais, internet, revistas, folletos, instrucións...

Utilización das bibliotecas escolares, persoais, municipais para obter información e como modelos para a composición escrita.

Interese polos textos escritos en distintos xéneros literarios como medio de comunicación de experiencias, así como da literatura popular de transmisión oral.

Composición de textos escritos:

Composición de textos de situacións cotiás próximas á súa vida.

Composición de textos propios de comunicación social: anécdotas, experiencias, noticias, pés de foto...

Composición de textos relacionados co ámbito escolar para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, listados, enquisas, esquemas, descricións, explicacións...

Composicións de textos reais: experiencias persoais, biografías, narracións de feitos..., e imaxinarios: fábulas, contos, poemas, adiviñas, caligramas...

Adquisición das convencións do código escrito.

Uso de programas informáticos de procesamento de textos.

Bloque 3. Reflexionar sobre a lingua

Coñecemento da palabra como instrumento básico para a escrita.

Fragmentación da palabra en letras e sílabas.

Formación de oracións, parágrafos e textos completos como unidades secuencializadas do recurso lingüístico.

A oración como unidade ordenada con sentido completo.

Coñecemento morfolóxico das palabras variables e invariables que constitúen a oración: substantivo, adxectivo, verbo, preposición...

A sintaxe na oración, a relación entre suxeito e predicado e complementos para o seu uso correcto.

Coñecemento das regras ortográficas máis usuais: signos de puntuación, acentuación, uso das distintas grafías.

Coñecemento da literatura popular e das obras de transmisión oral: lendas, adiviñanzas, trabalinguas...

Traballo sobre obras dos tres xéneros, adaptados ás súas idades: narrativa, poesía e teatro.

Desenvolvemento da narrativa contando, lendo e escribindo contos, aventuras, lendas...

Coñecemento de autores e obras claves da literatura infantil, xuvenil.

Uso do vocabulario: ritmo, rima, recursos lingüísticos, verso, estrofa...

Coñecemento de distintos poetas, as súas biografías e obras máis representativas.

Estudo de obras teatrais orixinais e adaptacións propias ás súas idades, así comodos seus autores.

INDICADORES PARA A AVALIACIÓN CURRICULAR 5º E 6º DE E.P.

Nota: Establécese unha escala de 1 a 4 (1 mínimo grao de adquisición, 4 máximo)

INDICADOR	1	2	3	4
Participa nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula coas actitudes adecuadas e autorregulando as estratexias que fan efectiva a comunicación.				
Amosa interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.				
Comprende textos orais diversos interpretando as intencións explícitas, así como as intencións, valores e opinións non explícitas.				
Produce textos orais a partir de textos preexistentes da literatura oral popular (refrán, ditos, conxuros, lendas, contos, adiviñas, cantigas, cancións, romances) co ritmo e a entoación adecuados.				
Busca, localiza e selecciona información explícita en textos escritos de soportes variados (webs, libros, carteis) e extrae a información para comprender o sentido do texto: <ul style="list-style-type: none"> - discernindo a información principal da secundaria; - analizando elementos que inflúen na comprensión (estrutura, vocabulario, contexto, soporte); - utilizando estratexias para resolver dúbidas (uso de dicionarios, busca de información complementaria, ampliación de datos, relectura, contraste coas compañeiras e compañeiros); - usando diferentes tipos de lectura (rápida, selectiva, integral...) - e estratexias diferenciadas para determinar o relevante (subliñado, esquematización). 				
Produce textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás da aula de xeito coherente, usando o máis adecuadamente posible estratexias de planificación, de textualización e de revisión e empregando soportes variados, incluídos os dixitais.				
Le expresivamente textos de diversa tipoloxía con fluidez e precisión atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta.				
Coñece textos de literatura infantil adecuados ao ciclo que sirvan de modelos para a escritura creativa e de recursos para a lectura por pracer.				
Usa as bibliotecas da aula e do centro e os seus con autonomía abonda, comprendendo como se organiza, e colaborando no seu coidado e mellora.				
Analiza criticamente os textos e hipertextos e reflexionar sobre o				

seu contido, identificando a estrutura, o uso da linguaxe e o punto de vista da autora ou do autor a partir dos cambios que se poden producir nos elementos textuais efectuando modificacións variadas neles.				
Utiliza terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, e como apoio á comprensión e á produción de textos.				
Valoración global da área.				

8.10.2 ÁREA DE LINGUA INGLESA

OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA

1. Sensibilizar aos alumnos/as para conseguir unha actitude de respecto e comprensión cara á outras linguas, ós seus falantes e á súa cultura, en especial ao inglés.
2. Valorar a lingua estranxeira como un medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencia, culturas e linguas diversas.
3. Familiarizar ao alumnado cos sons, o ritmo e a entoación da lingua inglesa.
4. Reflexionar sobre o funcionamento e os aspectos formais da lingua, para facilitar a adquisición do código no marco das actividades comunicativas.
5. Comprender o sentido global de mensaxes orais, centrándose en informacións sinxelas e concretas, cun vocabulario simple, previamente traballado nun contexto, acompañadas de apoio mímico, xestual e gráfico, e referidas ao entorno inmediato do alumno/a (a clase, os xogos...).
6. Utilizar o inglés de forma oral coa profesora e cos seus compañeiros para facer uso de expresións de relación social (saudar, agradecer, pedir algo...) ou para identificarse e describir obxectos, lugares e personaxes, aplicando o léxico máis elemental (cores, números...).
7. Utilizar os recursos expresivos non lingüísticos (xestos, posturas, sons, debuxos...) para comprender e facerse comprender mediante o uso da lingua estranxeira.

8. Ler de forma comprensiva textos diversos e axeitados, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade específica.
9. Producir textos escritos breves e sinxelos con finalidades variadas sobre temas tratados na aula e a axuda de modelos.
10. Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.

METODOLOXÍA DE CARÁCTER XERAL

Na ensinanza do inglés partírase sempre da idea que a adquisición dunha lingua estranxeira ten moito en común coa adquisición da lingua materna, e de que se necesita un período de contacto coa nova lingua, para pouco a pouco empezar a produci-la.

Ese proceso de adquisición da nova lingua débese apoiar nun contexto de estratexias naturais, para que os alumnos/as poidan usar a lingua que van aprendendo paulatinamente, dependendo das características dos nenos/as de cada ciclo.

Intentaremos ofrecer unha abundante comprensión auditiva nos primeiros ciclos, unha maior expresión oral no segundo ciclo e avanzar na lecto-escritura no terceiro.

Como en **Educación Infantil en 1º e 2º de Primaria** a característica principal é a súa capacidade de adquirir a pronunciación moi facilmente, así como reproducir o ritmo, acento e a entoación, neste ciclo utilizaremos principalmente estratexias memorísticas que van a contribuír moito á adquisición de vocabulario por medio de cancións, *chants*, *rhymes*, actividades de TPR,...

En **3º e 4º de Primaria** promoveremos actividades orais nas que teñan que empregar o inglés como vehículo de comunicación na clase (coa profesora, cos seus compañeiros...) e tamén de lecto-escritura a través de sopas de letras, encrucillados, historias sinxelas con apoio de imaxes e outras pistas que lle axuden a entender o que se di.

En **5º e 6º de Primaria** deseñaremos actividades encamiñadas a aspectos máis formais da lingua como as construcións gramaticais e a

expresión oral e escrita de frases e incluso textos sinxelos aínda que se cometan erros.

As clases organizaranse sempre en torno a unhas rutinas: comezar a clase saudando, pasando lista, continuarase co desenvolvemento da clase pasando dunhas actividades a outras mediante un sistema de sinais facilmente recoñecido polos alumnos/as e rematarase cunhas actividades máis lúdicas nas que se practiquen o vocabulario e as estruturas adquiridas.

As actividades, tanto individuais como as de pequeno ou gran grupo deben favorecer o uso do inglés na aula por parte da profesora e animar aos alumnos/as a utilizalo o máximo posible, na medida das súas capacidades.

A ensinanza do inglés forma parte indisoluble do resto dos contidos do currículo, polo que as actividades deben ser globalizadoras, e traballar temas doutras áreas pero empregando como vehículo de comunicación a lingua inglesa.

O papel da profesora de inglés debe ser o de preparar e organizar o traballo, axudar no desenvolvemento e coordinación das tarefas,... pero sobre todo debe impulsar actitudes positivas cara ao idioma e captar o interese do alumnado, creando un ambiente de traballo positivo.

Só veñen á clase de inglés dúas ou tres veces por semana, polo que é necesario servirse da dinámica das outras clases e obter información do profesor-tutor para conseguir ter un coñecemento do grupo máis aceptable.

A corrección dos traballos dos alumnos/as farase sempre de maneira positiva e motivadora. Realizaremos correccións en gran grupo e tamén a nivel individual. Os comentarios nas correccións serán positivos e incitarán á mellora do seu rendemento e da súa capacidade de superación. Facilitaráselles traballos de reforzo naqueles casos que se necesiten. Empregaranse táboas de rexistro que servirán logo para levar a cabo a avaliación e calificación.

A aprendizaxe do inglés busca unha sensibilización progresiva cara á lingua e á cultura estranxeira por parte dos alumnos/as, así como favorecer o respecto cara a outras formas de pensar e entender a realidade, por iso consideramos fundamental tratar en tódolos cursos as *festividades* que

relacionan a cultura inglesa coa galega: Halloween, Magosto, Guy Fawkes Day, Nadal, Día da Paz, Entroido, Pascua,...

Daremos un tratamento especial as áreas transversais tendo en conta que a finalidade esencial da área de inglés é que os nosos alumnos/as entendan a realidade, enriquezan o seu mundo cultural, e se fomenten actitudes de relativización e tolerancia que lle permitan desenvolverse en distintas situacións comunicativas.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Contamos cun Proxecto Educativo de Centro compartido por toda a comunidade educativa escolar, que asume a diversidade como un factor inherente ao proceso educativo a nivel conceptual, metodolóxico e organizativo. Dende a clase de inglés pretendemos dar unha resposta educativa á diversidade, que respecte e valore as diferencias e compense as desigualdades.

Somos conscientes da dificultade que conleva traballar con alumnos/as con N.E.E., pero pretendemos axudalos nas súas dificultades para que non se sintan frustrados na clase de inglés, senón que estean motivados e que sigan o seu propio ritmo de aprendizaxe.

OBXECTIVOS:

1. Fomenta-la autoestima dos alumnos/as con N.E.E.
2. Favorecer a aceptación e a solidariedade do resto do alumnado.
3. Adaptar os obxectivos, contidos e metodoloxía a cada caso particular.
4. Elaborar materiais de traballo axeitados á diversidade, adaptando as unidades didácticas a cada caso concreto, pero procurando que non sexan moi diferentes ás do resto da clase para evitar diferencias demasiado evidentes.

METODOLOXÍA

Intentarase crear unha situación de confianza tranquilizadora para explotar as posibilidades de cada un, partindo das súas dificultades.

Valoraráselle sempre o seu esforzo, aínda que o resultado final non sexa o pretendido inicialmente.

Desenvolveranse os contidos a través de macroactividades que permitan diferentes itinerarios por parte do alumnado, seguindo os seus intereses e capacidades.

Programaranse actividades de carácter lúdico, motivadoras e curtas, que faciliten a resposta do alumno/a.

ESTRATEGIAS DE ACTUACIÓN

Informarse dos diagnósticos previos de cada alumno/a con N.E.E., elaborados por equipos multiprofesionais (equipos pedagóxicos, psicólogos, médicos, asistentes sociais,...).

Realizar un seguemento do proceso de aprendizaxe de cada caso, mediante instrumentos que sirvan para determinar as modificacións necesarias. (ver ficha de adaptación).

Manter un constante contacto co resto do equipo pedagóxico dos alumnos/as (titor, especialistas en PT, orientadora,...) e coa súa familia.

Observar as incidencias, progresos e anécdotas da súa vida escolar.

Establecer modificacións nos criterios de avaliación dos alumnos/as con N.E.E. adaptándoos a cada caso, para poder valorar a secuencia da aprendizaxe.

Colaborar, se fose o caso, na confección das A.C.I.s ou nas medidas de Reforzo Educativo ou de Programas de Ampliación que se propoñan a nivel centro.

FICHA INDIVIDUAL PARA A ADAPTACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS DA
ÁREA DE INGLÉS

ALUMNO/A: _____

CURSO _____ Curso académico _____

DIFICULTADES DO ALUMNO/A:

UNIDADE DIDÁCTICA:

MODIFICACIÓNS QUE AFECTAN A:

OBXECTIVOS:

CONTIDOS:

METODOLOXÍA:

ACTIVIDADES:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

ÁREAS TRANSVERSAIS

Consideramos que os temas transversais son de gran relevancia social e de gran contido actitudinal, e que non se circunscriben á ningunha área determinada, senón que se poden traballar en todas. É por iso polo que as incluimos dentro do programa de inglés.

Tendo en conta que na área de lingua inglesa, inclúense temas que se relacionan con aspectos educativos xerais, é recomendable adicar un tempo no desenvolvemento do currículo a debater temas transversais, intentando crear na clase situacións comunicativas nas que se utilice a lingua inglesa, na medida do posible, e dependendo da capacidade e da idade dos alumnos/as.

Intentarase tratar estes temas conxuntamente cos contidos específicos do inglés, aproveitando as actividades para traballar tódalas áreas transversais que poidan estar relacionadas, xa que nunha mesma unidade pódense incluír varios temas transversais. (ver Cadro Áreas Transversais).

EDUCACIÓN INFANTIL 3, 4 e 5 anos**OBXECTIVOS XERAIS**

1. Mostrar unha actitude positiva cara a aprendizaxe do inglés.
2. Capta-lo sentido global de contos e textos orais sinxelos coa axuda de estratexias non lingüísticas.
3. Seguir instrucións orais sinxelas.
4. Producir mensaxes orais sinxelas coa pronunciación e ritmos axeitados.
5. Usar os coñecementos conceptuais e procedimentais doutras áreas para aprender o inglés (números, cores habilidades como rodear, cortar, colorear, pegar, picar...).
6. Participar en diálogos, xogos e cancións, respectando as regras básicas da comunicación e valorando as aportacións dos demais.
7. Mostrar interese nos aspectos socioculturais dos países de fala inglesa.

CONTIDOS**CONCEPTOS**

Partindo de que a Lingua Inglesa neste ciclo de Educación Infantil debe centrarse nos mesmos proxectos que o titor-a desenvolle no currículo desta etapa, tratarase na medida do posible de axeitar os contidos á programación dos distintos cursos.

Os contidos a traballar ó longo do ciclo serán os seguintes:

- Saúdos e presentacións: hello, good morning, bye bye. My name is... I'm...
- As cores: red, blue, yellow, green, pink, purple, orange, brown.
- Números: one, two, three, four, five, six, seven, eight, nine, ten.
- Partes do corpo: ears, eyes, nose, mouth, hair, tummy, hands, foot/feet, toes
- Animais: cat, duck, rabbit, bird, spider, fish, pig, wolf, bear, mouse, horse, dog, tiger, elephant, snake, crocodile, monkey.
- Familia: mum, dad, baby, sister, brother.
- Xoguetes: train, ball, teddy, scooter, car, dolly, boat.
- Prendas de vestir: hat, dress, jumper, coat, boots, hat, scarf
- Partes da casa: kitchen, bedroom, garden, bathroom, living room.

- Comida: apples, bananas, cake, ice-cream, chocolate, pears, cakes, sausages, tomato, pizza, cheese, ham.
- Parellas de adxectivos: big/small, clean/dirty, short/long, slowly/quickly, happy/sad, up/down, noisy/quiet, in/out, hot/cold.
- Contidos culturais que teñan relación coas festividades: Halloween, Christmas, Easter...

PROCEDEMENTOS

- escoitar e reproducir *chants* e cancións en inglés.
- Comprender unha historia coa axuda de claves visuais ou sonoras.
- Dar respostas non lingüísticas a estímulos orais ou visuais (rodear, colorear, relacionar, facer xestos,...)
- Participar en xogos activos.
- Seguir instrucións sinxelas.
- Asociar debuxos con palabras ou frases sinxelas a nivel oral.
- Participar en intercambios lingüísticos sinxelos.
- Usar fórmulas de saúdo e cortesía na clase.

VALORES / ACTITUDES

- Tomar conciencia doutras linguas.
- Amosar interese por aprender.
- Participar activamente nos xogos e nas actividades da aula.
- Seguir as regras dun xogo.
- Atender e repectar as intervencións dos demais da clase.
- Valorar o propio progreso.

TEMPORALIZACIÓN:**4º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS)****PRIMEIRO TRIMESTRE**

Unidade	Título	Aspectos lingüísticos	Audiovisuais	Nº de sesións
1	My friend Patch	Saúdos: Hello, good morning, bye-bye. Números: one, two, three Accións: stand up/ sit down Partes do corpo: nose, ear, tummy	DVD: Patch 1: Friends DVD: Patch 2: Happy Birthday Songs: Hello Song, Bye Bye Song. Everybody stand up.	4*
2	A rainy day	Prendas de vestir: coat, boots, umbrella Cores: blue	DVD: Patch 2: Clothes Songs: It's raining. Patch put your coat on.	4*

* 4 sesións de 50 minutos ou 8 sesións de 25 minutos

FESTIVIDADES:

Festividades	Unidades didácticas	Nº de sesións
Halloween	Coloquio: Vocabulario e costumes relacionados co Halloween Manualidades: - Cabaza decorada coa axuda da familia Elaboración dun traballo para a exposición DVD: Patch and Robby 1: Halloween	2
Nadal	Coloquio: Vocabulario e costumes relacionados co Nadal Manualidades: - Tarxeta de Nadal Canción: Twinkle, twinkle little star. DVD: Patch and Robby 1: Christmas	2

TEMPORALIZACIÓN:

EDUCACIÓN INFANTIL SEGUNDO TRIMESTRE

Unidade	Título	Aspectos lingüísticos	Audiovisuais	Nº de sesións
3	Where's my ball?	Repaso: saúdos, números, roupa, accións Xoguetes: ball, doll, car Cores: yellow, blue.	DVD: Patch 1: Toys Songs: Bounce the ball. Where's my ball?	4*
4	Patch and baby	Repaso: saúdos, números, roupa ,accións, xoguetes Familia: mummy, daddy, baby. Cores: red, yellow, blue Estados de ánimo: sad/happy.	DVD: Patch 1: Family Songs: Peek-a-boo! Daddy is in the house.	4*

*4 sesións de 50 minutos ou 8 de 25 minutos

FESTIVIDADES:

Festividades	Unidades didácticas	Nº de sesións
Easter and spring	Coloquio: vocabulario, costumes da Pascua. Manualidades: Tarxeta Song: Easter eggs. DVD: Patch and Robby1: Easter	2

TEMPORALIZACIÓN:

EDUCACIÓN INFANTIL TERCEIRO TRIMESTRE

Unidade	Título	Aspectos lingüísticos	Audiovisuais	Nº de sesións
5	Patch's friends	Repaso: saúdos, números, roupa, familia e xoguetes. Animais: rabbit, bird, cat, dog. Cores: green, red, yellow, blue.	DVD: Patch 1: Farm animals Songs: My friends. Let's play song.	5*

6	Patch's shop	Repaso: saúdos, números, cores,roupa, familia, xoguetes e animais Comida: apple, banana,pear Cores: green, red, yellow, blue.	DVD: Patch 2 : Food Songs:Fruit song Three red apples in Patch's shop.	5*
---	--------------	---	--	----

*5 sesións de 50 minutos ou 10 de 25 minutos

TEMPORALIZACIÓN:

5º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL (4 ANOS)

PRIMEIRO TRIMESTRE

Unidade	Título	Aspectos lingüísticos	Audiovisuais	Nº de sesións
0	Hello,Patch!	Saúdos: Hello, good morning, bye-bye. Números: one, two, three. Accións: sit down/ stand up, jump, wave. Here you are/ thank you.	DVD: Patch1: Friends. DVD. Patch 2: Happy Birthday Songs: Hello to you! Bye-bye song Chant: tickle chant	3
1	Patch and elephant	Partes do corpo: ears, nose tummy, toes Cores: yellow. Big/small.	DVD: Patch 1: Body Songs:Wiggle song. Look at my big ears.	4
2	It's cold!	Prendas de vestir: coat, boots, hat, scarf Cores: blue, yellow. Cold/hot.	DVD Patch 2 clothes Songs It's cold song. My clothes.	4

FESTIVIDADES:

Festividades	Unidades didácticas	Nº de sesións
Halloween	Coloquio: Vocabulario e costumes relacionados co Halloween Manualidades: - Cabaza decorada coa axuda da familia Elaboración dun traballo para a exposición DVD: Patch and Robby 1 and 2: Halloween.	2

Nadal	Coloquio: Vocabulario e costumes relacionados co Nadal Manualidades: - Tarxeta de Nadal Canción: Jingle bells song. DVD: Patch and Robby 1: Christmas.	2
-------	---	---

TEMPORALIZACIÓN:

EDUCACIÓN INFANTIL SEGUNDO TRIMESTRE

Unidade	Título	Aspectos lingüísticos	Audiovisuais	Nº de sesións
3	Tidy up!	Xoguetes: doll, car, ball, teddy Cores: red, yellow, blue. Slowly/quickly.	DVD: Patch 1: Toys Songs: What's in the box? Let's play with the doll.	5
4	Bedtime	Familia: mummy, daddy, baby, brother, sister. Cores: green, red, yellow, blue. In/out.	DVD: Patch 1: Family Songs: I love you! Five in the bed.	5

FESTIVIDADES:

Festividades	Unidades didácticas	Nº de sesións
Easter	Coloquio: vocabulario, costumes da Pascua. Manualidades: Tarxeta . Song: Chick, chick, chick. DVD: Patch and Robby 1 and 2: Easter.	2

TEMPORALIZACIÓN:

EDUCACIÓN INFANTIL TERCEIRO TRIMESTRE

Unidade	Título	Aspectos lingüísticos	Audiovisuais	Nº de sesións
5	On the farm	Animais: pig, duck, horse, cat, bird, rabbit, dog. Cores: pink, green, red, yellow blue Clean/dirty	DVD: Patch 1: Farm animals Songs: On the farm song. Run,run, run song.	5
6	Patch's birthday	Comida: apple, banana, pear, cakes, sausages. Cores: brown, pink, green, red, yellow, blue Here you are/thank you.	DVD: Patch 1: Food Songs: Apples, sausages, bananas, cakes. I'm hungry!	5

TEMPORALIZACIÓN:

6º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL (5 ANOS)

PRIMEIRO TRIMESTRE

Unidade	Título	Aspectos lingüísticos	Audiovisuais	Nº de sesións
0	Hello again, Patch	Saúdos: Hello, good morning, bye-bye Here you are/ thank you What's your name? How are you? I'm fine, thank you. Números: 1,2,3,4,5.	DVD: Patch 1 : Friends DVD: Patch 2: Happy B. Songs: Hello song. Bye-bye song. Chant: Knock, knock.	3
1	Is this Patch?	Partes do corpo. Eyes, ears, nose,mouth, hair, tummy, toes. Policeman Big/small Long/short Cores: blue, yellow.	DVD. Patch 1: Body Songs: I'm a policeman. The face action song.	4
2	What	Prendas de vestir:	DVD: Patch 2: Clothes	4

	weather!	dress, jumper, coat, boots, hat, scarf. Up/down Cores: red, green. What's the weather like? Sunny /cloudy /windy/ raining.	DVD: Patch 2: The weather Songs: Weather song. I'm going out to play.	
--	----------	--	---	--

FESTIVIDADES:

Festividades	Unidades didácticas	Nº de sesións
Halloween	Coloquio: Vocabulario e costumes relacionados co Halloween Manualidades: - Cabaza decorada coa axuda da familia Elaboración dun traballo para a exposición DVD: Patch and Robby 1, 2: Halloween	1
Nadal	Coloquio: Vocabulario e costumes relacionados co Nadal Manualidades: - Tarxeta de Nadal Canción: Father Christmas. DVD: Patch and Robby: 1, 2: Christmas.	2

TEMPORALIZACIÓN:

EDUCACIÓN INFANTIL SEGUNDO TRIMESTRE

Unidade	Título	Aspectos lingüísticos	Audiovisuais	Nº de sesións
3	Let's go!	Xoguetes: ball, doll, teddy, car, kite, boat, scooter Up/down Cores: pink, brown	DVD: Patch 1: Toys Songs: My blue scooter. Sail the boat.	5
4	Patch's house	Partes da casa: kitchen, bedroom, garden, bathroom, living room. Stairs; Up/down; Noisy/quiet; Cores: orange, purple.	DVD: Patch 2: The house Songs: Up the stairs. Rooms song.	5

FESTIVIDADES:

Festividades	Unidades didácticas	Nº de sesións
Easter	Coloquio: vocabulario, costumes da Pascua. Manualidades: Tarxeta Song: Chick, chick, chick. DVD: Patch and Robby 1,2: Easter.	2

TEMPORALIZACIÓN:

EDUCACIÓN INFANTIL TERCEIRO TRIMESTRE

Unidade	Título	Aspectos lingüísticos	Audiovisuais	Nº de sesións
5	Patch in the jungle	Animais da selva: elephant, tiger, snake, monkey, crocodile. Jungle, flower. Números: 6,7,8,9,10. What colour is it?	DVD: Patch 2: Jungle animals Songs: Jungle song. Please don't eat me!	5
6	Pizza for Patch	Comida: tomato, pizza, cheese, ham, sausage, egg, apple, banana, pear, cake Do you like...? Yes/no.	DVD: Patch 2: Food Songs: Chop, chop, chop. I like pizza.	5

ACTIVIDADES TIPO

- Actividades con *flashcards*
- Audicións e vídeos didácticos.
- Actividades antes, durante e despois das audicións.
- Xogos de rol.
- Historias e dramatizacións.
- Cancións e *chants*.
- Colorear, recortar, debuxar, pegar, relacionar,...
- Xogos activos.
- Fichas de traballo para reforzar o vocabulario ou as estruturas traballadas

MATERIAIS

- Flashcards.
- Pósters e murais.
- Libros de texto e de lectura (biblioteca de aula)
- Fichas de traballo.
- Radio-cassette, video, reprodutor de DVD, Smart-Board,..
- Cintas de audio e vídeo, CDs e DVDs.
- Cómics, folletos, tarxetas, *realia*,...
- Xogos: puzzles, cartas, marionetas,
- Material de aula: pinturas, tesoiras ,...

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL. LINGUA INGLESA

INDICADOR	1	2	3	4
Participar activamente nas actividades da aula .				
Seguir instrucións sinxelas para realizar as tarefas.				
Reproducir cancións, rimas e frases sinxelas, aproximándose á pronunciación, ritmo e entonación do inglés.				
Actividades con flashcards e wordcards.

Audicións e vídeos didácticos.

Actividades antes, durante e despois das audicións.

Xogos de rol.

Historias e dramatizacións.

Cancións e *chants*.

Colorear, recortar, debuxar, pegar, relacionar,...

Xogos activos e interactivos.

Actividades con materiais multimedia.

Traballos individuais, por parellas, en grupos e en gran grupo.

Traballos por proxectos.

Fichas de traballo para reforzar o vocabulario ou as estruturas traballadas.

Lectura de textos e libros adecuados ao seu nivel.

MATERIAIS

Flashcards/ wordcards.

Pósters e murais.

Libros de texto e de lectura (biblioteca de aula)

Libros de consulta (diccionarios,...)

Fichas de traballo.

Radio-cassette, video, reproductor de DVD, Smart-Board,..

Cintas de audio e vídeo, CDs e DVDs.

Cómics, folletos, tarxetas, *realia*,...

Xogos: puzzles, cartas, marionetas,

Material de aula: pinturas, tixeiras ,...

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

INDICADORES	1	2	3	4
Participar en interaccións orais, en situacións de comunicación na aula, con valoración e respecto das normas que rexen a interacción.				
Captar o sentido global, e identificar información específica en textos orais sobre temas familiares e de interese.				
Ler e captar o sentido global e algunhas información específicas de textos sinxelos, sobre temas coñecidos e cunha finalidade concreta.				
Escribir frases e textos curtos significativos en situacións cotiás e escolares, a partir de modelos, cunha finalidade determinada, e cun formato establecido, tanto en soporte papel como dixital.				
Usar formas e estruturas propias da lingua estranxeira, incluíndo aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e ton, en diferentes contextos comunicativos.				
Usar algunhas estratexias para aprender a aprender, como pedir aclaracións, acompañar a comunicación con xestos, utilizar dicionarios visuais e bilingües, ...				
Usar as tecnoloxías da comunicación e a información para aprender a aprender.				
Valorar a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas, e mostrar curiosidade e interese cara ás persoas que falan a lingua estranxeira.				
Identificar algúns aspectos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira e comparalos cos propios.				
Valoración global da área				

*8.10.3 ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA/ CIENCIAS SOCIAIS***INTRODUCCIÓN**

A área de coñecemento do medio natural, social e cultural constitúe un ámbito formativo esencial na Etapa de Primaria. Está integrada por disciplinas que axudan ao alumnado ao coñecemento de si mesmo, do medio físico e natural, do contexto social, cultural, económico e tecnolóxico. Vai permitir preparalo para relacionarse nestes contextos e desenvolverse adecuadamente neles xa que ten como finalidade iniciar a preparación de futuros cidadáns e cidadás para participar na sociedade e interactuar co

contorno comprendendo a realidade en que vive (social, física...), sendo quen de contribuír á súa mellora e conservación e de exercer a cidadanía democrática. É dicir, a área tenta proporcionar recursos para coñecer o contorno cotián, para aprender a vivilo, respectándoo, conservándoo e transformándoo para melloralo. Todos os aspectos da área son concibidos como ámbitos de aprendizaxe desde os cales facer fincapé na comprensión da realidade, no desenvolvemento de actitudes críticas e na aceptación das diferenzas, usando como recurso o coñecemento do contorno propio e o achegamento progresivo a realidades diferentes no tempo e no espazo.

Esta área contribúe moi especialmente ao proceso de socialización de nenas e de nenos, proceso ao cal deben contribuír todas as áreas, pero máis especialmente unhas ca outras. Contribúe, pois, ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, para a súa integración nun sistema de valores e nun corpo de saberes organizado, que é o que constitúe en sentido amplo unha cultura.

METODOLOXÍA

Basearémonos nos principios de intervención educativa que sintetizamos e concretamos da seguinte forma:

Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.

Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas por medio do traballo das áreas.

Dáse prioridade á **comprensión** dos contidos que se traballan fronte á súa **aprendizaxe mecánica**.

Propíciense oportunidades para pór en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumnado poida comprobar o **interese** e a **utilidade** do aprendido.

Foméntase a **reflexión persoal** sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumnado poida analizar o seu progreso respecto dos seus coñecementos.

Introdución ao método científico seguindo os seguintes pasos: observación dun feito/fenómeno, plantexamento de hipóteses, experimentación, análise de resultados, comprobación e confirmación de hipóteses.

Traballo por proxectos partindo de centros de interese do alumnado.

Todos estes principios teñen como finalidade que o alumnado sexa, gradualmente, capaz de aprender **de forma autónoma**.

AS COMPETENCIAS BÁSICAS NAS ÁREAS DE CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS

Competencia en comunicación lingüística.

Aumento significativo da riqueza en vocabulario específico, achegamento a textos variados (informativos, explicativos e argumentativos) relacionados con contidos de índole cultural, social, técnica, científica, histórico-narrativa. Favorecerase o aprecio e respecto pola lingua galega como a lingua propia de Galicia e como parte esencial do seu patrimonio cultural, como elemento fundamental para o mantemento da súa identidade; así mesmo pola lingua castelá e polo idioma internacional.

Competencia matemática.

Estudo da medida, o espazo e o tempo, os seus conceptos, os seus instrumentos, emprego de escalas, táboas ou representacións gráficas.

Tratamento da información e competencia dixital.

Lectura de mapas, códigos, utilización básica do ordenador, busca guiada en internet.

Competencia artística e cultural.

Estimúlase a partir do achegamento e estudo ás manifestacións culturais: festas, costumes, vivenda, obras arquitectónicas, vestido, gastronomía, pautas de vida, a valoración da súa diversidade e o recoñecemento daquelas que forman parte do patrimonio de Galicia.

Competencia para aprender a aprender.

Subliñado, estratexias de memorización, formulación de interrogantes, resumos, cadros, esquemas.

Competencia social e cidadá.

Abordanse as relacións próximas: a familia, os amigos, os compañeiros, o coñecemento das emocións e sentimentos en relación cos demais, a asertividade, as actitudes de diálogo, de resolución de conflitos e a reflexión sobre estes, a apertura cara a relacións máis afastadas (barrio, municipio). Ademais dos aspectos conceptuais, pretendemos profundar no desenvolvemento de destrezas, habilidades e, sobre todo, actitudes, que nos permitan asentar *as bases* dunha cidadanía mundial, solidaria, participativa, democrata e intercultural. A área contribúe tamén á comprensión dos cambios que se produciron no tempo (na vida das persoas, as plantas, os animais, o estado dos obxectos) e inclúe contidos relacionados cos oficios e as festas galegas como manifestación cultural, como medio para compartir a cultura propia e o intercambio, vía para o encontro entre grupos, e para mostrar o respecto aos demais.

Coñecemento e interacción co mundo físico.

Moitas das aprendizaxes que integra están totalmente centradas na forma de relación do ser humano co mundo que o rodea: fenómenos atmosféricos, o aire, o sol, a lúa, as estrelas, o solo, a auga, o seu uso responsable na vida cotiá, hábitos de coidado e respecto aos seres vivos e atención ás características do medio natural de Galicia.

Autonomía e iniciativa persoal.

Coñecemento dun mesmo, das emocións, dos sentimentos, dos condicionantes, das posibilidades, elaboración de plans de traballo, acción e relación cos outros e co medio.

CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS DE CIENCIAS DA NATRUREZA E CIENCIAS SOCIAIS AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS

Competencia en comunicación lingüística.

Na área de Coñecemento do medio preséntanse distintos tipos de información: textos expositivos, carteis, noticias, folletos, etc., que permiten traballar a competencia lectora. Ademais, desenvólvense as habilidades de comunicación oral mediante actividades de intercambio de opinións sobre diversos temas.

Competencia matemática.

Dende Coñecemento do medio, de xeito especial nos temas relacionados coas Ciencias físicas e coa Xeografía, contribúese ao desenvolvemento da competencia matemática propoñendo a interpretación e a expresión matemática dos feitos e os fenómenos. En segundo ciclo trabállanse de xeito especial nocións relacionadas coa interpretación numérica do mundo físico (a medida do tempo e da distancia, e a introdución á medición da materia) e da sociedade (demografía e actividades económicas).

Tratamento da información e competencia dixital.

Esta área contribúe ao tratamento da información a través de múltiples actividades de observación e descrición da realidade, ao igual que de rexistro e clasificación de información en distintos formatos -táboas, fichas, escritos... -. Por outra banda, nesta área faise unha introdución ao ordenador e o seu funcionamento.

Competencia artística e cultural.

Dende a área de Coñecemento do medio favorécese o coñecemento e a valoración de expresións culturais doutras sociedades e doutros momentos históricos. Ademais contribúese ao desenvolvemento desta competencia, na medida en que a observación sistemática de fotografías e ilustracións forma parte das habilidades propias da educación artística. Na área de Coñecemento do medio tamén se realizan diversas actividades de creación plástica e promóvese o desenvolvemento desta competencia a través dunha coidadosa selección, dende a perspectiva estética, das ilustracións e as fotografías.

Competencia para aprender a aprender

Nesta área trabállanse diferentes técnicas para seleccionar, organizar, interpretar e memorizar información. Ademais, propónse unha secuenciación coidadosa das actividades de aprendizaxe e ofrécense abundantes resumos e distintos tipos de gráficos e de organizadores gráficos. Ao comezo das unidades dáse a oportunidade de recordar o que xa se sabe sobre o tema en cuestión, para vincular os coñecementos novos cos xa adquiridos.

Autonomía e iniciativa persoal.

En Coñecemento do medio, as múltiples actividades de aplicación de coñecementos e de solución de problemas da vida diaria promoven o desenvolvemento desta competencia. Igualmente, a forma como están redactados os textos e as actividades permite que os alumnos realicen o seu traballo de forma autónoma. Por outra banda, moitos dos coñecementos que adquiren refírense a modos de vida saudables, dieta equilibrada, etc. Estes coñecementos terán aplicación antes ou despois na súa vida diaria.

OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

1. Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que derivan do coñecemento do corpo humano, amosando unha actitude de aceptación e de respecto polas diferenzas individuais (idade, sexo, etnia, características físicas, personalidade).
2. Identificar e analizar as características, organización e interaccións de aspectos relevantes do contorno natural, social e cultural, progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.
3. Promover un sentimento positivo de pertenza aos grupos sociais de referencia: a unha familia, a unha escola... a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado (España), a unha cultura europea e a unha universal, desde posicións solidarias e respectuosas con outras culturas a partir da propia identidade.
4. Identificar o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego diferenciándoo do doutras comunidades, identidades e Estados e participando na súa defensa e conservación.
5. Recoñecer, valorar e apreciar a existencia de identidades sociais e culturais diversas con características propias e singulares (costumes, lingua, intereses, celebracións...), tomando conciencia da súa pertenza a unha delas e respectando as outras no marco dos dereitos recoñecidos ás persoas nas declaracións universais e nos documentos legislativos.
6. Identificar, suscitar e resolver interrogantes e problemas relacionados co contorno usando estratexias de busca, selección e tratamento da información, formulación de hipóteses, comprobación delas, exploración de solucións alternativas e reflexión sobre o propio proceso de

- aprendizaxe, e tamén mantendo unha actitude crítica ante as fontes de información.
7. Expresar e comunicar os contidos da área de xeito persoal e creativo, seleccionando e interpretando datos, procesos, feitos, etc. e integrando códigos diversos (numéricos, gráficos, cartográficos, artísticos, lingüísticos) procedentes das diferentes linguaxes.
 8. Participar activamente no traballo de grupo planificando e realizando tarefas conxuntas, dialogando e argumentando as propias opinións e contrastándoas coas das outras persoas e adoptando un comportamento responsable, construtivo, comprometido e solidario, respectando as regras de organización pactadas e os principios básicos do funcionamento democrático.
 9. Identificar, analizar e valorar criticamente a intervención humana no medio e o seu impacto a curto e a longo prazo, adoptando o compromiso individual e colectivo de actuar na defensa, conservación e recuperación do medio natural e do patrimonio cultural.
 10. Recoñecer no medio natural, social e cultural, cambios e transformacións relacionados co paso do tempo e indagar algunhas relacións de simultaneidade e sucesión para aplicar estes coñecementos á comprensión doutros momentos históricos.
 11. Planificar e realizar proxectos e aparellos sinxelos relacionados coa vida cotiá e familiar cunha finalidade previamente establecida, utilizando os coñecementos das propiedades elementais dalgúns materiais, substancias e obxectos.
 12. Analizar máquinas e aparellos diversos do contorno (de uso doméstico, laboral...) identificando algúns elementos constitutivos e formas de enerxía necesarias, valorando a contribución da ciencia e da técnica na mellora das condicións de vida familiares e sociais.
 13. Utilizar de xeito responsable e creativo as TIC e o material relacionado coa experimentación e co traballo de campo para aprender a aprender, para obter información e para compartir coñecementos.

1º E 2º DE E.P.**OBXECTIVOS XERAIS:**

1. Adquirir e utilizar o vocabulario que permita o desenvolvemento da lectura comprensiva.
2. Coñecer a importante achega da ciencia e a investigación para mellorar a calidade de vida e benestar dos seres humanos.
3. Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que se derivan do coñecemento do corpo humano, respectando as diferenzas.
4. Adquirir habilidades sociais que favorezan a participación en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando os principios básicos do funcionamento democrático.
5. Recoñecer as diferenzas e semellanzas entre grupos e valorar o enriquecemento que supón o respecto polas diversas culturas que integran o mundo.
6. Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio, adoptando un comportamento de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico.
7. Identificar os principais elementos do ámbito natural, social e cultural.
8. Recoñecer no medio social e cultural, cambios e transformacións relacionados co paso do tempo.
9. Coñecer e respectar o patrimonio natural, desenvolvendo o interese polo medio e a natureza, e colaborar na súa conservación e mellora, con especial atención á Comunidade Galega.
10. Representar feitos, do medio natural, social e cultural mediante gráficos.
11. Identificar interrogantes e cuestións relacionadas con elementos significativos do ámbito, utilizando distintas estratexias.
12. Realizar dispositivos e aparatos sinxelos.
13. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación, como instrumento para aprender.

CONTIDOS:Bloque 1: Os seres humanos e a saúde.

Identificación do home e da muller como seres vivos. Comparación cos outros seres vivos.

Identificación das partes do corpo humano. Observación das partes do corpo que permiten a relación co medio.

Observación de igualdades e diferenzas entre as persoas. Aceptación do propio corpo e do das demais persoas coas súas limitacións e posibilidades.

Recoñecemento da respiración e da nutrición como funcións vitais.

Identificación e descrición de alimentos diarios necesarios. Análise de usos e costumes na alimentación diaria.

Valoración de aspectos que inflúen nunha vida saudable: a correcta respiración, alimentación variada e equilibrada, a hixiene persoal, o exercicio, o descanso e a adecuada utilización do tempo de lecer.

Identificación e verbalización de emocións (medo, tristeza, enfado, ledicia) e sentimentos propios e alleos.

Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos e identificación de comportamentos apropiados de actuación cando se producen.

Bloque 2. As plantas e os animais.

Identificación das características dos seres vivos e das súas funcións vitais. Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.

Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula (acuario, plantación), rexistro elemental da observación e contraste dos datos entre compañeiras e compañeiros.

Observación directa de animais e de plantas con instrumentos apropiados e con medios audiovisuais e tecnolóxicos.

Identificación de animais e de plantas do contorno. Clasificación dos seres vivos do contorno segundo criterios observables e variados.

Identificación das características e comportamentos de animais e de plantas para adaptarse ao seu medio.

Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e de animais domésticos. Respecto polos seres vivos do contorno.

Comunicación das experiencias realizadas utilizando diferentes linguaxes (oral, escrita, gráfica non convencional, iconográfica, fotográfica).

Bloque 3. A vida en sociedade.

Identificación dos diferentes ámbitos aos cales se pertence: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia.

Recoñecemento da diversidade de familias. Valoración da importancia da participación e da corresponsabilidade nas tarefas domésticas.

Identificación das persoas que compoñen a comunidade educativa: recoñecemento das súas tarefas e responsabilidades. Valoración da importancia da participación activa na aula e no centro.

Valoración da importancia do intercambio comunicativo no grupo, do diálogo como recurso para a xestión dos conflitos e do respecto aos acordos adoptados. Recoñecemento dos dereitos e deberes das persoas.

Descubrimento e observación das manifestacións e do patrimonio cultural galego como mostra de diversidade e riqueza.

Participación en festas, xogos e costumes populares propios da localidade, da bisbarra e de Galicia.

Recoñecemento de diferentes profesións evitando estereotipos sexistas.

Identificación de elementos da organización e de funcionamento da escola e valoración da importancia da participación na aula e no centro.

Descubrimento de formas de organización no contorno próximo.

Identificación dos medios de transporte. Responsabilidade no cumprimento das normas básicas de seguridade viaria.

Iniciación á recolla de datos e de información e análise de imaxes relacionadas co contorno social próximo para ampliar o coñecemento sobre o medio; realizar un cartafol, un mural, unha exposición de centro, unha maqueta...

Bloque 4. O medio físico: espazo e materiais.

Utilización de técnicas sinxelas para orientarse mediante a observación do medio físico e humano.

Observación, descrición e representación sinxela do espazo habitual. Introducción ao uso de planos da escola, da casa ou da localidade. Deseño de planos non convencionais. Elaboración de maquetas simples con identificación de espazos e funcións.

Observación da paisaxe próxima e identificación dalgunhas formas de relevo. Representación do observado mediante debuxos e maquetas sinxelas. Identificación dalgúns exemplos familiares da acción humana no contorno (presas, devasas, canteiras, estradas, pontes).

Observación e exploración dalgún aspecto do contorno próximo a partir dun tema de interese consensuado polo alumnado coa finalidade de realizar un *dossier*, un texto expositivo curto, un folleto, un mapa mental.

Observación directa dalgúns fenómenos atmosféricos e busca das primeiras formas de representación. Elaboración de gráficos non estandarizados de temperaturas e de datos climáticos.

Observación e descrición da lúa, das estrelas e do sol.

Percepción do paso do tempo: o día e a noite, as estacións do ano.

Exploración de materiais e obxectos do contorno para descubrir a súa orixe, a súa utilidade, as súas propiedades (cor, dureza, fragilidade, flexibilidade, flotación), clasificalos, analízalos, etc.

Realización de experiencias con algunhas propiedades da auga e comunicación dos resultados utilizando diferentes linguaxes.

Recoñecemento da presenza da auga e do aire no medio físico. Uso responsable da auga na vida cotiá e valoración da importancia dun aire limpo para a vida.

Participación en tarefas de redución, reutilización e reciclaxe de residuos da escola para contribuír á conservación e mellora do medio natural.

Observación e exploración para obter información e realizar traballos sinxelos sobre algún ecosistema acuático ou terrestre do contorno próximo.

Observación dos efectos da aplicación dunha forza. Realización de experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.

Identificación de fontes sonoras no contorno próximo. Valoración da importancia do silencio. Identificación do ruído como unha forma de contaminación (acústica).

Bloque 5: O paso do tempo.

Utilización das nocións básicas de tempo (antesdespois, pasado-presente-futuro, duración) e das unidades de medida (día, semana, mes, ano) en feitos cotiáns e propios.

Observación dos cambios nas persoas ao longo do tempo. Recoñecemento das diversas etapas da vida.

Realización de traballos sobre a historia persoal e familiar previa, investigación na propia familia utilizando fontes orais e iconográficas e/ou fotográficas. Elaboración de árbores xenealóxicas.

Utilización de fotos ou outras imaxes, para investigación sobre outros tempos. Ordenación delas seguindo criterio temporal e elaboración de álbums.

Observación dos cambios sociais, ciclos agrícolas, hábitos e costumes ao longo do ano.

Bloque 6: Máquinas, aparellos e tecnoloxías.

Observación e clasificación (con criterios variados e consensuados) de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade.

Observación do funcionamento de aparellos domésticos e da escola, das partes que os componen e da enerxía que necesitan para funcionar. Identificación de elementos que poidan xerar risco e adopción de comportamentos que contribúan á seguridade persoal e das demais persoas. Hábito de consulta de fontes de información variadas (dicionarios, enciclopedias, revistas, monografías) para resolver situacións problemáticas da vida cotiá (guía telefónica, teléfonos habituais de emerxencia, planos da poboación, rede de autobuses, etc.).

Manexo de aparellos sinxelos (teléfono, espremedor, crebanoces, etc.). Valoración das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas e aparellos domésticos superando os estereotipos sexistas.

Identificación de materiais de obxectos e aparellos de uso cotián (lapis, xoguete, tesoiras, afialapis).

Recoñecemento de aspectos tecnolóxicos no ambiente doméstico, na escola e no contorno

Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador. Iniciación no seu uso. Coidado dos recursos informáticos.

Montaxe e desmontaxe de xogos e obxectos sinxelos relacionados coa vida cotiá. Construción de estruturas simples a partir de pezas modulares (pontes, escaleiras, obxectos de decoración, caixas, etc.).

INDICADORES PARA A AVALIACIÓN CURRICULAR 1º E 2º DE E.P.

Nota: Establécese unha escala de 1 a 4 (1 mínimo grao de adquisición e 4 Máximo)

INDICADOR	1	2	3	4
Pon exemplos de elementos e recursos fundamentais: Do medio físico (sol, auga, aire). A súa relación coa vida das persoas. Toma conciencia da necesidade do seu uso responsable.				
Recoñece e clasificar con criterios elementais: Os animais e plantas máis relevantes do seu ámbito. Algunhas outras especies coñecidas pola información obtida a través de diversos medio.				
Poñe exemplos asociados á: Hixiene. Alimentación equilibrada. O exercicio físico e o descanso como formas de manter a saúde, o benestar e o bo funcionamento do corpo.				
Recoñece, identifica e poñe exemplos sinxelos sobre. As principais profesións e responsabilidades que desempeñan as persoas do ámbito.				
Recoñece algunhas manifestacións culturais presentes no ámbito escolar, local e autonómico, valorando a súa diversidade e riqueza.				
Identifica: Os medios de transporte máis comúns no ámbito. Coñece as normas básicas como peóns e usuarios dos medios de locomoción.				
Ordena temporalmente algúns feitos relevantes da vida familiar ou do ámbito próximo.				
Identifica: Diferenzas nas propiedades elementais dos materiais. Relaciona algunhas delas cos seus usos. E recoñece efectos visibles das forzas sobre obxectos.				
Monta e desmontar obxectos e aparatos simples. Describe o seu funcionamento e a forma de utilizalos con precaución.				
Realiza preguntas axeitadas para: Obteña información dunha observación. Utiliza algúns instrumentos e facer que lle permitan obter información relevante.				
Valoración global da área.				

1º e 2º DE E.P.**OBXECTIVOS XERAIS**

1. Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que derivan do coñecemento do corpo humano, amosando unha actitude de aceptación e de respecto polas diferenzas individuais (idade, sexo, etnia, características físicas, personalidade).
2. Identificar e analizar as características, organización e interaccións de aspectos relevantes do contorno natural, social e cultural.
3. Promover un sentimento positivo de pertenza aos grupos sociais de referencia: a unha familia, a una escola... a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado (España).
4. Identificar o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego diferenciándoo do de outras comunidades.
5. Recoñecer, valorar e apreciar a existencia de identidades sociais e culturais diversas con características propias e singulares (costumes, lingua, intereses, celebracións...), tomando conciencia da súa pertenza.
6. Identificar, resolver interrogantes e problemas relacionados co contorno usando estratexias de busca, selección e tratamento da información e tamén mantendo una actitude crítica ante as fontes de información.
7. Expresar e comunicar os contidos da área de xeito persoal e creativo, seleccionando e interpretando datos, procesos, feitos, etc. e integrando códigos diversos (numéricos, gráficos, cartográficos, artísticos, lingüísticos) procedentes das diferentes linguaxes.
8. Participar activamente no traballo de grupo planificando e realizando tarefas conxuntas, dialogando e argumentando as propias opinións e contrastándoas coas das outras persoas.
9. Identificar, analizar e valorar criticamente a intervención humana no medio e o seu impacto a curto e a longo prazo, adoptando o compromiso individual e colectivo de actuar na defensa, conservación e recuperación do medio natural e do patrimonio cultural.
10. Recoñecer no medio natural, social e cultural, cambios e transformacións relacionados co paso do tempo.

11. Planificar e realizar proxectos e aparellos sinxelos relacionados coa vida cotiá e familiar cunha finalidade previamente establecida, utilizando os coñecementos das propiedades elementais dalgúns materiais e substancias.
12. Analizar máquinas e aparellos diversos do contorno (de uso doméstico, laboral...) identificando algún elementos constitutivos e formas de enerxía necesarias, valorando a contribución da ciencia e da técnica na mellora das condicións de vida familiares e sociais.
13. Utilizar de xeito responsable e creativo as TIC para aprender a aprender, para obter información e para compartir coñecementos.

CONTIDOS:Bloque 1. Os seres humanos e a saúde.

Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida.

Identificación das partes externas do corpo e algúns órganos importantes para o funcionamento do corpo humano.

Valoración da importancia dos sentidos na relación co medio e co resto dos seres humanos. Descrición do seu papel e formas para o seu coidado habitual.

Valoración dos hábitos de hixiene persoal, de descanso, de alimentación equilibrada e de exercicio físico adecuado para unha vida saudable. Actitude crítica ante prácticas e mensaxes que non favorecen o correcto desenvolvemento persoal e da saúde.

Recoñecemento dalgúns factores que producen as enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe) para favorecer a súa prevención.

Análise de dietas equilibradas. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais e identificación de sistemas para a súa conservación.

Recoñecemento e valoración das habilidades persoais. Identificación e descrición de emocións e sentimentos propios e alleos.

Planificación de forma autónoma e creativa de actividades de lecer, individuais ou colectivas.

Bloque 2. As plantas e os animais.

Identificación de animais e de plantas como seres vivos. Observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as función vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa

rigorosa posible.

Identificación de cambios observables que se producen nos seres vivos e na natureza ao longo do ano. Observación e rexistro sistemático do crecemento de plantas e animais do contorno próximo. Elaboración de esquemas que permitan resumir as información observadas.

Recoñecemento das principais características dos animais vertebrados e dalgúns invertebrados. Clasificación de animais a partir de características observables.

Recoñecemento das características das plantas. Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables.

Valoración da importancia da existencia de animais e plantas para as persoas: a agricultura e a gandaría. Estudo dalgúns animais e cultivos típicos de Galicia.

Interese pola observación e o estudo dos seres vivos, planificando a observación ou reparando visitas- saídas, empregando os instrumentos e materiais necesarios (lupa, termómetro, diario de campo, etc.) e rexistrando o observado, contrastando os rexistros propios cos doutras persoas, comparando as observación con informacións doutras fontes, elaborando unha documentación final que recolla todo o proceso (informe, cartafol, presentación, gráficas...).

Interese e compromiso pola conservación e coidado de plantas e animais do contorno.

Bloque 3. A vida en sociedade.

Identificación e representación gráfica da organización da comunidade educativa. recoñecemento e uso das canles de participación democrática activa na vida e nas actividades do centro.

Identificación das relacións interpersoais presentes nun grupo ou nunha comunidade (veciñanza, compañeirismo), e valoración da cooperación e do diálogo como forma de construír plans comúns e de evitar e resolver

conflitos. Recoñecemento dos dereitos e deberes das persoas. Responsabilidade ante a elaboración e o cumprimento das normas de convivencia.

Identificación das manifestacións culturais do contorno, recoñecendo a súa evolución no tempo e valorándoas como elementos de cohesión social. Recoñecemento de costumes, de tradicións e de trazos diferenciais do patrimonio galego.

Participación activa en festas, xogos e costumes populares propios da bisbarra e de Galicia.

Planificación de xeito autónomo e creativo de actividades de lecer individuais e colectivas.

Observación, identificación e descrición dalgunhas características demográficas e económicas do contorno propio. Uso de datos e de representacións gráficas para a súa análise e comparación sobre contornos rurais e urbanos.

Identificación das formas da actividade económica do contorno próximo (traballo, profesións, produción): observación e análise de produtos de consumo habitual no contorno e dos lugares da súa comercialización (mercados, lonxas, feiras, supermercados, tendas), seguimento do proceso de elaboración dun produto e das profesións relacionadas. Realización conxunta de murais, cartafoles, etc. coa información obtida, planificando previamente, contrastando a información, usando diferentes linguaxes e valorando a correcta presentación final do traballo.

Desenvolvemento de actitudes de consumo responsable e comercio xusto. Análise crítica dalgunhas mensaxes publicitarias, relacionando a súa incidencia na toma de decisións.

Identificación e representación gráfica da estrutura básica de organización do concello propio. Valoración da participación cidadá e da contribución ao funcionamento das institucións.

Recoñecemento dos referentes colectivos que manteñen a identidade da propia aldea, parroquia, vila, barrio, cidade, área metropolitana (símbolos, lugares de interese, monumentos emblemáticos, personaxes, institucións, tradicións, nomes das rúas e prazas...).

Localización da propia aldea, concello, cidade e doutras agrupacións de poboación nun mapa da provincia, de Galicia, de España, etc., ou noutros medios (SIGPAC, Google Earth...).

Identificación dos servizos públicos do concello, vila, localidade... para satisfacer as necesidades humanas. Descrición da súa orixe e transformación. Responsabilidade individual e social na conservación e uso adecuado destes servizos. Recoñecemento e prevención de situacións que poden comportar risco, especialmente as relativas á mobilidade viaria.

Utilización de diversas fontes de información (libros, documentos, información oral, medios de comunicación, TIC) para a obtención, selección e contraste de información sobre aspectos da realidade local, municipal e galega e comunicación dela a través de diferentes soportes (visuais, auditivos, dixitais, escritos...) elaborados individual ou colectivamente, valorando o seu contido e a súa presentación.

Identificación da organización territorial de Galicia e do Estado español e localización das diferentes comunidades autónomas de España. Aproximación ao coñecemento dalgunhas institucións de goberno galegas.

Bloque 4. O medio físico: espazo e materiais.

Utilización de técnicas de orientación no espazo relacionadas cos puntos cardinais.

Recoñecemento e uso de aspectos básicos (cromatografía, signos convencionais, lendas) que lle permitan ao alumnado, de xeito elemental, situarse no lugar onde vive a través da lectura de mapas e planos.

Iniciación ao uso de planos e mapas da aldea, vila, localidade, cidade.

Identificación dalgúns elementos xeográficos e do relevo do contorno (montañas, ríos, rías, lagoas). Confección de maquetas despois da observación directa da paisaxe.

Observación e descrición de diferentes tipos de paisaxe. Análise dos cambios que a influencia humana provoca na paisaxe a curto e a longo prazo.

Valoración da necesidade da conservación do patrimonio (paisaxe, bosques, montañas, praias, monumentos) e das actuacións responsables de defensa e respecto cara ao contorno.

Elaboración de cartafol ou carpetas en ordenador sobre lugares, paisaxes, o relevo galego, vilas, Galicia ou lugares do mundo, usando fotos, recortes de xornal, deseños, esquemas, artigos e textos expositivos.

Observación dalgunhas variables meteorolóxicas: temperatura, vento, precipitacións. Uso de aparellos meteorolóxicos (termómetro, catavento...) e iniciación ao rexistro e representación gráfica de temperatura e datos climáticos elementais. Comparación cos datos meteorolóxicos achegados polos medios de comunicación.

Realización guiada de experiencias sinxelas para estudar as propiedades dalgúns aspectos do medio físico próximo, partindo dunha pregunta ou problema de interese para o alumnado (formulando respostas intuitivas ou hipóteses, confrontándoas co resto da clase, planificando conxuntamente o proceso de comprobación, prevendo os medios e os instrumentos necesarios, seleccionando os datos útiles, explorando solucións alternativas, tirando conclusións, comunicando os resultados e reflexionando sobre o proceso desenvolvido).

Recoñecemento dos movementos da Terra e da Lúa e as súas consecuencias (as estacións). Manexo de programas de simulación no ordenador que modelicen o sistema Sol-Terra-Lúa.

Comparación, clasificación e ordenación de diferentes obxectos e materiais a partir de propiedades físicas observables (estado, volume, cor, textura, olor, atracción magnética), orixe deses obxectos e posibilidades de uso.

Experimentación cos cambios de estado da auga. Recoñecemento e representación gráfica do ciclo da auga na terra. Valoración dos usos sociais da auga (vivenda, regadío, industria...) e da importancia da súa utilización responsable.

Identificación das características e propiedades do aire e das actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.

Valoración da importancia da boa calidade da auga e do aire para a nosa saúde e o mantemento da vida.

Comprobación experimental para a análise e identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen.

Observación da intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá. Identificación do sol e da auga como fontes de enerxía. Valoración do uso responsable da enerxía no noso planeta. Recoñecemento da responsabilidade individual e colectiva no aforro enerxético.

Busca de información en fontes variadas sobre algúns problemas urbanísticos e ambientais máis comúns en Galicia e elaboración de murais coa información recollida, logo de análise, contraste e valoración dela.

Reflexión sobre as posibles solucións e actuacións coherentes para a conservación do medio natural ante a produción de residuos e a contaminación.

Identificación e preparación de mesturas de diferentes substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno (con zume, leite...)

Realización de experiencias sinxelas sobre o comportamento dos corpos (lupas, espellos, auga, prismas) ante a luz.

Planificación e realización de experiencias sinxelas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a calor facendo predicións explicativas sobre resultados. Utilización de técnicas elementais de busca e rexistro sistemático de datos utilizando diversas estratexias de comunicación das conclusións.

Bloque 5: O paso do tempo.

Utilización de unidades de medida temporal (década, século) e aplicación das nocións de sucesión, ordenación e simultaneidade na análise da evolución dalgún aspecto da vida cotiá ao longo do tempo (vivenda, transporte, vestuario, alimentación, xogos infantís, festas), diferenciando o tempo biolóxico do tempo histórico.

Utilización de documentos escritos, dixitais e audiovisuais para obter información histórica, coa posterior selección e contraste da información, uso de técnicas de rexistro e representación e elaboración de distintos traballos sobre o pasado familiar e próximo, comunicando a información con diversas estratexias.

Recoñecemento e valoración do significado dalgunhas pegadas antigas no contorno (tradicions, ficios, obxectos, manifestacións artísticas).

Identificación dalgunhas evidencias do pasado no contorno propio (na aldea, na localidade, na vila, na cidade...): os vestixios e os museos.

Aproximación a sociedades dalgunhas épocas históricas a partir do coñecemento de aspectos da vida cotiá.

Identificación do papel de homes e mulleres na historia. Realización de traballos sobre a historia de mulleres e homes (personaxes significativos da localidade, de Galicia...) empregando fontes variadas, confrontando datos e elaborando un esquema, un texto expositivo... coa información atopada e seleccionada.

Realización de cronogramas para a clasificación de imaxes referentes a feitos relevantes da historia da localidade e de Galicia en diferentes épocas históricas. Elaboración de álbums ou preparación conxunta de exposicións.

Utilización da información oral, da prensa e da internet para investigar feitos importantes ocorridos no contorno próximo nas últimas décadas ou no último século, uso de eixes cronolóxicos para representalos e elaboración de cartafoles, carpetas dixitais... Valoración do intercambio interxeracional de experiencias.

Sensibilidade cara á conservación dos restos artístico- culturais presentes no propio contorno.

Bloque 6: Máquinas, aparellos e tecnoloxías.

Realización de gráficos que relacionen oficios e profesións (modista-modisto, cociñeira-cociñeiro, albanel, etc.) cos materiais, ferramentas e máquinas (máquina de coser, tesoiras, forno, paleta...) que utilizan.

Identificación da enerxía que fai funcionar as máquinas de uso cotián e doméstico e algúns operadores mecánicos (eixe, roda, polea, plano inclinado, engrenaxe, freo, panca, manivela, etc.).

Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas (bicicleta, xoguetes móbiles, tesoiras, rodas, manivelas, espremedor, batedor, reloxo, pinzas, culleres de xeador, inxeccións, triturador, alicates).

Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela incluíndo operadores mecánicos.

Valoración da influencia da tecnoloxía nas condicións de vida e no traballo.

Relevancia dos inventos de mulleres e homes e valoración da súa contribución á mellora das condicións de vida. Realización de traballos sobre inventoras e inventores utilizando fontes variadas de información.

Apreciación da importancia das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico e non doméstico, superando estereotipos sexistas.

Recoñecemento dos riscos que poden xerar diferentes aparellos e ferramentas cotiás en función das súas características. Reflexión sobre a prevención de riscos e elaboración conxunta de folletos sobre as normas necesarias para previlos.

Interese por coidar a presentación dos traballos en papel ou en soporte dixital.

Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para buscar información e para a súa comunicación, usando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión) e o seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información na internet.

INDICADOR	1	2	3	4
Coñece as partes do corpo: Ósos, músculos, articulacións. Coñece algúns órganos importantes do corpo e o seu funcionamento.				
Identifica hábitos de : Hixiene, alimentación e exercicio físico, descanso... Valora as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal				
Recoñece e explica, as relacións entre algúns factores do medio físico (relevo, solo, clima, vexetación...) e as formas de vida e actuacións das persoas.				
Amosa unha actitude respectuosa cara á conservación do medio e cara ao mantemento do equilibrio ecolóxico.				
Identifica e clasifica: Animais, plantas e rochas. Recoñecendo as características básicas de determinadas especies de acordo con criterios científicos.				
Sinala algunhas funcións das organizacións e institucións municipais e do contorno próximo e a súa contribución ao funcionamento da sociedade.				
Valora os costumes e tradicións do patrimonio galego.				
Participa activamente en festas, xogos e costumes populares propios da bisbarra e de Galicia.				
Usa as nocións espaciais e a referencia aos puntos cardinais para: Situarse no contorno e localizar e describir a situación dos obxectos en espazos concretos. Utilizar planos e mapas para desprazarse. Localizar determinados aspectos xeográficos, patrimoniais...				
Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos: Analiza o seu funcionamento fixándose na enerxía que utilizan. Valorando a importancia de facer un uso responsable da enerxía do planeta.				
Monta, desmonta ou planifica e realiza un proceso sinxelo de construción dalgún obxecto ou aparello simple: Amosa actitudes de cooperación no traballo en equipo. Amosa actitudes de coidado pola seguridade. Responde preguntas e resolve problemas do contorno relacionados con feitos e fenómenos naturais e sociais obtendo información relevante por medio da observación e/ou do manexo de fontes diversas comunicando os resultados.				
Valoración global da área.				

INDICADORES PARA A AVALIACIÓN CURRICULAR 3º E 4º DE E.P. 5º E 6º DE E.P.

OBXECTIVOS XERAIS:

1. Utilizar o **vocabulario** da área na descrición de textos escritos de carácter **científico, xeográfico e histórico** significativos.
2. Practicar **hábitos de saúde** relacionados coa nutrición e hixiene dos aparatos implicados nela, a alimentación e o coidado do corpo, desenvolvendo unha actitude crítica ante os factores e prácticas sociais que entorpecen un desenvolvemento saudable.
3. Desenvolver **valores de autoestima e respecto** das diferenzas físicas dos seres humanos, así como de prevención das enfermidades.
4. **Analizar as repercusións que para a saúde ten o modo de vida**, aplicando coidados de hixiene e de saúde relacionados cos aparatos locomotor, dixestivo, respiratorio, circulatorio, excretor e reprodutor.
5. **Utilizar diferentes fontes de información** (enciclopedias) e as Tecnoloxías da Información e das Comunicacións para a construción de contidos relacionados coa área.
6. Analizar aspectos relacionados coa **utilización humana dos recursos** naturais da Terra recoñecendo a necesidade de conservalos, especialmente no caso da auga.
7. Caracterizar as **principais paisaxes de Galicia e do territorio español** recoñecendo a importancia da intervención humana na modificación ou na conservación das paisaxes naturais.
8. Caracterizar o relevo e a hidrografía de Galicia e de España localizándoos en mapas físicos.
9. Desenvolver **hábitos de conservación e respecto** cara aos elementos que configuran a paisaxe e o medio físico de Galicia e de España.
10. Analizar os cambios de todo tipo que as comunicacións e os transportes provocaron nas actividades persoais, económicas e sociais.
11. Analizar os principais órganos de goberno e as funcións do Municipio, das Comunidades Autónomas, do Estado Español e da Unión Europea,

valorando a importancia da calidade da xestión dos servizos públicos para a vida das persoas.

12. Interpretar en diferentes representacións (mapas, planos, fotografías aéreas e outros medios tecnolóxicos) elementos relevantes de xeografía física e política de Galicia, de España, de Europa e do mundo.
13. Caracterizar as formas de vida galega e española de determinadas épocas pasadas (prehistoria, clásica, medieval, dos descubrimentos, do desenvolvemento industrial e século xx).
14. Planificar e realizar en grupo, sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia elixindo a ferramenta máis adecuada para comunicar os resultados.
15. Realizar proxectos de construción dalgún obxecto ou aparato para coñecer as características e funcións dalgunhas máquinas, recoñecendo a importancia destas nos avances da nosa sociedade.
16. Acrecentar o seu coñecemento do pobo galego afianzando a súa pertenza a este e valorando o enriquecemento que supón a diversidade cultural.

CONTIDOS:

Bloque 1. Os seres humanos e a saúde.

Identificación dos diferentes aparellos e sistemas do corpo humano recoñecendo as súas funcións principais.

Recoñecemento da nutrición como unha función vital para os seres humanos. Identificación dos aparellos relacionados con ela (aparellos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor).

Recoñecemento das características básicas do sistema reprodutor humano e das diferenzas entre sexos, identificando, a grandes trazos, en que consiste a fecundación e os procesos que se dan durante o embarazo, parto e nacemento dun ser humano, e apreciando na sexualidade humana a función afectiva e reprodutora.

Descrición dos sentidos e do sistema nervioso e valoración da súa importancia na relación co medio e co resto dos seres humanos.

Valoración positiva dos hábitos de hixiene e dos estilos de vida saudable.

Actitude crítica ante os factores e prácticas sociais que favorecen ou dificultan un desenvolvemento saudable e un comportamento responsable. Valoración do impacto que producen sobre a saúde as accións dos seres humanos no medio (son e contaminación acústica, contaminación do aire...).

Identificación dos riscos do consumo de alcohol, tabaco, drogas... Busca de información, expresión razoada da propia opinión contrastándoa coas opinións das compañeiras e dos compañeiros, recollida da información e conclusións en folletos, murais, carteis, páxina web...

Aceptación e práctica das normas sociais referidas á saúde, hixiene, alimentación, protección e seguridade persoal. Coñecemento de actuacións relacionadas cos primeiros auxilios para saber axudarse e axudar as demais persoas.

Recoñecemento e análise da relación existente entre os cambios que comporta o crecemento e as relacións coas outras persoas: amizades, familia...

Identificación das características persoais e dos trazos de identidade propios. Coñecemento de si mesma e de si mesmo para facilitar o equilibrio emocional valorándose como diferente e respectando a diversidade.

Desenvolvemento da autoestima, da autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e da iniciativa na toma de decisións.

Bloque 2: As plantas e os animais.

Elaboración cooperativa de traballos sobre os seres vivos do contorno próximo e sobre as súas condicións de vida, indicando as concepcións previas e formulando hipóteses, buscando información en fontes variadas - persoas expertas, a internet, enciclopedias, observación directa, monografías...-, seleccionando, tratando e esquematizando esa información, reflexionando sobre o proceso, confrontando coas compañeiras e compañeiros a información e mantendo unha actitude crítica ante as fontes.

Observación do desenvolvemento das principais funcións vitais de plantas e animais do medio próximo. Identificación da estrutura e dos órganos grazas aos cales poden realizar esas funcións.

Utilización guiada de claves e de guías de animais e de plantas para a clasificación e identificación dalgúns especies existentes en Galicia.

Observación e rexistro dalgún proceso asociado á vida dos seres vivos, logo de planificación do proceso, elección de instrumentos adecuados, tratamento dos datos obtidos e contraste de observacións. Comunicación oral e escrita de resultados empregando soportes textuais variados.

Sensibilidade pola precisión e o rigor na observación de animais e de plantas.

Identificación da célula como unidade fundamental dos seres vivos. Uso guiado de medios tecnolóxicos e do microscopio para a observación dalgunha delas.

Utilización de lupas binoculares e doutros aparellos de laboratorio para observar animais e plantas ou algunha das súas partes, respectando as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo.

Preparación conxunta de itinerarios e saídas para a observación de seres vivos do contorno, utilización básica de diarios de campo, elaboración guiada de documentos que recollan o observado empregando linguaxes variadas (despois de poñer en común as observacións realizadas).

Valoración da orde e da estética na presentación de documentos e traballos.

Diferenciación entre as plantas e animais e outras formas de vida presentes no contorno (bacterias, virus, algas e fungos).

Valoración da biodiversidade, interese pola súa conservación.

Bloque 3: A vida en sociedade.

Participación activa na escola como unha aprendizaxe para a vida en democracia. Recoñecemento da diversidade de opinións e da necesidade do seu intercambio e da difusión de informacións por variadas canles.

Análise do funcionamento de organizacións próximas. Comparación coa organización de Galicia e do Estado español. Valoración da participación cidadá nos ámbitos local, autonómico e estatal.

Elaboración dun organigrama simple onde se reflicta o funcionamento dunha das entidades públicas estudadas.

Aproximación ao coñecemento das institucións españolas e europeas a partir da análise das institucións máis próximas.

Observación, identificación e descrición dalgunhas características culturais, demográficas e económicas da sociedade galega e da española. Recoñecemento e valoración da diversidade cultural e lingüística de España.

Identificación das raíces propias e dos trazos da cultura (lingua, institucións, festas, xogos, tradicións). Participación en festas, xogos e costumes populares propios de Galicia e interese pola súa conservación como sinais de identidade social.

Uso de diferentes fontes de información para coñecer algunhas características elementais dos países europeos e para aproximarse ao coñecemento da Unión Europea, intercambiando información coas compañeiras e cos compañeiros para elaborar esquemas (mapas mentais, mapas conceptuais...).

Recoñecemento da importancia da emigración no mundo actual.

Respecto polas diferenzas e rexeitamento dos estereotipos, dos prexuízos e de calquera tipo de discriminación (por razón de sexo, etnia, cultura, crenza, orixe...), desenvolvendo sentimentos de empatía e respecto cara ás outras persoas.

Reflexión sobre as desigualdades no acceso aos bens de consumo no contorno próximo e no mundo.

Resolución de problemas relacionados co contorno, usando estratexias de formulación de hipóteses, comprobación destas mediante a busca, a selección e o tratamento da información, exposición de conclusións provisionais, exploración de solucións alternativas e reflexión sobre o proceso seguido, mantendo unha actitude crítica ante as fontes de información.

Identificación das responsabilidades das distintas institucións de goberno na resolución de problemas sociais, ambientais, económicos, etc.

Identificación e utilización de fontes orais, dixitais, audiovisuais e escritas de xeito progresivamente máis autónomo para informarse sobre aspectos problemáticos do contorno próximo e do mundo (desigualdade de acceso aos bens de consumo, pobreza, traballo infantil...), analizando

críticamente as informacións, reflexionando e debatendo sobre as desigualdades e sobre a necesidade do compromiso social e o papel dos dereitos e deberes da cidadanía na construción dun mundo máis xusto.

Actitude crítica ante a influencia da publicidade sobre o consumo.

Recoñecemento do papel das comunicacións, do transporte e doutros servizos nas actividades persoais, económicas e sociais.

Uso das formas de comportamento adecuado (respecto, interese, lectura de avisos, contribución á limpeza...) segundo os espazos (rúa, lugares de lecer, museos, parques...).

Bloque 4: O medio físico: espazo e materiais.

Identificación e diferenciación de diferentes representacións (planos, fotografías aéreas, maquetas, mapas, globo...) sobre un espazo.

Utilización guiada de planos e de mapas para orientarse e desprazarse, para localizar lugares e itinerarios, aspectos do mundo físico e político, interpretando o cromatismo, as lendas e os signos convencionais máis habituais.

Preparación conxunta de visitas e realización de itinerarios para recoñecer elementos da paisaxe e do relevo

Identificación, localización en diferentes representacións cartográficas e descrición dos principais e máis relevantes elementos xeográficos do contorno, de Galicia, de España e do mundo.

Recoñecemento da influencia de factores como a actividade humana, os fenómenos meteorolóxicos, a erosión, terremotos e erupcións volcánicas sobre a paisaxe.

Valoración da diversidade e riqueza das paisaxes do territorio galego e español e interese por coñecer paisaxes doutros lugares.

Utilización das TIC e doutras fontes para recoller información sobre outros lugares, comunicar con outras comunidades ou poboacións da mesma comunidade, para comparar diferentes ambientes, paisaxes, modos de vida, costumes... e esquematizar a información con diversas estratexias.

Lectura e interpretación do tempo atmosférico en distintas representacións. Diferenciación entre tempo meteorolóxico e clima.

Influencia do clima na paisaxe e na actividade humana. Recoñecemento das principais características do clima galego.

Valoración de actuacións que contribúen á conservación do medio e á sustentabilidade.

Exploración do territorio na busca de actuacións humanas axeitadas ou rexeitables.

Identificación da Terra como un planeta do sistema solar. Manexo de programas de simulación no ordenador que o mostren.

Realización de experiencias sinxelas para estudar as propiedades dalgúns aspectos do medio físico, partindo dunha pregunta ou problema de interese para o alumnado (formulando hipóteses, confrontándoas co resto da clase, planificando cooperativamente o proceso de comprobación, prevendo os medios e os instrumentos necesarios, seleccionando os datos útiles, explorando solucións alternativas, predicindo resultados, tirando conclusións, comunicando os resultados e reflexionando sobre o proceso desenvolvido e a aprendizaxe realizada).

Respecto polas normas de uso, de seguridade e de conservación dos instrumentos e dos materiais de traballo.

Comparación e clasificación dalgúns materiais polas súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación, condutividade térmica...).

Busca de información sobre rochas e minerais presentes en Galicia. Identificación e clasificación de rochas e minerais polas características observables.

Uso de técnicas sinxelas para a separación de compoñentes en mesturas: filtración, destilación, disolución e evaporación.

Reflexión sobre as actuacións necesarias para o aproveitamento da auga e o seu uso responsable. Análise dos procesos de depuración e potabilización da auga para o seu uso.

Experimentación da flotabilidade dos materiais e obxectos nos líquidos. Utilización de diferentes procedementos experimentais para a medida e comparación de masas e volumes de materiais diversos.

Planificación conxunta e realización de experiencias sinxelas e variadas para estudar propiedades dos materiais habituais no contorno e de

uso común e o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade, a electricidade, o magnetismo, comunicando o proceso levado a cabo e as conclusións por linguaxes e medios diversos.

Observación directa e experimentación dalgúns efectos e cambios que provoca a calor nos materiais: cambios de estado, dilatación e cambio de temperatura.

Experimentación coa transmisión do son nos diferentes medios. Sensibilidade ante a contaminación acústica.

Predición de cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía.

Recoñecemento das formas de enerxía máis usadas na sociedade actual e a súa clasificación en enerxías renovables e non renovables. Identificación e experimentación de transformacións simples de enerxía.

Valoración da importancia de conservar os recursos enerxéticos e non malgastalos. Identificación dalgunhas estratexias de aforro enerxético no contorno propio. O desenvolvemento enerxético sustentable e equitativo.

Observación e experimentación de reaccións químicas da vida cotiá e doméstica (combustión, oxidación e fermentación).

Identificación de produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo (queimaduras, intoxicacións...). Identificación na etiquetaxe dos símbolos de perigo máis comúns

Identificación dos diferentes tipos de residuos que producimos na sociedade actual. Recoñecemento dos sistemas de redución, reutilización e reciclaxe.

Bloque 5: O paso do tempo.

Uso da periodización convencional (idades) e das convencións de datación (antes da nosa era, despois da nosa era).

Uso representacións para situar diversos momentos evolutivos e históricos, e para percibir a duración, a simultaneidade e a relación entre acontecementos.

Elaboración de ficheiro de vocabulario colectivo específico relacionado cos cambios ao longo do tempo.

Identificación e análise dalgúns acontecementos e de mulleres e homes relevantes da historia de Galicia.

Caracterización dalgúns sociedades de épocas históricas: prehistórica, clásica, medieval, dos descubrimentos, do desenvolvemento industrial e do mundo no século XX, a partir da análise dos diferentes modos de vida.

Identificación dalgúns acontecementos e personaxes (mulleres e homes) relevantes da historia de España.

Valoración e respecto polo patrimonio histórico e cultural como fonte de información do pasado e como signo de identidade.

Recoñecemento das contribucións da muller ao longo da historia. Identificación do papel dos homes e das mulleres como suxeitos da historia.

Utilización de distintas fontes históricas (orais, documentais, patrimoniais), xeográficas, artísticas e outras fontes (prensa, a internet, enciclopedias, biografías, atlas...) para a busca de información de contido histórico, uso de estratexias para a súa organización sistemática e para a súa representación (cronogramas, liña do tempo...), contraste da información coas compañeiras e cos compañeiros, elaboración de informes orais, dixitais ou escritos, bandas de deseño e outros traballos para a comunicación do investigado.

Planificación conxunta de visitas a museos ou lugares con vestixios do pasado (castros, mámoas, petróglifos....) como parte do proceso de utilización de fontes históricas para a elaboración de traballos sobre algún aspecto histórico.

Realización de arquivos con fotografías, fichas, documentos, imaxes, música, notas de prensa... sobre temas de actualidade. Análise dunha mesma información en diferentes medios.

Bloque 6: Máquinas, aparellos e tecnoloxías.

Distinción de modos de produción artesanal e industrial e observación das ferramentas, aparellos, útiles e máquinas implicadas.

Investigación sobre a evolución dun obxecto, aparello (teléfono, radio, televisión, ordenador, neveira...) ao longo da historia.

Recoñecemento das aplicacións dos obxectos e das máquinas, e da súa utilidade para facilitar a realización de determinadas actividades humanas.

Planificación e construción cooperativa de estruturas sinxelas a partir de pezas moduladas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema.

Elaboración de textos instrutivos e explicativos sobre o manexo seguro dalgún aparello ou obxecto de uso cotián.

Interpretación de gráficos e instrucións para a montaxe de obxectos ou aparellos sinxelos.

Construción de circuítos eléctricos simples. Identificación dos seus compoñentes e funcións.

Comparación de formas de vida e de traballo de diferentes épocas históricas ou sociedades.

Valoración da influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e do traballo.

Valoración das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas e aparellos domésticos e non-domésticos superando os estereotipos sexistas.

Detección de avarías habituais no funcionamento de aparellos cotiáns e domésticos. Identificación dos comportamentos máis adecuados para evitar accidentes (escapes de gas, incendios, inundacións...).

Control de riscos no manexo de aparellos e de máquinas. Elaboración de protocolos de uso.

Utilización de recursos sinxelos proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicar conclusións sobre os traballos realizados, para elaborar informes, para buscar información e para colaborar. Uso progresivamente autónomo de tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, etc.). Busca guiada de información na rede e xestión de ficheiros.

Uso responsable das TIC. Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e o seu poder de adicción.

INDICADORES PARA A AVALIACIÓN CURRICULAR 5º E 6º DE E.P.

Nota: Establécese unha escala de 1 a 4 (1 mínimo grao de adquisición e 4 máximo)

INDICADOR	1	2	3	4
Identificar: Algúns dos usos que as persoas fan dos recursos naturais e da enerxía. Algunhas das consecuencias negativas dos usos inadecuados.				
Valorar o seu impacto a curto e longo prazo.				
Propor exemplos: Dos efectos da contaminación sobre as persoas, as plantas, os animais e os seus contornos. Diferentes formas de previr ou reducir a contaminación do aire, da auga e da terra.				
Recoñecer: a diversidade de paisaxes de Galicia e de España a necesidade de preservar a riqueza paisaxística e patrimonial.				
Analizar algúns axentes físicos e humanos que conforman as paisaxes poñer exemplos do impacto das actividades humanas no territorio ao longo do tempo.				
Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano.				
Establecer algunhas relacións fundamentais entre eles e determinados hábitos de saúde.				
Identificar, describir e analizar procesos de cambio e transformacións (sociais, culturais, económicas e tecnolóxicas) no contorno, provocadas polo incremento das comunicacións e dos bens e servizos				
Reflexionar sobre as causas da desigualdade no acceso a eles.				
Recoñecer e valorar a diversidade cultural e lingüística de Galicia e España.				
Describir os mecanismos de funcionamento e de participación propios das sociedades democráticas aplicados aos principais órganos de goberno de diferentes institucións (escolares, municipais, autonómicas, estatais e comunitarias),				
Valorar o interese da xestión dos servizos públicos para a cidadanía.				
Utilizar e interpretar planos e mapas para: orientarse situar aspectos do contorno desprazarse adecuadamente.				
Elaborar planos, maquetas e esquemas sinxelos como un medio de análise do territorio próximo.				
Obter información para:				

identificar características significativas da sociedade nalgunhas épocas pasadas situar os feitos relevantes utilizando liñas do tempo, cronogramas, utilizar diferentes tipos de fontes (orais, escritas, dixitais, patrimoniais...).				
Planificar e realizar sinxelas investigacións para: estudar o comportamento dos corpos ante a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son saber comunicar os resultados.				
Planificar a construción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, utilizar fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, realizala coa habilidade manual necesaria, combinar o traballo individual e en equipo, velar pola propia seguridade e a das demais persoas.				
Resolver problemas e responder preguntas sobre aspectos do medio galego: usando diferentes fontes, elaborando a información, tirando conclusións				
Elaborar un traballo, utilizando soporte papel e dixital, sobre aspectos ou situacións sinxelas, recoller información de diferentes fontes (directas, libros, a internet), establecer un plan de traballo comunicar a información e as conclusións finais.				
Valoración global da área.				

8.10.4 ÁREA DE MATEMÁTICAS.

INTRODUCCIÓN

As matemáticas son unha fonte importante do desenvolvemento intelectual. Son un conxunto de ideas e de formas de actuar que inclúe non só usar cantidades e formas xeométricas, senón tamén facerse preguntas, obter modelos e identificar relacións e estruturas, de maneira que, ao analizar os fenómenos e situacións que se presentan na realidade, se poden obter informacións e conclusións que nun comezo non estaban explícitas.

Razoar en matemáticas consiste en establecer relacións, combinalas e crear novos conceptos.

A comunicación, coa axuda da linguaxe matemática, persegue un dobre obxectivo: a apropiación dunha terminoloxía específica da área e a expresión de información precisa e completa sobre o contorno. As matemáticas permiten estruturar o coñecemento que se ten da realidade, analizala e acadar unha información nova para comprendela mellor, valorala e tomar decisións.

Entendidas así, as matemáticas incorporan ás características tradicionais relacionadas coa dedución, coa precisión, co rigor e coa seguridade as de indución, estimación, aproximación e probabilidade, que mellorarán a capacidade de enfrontarse a situacións abertas, sen solución única, e pechadas.

O seu coñecemento constitúe tamén un elemento fundamental para a inserción na sociedade. Os seus descubrimentos son numerosos e diversificados e contribuíron ao desenvolvemento arquitectónico, informático e tecnolóxico, por poñer algúns exemplos, ademais de permitir ter maior precisión na medición do tempo, na fabricación de obxectos e na organización do espazo. Na sociedade actual é imprescindible manexar conceptos matemáticos relacionados coa vida cotiá, no ámbito do consumo, da economía privada e en moitas situacións da vida social. Apréndese matemáticas tamén porque son útiles en varios ámbitos: a medida que o alumnado progresa ao longo dos ciclos da escolaridade obrigatoria son necesarias para o coñecemento tanto das ciencias naturais como das sociais.

En canto á linguaxe específica con características propias, a súa aprendizaxe mellorará a elaboración e comunicación de diferentes coñecementos. As matemáticas deben desempeñar varios papeis equilibrados ao longo das etapas: un papel formativo básico de capacidades intelectuais, un papel aplicado e funcional en tanto se relacionan coa vida cotiá e un papel instrumental en canto formalizadoras de coñecementos doutras áreas.

As matemáticas forman parte do patrimonio cultural dos pobos. A historia ensínanos que as matemáticas constitúen unha área en continua expansión que naceu da necesidade de dar solución a unha serie de problemas prácticos e unha ferramenta para resolver problemas da vida cotiá como o cómputo de pertenzas, o comercio, o calendario, as medicións de terras... Cada pobo, cada cultura, atopou solucións persoais e exclusivas para cada problema e creou sistemas de representación propios.

METODOLOXÍA

A área de matemáticas estrutúrase ao redor de tres bloques:

O **bloque 1: Espazos e formas**. Recolle os aspectos fundamentais da xeometría. Preténdese que o alumnado describa, analice propiedades, clasifique e razoe, e non só que defina. Requírese pensar e facer, construír, debuxar, clasificar con diversos criterios, modelizar, medir, comparar... Todo o ámbito manipulativo ten enorme importancia ao tratar os contidos deste bloque e tamén o uso de programas informáticos que poidan facilitar algúns ou varios destes requirimentos. Espazo e forma fan referencia a relacións espaciais e xeométricas, e require este bloque observar similitudes e diferenzas, analizar os compoñentes das formas e recoñecer formas en diferentes representacións e dimensións, así como entender as propiedades dos obxectos e as súas posicións no espazo.

O **bloque 2: Cantidades**, pretende esencialmente o traballo coas cantidades nas diferentes vertentes en que estas aparecen: o número e o dominio reflexivo das relacións numéricas nos diferentes contextos. Para iso, empregárase o método de resolución de problemas, seguindo as seguintes fases:

LECTURA DO PROBLEMA

Concéntrate na lectura.

Busca o significado das palabras que non entendes.

Apréndete o problema de memoria con palabras máis sinxelas.

COMPRESIÓN DO PROBLEMA

Que me pregunta?

Que necesito saber?

Que sei?

ELABORACIÓN DUN PLAN

Que vou facer? Por que?

Que datos vou usar? Por que?

Podes facer un debuxo sinxelo do problema.

Escrebe todo o que vas facer e explicao.

REALIZA O TEU PLAN

Fai o que escribiches.

Fai os cálculos con coidado.

REVISIÓN

Volve a miralo todo. Puideches olvidar algo!

Ten sentido o resultado?

Resposta á pregunta do problema!

COMPROBACIÓN

Comproba o resultado co/a teu/túa “profe”.

Compárao con teus compañeiros/as.

Se o fixeches ben NORABOA!

Se fallaches, APRENDE E COMPRENDE DONDE E POR QUE, así a próxima vez NON FALLARÁS!

O **bloque 3: Tratamento da información e azar**, fai fincapé na iniciación ao uso crítico da información recibida por diferentes medios e sobre todo na comprensión das informacións dos medios de comunicación.

O achegamento aos contidos matemáticos debe apoiarse en actividades reais e na manipulación de obxectos concretos e familiares para poder ir avanzando progresivamente cara á formalización. O paso desde o intuitivo ata un sistema de destrezas, de actitudes e de coñecementos matemáticos coherente e articulado debe ser progresivo e non finaliza na educación primaria.

A escola debe establecer pontes entre os coñecementos extraescolares e os escolares, entre os asistemáticos e os sistemáticos, entre os espontáneos e os intuitivos e os ligados a formas de representación máis simbólica propia das matemáticas. Cómpre, non obstante, abandonar a idea de construción lineal do coñecemento, pois a integración dos novos coñecementos é un proceso moito máis complexo que esas vellas propostas

(do simple ao complexo) e, xeralmente, require de múltiples situacións, tempo para resolvelas e reiteradas oportunidades para reflexionar sobre o aprendido e poñelo en xogo.

A aprendizaxe significativa das matemáticas debe partir das concepcións previas do alumnado. Hai que propor situacións didácticas contextualizadas no próximo e familiar en que se consideren as súas experiencias matemáticas previas como punto de partida para planificar novas aprendizaxes.

A integración de novas aprendizaxes require múltiples e variadas situacións, tempo e oportunidades para que as nenas e os nenos poñan en xogo accións como comparar, establecer relacións, transformar, describir, interpretar, analizar, anticipar resultados, ensaiar procesos ou descubrir regras e pautas.

AS COMPETENCIAS BÁSICAS NA ÁREA DE MATEMÁTICAS

A **competencia matemática** consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información, como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións, o que aumenta a posibilidade real de seguir aprendendo ao longo da vida, tanto no ámbito escolar ou académico como fóra del, e favorece a participación efectiva na vida social.

Así mesmo esta competencia implica o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos (distintos tipos de números, medidas, símbolos, elementos xeométricos, etc.) e a posta en práctica de procesos de razoamento que levan á solución dos problemas. A competencia matemática implica unha disposición favorable e de progresiva seguridade e confianza cara á información e as situacións (problemas, incógnitas, etc.) que conteñen elementos ou soportes matemáticos, así como cara á súa

utilización cando a situación o aconsella, baseadas no respecto e o gusto pola certeza e na súa busca a través do razoamento.

Esta competencia cobra realidade e sentido na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos son utilizados para enfrontarse a aquelas situacións cotiás que os precisan. Polo tanto, a identificación de tales situacións, a aplicación de estratexias de resolución de problemas, e a selección das técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñible están incluídas nela.

En definitiva, supón aplicar aquelas destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender unha argumentación matemática e expresarse e comunicarse na linguaxe matemática, utilizando as ferramentas de apoio axeitadas, e integrando o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento para dar unha mellor resposta ás situacións da vida de distinto nivel de complexidade.

Os obxectivos da área oriéntanse de xeito prioritario a garantir o mellor desenvolvemento da competencia matemática en todos e cada un dos seus aspectos, o que inclúe a maior parte dos coñecementos e das destrezas imprescindibles para iso. É necesario subliñar, non obstante, que a contribución á competencia matemática se logra na medida en que a aprendizaxe dos contidos vai dirixido precisamente á súa utilidade para enfrontarse ás múltiples ocasións nas que o alumnado emprega as Matemáticas fóra da aula.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE MATEMÁTICAS AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS

A área de Matemáticas inclúe contidos directamente relacionados co desenvolvemento das restantes competencias:

Autonomía e iniciativa persoal:

Poisenriquece o coñecemento do medio a través da estimación de medidas. Os contidos asociados á resolución de problemas constitúen a principal achega que desde a área se pode facer á autonomía e iniciativa persoal. A resolución de problemas ten, polo menos, tres vertentes complementarias asociadas ao desenvolvemento desta competencia: a planificación, a xestión dos recursos e a valoración dos resultados.

A planificación está asociada á comprensión en detalle da situación exposta para trazar un plan e buscar estratexias e, en definitiva, para tomar decisións.

A xestión dos recursos inclúe a optimización dos procesos de resolución.

A avaliación periódica do proceso e a valoración dos resultados permite facer fronte a outros problemas ou situacións con maiores posibilidades de éxito.

Na medida en que o ensino das matemáticas incida nestes procesos e se formulen situacións abertas, mellorarase a contribución da área a esta competencia. Actitudes asociadas coa confianza na propia capacidade para enfrontarse con éxito a situacións incertas están incorporadas, a través de diferentes contidos, na nosa proposta de desenvolvemento do currículo.

Coñecemento e interacción co mundo físico:

Dado que fomenta o desenvolvemento da orientación espacial e temporal para percibir e representar as coordenadas en que se desenvolve a súa vida e a dos que o rodean. A observación, análise e orientación no contorno de Galicia poden verse favorecidas cos coñecementos da área. As Matemáticas favorecen unha mellor comprensión e unha descrición máis axustada do contorno:

Co desenvolvemento da visualización (concepción espacial), os nenos melloran a súa capacidade para facer construcións e manipular mentalmente figuras no plano e no espazo, o que lles será de gran utilidade no emprego de mapas, planificación de rutas, deseño de planos, elaboración de debuxos etc.

A través da medida, porque se logra un mellor coñecemento da realidade e auméntanse as posibilidades de interactuar con ela e de transmitir informacións cada vez máis precisas sobre aspectos cuantificables do medio.

A destreza na utilización de representacións gráficas para interpretar a información achega unha ferramenta moi valiosa para coñecer e analizar mellor a realidade.

Tratamento da información e competencia dixital e competencia para aprender a aprender:

As Matemáticas estimulan a busca, selección, procesamento e presentación de datos por medios impresos, audiovisuais e informáticos. O carácter instrumental dunha parte importante dos contidos da área proporciona medios de gran valor para o desenvolvemento destas dúas competencias. Son argumentos a favor desta poderosa contribución os seguintes:

Incidencia desde a área nos contidos relacionados coa autonomía, a perseveranza e o esforzo para abordar situacións de crecente complexidade, a sistematización, a mirada crítica e a habilidade para comunicar con eficacia os resultados do propio traballo.

Estímulo na verbalización do proceso seguido na aprendizaxe que axuda á reflexión sobre que se aprendeu, que falta por aprender, como e para que, o que potencia o desenvolvemento de estratexias que facilitan aprender a aprender.

Proporciona destrezas asociadas ao uso dos números: a comparación, a aproximación ou as relacións entre as diferentes formas de expresalos, facilitando así a comprensión de informacións que incorporan cantidades ou medidas.

Favorece a utilización das linguaxes gráfica e estatística, esenciais para interpretar a información sobre a realidade.

Impulsa o emprego de calculadoras e de ferramentas tecnolóxicas tanto no cálculo como na busca, tratamento e representación de informacións diversas, así como para a ampliación dos contidos matemáticos e a súa relación con outros das distintas áreas do currículo.

Competencia en comunicación lingüística:

Os traballos desenvolvidos na aula deben favorecer a comprensión e expresión de mensaxes orais e escritas en lingua galega e en lingua castelá relacionadas coa formulación e resolución de situacións problemáticas. Débese insistir nos seguintes aspectos:

Incorporación do esencial da linguaxe matemática á expresión habitual e a adecuada precisión no seu uso.

Lectura sistemática, insistindo nos aspectos comprensivos de textos que favorezan a resolución de problemas.

Incidencia nos contidos asociados á descrición verbal dos razoamentos e dos procesos.

Estímulo á escoita das explicacións dos demais, o que desenvolve a propia comprensión, o espírito crítico e a mellora das destrezas comunicativas.

Emprego adecuado da linguaxe matemática para identificar relacións e conceptos aprendidos e para comprender e nomear outros novos.

Utilización da linguaxe propia do campo científico con precisión, tanto das Matemáticas como do conxunto das ciencias.

Desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora nas mensaxes transmitidas polos textos escritos utilizados na área.

Competencia artística e cultural:

A área favorece a percepción e representación de relacións e formas xeométricas que cooperan na análise de producións vinculadas á arte pictórica, escultórica ou arquitectónica, nas que Galicia é rica. As Matemáticas contribúen tamén á competencia cultural e artística desde a consideración do coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural da humanidade.

Competencia social e cidadá. As Matemáticas han de cooperar no exercicio de actitudes de diálogo e colaboración no desenvolvemento das tarefas. A achega á competencia social e cidadá refírese, como noutras áreas, ao traballo en equipo que en Matemáticas adquire unha dimensión singular se se aprende a aceptar outros puntos de vista distintos do propio, en particular á hora de utilizar estratexias persoais de resolución de problemas.

OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

1. Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá, gozar co seu uso e recoñecer o valor de actitudes como a exploración de distintas alternativas, a conveniencia da precisión ou a perseveranza na busca de solucións.

2. Recoñecer situacións do medio habitual do alumnado que requiran, para a súa comprensión ou tratamento, de operacións elementais de cálculo; formulalas mediante formas sinxelas de expresión matemática ou resolvelas empregando os algoritmos correspondentes; valorar o sentido dos resultados, a presentación ordenada e clara e a explicación oral e por escrito dos procesos seguidos.
3. Empregar o coñecemento matemático para comprender, valorar e producir informacións e mensaxes sobre feitos e situacións da vida cotiá e recoñecer o seu carácter instrumental para outros campos de coñecemento.
4. Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas para afrontar situacións diversas que permitan gozar dos aspectos creativos, estéticos ou utilitarios e confiar nas súas posibilidades de uso.
5. Empregar e elaborar instrumentos e estratexias persoais de cálculo mental e de medida, así como procedementos de orientación espacial, en contextos de resolución de problemas, decidindo, en cada caso, as vantaxes do seu uso e valorando a coherencia dos resultados.
6. Utilizar de forma axeitada as tecnoloxías da información e da comunicación, a biblioteca e calquera outro recurso pertinente do que se dispoña, tanto no cálculo como na busca, tratamento e representación de informacións diversas.
7. Identificar formas xeométricas do contorno natural e cultural, empregando o coñecemento dos seus elementos e propiedades para describir a realidade e desenvolver novas posibilidades de acción.
8. Empregar técnicas elementais de recollida de datos para obter información sobre fenómenos e situacións do contorno do alumnado; representala de xeito gráfico e numérico e formarse un xuízo sobre ela mesma.

1º E 2º DE E.P.**OBXECTIVOS DE ÁREA**

1. Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá, gozar co seu uso e recoñecer o valor de actitudes como a exploración de distintas alternativas, a conveniencia da precisión ou a perseveranza na busca de solucións.
2. Recoñecer situacións do medio habitual do alumnado que requiran, para a súa comprensión ou tratamento, de operacións elementais de cálculo; formulalas mediante formas sinxelas de expresión matemática ou resolvelas empregando os algoritmos correspondentes; valorar o sentido dos resultados, a presentación ordenada e clara e a explicación oral e por escrito dos procesos seguidos.
3. Empregar o coñecemento matemático para comprender, valorar e producir informacións e mensaxes sobre feitos e situacións da vida cotiá e recoñecer o seu carácter instrumental para outros campos de coñecemento.
4. Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas para afrontar situacións diversas que permitan gozar dos aspectos creativos, estéticos ou utilitarios e confiar nas súas posibilidades de uso.
5. Empregar e elaborar instrumentos e estratexias persoais de cálculo mental e de medida, así como procedementos de orientación espacial, en contextos de resolución de problemas, decidindo, en cada caso, as vantaxes do seu uso e valorando a coherencia dos resultados.
6. Utilizar de forma axeitada as tecnoloxías da información e da comunicación, a biblioteca e calquera outro recurso pertinente do que se dispoña, tanto no cálculo como na busca, tratamento e representación de informacións diversas.
7. Identificar formas xeométricas do contorno natural e cultural, empregando o coñecemento dos seus elementos e propiedades para describir a realidade e desenvolver novas posibilidades de acción.
8. Empregar técnicas elementais de recollida de datos para obter información sobre fenómenos e situación do contorno do alumnado;

representala de xeito gráfico e numérico e formarse un xuízo sobre ela mesma.

OBXECTIVOS:

1. Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá.
2. Recoñecer situacións do medio habitual do alumnado que requiran, para a súa comprensión ou tratamento, de operacións elementais de cálculo.
3. Empregar o coñecemento matemático para comprender, valorar e producir informacións e mensaxes sobre feitos e situacións da vida cotiá.
4. Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas para afrontar situacións diversas.
5. Empregar e elaborar instrumentos e estratexias persoais de cálculo mental e de medida, así como procedementos de orientación espacial.
6. Utilizar de forma axeitada as tecnoloxías da información e da comunicación, a biblioteca e calquera outro recurso pertinente do que se dispoña, tanto no cálculo como na busca, tratamento e representación de informacións diversas.
7. Identificar formas xeométricas do contorno natural e cultural.
8. Empregar técnicas elementais de recollida de datos para obter información sobre fenómenos e situación de xeito gráfico e numérico.

CONTIDOS:

Bloque 1. Espazos e formas.

Interpretación de mensaxes que conteñan información sobre relacións espaciais contrastando significados con compañeiras e compañeiros.

Utilización do vocabulario topolóxico elemental (esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto- lonxe, próximo-afastado...) para describir relación de situación dos obxectos do espazo próximo.

Descrición de posicións e de movementos, en relación a si mesmo, a si mesma e a outros puntos de referencia.

Interpretación e descrición verbal de planos de itinerarios e elaboración elemental e non convencional destes, unha vez vivenciados.

Recoñecemento de aspectos xeométricos básicos (liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas e cubos) no contorno

inmediato. Interpretación e emisión de informacións sobre espazos e sobre obxectos familiares, usando vocabulario xeométrico sobre estes aspectos.

Construción de figuras xeométricas sinxelas, previa análise e recoñecemento das súas características, recorrendo a materiais manipulables.

Experimentación lúdica con formas xeométricas para buscar elementos de regularidade, identificar, comparar, clasificar e descubrir as súas propiedades.

Experimentación a partir de composición e descomposición de figuras planas e de corpos xeométricos para formar outros.

Resolución de problemas xeométricos explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación planificada, o proceso seguido e as solución obtidas.

Curiosidade pola exploración de materiais e de obxectos diversos coa finalidade de descubrir as formas e os seus elementos.

Confianza nas propias posibilidades e valoración positiva das contribucións alleas.

Interese e constancia na busca de solucións a problemas variados da vida cotiá.

Bloque 2: Cantidades.

Recoñecemento dos usos dos números para solucionar problemas en contextos próximos (contar, medir, ordenar, nomear...).

Reconto, comparación, ordenación e expresión de cantidades en situacións da vida cotiá.

Representación, lectura, escritura e descomposición de números amosando coñecemento da grafía, do nome e do valor.

Recoñecemento e utilización dos números ordinais para resolver problemas da vida diaria.

Comparación de números en contextos familiares e expresión de relacións entre eles (maior ca, menor ca, diferente a, igual ca...) usando a simboloxía adecuada. Situación dos números na recta numérica.

Manipulación dos números para atopar intuitivamente as súas propiedades e regularidades. Ensaio de estratexias para contar rapidamente.

Disposición para utilizar os números, así como as súas relacións e operacións, para obter e expresar información, para a interpretación de mensaxes e para resolver problemas en situacións reais.

Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a aplicación de sumas e de restas e a utilización de estratexias procesuais adecuadas (interpretación da situación problemática, confrontación de puntos de vista, determinación de datos útiles, selección da operación axeitada, emprego do algoritmo correspondente, verificación do resultado, expresión ordenada do resultado, explicitación do proceso de resolución).

Confianza nas propias posibilidades e curiosidade, interese e perseveranza na busca de solucións.

Uso do erro como mecanismo de mellora.

Formulación de problemas variados da vida cotiá.

Emprego da suma para xuntar ou engadir e da resta para separar ou quitar en situacións familiares. Recoñecemento do significado de cada operación.

Utilización de procedementos diversos e de estratexias persoais (de estimación de resultados, de aplicación intuitiva das propiedades das operacións e de cálculo mental) para realizar, en situacións cotiás, sumas e restas. Explicación oral dos razoamentos e das estratexias desenvolvidas.

Cálculo de sumas e de restas, escollendo o método máis adecuado (mentalmente, con algoritmos, coa calculadora, co ordenador...), segundo o caso.

Desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental para a busca do complemento dun número á decena inmediatamente superior e para resolver problemas de sumas e de restas.

Cálculo aproximado. Estimación e redondeo do resultado dun cálculo ata a decena máis próxima escollendo entre varias solucións e valorando as respostas razoables.

Familiarización co uso da calculadora para a xeración de series, composición e escomposición de números e comprobación dos resultados das operacións de suma e de resta.

Aplicación da multiplicación a contextos cotiáns en que a operación signifique suma de sumandos repetidos.

Construción das táboas de multiplicar do 2, do 5 e do 10 apoiándose en número de veces, suma repetida, disposición en cuadrículas...

Interese pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos seus resultados.

Utilización de obxectos e de instrumentos do contexto cotián do alumnado para medir obxectos, espazos e tempos, e para resolver problemas relacionados con tarefas habituais da aula ou con situacións familiares.

Comparación de obxectos segundo lonxitude, peso ou capacidade, de xeito directo ou indirecto.

Medición con instrumentos e estratexias non convencionais (palmo, pé, brazas, paso, baldosas, culleradas, vasos, cuncas, mancheas, chiscos...).

Experimentación con unidades non convencionais para comparar valores, atopar equivalencias...

Utilización de unidades usuais (quilogramo, litro, metro e centímetro, día, semana, mes) e instrumentos convencionais para medir en situacións cotiás.

Introdución á medida do tempo co uso do reloxo (as horas punta, as medias).

Resolución de problemas de medida con selección do «instrumento» adecuado, con estimación de resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades...) en contextos familiares, coa explicación oral do proceso seguido e da estratexia empregada na medición. Expresión do resultado da medida indicando o número e a unidade utilizada.

Resolución de problemas sinxelos da vida cotiá do alumnado en que haxa que manexar prezos de obxectos. Identificación das distintas moedas e billetes que se corresponderían con eses prezos.

Curiosidade por coñecer e empregar a medida dalgúns obxectos e tempos familiares e interese pola interpretación de mensaxes que conteñan información sobre medidas.

Coidado na realización de medidas.

Bloque 3: Tratamento da información e azar.

Lectura e interpretación de información matemática rexistrada nunha gráfica sinxela convencional ou non convencional) relativa a fenómenos próximos.

Utilización de técnicas elementais para a recollida e ordenación de datos de contextos familiares e próximos.

Representación e organización guiada de datos relacionados coa vida cotiá mediante gráficos sinxelos (representación non convencional, liñas temporais, pictogramas...).

Resolución de problemas do contexto cotián en que interveñan a lectura de gráficas elementais, as descrições orais, o contraste de opinións, a planificación do proceso de resolución, a comparación de procesos e a resolución e valoración de resultados.

Distinción entre seguro, posible e imposible, partindo da experiencia diaria e incorporando este vocabulario á súa linguaxe habitual.

Participación e colaboración activa no traballo en equipo e na aprendizaxe organizada a partir da investigación sobre situacións reais. Respecto polo traballo e polas estratexias das outras persoas.

INDICADORES PARA A AVALIACIÓN CURRICULAR 1º E 2º DE E.P. MATEMÁTICAS

Nota: Establécese unha escala de 1 a 4 (1 mínimo grao de adquisición e 4 máximo)

3º E 4º DE E.P.

INDICADOR	1	2	3	4
*Formula problemas sinxelos en que se precise; contar, ler, ordenar e escribir números ata o 999.				
*Interpreta a función que teñen os números cando aparecen nun contexto real e usalos de acordo coas súas características.				
*Compara e interpreta cantidades pequenas (de obxectos, feitos ou situacións familiares).				
*Expresa resultados dunha comparación de pequenas cantidades (redondeando, se a situación o require, ata a decena máis próxima).				
*Resolve problemas relativos á vida cotiá en que sexa pertinente aplicar operacións de suma e de resta explicando oralmente o proceso seguido.				
*Utiliza procedementos diversos e estratexias persoais para realizar, en situacións cotiás e funcionais, cálculos numéricos básicos coas operacións de suma e de resta.				
*Aplica a multiplicación a contextos cotiáns en que a operación signifique suma de sumandos repetidos.				
*Utiliza obxectos do seu contexto habitual para medir: Obxectos, espazos e tempos.				
*Describe e representa usando vocabulario topolóxico elemental: A situación dun obxecto do espazo próximo. Un desprazamento en relación a si mesmo . A situación do propio alumnado en relación a obxectos e ás demais persoas.				
*Utiliza o coñecemento das formas rectangulares, triangulares, circulares, cadradas, esféricas e cúbicas para describir e resolver situacións cotiás que as requiran.				
*Resolve e formula problemas en que interveña a lectura de gráficas sinxelas de situacións familiares, interpretándoas a nivel básico.				
*Diferencia situacións da vida cotiá en función de que sexan ou non previsibles os resultados.				
*Manexa termos relacionados co azar como seguro, posible e imposible.				
Valoración global da área.				

OBXECTIVOS:

1. Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá, gozar co seu uso e recoñecer o valor de actitudes como a exploración de distintas alternativas.
2. Recoñecer situacións do medio habitual do alumnado que requiran, para a súa comprensión ou tratamento, de operacións elementais de cálculo; formulalas mediante formas sinxelas de expresión matemática ou resolvelas empregando os algoritmos correspondentes.
3. Empregar o coñecemento matemático para comprender, valorar e producir informacións e mensaxes sobre feitos e situacións da vida cotiá e recoñecer o seu carácter instrumental para outros campos de coñecemento.
4. Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas para afrontar situacións diversas que permitan gozar dos aspectos creativos, estéticos ou utilitarios.
5. Empregar e elaborar instrumentos e estratexias persoais de cálculo mental e de medida, así como procedementos de orientación espacial, en contextos de resolución de problemas.
6. Utilizar de forma axeitada as tecnoloxías da información e da comunicación, a biblioteca e calquera outro recurso pertinente do que se dispoña, tanto no cálculo como na busca, tratamento e representación de informacións diversas.
7. Identificar formas xeométricas do contorno natural e cultural, empregando o coñecemento dos seus elementos e propiedades para describir a realidade.
8. Empregar técnicas elementais de recollida de datos representándolos de xeito gráfico e numérico e formarse un xuízo sobre ela mesma.

CONTIDOS:Bloque 1: Espazos e formas.

Interpretación e elaboración de mensaxes que conteñan informacións sobre relacións espaciais.

Descrición de posicións e de movementos en relación a unha mesma ou a un mesmo e a outros puntos de referencia.

Descrición de itinerarios empregando unha linguaxe matemática o máis correcta posible coa incorporación de conceptos como rectas, curvas, paralelas e intersección de rectas.

Recoñecemento de simetrías e de translacións en manifestacións e expresións artísticas.

Interpretación, descrición e elaboración de planos de itinerarios, en maquetas e en bosquexos de contornos próximos.

Identificación de figuras planas e de corpos xeométricos (cubos, esferas, prismas, pirámides e cilindros) en obxectos e en espazos cotiáns. Descrición da súa forma, utilizando o vocabulario xeométrico básico (lados, arestas, caras, ángulos e vértices, segundo corresponda).

Manipulación e experimentación con figuras e con corpos xeométricos para buscar elementos de regularidade neles, identificar as súas propiedades, comparalas e clasificalas con criterios elementais, formar figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras por composición e descomposición.

Resolución de problemas xeométricos interpretando o enunciado, recoñecendo os datos, identificando a información útil, planificando o proceso, poñéndoo en práctica e verbalizando para detectar erros e poder rectificar.

Interese pola elaboración e presentación coidadosa das construcións xeométricas.

Confianza nas propias posibilidades; curiosidade, interese e constancia para empregar as construcións xeométricas, os obxectos e as relacións espaciais.

Participación activa e responsable no traballo en equipo. Gusto por compartir os procesos de resolución e os resultados obtidos.

Bloque 2: Cantidades.

Busca e contraste de información relativa a aspectos matemáticos variados (como o número ou a medida ao longo da historia e en diferentes culturas, os conceptos traballados na aula...), utilizando diversas fontes: libros, a internet, persoas expertas...

Identificación do papel das matemáticas na vida cotiá e da necesidade de usalas en múltiples contextos escolares e familiares.

Uso dos números en situacións variadas e familiares para solucionar problemas relacionados con cantidades recoñecendo o valor de posición das cifras.

Lectura, escritura, ordenación, comparación (usando termos como maior ca, menor ca, diferente de, igual a, aproximadamente igual, maior ca e menorca...), seriación, descomposición e representación na recta numérica de diversos números.

Expresión de particións e de relacións en contextos familiares coa utilización de números fraccionarios comparándoos mediante a ordenación e a súa representación gráfica.

Confianza nas propias posibilidades e perseveranza para utilizar os números, as súas relacións e as operacións na obtención e expresión de informacións, manifestando iniciativa persoal nos procesos de resolución de problemas da vida cotiá.

Resolución de problemas sinxelos da vida cotiá: interpretando o enunciado, recoñecendo os datos, atopando a información relevante, planificando o proceso, elaborando hipóteses sobre o resultado, empregando estratexias persoais de resolución e as operacións numéricas (suma, resta, multiplicación e división por unha cifra) que cumpran, comprobando as solucións e verbalizando o proceso.

Formulación de problemas relacionados coa vida cotiá que precisen da aplicación de coñecementos numéricos e de operacionais para resolvelos.

Valoración do contraste coas compañeiras e compañeiros, tanto do resultado final como das estratexias e procesos seguidos para chegar a el.

Interpretación do erro como incentivo de mellora.

Valoración da constancia na realización do traballo operacional e do feito de non desanimarse ante as dificultades.

Utilización en contextos familiares, para resolver situacións problemáticas, de: a suma como incremento; a resta como diminución, comparación e complemento; a multiplicación como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo e a división como repartición e agrupación.

Interese para a utilización dos números e do cálculo numérico na resolución de problemas en situación reais.

Descomposición aditiva e multiplicativa dos números. Construción (empregando diferentes estratexias) e memorización das táboas de multiplicar.

Realización de cálculos con números naturais indicando o coñecemento do significado das operacións, realizando estimacións sobre os resultados e

valorando se a resposta é razoable, seleccionando o método máis conveniente para facer o cálculo (mentalmente, con algoritmos, con calculadora, con ordenador) e explicando as estratexias utilizadas.

Interese pola presentación limpa, ordenada e clara dos cálculos e dos seus resultados.

Mellora progresiva da seguridade, autonomía e iniciativa persoal nas aprendizaxes numéricas e algorítmicas.

Realización de medicións para resolver problemas en contextos reais empregando unidades de medida convencionais (múltiplos e submúltiplos máis usuais), elixindo e usando adecuadamente os instrumentos, seleccionando as unidades axeitadas, usando estratexias persoais para medir e estimar, controlando e verbalizando o proceso de medida, contrastando resultados e expresándoos correctamente manifestandoas unidades utilizadas.

Comparación, establecemento de equivalencias funcionais e ordenación de unidades e de cantidades dunha mesma magnitude (tanto de lonxitude, de peso, de capacidade e de tempo como das derivadas do sistema monetario).

Confianza nas propias posibilidades e interese por compartir coas demais persoas os procesos que utilizan a medida para obter e expresar informacións e para resolver problemas en situacións reais.

Interese pola presentación limpa e ordenada do proceso e pola expresión de medidas.

Valorar a importancia de dispoñer dun sistema convencional de medidas.

Bloque 3: Tratamento da información e azar.

Resolución e formulación de problemas en que se precise a interpretación de gráficas sinxelas (diagrama de barras e pictogramas) e de táboas de datos.

Recollida e rexistro de datos (táboas de dobre entrada e gráficas) sobre obxectos, fenómenos e situación familiares utilizando técnicas elementais de enquisas, de observación e de medición.

Lectura, descrición e interpretación de táboas de dobre entrada e de gráficos de uso habitual na vida cotiá con propósitos funcionais.

Interese pola elaboración e pola presentación de gráficos e de táboas de forma ordenada e clara.

Confianza nas propias posibilidades, curiosidade, interese e constancia na interpretación de datos presentados de forma gráfica.

Utilización de expresións como posible, imposible, máis ou menos probable, seguro na valoración de resultados de experiencias lúdicas e cotiás en que intervéen o azar.

Colaboración activa no traballo de grupo respectando o traballo, os procesos e as estratexias das outras persoas.

Valoración do uso das novas tecnoloxías nos ámbitos gráficos en que son precisas.

INDICADORES PARA Á AVALIACIÓN CURRICULAR 3º E 4º DE E.P.

Nota: Establécese unha escala de 1 a 4 (1 mínimo grado de adquisición e 4 máximo)

3º E 4º DE E.P.

INDICADOR	1	2	3	4
*Aplica os coñecementos adquiridos sobre o uso dos números de ata seis cifras.				
*Resolve problemas sinxelos en que se precise ler números, escribilos, ordenalos, comparalos, representalos, serialos, descompoñelos... interpretando o valor de cada unha das súas cifras				
*Resolve problemas relacionados co contorno aplicando: Unha ou dúas operacións numéricas. Contidos básicos de xeometría. Tratamento da información.				
*Realiza cálculos con números naturais, utilizando; Coñecemento do sistema de numeración decimal. Procedemento máis axeitado. As propiedades das operacións (suma, resta, multiplicación e división por unha cifra).				
*Realiza medicións e estimacións escollendo: Entre as unidades (lonxitude, capacidade, peso, tempo e as derivadas do sistema monetario) Instrumentos de medida usuais, os que mellor se axusten ao que se vaia medir.				
*Coa finalidade de resolver problemas elementais do contorno próximo... Obtén información puntual dunha representación espacial (bosquexo dun itinerario, plano dunha pista,...) Describe e representa a información sinxelamente tomando como referencia obxectos familiares.				
*Utiliza as nocións básicas de movementos xeométricos para: Describir e comprender situacións da vida cotiá. Valorar expresións artísticas.				
*Describe e resolve problemas do contexto próximo usando o coñecemento das formas e corpos xeométricos do espazo (polígonos, círculos, cubos, prismas, cilindros, esferas)				
*Resolve e formula problemas en que interveña a lectura de gráficas e táboas de datos e que se precise: Recoller datos sobre feitos e sobre obxectos da vida cotiá usando técnicas sinxelas de reconto. Expressar o resultado en forma de táboa ou de gráfica.				
*Emprega expresións típicas para describir incerteza (seguro, posible e imposible).				
*Identifica algúns sucesos aleatorios do contorno do alumnado.				
Valoración global da área.				

OBXECTIVOS XERAIS:

1. Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá, gozar co seu uso e recoñecer o valor de actitudes como a exploración de distintas alternativas, a conveniencia da precisión ou a perseveranza na busca de solucións.
2. Recoñecer situacións do medio habitual do alumnado que requiran, para a súa comprensión ou tratamento, de operacións elementais de cálculo; formulalas mediante formas sinxelas de expresión matemática ou resolvelas empregando os algoritmos correspondentes; valorar o sentido dos resultados, a presentación ordenada e clara e a explicación oral e por escrito dos procesos seguidos.
3. Empregar o coñecemento matemático para comprender, valorar e producir informacións e mensaxes sobre feitos e situacións da vida cotiá e recoñecer o seu carácter instrumental para outros campos de coñecemento.
4. Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas para afrontar situacións diversas que permitan gozar dos aspectos creativos, estéticos ou utilitarios e confiar nas súas posibilidades de uso.
5. Empregar e elaborar instrumentos e estratexias persoais de cálculo mental e de medida, así como procedementos de orientación espacial, en contextos de resolución de problemas, decidindo, en cada caso, as vantaxes do seu uso e valorando a coherencia dos resultados.
6. Utilizar de forma axeitada as tecnoloxías da información e da comunicación, a biblioteca e calquera outro recurso pertinente do que se dispoña, tanto no cálculo como na busca, tratamento e representación de informacións diversas.
7. Identificar formas xeométricas do contorno natural e cultural, empregando o coñecemento dos seus elementos e propiedades para describir a realidade e desenvolver novas posibilidades de acción.
8. Empregar técnicas elementais de recollida de datos para obter información sobre fenómenos e situacións do contorno do alumnado;

representala de xeito gráfico e numérico e formarse un xuízo sobre ela mesma.

CONTIDOS:

Bloque 1. Espazos e formas.

Interpretación, análise e representación elemental (bosquexos, planos e maquetas) do espazo próximo. Introducción ao concepto de escalas.

Comprensión e emisión de informacións relativas ao contorno físico, aos obxectos e á arte utilizando o vocabulario básico relativo a formas, relacións (paralelismo, perpendicularidade, simetría), posicións ou elementos referenciais (coordenadas, puntos, distancias, ángulos e xiros) e outras nocións xeométricas (perímetro e superficie).

Experimentación con ampliacións e con reducións de figuras como introdución á noción de semellanza, así como coa realización de simetrías por dobramento e con espellos.

Interese e perseveranza na busca de solucións ante situacións de incerteza relacionadas coa organización e utilización do espazo.

Utilización de instrumentos de debuxo (regra, escuadro, transportador, compás...) e programas informáticos para a construción e exploración de formas e de elementos xeométricos.

Obtención experimental (mediante varios procedementos como a descomposición ou o debuxo en cuadrícula), para a resolución de problemas en situacións funcionais, de perímetros e áreas de figuras xeométricas. Contraste de estratexias e conclusións.

Manipulación de figuras planas (polígonos, circunferencia e círculo) e de corpos xeométricos (cubo, prisma, pirámide, cono, cilindro e esfera) para formalas a partir doutras por composición e descomposición, atopar relacións entre os seus elementos, establecer pautas para a súa construción e atopar regularidades e simetrías.

Comparación, descrición e clasificación de figuras e de corpos xeométricos atendendo a diferentes criterios e elementos.

Sensibilidade para apreciar a xeometría no mundo real.

Interese pola precisión na descrición e na representación de formas xeométricas e pola presentación clara e ordenada dos traballos xeométricos.

Confianza nas propias posibilidades para utilizar as construcións xeométricas, os obxectos e as relacións espaciais para resolver problemas en situacións reais.

Bloque 2: Cantidades.

Uso de diferentes fontes e recursos (libros, ordenador, persoas expertas...) para atopar informacións sobre as relacións entre as necesidades sociais, os descubrimentos matemáticos e as mulleres e os homes que os produciron.

Busca e recollida de información sobre os sistemas de numeración en culturas anteriores e sobre a súa influencia na actualidade.

Recoñecemento do papel da matemática na vida cotiá, tanto en contextos escolares e en diferentes áreas como noutros ámbitos próximos.

Identificación de aspectos cuantitativos da vida cotiá que se poden expresar empregando diferentes tipos e sistemas (romano, arábigo) de números.

Resolución de problemas co uso de diferentes tipos de números, interpretando o seu valor e as súas funcións (contar, medir, ordenar, expresar particións, codificar informacións, distinguir elementos...).

Lectura, escritura, seriación, ordenación, descomposición, comparación (e expresión dos resultados da comparación, exactos ou por tanteo, segundo a situación) e representación na recta numérica de distintos tipos de números (naturais, enteiros, fraccións, decimais ata as centésimas) en contextos reais.

Manipulación de números diversos explorando as regularidades, atopando equivalencias e correspondencias entre eles.

Recoñecemento das propiedades dos números: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Clasificación de números en primos e compostos buscando divisores. Utilización da táboa de multiplicar para identificar múltiplos e divisores.

Valoración da utilización dunha linguaxe numérica e cuantitativa cada vez máis precisa e rigorosa.

Resolución de problemas da vida cotiá en que se observen as fases de decodificación, modelización, verificación e explicitación, que implican:

planificación, anticipación, hipotetización e contraste de opinións, verbalización, xuízo crítico, consciencia-control-revisión do proceso, emprego de máis dun procedemento de resolución, presentación de datos con orde e claridade, utilización da calculadora en función da complexidade dos cálculos e formulación de razoamentos que argumenten a validez dunha solución (identificando, se é o caso, os erros).

Valoración das achegas estratéxicas das outras persoas e perseveranza na busca de solucións e de datos precisos.

Colaboración activa e responsable no traballo en equipo, manifestando iniciativa para resolver problemas que implican a aplicación dos contidos estudados.

Realización de cálculos numéricos sinxelos (suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números), en situacións de resolución de problemas, usando diferentes procedementos (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora, ordenador...), segundo a natureza do cálculo e a súa complexidade, decidindo sobre a razoabilidade dun resultado obtido ou estimado.

Cálculo en situacións cotiás e familiares en que se recollan a xerarquía das operacións e os usos da paréntese, o automatismo dos algoritmos das operacións básicas, as propiedades das operacións, as estratexias persoais, o emprego dos instrumentos de cálculo e mais a presentación dos cálculos e dos resultados de xeito ordenado e claro.

Aplicación de porcentaxes en situacións cotiás (compra, particións, orzamentos...) facendo correspondencias sinxelas entre elas, as fraccións e os decimais.

Introdución ao concepto de potencia como produto de factores iguais. Cadrados e cubos.

Selección, en contextos de resolución de problemas da vida cotiá, dos instrumentos e das unidades de medida usuais máis adecuados, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, de superficie, de peso, de capacidade, de amplitude de ángulos e de tempo.

Resolución de problemas de medida en que se recollan os seguintes aspectos: planificación e control de proceso; selección e uso correcto dos

instrumentos máis pertinentes en cada caso; uso de estratexias persoais; estimación de magnitudes facendo previsións razoables; conversión, se cómpre, dunhas unidades noutras da mesma magnitude; expresión dos resultados nas unidades adecuadas usando a simboloxía; explicación dos razoamentos e dos procesos levados a cabo.

Desenvolvemento de estratexias persoais para medir perímetros e superficies de figuras e de obxectos de maneira exacta e aproximada. Comparación de superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición.

Identificación dalgunhas medidas tradicionais usadas na bisbarra e de ámbito local.

Medición do tempo (analóxica ou dixitalmente), busca de maior precisión co emprego dos minutos e dos segundos. Cálculo das equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos, en situacións cotiás.

Medición de aberturas e de xiros co uso de ángulos, así como utilización de instrumentos convencionais para medir graos.

Utilización da medición e das medidas para resolver problemas, comprender e transmitir informacións, validando o resultado de medida en contraste coas propias hipóteses e co obtido por compañeiras e compañeiros.

Interese por utilizar con coidado e precisión diferentes instrumentos de medida e ferramentas tecnolóxicas e mais por empregar unidades adecuadas.

Valoración das vantaxes de dispor dun sistema convencional de medida e comprensión de que a medida é unha aproximación e que a unidade escollida afecta a precisión.

Bloque 3: Tratamento da información e azar.

Resolución e formulación de problemas en que interveñan a lectura, a interpretación e a análise crítica de representacións gráficas de datos do contorno.

Recollida, selección, análise, organización e rexistro de datos utilizando técnicas elementais de enquisa, de observación e de medición.

Representación gráfica da información mediante táboas de datos, diagramas de barras, diagramas lineais, diagramas de sectores...

Interpretación e extracción da información que fornecen a media aritmética, a moda e o rango, e aplicación destas a situacións familiares e concretas.

Disposición á elaboración e á presentación de gráficos e de táboas de forma ordenada e clara.

Valoración da importancia de analizar criticamente as informacións que se presentan a través de gráficos estatísticos e da tendencia a explorar todos os elementos das gráficas evitando interpretacións parciais e precipitadas.

Obtención e emprego de información para a realización de gráficos.

Valoración do uso das novas tecnoloxías nos ámbitos gráficos en que son precisas.

Recoñecemento da presenza do azar na vida cotiá. Distinción entre situacións aleatorias e as que non o son.

Estimación e predición de resultados posibles en situacións aleatorias (xogos ou cotiás) e uso de terminoloxía básica para describir situacións e experiencias de azar (posibles, imposibles, probables, seguros...). Comparación de resultados posibles cos obtidos en experiencias aleatorias cotiás.

Valoración da necesidade de reflexión, razoamento e perseveranza para superar as dificultades implícitas na resolución de problemas.

Confianza nas propias posibilidades e interese por empregar as ferramentas tecnolóxicas na comprensión dos contidos funcionais.

INDICADORES PARA A AVALIACIÓN CURRICULAR 3º E 4º DE E.P.
MATEMÁTICAS

Nota: Establécese unha escala de 1 a 4 (1 mínimo grado de adquisición e 4 máximo).

INDICADOR	1	2	3	4
Resolve e formula problemas para os que cumpra recoñecer os aspectos cuantitativos da vida cotiá que se poden expresar empregando números e para os que haxa que ler, escribir, comparar, seriar, descompoñer, representar e ordenar (utilizando razoamentos apropiados) distintos tipos de números (naturais, enteiros, fraccións e decimais ata as centésimas).				
Utiliza os números decimais, os fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.				
Resolve problemas sinxelos, anticipando unha solución razoable, buscando o proceso de resolución máis adecuado, amosando actitudes de valoración das diferentes estratexias e perseveranza na busca de datos e de solucións precisas.				
Exprésase de xeito ordenado e claro, oralmente e por escrito, o proceso seguido na resolución de problemas.				
Realiza operacións e cálculos numéricos sinxelos, en situacións de resolución de problemas, mediante diferentes procedementos (incluído o cálculo mental) en situacións de resolución de problemas, mediante diferentes procedementos (incluído o cálculo mental) que fagan referencia implícita ás propiedades das operacións.				
Amosa gusto pola presentación ordenada e clara dos resultados.				
Selecciona, en contextos de resolución de problemas familiares, os instrumentos e unidades de medida usuais máis adecuados, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, de superficie, de peso, de capacidade, de amplitude de ángulos e de tempo.				
Interpreta representacións espaciais (bosquexo dun itinerario, planos de casas e maquetas) realizadas a partir dun sistema de referencia e de obxectos e situacións familiares coa finalidade de resolver problemas.				
Emprega as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, perímetro e superficie para describir, comprender e resolver problemas de situacións da vida cotiá.				
Resolve e formular problemas en que cumpra realizar, ler, interpretar e comunicar con representacións gráficas resultados dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.				

Fai estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, igual ou máis ou menos probable) de xogos sinxelos de azar para comprobar o dito resultado.				
Valoración global da área.				

8.10.5 ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

INTRODUCCIÓN

Esta programación está confeccionada seguindo as directrices do DCB, adaptada ao centro así como ao perfil do alumnado ao que vai dirixida.

Os obxectivos poderán ser ampliados en función das necesidades e intereses do alumnado.

Tratarase de introducir algúns elementos distintos aos habituais co fin de enriquecer as vivencias, actitudes e sensibilidade do alumnado, procurando potenciar valores sociais positivos e evitando actitudes e conductas non dexesables

A liña a seguir en canto aos aspectos didácticos será a seguinte:

1. A programación vai dirixida ao propio nivel psicolóxico do alumno e a paliar as súas deficiencias emocionais e educacionais, sobre todo no que se refire ao aspecto físico e actitudinal mediante o fomento de actividades de cooperación, compañeirismo, comprensión, valoración dos distintos tipos de actividade física...
2. Farase unha avaliación inicial do alumnado mediante tests e observación directa da execución de distintos exercicios propostos.
3. Unha vez coñecido o nivel inicial do alumno construiremos as nosas tarefas co obxectivo de elevar devandito nivel.
4. Unha vez valorado, tanto o grao de coñecemento do alumno como o do seu nivel tratarase agora de introducir na súa educación un estímulo tal que consiga que a súa educación vaia en constante progreso. Non se trata pois, de adaptar a educación ao suxeito, senón de situar á educación á altura do alumno, para, a partir de aí, provocar un constante progreso e non un estancamento.

5. As actividades estarán enfocadas cara a unha aprendizaxe significativa, non memorística, serán, polo tanto, vivenciais e cun gran compoñente sensorial.
6. Daranse explicacións de todos os pasos a seguir en cada unidade didáctica para manter motivado ao alumno e involúcrense así en tarefas que teñan significado para eles. Recalcar así mesmo que parte da programación levarase a cabo baixo unha liña lúdica con formas xogadas.
7. Cada unha das tarefas programadas terá certa funcionalidade para o alumno polo que se tratarán de desenvolver todas aquelas actividades que mais interesen aos alumnos e deberán estar en maior ou menor grao relacionadas dalgún xeito con actividades da vi.
8. Como resumo podemos sintetizar que:
 - A) Esta programación oriéntase cara ao desenvolvemento das capacidades e habilidades instrumentais que perfeccionen e aumenten as posibilidades de movemento dos alumnos, cara á profundización do coñecemento motriz e a asumir actitudes, valores e normas con referencia ao corpo e á conduta motriz. O ensino nesta área implica, tanto mellorar as posibilidades de acción dos alumnos, como propiciar a reflexión sobre a finalidade, sentido e efectos da acción mesma.
 - B) O corpo e o movemento convértense en eixos básicos da acción educativa nesta área.
 - C) Co ensino da educación física promoverase e facilitarase que cada alumno chegue a comprender ao seu propio corpo e as súas posibilidades e a coñecer e dominar un número variado de actividades corporais e deportivas de modo que, no futuro, poida escoller as mais convenientes para o seu desenvolvemento persoal, axudándolle a adquirir os coñecementos, destrezas, actitudes e hábitos que lle permitan mellorar as condicións de vida e de saúde.
 - D) O deporte ten un valor social derivado de ser a forma mais común de entender a actividade física na nosa sociedade. Con

todo as formulacións selectivas e altamente competitivos deben dar paso na nosa programación a un carácter aberto, sen que a participación supedítese ás características de sexo, niveis de habilidade ou outros criterios de discriminación, para que así constitúa un verdadeiro feito educativo

CARACTERÍSTICAS DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

- Esta área debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida
- Debe dirixirse cara o coñecemento progresivo da conducta motriz e cara a adquisición de actitudes, de valores e de normas referentes ao corpo e ao movemento
- A E. F. non debe ser unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara a educación total utilizando o movemento como axente pedagóxico
- A E. F. deberá cumprir diversas funcións:
 - De coñecemento, de si mesmo, de si mesma e do contorno.
 - De organización perceptiva, desenvolvendo a percepción do propio corpo, do espacio e do tempo.
 - Anatómico-funcional, incrementando as habilidades e mellorando a condición física.
 - Comunicativa, por medio da expresión e da comunicación.
 - De relación social coas demais persoas, interaccionando co resto de participantes.
 - Agonística, esforzándose e superando dificultades.
 - Hixiénica, mellorando a saúde e previndo enfermidades.
 - Hedonística, como fonte de disfrute
- Especialmente importante é a relación que a E. F. ten coa saúde. Preténdese cos alumnos adopten hábitos de hixiene corporal tanto na actividade física coma na vida cotiá e que adquira pautas de alimentación correctas.
- A E. F. está especialmente indicada para integrar a todo tipo de alumnado porque nas clases desenvólvense interaccións co resto dos

alumnos, o que favorece as relacións constructivas, o respecto, a aceptación, a cooperación, a autonomía e a participación.

- A E. F. responde a necesidade imperiosa que teñen os nenos e nenas de moverse a esas idades.

O CENTRO

C.E.I.P REIBÓN DE MOAÑA

EXPLORACIÓN INICIAL OU AVALIACIÓN PREVIA.

O comezo do curso realizaranse unhas actividades de avaliación inicial das diferentes unidades didácticas para dictaminar o nivel dos alumnos, a partir das cales deseñarei as actividades de ensino-aprendizaxe.

NUMERO DE ALUMNOS POR CLASE.

Oscila entre os 19 como mínimo e os 24 como máximo.

CONTIDOS

Bloque 1: O corpo, imaxe e percepción

Bloque 2: Habilidades motrices

Bloque 3: Actividades físicas artísticas expresivas

Bloque 4: Actividade física e saúde

Bloque 5: Xogos e deportes

BLOQUE 1: O corpo. Imaxe e percepción trátanse entre outras as seguintes capacidades perceptivas:

- O esquema corporal, co coñecemento das partes do corpo e das súas posibilidades de movemento.
- Pola percepción do espazo e do tempo.
- A lateralidade.
- O equilibrio, debido á relación que ten coa actividade tónica e postural.
- O ton muscular, preciso para adoptar posturas cotiás.
- A relaxación e a respiración.

BLOQUE 2. Habilidades motrices

Céntrase nos aspectos cuantitativos do movemento, nas habilidades e na coordinación, capacidades que lle permitirán o alumnado moverse con

eficacia e con eficiencia, facilitando a adaptación a situacións motrices complexas.

BLOQUE 3. As actividades físicas artístico-expresivas.

Abrangue aspectos relacionados coa expresividade e coa comunicación utilizando o propio corpo a través do movemento. Aquí englobanse o ritmo, os bailes e danzas, a expresión, a imitación, a representación e a dramatización.

BLOQUE 4. Actividade física e saúde.

Engloba todos aqueles contidos relacionados coa mellora da saúde. Algúns dos aspectos deste bloque son a hixiene tanto corporal como postural, a alimentación, a condición física enfocada a mellora da saúde...

BLOQUE 5. Xogos e deportes.

Este bloque presenta contidos relacionados co xogo e coas actividades deportivas, entendidas sobretudo como manifestacións culturais. Abrangue aspectos relativos a práctica de xogos e deportes, a realización de xogos populares e tradicionais e ao repeto polas normas.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia en comunicación lingüística

A Educación Física desenvolve esta competencia grazas á variedade de intercambios comunicativos que permite, á parte do vocabulario específico que achega.

Competencia matemática

Na Educación Física realízanse certas actividades que contribúen ó desenvolvemento da competencia matemática:

- Apreciación de distancias, traxectorias e velocidades nos lanzamentos, nas recepcións e nos golpes con móbiles desenvolvendo a percepción espacial.
- A ocupación do espazo de acción, a dispersión, o agrupamento, os deportes e outras diferentes actividades inflúen na adquisición de habilidades perceptivas.

- A formación de figuras xeométricas, círculos, triángulos, cadrados... cos mesmos alumnos ou con diferentes materiais, cordas, ladrillos, aros...
- A interpretación de símbolos, por exemplo: nas actividades de orientación onde compre entender a relación entre o que está representado no plano e a realidade.

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

As actividades que imos realizar nas clases de Educación Física van facilitar:

- O aumento da percepción. Búscase enriquecer a percepción e o control do propio corpo (esquema corporal), do espazo e do tempo, mellorando así o coñecemento do mundo que nos rodea e a relación coas demais persoas e cos obxectos.
- A exploración e coñecemento doutros medios (natural, acuático, neve...). As actividades feitas nestes medios axudarán o alumnado a coñecer as diferenzas, as súas características, os distintos espazos...
- A mellora da saúde e da calidade de vida. A mellora da condición física ten moitos beneficios para a saúde: diminución do peso corporal, aumento das cavidades do corazón, aumento do ton muscular...
- A adquisición de hábitos de higiene corporal e hábitos alimenticios axeitados van favorecer a calidade de vida dos nenos.

Tratamento da información e competencia dixital

A Educación Física contribúe a esta competencia dende os seguintes puntos de vista:

- Os alumnos aprenden a valorar críticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e comunicación.
- Cando lle mandamos os alumnos que utilicen as TIC e outros recursos como a biblioteca para recopilar información sobre contidos da E.FÍSICA (xogos populares, autóctonos e tradicionais de Galicia, as CFB, conceptos espaciais-temporais, deportes.....etc

Competencia social e cidadá

Nas clases de Educación Física favorecese as relacións entre os nenos e nenas, sobretudo cando facemos xogos cooperativos na procura dun obxectivo común.

O diálogo e a toma de decisións compartidas, as estratexias de cooperación ou de oposición nos deportes son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración, o respecto, a cooperación e a solidariedade

Competencia cultural e artística

Dende a Educación Física contribuímos a conquistar esta competencia deste xeito:

- Ensinando os alumnos a apreciar a parte artística de certas execucións motrices.
- Potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización e a expresión.
- Valoración da diversidade de manifestacións culturais específicas da motricidade humana, tales como os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou as danzas...e a súa consideración como patrimonio dos pobos.
- Recopilando e coñecendo diferentes xogos populares, autóctonos e tradicionais de Galicia.

Competencia para aprender a aprender

O logro desta competencia ten relación coa metodoloxía e coa maneira de presentar as tarefas na organización do proceso de ensino-aprendizaxe:

- Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas, en que o grupo-clase ten que buscar a colaboración e as achegas de todas as persoas que o compoñen, favorecendo o diálogo, a busca, o consenso...
- axeitado coñecemento de si mesma e de si mesmo, do propio corpo, das posibilidades de acción..... favorecerá o coñecemento das propias capacidades e a autoestima

Competencia en autonomía e iniciativa persoal.

A Educación Física aborda esta competencia dende varias perspectivas:

- Mellorando o coñecemento do seu propio corpo, así como a percepción do espazo e do tempo, de xeito que se gañe progresivamente autonomía e se fagan os movementos mais ricos e variados.
- Incrementando o nivel de habilidades e de capacidades e, por ende, a autonomía e a iniciativa persoal.
- Utilizando unha metodoloxía que favoreza a busca, a exploración que atenderá, polo tanto, á adquisición de aprendizaxes significativas.
- O xogo será un recurso metodolóxico que favorecerá a adquisición de multitude de valores e de competencias básicas.
- Eliminación de diferenzas sexistas, buscando a igualdade de oportunidades para os dous sexos co fin de cegar a unha verdadeira coeducación.

OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA

1. Os aprendizaxes realizados no Area de Educación Física ao longo do Ensino Primario terán como obxectivos o desenvolvemento das seguintes capacidades:
2. Coñecer e valorar o seu corpo e a actividade física como medio de exploración e goce das súas posibilidades motrices, de relación cos demais e como recurso para organizar o tempo de lecer.
3. Adoptar hábitos de hixiene, de alimentación, de posturas e de exercicio físico, manifestando unha actitude responsable cara ao seu propio corpo e o de respecto aos demais, relacionando estes hábitos cos efectos positivos para a saúde.
4. Regular e dosificar o seu esforzo chegando a un nivel de autoexixencia acorde coas súas posibilidades e a natureza da tarefa que se realiza, utilizando como criterio fundamental de valoración o devandito esforzo e non o resultado obtido.
5. Resolver problemas que esixan o dominio de patróns motores básicos adecuándose aos estímulos perceptivos e seleccionando os movementos previa valoración das súas posibilidades.
6. Utilizar as súas capacidades motrices, habilidades e detrezas e o coñecemento da estrutura e funcionamento do corpo para a actividade

física e para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación

7. Participar en xogos e actividades establecendo relacións equilibradas e construtivas cos demais, evitando a discriminación por características persoais, sexuais e sociais, así como os comportamentos agresivos e as actitudes de rivalidade nas actividades competitivas.
8. Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento para comunicar sensacións, ideas e estados de ánimo e comprender á súa vez as mensaxes expresadas deste xeito.
9. Participar en diversos tipos de xogos con independencia do nivel de destreza alcanzado nos mesmos.
10. Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas e deportivas e as contornas en que se desenvolven, participando na súa conservación e mellora.

TEMPORALIZACIÓN

Esta programación está feita para toda a E.P. do centro.

As clases impartiranse a razón de dúas sesións semanais.

Unha vez descontadas as vacacións de Nadal, Entroidos, Semana Santa e un cinco por cen por conceptos varios, como poden ser, días festivos, saídas extraescolares... resultarían un total de 64-65 sesións aproximadamente.

A distribución destas sesións de ensino-aprendizaxe para desenvolver os bloques de contidos e conseguir os obxectivos propostos vai ser a seguinte:

As actividades dos bloques de contido de expresión corporal e saúde están incluídas tamén nas diferentes unidades didácticas que vou a realizar o longo do curso.

NÚMERO DE SESIÓNS

CONTIDOS	1º E 2º DE E.P.	3º E 4º DE E.P.	5º E 6º DE E.P.
BLOQUE 1	22	20	18
BLOQUE 2	19	20	19
BLOQUE 3	2	2	2
BLOQUE 4	2	2	2

BLOQUE 5

20

21

24

Preténdese mellorar a competencia motriz respecto o seu punto de partida e dotar o alumno/a do maior número de patróns motrices que lle permitan ter unha boa base motriz.

As unidades didácticas que vou a traballar cos alumnos/as son as seguintes:

➤ 1º cuatrimestre:

- Esquema corporal
- Percepción espacial.
- Percepción temporal
- Equilibrio
- Coordinación

➤ 2º trimestre

- Desplazamentos
- Saltos
- Lanzamentos
- Xiros
- CFB
- Baloncesto
- Atletismo

➤ 3º trimestre

- Fútbol
- Badminton
- Deportes alternativos
 - Freesbe
 - Pompones
 - Floorball
 - Indica
- Orientación- seguemento de pistas
- Xogos populares

CRITERIOS PARA O DESEÑO DE ACTIVIDADES

Os criterios polos que me vou a guiar para deseñar as actividades van ser os seguintes:

1. Actividades que cumpran a función de avaliación inicial, é dicir, que van a servirme para coñecer o nivel dos alumnos e a partir de aquí poder deseñar as actividades de ensino- aprendizaxe
2. As actividades de aprendizaxe deben implicar a posibilidade de gozar aprendendo. É importante a reflexión cos alumnos sobre a adecuación de devanditas actividades; que comprendan porque se fan e para que se fan. Isto favorecerá co alumno asimile principios xerais de actuación que poderá posteriormente utilizar na confección das súas propias e na resolución de problemas que se lle expoñan
3. Cada actividade deberá supor unha ponte cara a un novo coñecemento e non un saltono baleiro, é dicir, o alumno, apoiándose nos coñecementos proporcionados pola actividade anterior ten que ser capaz de elaborar un coñecemento superior a través da seguinte actividade.
4. As actividades deberán promover a atención a diferentes ritmos, así fomentaremos nos alumnos a actitude de responsabilizarse da súa propia aprendizaxe. As actividades deben permitir a regulación do ritmo de execución e aprendizaxe propia de cada alumno. A intensidade estará en función das diferenzas individuais, de tal xeito que constitúan un nivel de traballo adecuado para constituír unha posibilidade de progreso.
5. As actividades deben promover a familiarización do alumno co entorno onde se desenvolve a sesión. Esta familiarización levará á adopción dun sentimento de seguridade, baseado no coñecemento dos espazos e materiais.
6. As actividades propostas presentarán unha coherencia interna capaz de ser apreciada polo propio alumno. Esta virá dada, en moitos casos, pola crecente e progresiva complexidade das mesmas e a súa marcada orientación cara a un obxectivo claro e definido.
7. As actividades deberán permitir o desenvolvemento dos diferentes tipos de contidos da área dun xeito interrelacionado. Todos os tipos de contidos deben estar presentes dalgún xeito nas actividades que se propoñen. Deberemos tamén habituar aos nosos alumnos a establecer

relacións entre a práctica e os contidos de tipo conceptual e actitudinal, así como a verbalizalos de forma mais ou menos sistemática.

8. As actividades deberán abarcar todas as formas posibles de agrupamento para o traballo dos alumnos dende o enfrontamento individual con tarefas concretas, a organización do pequeno grupo co seu obxectivo común, a organización en gran grupo ou calquera outra variable adecuada aos obxectivos que se pretenden conseguir.

METODOLOXÍA

Ao longo da programación irei empregando distintos estilos de ensino en consonancia co tema a desenvolver.

- **MANDO DIRECTO MODIFICADO**, é dicir, permitindo unha maior flexibilidade dentro da clase do que o permitía o xa tradicional e arcaico estilo coñecido con este nome.
- **ASIGNACION DE TAREFAS**, propondo unhas tarefas a realizar e onde a atención vaise a centrar mais na propia tarefa, tanto por parte do mestre como tamén por parte do alumno.
- **DESCUBRIMIENTO GUIADO**, empregareino nas seguintes cuestións:
 - Situacións tácticas
 - Tarefas abertas
 - Habilidades básicas
 - Expresión corporal.....
- **RESOLUCION DE PROBLEMAS**, cando queira que sexa o alumno o que atope a resposta cunha total independencia. Utilizarei este estilo nas seguintes cuestións:
 - Tarefas concretas individuais
 - Situacións a resolver onde se implica tamén a actuación doutros compañeiros
- **DESEÑO PREVIO**, aplicareino naquelas sesións onde o fomento da creatividade sexa un dos obxectivos importantes a conquistar e que será nos contidos relacionados coa expresión corporal.

AVALIACIÓN

Será continua e paralela ao proceso de ensino-aprendizaxe. Farei:

1. Unha avaliación inicial, coa que coñeceremos o nivel inicial dos alumnos. Será o punto de partida, o punto de referencia a partir do cal empezaremos a traballar.
2. Unha avaliación progresiva ou formativa que me facilitará información de como se vai desenvolvendo o propio proceso e poder facer os axustes oportunos, se fose necesario, en función do alumno e do proceso.
3. Unha avaliación final ou sumativa que me permitirá valorar os resultados do proceso de instrución alcanzados polos alumnos, así como para valorar tamén a idoneidade do proceso e comprobar en que medida se alcanzaron os obxectivos propostos. Polo tanto o proceso de avaliación fareino extensible, non só ao propio alumno, senón tamén ao propio proceso de ensino-aprendizaxe e ao propio mestre.
4. O método de avaliación non será único, sinó que se adaptará ao que avaliar. O tipo de probas a realizar serán:

CUANTITATIVAS: tests, exercicios ou probas que me revelen o grao de consecución dos obxectivos previstos. Con este tipo de probas avaliarei tamén o grao de consecución dos obxectivos procedimentais. Proporcionarannos marcas, distancias, alturas, tempos, número de repeticións, nivel de eficacia....

CUALITATIVAS, con elas avaliarei o grao de consecución dos obxectivos de tipo conceptual e actitudinal. Partirase de actividades de posta en común onde os alumnos reflexionen e verbalicen sobre a vivencia da propia actividade motriz, relacionándoa con conceptos que dean significado a esa actividade motriz.

Para avaliar as actitudes e os comportamentos utilizarei o método de observación e rexistro de forma sistemática, continua. Neste rexistro anotarase como traballa, a súa atención, o seu interese, a relación cos compañeiros, actitudes e formas de traballo, grao de participación, solidariedade no xogo, o respecto aos compañeiros...

OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1º E 2º DE E.P.

BLOQUE 1. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

OBXECTIVOS

1. Recoñecer as diferentes partes do corpo recoñecendo as súas posibilidades de movemento
2. Exploración das posibilidades e limitacións do propio corpo
3. Interiorización do esquema corporal
4. Discriminación e representación do propio corpo iniciada en etapas anteriores
5. Coñecemento global dos elementos orgánico – funcionais do corpo
6. Iniciación a toma de conciencia das partes do corpo implicadas nun movemento
7. Afirmación da lateralidade
8. Vivencia da relaxación como un estado de quietude ou de falta de movemento
9. Experimentación de situacións de equilibrio e desequilibrio cunha base ampla
10. Orientación espacial, situando os obxectos en relación ao propio corpo
11. Apreciar as distancias e o sentido dos desprazamentos propios
12. Sincronización do movemento corporal con estruturas rítmicas sinxelas
13. Interese por aumentar a súa autonomía
14. Aceptación da propia realidade corporal

CONTIDOS

1. Esquema corporal global e segmentario (coñecemento, identificación, interiorización, utilización e representación...).
2. Exploración do corpo, das sensacións e das propias posibilidades de movemento.
3. O noso corpo en relación coa tensión, relaxación e respiración.
4. Experimentación de posturas corporais diferentes.
5. Realización de actividades encamiñadas á afirmación da lateralidade.
6. Situacións de equilibrio e desequilibrio.
7. Nocións asociadas a relacións espaciais e temporais.

BLOQUE 2. HABILIDADES MOTRICES BÁSICAS

OBXETIVOS

1. Desenvolvemento global das capacidades físicas e das H. M. en situacións de xogo.

2. Adaptación do movemento ás circunstancias e condicións de cada actividade.
3. Resolución de problemas motores variando algunha condición das que xa sabe resolver.
4. Elaboración de esquemas motores novos (golpear, lanzar, reptar...).
5. Aplicación de esquemas motores xa coñecidos.
6. Controlar os movementos en espazos coñecidos e descoñecidos.
7. Capacidade para desprazarse de diferentes formas e con eficiencia.
8. Capacidade para resolver problemas motores sinxelos..
9. Disposición a participar en actividades variadas, esforzándose e aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.

CONTIDOS

1. As habilidades e as posibilidades de movemento.
2. Diferentes formas de execución e control das H. M. B.
3. Coordinacións globais diversas.
4. Interese por coñecer as propias posibilidades de movemento e acción.

BLOQUE 3. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

OBXECTIVOS

1. Exploración das posibilidades que teñen o xesto e o movemento para a expresión.
2. Observación do contorno para percibir diferentes percepcións nos demais e nun mesmo.
3. Utilización do xesto e do movemento en situacións de xogo de xeito espontáneo.
4. Comprensión de sinxelas mensaxes corporais e representación de situacións simples.
5. Realización de diferentes tipos de bailes sinxelos para asociar ritmo e movemento.
6. Exteriorización de emocións e de sentimentos a través do corpo, do xesto e do movemento.
7. Vivenciación de tarefas lúdico - motrices con base musical.
8. Participación desinhibida en situacións que supoñan comunicación corporal.

9. Desfrutar mediante a expresión a través do noso corpo.

CONTIDOS

1. As posibilidades expresivas do corpo e do movemento.
2. Imitación de personaxes coñecidos e de situacións cotiás.
3. As emocións e os sentimentos a través do corpo, do xesto e do movemento.
4. A representación e a dramatización sinxela con obxectos, materiais.
5. Movemento, pulsacións e estruturas rítmicas sinxelas.
6. Tarefas lúdico – motrices con base musical.

BLOQUE 4. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

OBXECTIVOS

1. Adquisición de hábitos básicos de hixiene corporal
2. Coñecemento de pautas de alimentación básicas en relación coa actividade física
3. Comprensión da relación da actividade física co benestar
4. Ralización de actividades motrices encamiñadas a mellora da saúde
5. Actitude favorable cara a actividade física con relación a saúde

CONTIDOS

1. A hixiene corporal e a hixiene postural.
2. A alimentación en relación coa actividade física.
3. Relación da actividade física coa saúde e co benestar.
4. Medidas de seguridade na actividade física.
5. Normas no uso de materiais e espazos na práctica da actividade física.

BLOQUE 5. OS XOGOS

OBXECTIVOS

1. Vivencia e recoñecemento do xogo como forma fundamental de realizar a actividade física e como medio de goce, de relación e de emprego do tempo de lecer.
2. Utilización de estratexias de cooperación en xogos populares e tradicionais.
3. A relación a través do xogo:
 - Entendendo as normas como algo externo e imposto ao grupo aceptando a existencia de distintos niveis de destreza nun mesmo e nos demais.

- Desfrutando do xogo con independencia do resultado.
 - Superando as pequenas frustracións que a práctica dos xogos pode producir en momentos puntuais.
 - Evitar as inhibicións ante certos xogos.
4. Práctica de xogos libres e xogos organizados.
 5. Respeto as persoas participantes nos xogos e aceptación dos diferentes papeis.
 6. Valoración do xogo como medio de desfrute e de relación cos demais.

CONTIDOS

1. Consideración do xogo como actividade común a todas as culturas.
2. Comprensión e cumprimento das regras do xogo.
3. O xogo libre e o xogo organizado.
4. Coñecemento de xogos populares tradicionais galegos.
5. Estratexias básicas de cooperación e oposición en determinados xogos.
6. Diferentes papeis das persoas participantes nos xogos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 1º E 2º DE E.P.

1. Reaccionar corporalmente ante estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas as características deses estímulos.
2. Adoptar diferentes posturas corporais, amosando coñecemento do corpo e mantendo o equilibrio e o control respecto a tensión/ relaxación musculares e a respiración.
3. Orientarse no espazo, con relación a un mesmo, utilizando as nocións topolóxicas básicas: esquerda/dereita; diante/detrás; arriba/abaixo; dentro/fora; cerca/lonxe.
4. Desprazarse e saltar coordinadamente, variando a amplitude, a frecuencia, a dirección e o sentido do movemento e amosando unha axeitada orientación no espazo.
5. Utilizar na actividade física a habilidade de virar sobre o eixo lonxitudinal e transversal para aumentar a competencia motriz.
6. Incrementar globalmente as capacidades físicas básicas dacordo co seu desenvolvemento motor, achegándose os valores normais do grupo de idade no entorno de referencia.

7. Realizar lanzamentos, recepcións e outras habilidades que impliquen o manexo de obxectos, coordinando os segmentos corporais e situando o corpo axeitadamente.
8. Reproducir cos diferentes segmentos corporais unha estrutura rítmica sinxela.
9. Simbolizar personaxes, obxectos e situacións utilizando o corpo e materiais variados.
10. Amosar interese pola adquisición de hábitos axeitados de alimentación, de hixiene corporal, postural e de seguridade na práctica de actividade física.
11. Participar e gozar dos xogos, axustando a propia actuación as características da actividade e experimentando relacións positivas coas outras persoas participantes.
12. Coñecer e practicar xogos populares tradicionais galegos.
13. Colaborar activamente no desenvolvemento dos xogos de grupo mostrando unha actitude de aceptación cara os demais e de superación de pequenas frustracións que se poidan producir en momentos puntuais.

OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

3º E 4º DE E.P.

BLOQUE 1. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

OBXECTIVOS

1. Toma de conciencia da mobilidade do eixe corporal.
2. Acadar unha progresiva interiorización do esquema corporal.
3. Toma de conciencia e valoración das posibilidades e limitacións do movemento propio.
4. Aceptación das diferenzas do propio corpo en relación ao dos demais.
5. Desenvolvemento da autoestima, como consecuencia da súa valoración e aceptación.
6. Discriminación e representación do corpo propio e do dos demais.
7. Recoñecemento da esquerda e da dereita dos demais.
8. Vivencia da relaxación, diferenciando o binomio contracción – descontracción.

9. Experimentación de situacións de equilibrio e desequilibrio mais complexas ca etapa anterior, diminuindo a base de sustentación e elevando o centro de gravidade.
10. Utilización mais específica, ca na etapa anterior, dos elementos orgánico-funcionais.
11. Orientación espacial con relación os obxectos e as persoas.
12. Acadar unha boa estruturación espacial e temporal en diversas situacións.
13. Acadar unha autonomía persoal e unha confianza nas propias posibilidades.

CONTIDOS

1. O esquema corporal.
2. Os elementos orgánico – funcionais do movemento.
3. O control do corpo en relación coa tensión, coa relaxación global e segmentaria e coa respiración.
4. Adecuación da postura as necesidades expresivas e motrices.
5. A lateralidade e a súa proxección no espazo.
6. O equilibrio estático, dinámico e con obxectos en situacións coñecidas.
7. A estruturación espacial e temporal.
8. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da do resto das persoas.

BLOQUE 2. HABILIDADES MOTRICES

OBXECTIVOS

1. Continuación do desenvolvemento global das capacidades físicas.
2. Ampliación das H. M. B. en situacións de xogo en espazos coñecidos.
3. Progresión na adaptación do movemento as circunstancias e condicións da actividade:
 - Controlando os movementos en diferentes entornos próximos e coñecidos.
 - Utilizando formas de desprazamento non habituais.
 - Adecuando os movementos a distancia, sentido e velocidade dos desprazamentos dos demais.
4. Progresión na resolución de problemas motores.

5. Elaboración de novos esquemas motores: rodar, trepar, reptar...
6. Disposición favorable a participar en actividades diversas, esforzándose e aceptando as diferencias individuais en canto á habilidade para executalas.

CONTIDOS

1. As H. M. B. desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.
2. Uso eficaz das habilidades e das destrezas en situacións motrices coñecidas.
3. Control motor e dominio corporal, adaptándose a medios diversos: natural, acuático.
4. As C.F.B. orientadas a execución motriz.
5. A coordinación de movementos dende un punto de vista motor.
6. Reflexión sobre a competencia motriz do alumnado.

BLOQUE 3. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS

OBXECTIVOS

1. Profundización na capacidade de utilizar os recursos expresivos do corpo.
2. Observación dos xestos e movementos dos outros para comezar a coñecer as mensaxes que queren transmitir.
3. Valoración crítica das manifestacións corporais para que non resulten discriminativas.
4. Utilización do xesto e do movemento para representar obxectos, personaxes...
5. Valoración e recoñecemento das posibilidades comunicativas do corpo.
6. Continuación no traballo de asociar movemento e ritmo mediante a práctica de danzas.
7. Introducción do baile por parellas coordinando o movemento propio co dos demais.
8. Acadar capacidade para executar danzas, báilese coreografías simples.
9. Acadar a participación desinhibida en situacións que supoñan comunicación corporal.

10. Acadar o desfrute mediante a expresión e a comunicación a través do corpo

CONTIDOS

1. O corpo e movemento como instrumentos de expresión e comunicación.
2. Representación de obxectos e de personaxes reais e ficticios en diferentes situacións.
3. Expresión de ideas, emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.
4. Utilización de obxectos e materiais para a dramatización e a comunicación.
5. Adecuación do movemento a ritmos diversos e a estruturas espacio – temporais.
6. Danzas, bailes e coreografías.

BLOQUE 4. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

OBXECTIVOS

1. Consolidación de hábitos de hixiene corporal.
2. Adquisición e posta en práctica de hábitos posturais correctos no exercicio físico.
3. Adquisición de hábitos alimentarios saudables relacionados coa actividade física.
4. Concienciarse dos beneficios saudables que proporciona a práctica de exercicio.
5. Práctica habitual de actividades físicas que melloren a condición física e a saúde.
6. Desfrutar da práctica de toda aquela actividade física que nos faga mellorar a nosa condición física, a nosa saúde e nos proporcione un alto grao de benestar.
7. Acadar unha actitude favorable cara a actividade física en relación coa saúde.

CONTIDOS

1. O coidado do corpo: normas de hixiene corporal, rutinas relacionadas coa actividade física(calentamento, relaxación...).
2. Hábitos de hixiene corporal.
3. Hábitos posturais correctos na práctica do exercicio físico.
4. Hábitos alimentarios saudables relacionados coa actividade física.
5. Beneficios da actividade física en relación coa saúde e co benestar.
6. Actividades que melloran de xeito xenérico a condición física orientada a saúde.
7. Hábitos que proporcionen seguridade na práctica do exercicio físico.
8. Uso correcto dos materiais e dos espazos, adoptando medidas básicas de seguridade.

BLOQUE 5. XOGOS E DEPORTES**OBXECTIVOS**

1. Valoración dos contidos dos xogos.
2. Comezo das actividades de iniciación predeportiva, tendo as mesmas un carácter mais multifuncional e de recreación que de aprendizaxe dunha disciplina deportiva concreta.
3. Organización e participación no seu tempo libre de diferentes tipos de xogos e actividades recreativas ou deportivas.
4. Coñecemento e utilización das estratexias básicas de cooperación, oposición e cooperación/oposición no xogo.
5. Aceptar o papel que lle corresponde como xogador dentro do equipo.
6. Práctica de xogos populares, autóctonos e tradicionais de Galicia.
7. Acadar unha actitude que favoreza a integración e non a discriminación.
8. Controlar as conductas agresivas nos xogos de oposición.
9. Valoración do esforzo dos demais.
10. Valoración do xogo e das actividades deportivas como medio de gozo, de relación e de emprego do tempo de lecer.
11. Búsqueda de información utilizando as TIC e outros recursos como a biblioteca, a linguaxe oral para recopilar información sobre xogos populares, autóctonos e tradicionais de Galicia, deportes... etc.

CONTIDOS

1. Apreciación do xogo e do deporte como elementos da realidade social.
2. Comprensión, aceptación e cumprimento das regras e das normas do xogo.
3. Os xogos e as actividades de iniciación predeportiva.
4. Busca de información sobre xogos populares, autóctonos e tradicionais de Galicia.
5. As estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, coa oposición e coa cooperación/oposición.
6. As persoas participantes no xogo e os seus papeis.
7. O xogo como fonte de integración e non como discriminación.
8. Valoración do esforzo e o rexeitamento de comportamentos antisociais.
9. O xogo e as actividades deportivas como medio de gozo, de relación e de emprego do tempo de lecer.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Amosar un axeitado coñecemento do corpo, dos seus elementos e a súa funcionalidade.
2. Controlar o corpo en situacións variadas en relación coa tensión/relaxación e respiración.
3. Utilizar as nocións topolóxicas para orientarse no espacio en relación a posición doutros.
4. Incrementar globalmente as C. F. B. de acordo co momento de desenvolvemento motor, acercándose os valores normais do grupo de idade do entorno de referencia.
5. Desprazarse de maneira coordinada e equilibrada.
6. Xirar sobre os eixos lonxitudinal e transversal mantendo o equilibrio nas execucións.
7. Saltar coordinadamente batendo con unha ou ambas pernas en función das características da acción que se vai realizar.
8. Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles con certo control e adaptándose as traxectorias.
9. Botar unha pelota de xeito coordinado coa man dominante desprazándose por un espazo coñecido.

10. Reproducir estruturas rítmicas coñecidas mediante o movemento corporal
11. Utilizar os recursos expresivos do corpo para a comunicación de ideas e sentimentos.
12. Representar, mediante escenificacións ou imitacións, a personaxes, obxectos ou accións cotiás, utilizando o corpo e o movemento como medio de expresión.
13. Manter unha predisposición positiva cara a práctica da actividade física, valorando os seus beneficios para a saúde, o benestar e unha mellor calidade de vida.
14. Amosar interese pola hixiene, a alimentación e a adquisición de hábitos saudables.
15. Participar nas actividades físicas axustando a súa actuación o coñecemento das propias posibilidades e limitacións corporais e de movemento.
16. Participar en xogos e actividades deportivas coñecendo e respetando as normas.
17. Resolver os retos plantexados no xogo de xeito cooperativo.
18. Buscar información sobre xogos populares tradicionais galegos e practicalos.

OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

5º E 6º DE E.P.

BLOQUE 1. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

OBXECTIVOS

1. Aprender a valorar a propia realidade corporal coas súas posibilidades e limitacións.
2. Saber aceptar as diferenzas do noso corpo en relación co dos demais.
3. Acadar unha maior estruturación do esquema corporal.
4. Saber discriminar e representar o corpo en movemento.

5. Percepción do corpo como unha globalidade formada por un conxunto de partes independentes entre si, pero relacionadas en canto o seu funcionamento.
6. Recoñecer a esquerda e a dereita dos demais estando en movemento.
7. Dominar a respiración e a relaxación muscular.
8. Experimentación de situacións de desequilibrio en posicións inestables, incluídos os equilibrios invertidos.
9. Capacidade para a orientación espacial en movemento, situando os obxectos en relación a outros obxectos.

CONTIDOS

1. Interiorización da imaxe e do esquema corporal.
2. Representación e uso dos elementos orgánico – funcionais no movemento.
3. Control corporal en situacións motrices complexas: utilización da capacidade de tensión e de relaxación.
4. Mecánica respiratoria axeitada. Coñecer a súa importancia.
5. Adaptación da postura as necesidades expresivas e motrices de xeito eficiente.
6. Execución de movementos de certa dificultade cos segmentos corporais dominantes e non dominantes.
7. O equilibrio estático, dinámico e con obxectos en situacións complexas.
8. Estructuración e organización espacio – temporal en situacións motrices complexas.
9. Valoración e aceptación da propia realidade corporal.
10. Seguridade, confianza e autonomía persoal.

BLOQUE 2. HABILIDADES MOTRICES

OBXECTIVOS

1. Acadar un incremento global das capacidades físicas.
2. Incremento no dominio das habilidades básicas, lanzamentos, recepcións...
3. Conquerir unha boa adaptación do movemento as circunstancias e condicións en distintos medios e adaptándose os estímulos externos.

4. Acadar capacidade para resolver problemas motrices seleccionando estratexias de resolución en función de diferentes criterios (economía, eficacia,...).
5. Disposición favorable para participar en actividades físicas diversas.
6. Aprender a valorar o traballo ben executado dende o punto de vista motor.

CONTIDOS

1. Adaptación das H. M. B. e específicas a diferentes situacións.
2. Uso das H. M. B. con eficiencia en actividades deportivas e rítmicas.
3. Aplicación das habilidades específicas en iniciación deportiva de xeito óptimo.
4. Dominio motor e corporal, seguridade e autonomía en diversos medios.
5. Acondicionamento físico xeral orientado a mellora da execución das H. M.
6. Coordinacións globais e específicas en situacións complexas.

BLOQUE 3. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO – EXPRESIVAS

OBXECTIVOS

1. Facer un uso axeitado das posibilidades expresivas e comunicativas da linguaxe corporal.
2. Valorar os aspectos expresivos do movemento propio e dos demais.
3. Interpretar as mensaxes cos demais quereños transmitir observando os seus xestos e movementos.
4. Utilización do xesto e o movemento para expresar sensacións, sentimentos...
5. Acadar a capacidade necesaria para facer representacións e improvisacións artísticas por medio da linguaxe corporal.
6. Realización de danzas e bailes individuais, en parellas e en grupos.
7. Creación de coreografías asignando movementos a melodías e cancións coñecidas.
8. Participación desinhibida en situacións de comunicación corporal e de respecto ante as execucións alleas.

CONTIDOS

1. As posibilidades expresivas e comunicativas da linguaxe corporal.

2. Expresión e comunicación de sentimentos e de emocións individuais e grupais a través do corpo, do xesto e do movemento.
3. Representacións e improvisacións artísticas por medio da linguaxe corporal.
4. Composición de movementos variados a partir da combinación de estímulos rítmicos e musicais.
5. Bailes e danzas. Elaboración de coreografías.
6. Importancia da expresión e da comunicación corporal cara a educación integral.

BLOQUE 4. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

OBXECTIVOS

1. Acadar unha autonomía na hixiene persoal.
2. Adquisición de hábitos posturais axeitados na vida cotiá e na actividade física.
3. Busca de información e análise crítica sobre aspectos alimentarios para unha vida saudable.
4. Recoñecemento dos efectos beneficiosos da actividade física na saúde.
5. Incremento da condición física co obxectivo de mellorar a saúde.
6. Actitude favorable cara a actividade física con relación a saúde.

CONTIDOS

1. Rutinas relacionadas coa actividade física: calentamento e relaxación.
2. A hixiene corporal.
3. Hábitos posturais axeitados.
4. Aspectos alimentarios para unha vida saudable.
5. Efectos beneficiosos da actividade física na saúde.
6. A condición física e a saúde.
7. Prevención de lesións na actividade física.

BLOQUE 5. OS XOGOS E DEPORTES

OBXECTIVOS

1. Recoñecemento do xogo e do deporte como fenómenos sociais e culturais.
2. Aceptación e respecto cara as normas, e os regulamentos dos xogos.
3. Aceptación e respecto as estratexias deseñadas e o papel que lle tocou desenvolver no xogo, antepoñendo o interese grupal ó individual.

4. Buscar información sobre xogos populares, autóctonos e tradicionais de Galicia.
5. Habituar os alumnos a práctica destes xogos populares.
6. Utilización axeitada das estratexias básicas do xogo: cooperación, oposición e cooperación/oposición.
7. Conquerir cos alumnos aprecien o xogo e o deporte como medio de desfrute, de relación, de saúde e de ocupación do tempo de lecer.
8. Valoración do esforzo persoal e do colectivo nos xogos e nas actividades deportivas a marxe da habilidade de cada quen e de preferencias e prexuizos.

CONTIDOS

1. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais.
2. Tipos de xogos e de actividades deportivas.
3. As normas, os regulamentos e as estratexias dos xogos.
4. Xogos e deportes populares, autóctonos e tradicionais de Galicia.
5. Estratexias básicas do xogo.
6. O xogo e o deporte como medio de desfrute, de relación e de saúde.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Axustar as accións do corpo aos cambios nas condicións da actividade, de maneira económica e eficaz, incidindo nos mecanismos de percepción, decisión e de control motor.
2. Adaptar os depraizamentos, saltos e xiros a diferentes entornos que poidan presentar incerteza, sexan coñecidos o descoñecidos.
3. Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles de maneira controlada nos xogos ou actividades motrices que o requiran, axustándose as situacións do terreo de xogo, as distancias e as traxectorias.
4. Botar unha pelota de xeito corodinado con ámbalas dúas mans desprazándose por un espazo coñecido.
5. Incremento global da condición física.
6. Construír composicións grupais, interaccionando coas demais persoas, utilizando os recursos expresivos do corpo e do movemento.

7. Utilizar os recursos expresivos do corpo para transmitir ideas e sentimentos.
8. Identificar algunhas das relacións que se establecen entre a práctica correcta e habitual da actividade física e a mellora da saúde e da calidade de vida.
9. Actuar coordinada e cooperativamente coas persoas que compoñen o propio equipo para tratar de impoñerse o equipo contrario nun xogo ou actividade deportiva colectiva.
10. Identificar como valores fundamentais dos xogos e das actividades deportivas o esforzo persoal e as relacións co grupo, dándolle mais importancia ca outros aspectos da competición.
11. Coñecer e practicar xogos e deportes populares tradicionais de Galicia, recompilando información sobre eles e interesándose pola súa conservación.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A LOE recolle como principio fundamental de calquera intervención educativa a “atención á diversidade” o que significa atender ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe de todos os nosos alumnos.

Para poder atender a diversidade dos alumnos/as van a existir varias vías (adaptacións curriculares, nos materiais, no aceso, na duración das actividades, etc.) pero onde é necesario comenzar coa atención a diversidade vai a ser no desenvolvemento diario das sesións de traballo por medio dun axuste continuo das estratexias de ensinanza-aprendizaxe, onde contemplemos as diversas axudas pedagóxicas que permitan os alumnos/as seguir o proceso en función das súas motivacións, intereses e capacidades.

Estas medidas vounas a concretar en medidas tales como a adaptación dos obxetivos en función das distintas etapas evolutivas e aprendizaxes previos. Priorización de contidos atendendo a determinadas capacidades según o momento concreto no que se encontrén os alumnos/as, seleccionando os contidos de cada núcleo que se consideren máis axeitados ó momento e con base nestas decisións adaptar e concretar os criterios de avaliación.

A atención á diversidade, en función da práctica cotián, onde se vai a ver mais reflexada vai a ser nas adaptacións pedagóxicas que realice en cada una das sesións. Estas diversidades vounas atender por medio da forma de organizala clase en canto os espazos, materiais, agrupamentos de alumnos/as, tipos de axudas necesarias para cada alumno/a no seu proceso de construción da aprendizaxe. Así mesmo a utilización de métodos de ensinanza axeitados os distintos momentos de aprendizaxe dos alumnos/as e as características dos contidos a traballar, vaime a permitir contemplar os momentos anteriormente sinalados e adecuar as distintas pautas de aprendizaxe.

O programa de Ed. Física deberá adaptarse ademais os alumnos con dificultades. En función da discapacidade de estos alumnos/as, os contidos desta área deberán modificarse, así como a súa avaliación, coordinando o traballo co tutor/a, o mestre/a especialista en pedagogía terapéutica e máis concretamente o E.O.E do centro. En calquera caso deberá reflexarse no currículo e realizar un seguimento do alumno/a para asegurar a súa progresión.

A programación sufrirá as modificacións precisas que garanten, na medida do posible a continuidade no aprendizaxe paralelo o resto do grupo. Creo que o alumno/a con necesidades educativas especiais pode realizar, con adaptacións, máis ou menos importantes, as actividades propostas en tódolos ámbitos. En definitiva a miña programación atenderáos en función da súa capacidade.

Como mestre estou por que o alumno/a con necesidades educativas, e así debe ser o espírito da integración o meu entender, non se alexe do grupo e dos obxetivos que esta materia ten para con él, facilitándolle en definitiva o acceso ó traballo diario e os beneficios que este lle pode aportar.

Nos niveis no que imparto as clases, 1º ciclo e 2º ciclo, atopo nenos/as con problemas de asma en diferentes graos e outros con obesidade.

Pautas xerais de actuación.

Alumnos/as con asma bronquial

- Propoñer actividades que favorezcan o control da respiración e da relaxación.

- Respiración nasal sempre que sea posible.
- Os exercicios deben ser a intervalos(inferior a 5` de duración).
- Utilizar o inhalador o broncodilatador previamente o esforzó se fora necesario.
- Evitar a práctica física en ambientes contaminados, atmosferas densas .
- Evitar a práctica física si se padece unha infección respiratoria.
- Ante una crise, utilízalo inhalador ou broncodilatador.
- Evitar situacións que podan provocar ansiedade.
- Necesidade dun calentamento suave, sen forzar, levando un ritmo de carreira constante.

Alumnos/as con obesidade.

- É recomendable aumentar o número de sesións de educación física, desenrolando a resistencia aeróbica, para favorecer a diminución do peso e o volumen corporal.
- Evitar esforzos violentos, reducindo o impacto nas articulacións.

INSTALACIÓNS E MATERIAL

Este colexio conta con unhas instalacións inmejorables para levar a cabo as sesións de ensino-aprendizaxe e tratar de conseguir os obxectivos propostos.Vou contar coas seguintes instalacións e material:

- Un pavillón cuberto.
- Un campo de herba artificial.
- Unha pista de atletismo.
- Unha pista exterior de baloncesto.
- Ademais conta con abundante material para realizar as diferentes actividades físicas.

8.10.6 ÁREA DE EDUCACIÓN MUSICAL

EDUCACIÓN INFANTIL

Durante o presente curso académico 2011-2012 a educación musical segue aplicándose, como xa se fixo en anos anteriores, a todos os cursos de Educación Infantil: 4º, 5ª e 6ª, é dicir , a nenos/as de 3, 4 e 5 anos, impartida a materia pola mestra María Mercedes López García. As sesións nas aulas de tres anos son compartidas cunha especialista de inglés e coa titora, levando así cadaquén a metade dos nenos e logo facendo intercambio con ditos nenos. Non obstante, no caso de 4º e 5º curso a hora de música realízase coa metade dos nenos como en 3º pero o intercambio faise co profesor que se atope na aula nese intre, ben sexa o titor/a ou a mestra de apoio.

O **obxectivo principal** da educación musical nesta etapa é crear un primeiro contacto coa música, motivando ao alumnado cara a audición de obras musicais, a interpretación oral das cancións propostas, o primeiro contacto cos instrumentos facendo algunha pequena interpretación cos instrumentos de percusión, un acercamento sinxelos a patróns rítmicos e esquemas melódicos, algunha que outra ficha, etc. É dicir, que se pretende que a experiencia e a primeira toma de contacto do alumnado coa materia resulte positiva e satisfactoria, ademáis temos en conta o importante que é a música nos primeiros anos na escola xa que as cancións, procedemento imprescindible da educación musical nesta etapa, son un procedemento utilizado na maioría das materias impartidas na educación infantil.

A **metodoloxía** utilizada nesta etapa segue as ideas básicas da metodoloxía de Piaget “A meta principal da educación é crear homes que sexan creativos, inventores e descubridores, formando mentes que sexan críticas” Piaget, 1987. A metodoloxía utilizada tamén pretende ser flexible e individualizadora e nos casos nos que así se precise participativa, creativa , activa, motivadora e integradora.

O obxectivo da creatividade é fomentar a liberdade, o pensamento diverxente e a espontaneidade sempre dun xeito global e estimulando a capacidade do alumnado na competencia básica de “aprender a aprender”. Tamén o resto das competencias básicas presentan ese carácter global, creando diversos centros de interese dunha ensinanza activa. Tamén o carácter socializador preséntase como elemento a destacar, xa que as

características do alumnado pasa por períodos marcados polo egocentrismo que se traballarán dende as actividades grupais facendo sentir o alumnado parte importante dun grupo, a clase e os compañeiros.

Sen embargo, nestas estratexias metodolóxicas non esquecemos as ideas dos grandes pedagogos musicais, tendo en conta aportacións como a percusión corporal de Orff, a práctica coral de Kodaly ou a sensibilidade auditiva fronte os ruídos de Murray Schafer, entre outros.

Os Obxectivos xerais de etapa atópanse detallados na programación de aula, polo que será a secuenciación dos **contidos** referidos a etapa de educación infantil o que detallarei, dun xeito breve, a continuación.

- Diferencias entre ruído-son e son- música.
- A respiración diafragmática.
- A escritura e lectura musical con signos non convencionais.
- Esquemas rítmicos sinxelos mediante a percusión corporal.
- A interpretación de cancións tanto tradicionais como de nova creación.
- Os instrumentos de percusión .
- A improvisación corporal, instrumental e vocal.
- As cualidades do son: a altura, timbre, intensidade.
- Análise corporal das audicións propostas.
- A audición musical como fonte de relaxación, disfrute e saúde persoal.

Terán unha presenza destacada os **eixos centrais** da educación infantil, tanto na súa relevancia social como o seu contido actitudinal, estes foron propostos pola Comunidade Autónoma de Galicia no D 330/2009 do 4 de xuño:

- Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes: comunicación e representación.

Ademáis tamén teremos en conta o calendario escolar coas festividades e celebracións propostas pola orde do 15 de xuño do 2009 atendendo as festividades do día das Letras Galegas, o Día mundial da

Saúde, O día mundial do medio ambiente...e festividades propias do ciclo anual, como o Nadal, o Entroido, a chegada da Primavera, etc.

Os **recursos**: Actualmente o centro non conta cun aula de educación musical para a etapa de infantil, a materia de música para esta etapa impártese na aula de ludoteca, xa que ésta conta cun espazo libre onde poder realizar actividades de tipo expresivo corporal e con algúns recursos como o canón retroproxector ou o equipo de audio, materiais necesarios para esta materia. A aula de ludoteca sitúase dúas plantas mais arriba da aula ordinaria dos alumnos de infantil, polo que o percorrido dende as aulas ata a ludoteca é un pouco amplo polo que a comezas de curso é desaconsellable levar aos nenos de 3 aos a dita aula, polo tanto a única posibilidade que queda é que a materia de música se imparta, neste caso, nunha aula de material que se atopa no mesmo corredor, actividade un pouco complicada debido ao espazo e que o material de música atópase no 1º e 2º andar polo que hai que andar levando e traendo cousas. Este método esperáse subsanar nuns meses como aconteceu o ano pasado, aínda que se insiste en que a aula de música para a educación infantil se atopa moi lonxe das aulas correspondentes as titorías, sobre todo tengo n conta que son nen@s moi pequenos.

Ademáis da aula adaptada o ano pasado conseguíuse unha pequena dotación: uns instrumentos e unha pizarra veleda pautada con pentagrama (material moi pobre para poder levar a cabo os obxectivos e contidos pretendidos nesta área). Ademáis contamos con algúns pequenos instrumentos que se atopan na aula de música de primaria, (pero ditos instrumentos están moi deteriorados).Será logo a creación propia dos instrumentos un elemento fundamental xa que os alumnos poderán vivir máis de cerca o seu propio instrumento, sendo esta idea unha das propostas polo proxecto anual do colexio “Os inventos”. Ademais tamén teremos en conta dende o primeiro día de clase a necesidade de crear ambientes agradables, sen rúidos, sendo esta unha idea globalizada, rexeitando os ambientes ruidosos e o uso da música como medio de benestar.Por último dicir que este ano empregaremos un material de fichas varias sobre a materia, da editorial santillana, axeitado a estas idades, a

parte de todo o nomeado anteriormente: cancións, bailes, ritmos, instrumentos, etc.

CONTIDOS XERAIS PARA OS TRES NIVEIS:

1. Diferenzas entre ruído-son e son-música.
2. A respiración diafragmática.
3. A escritura e lectura musical con signos non convencionais.
4. Esquemas rítmicos sinxelos mediante a percusión corporal.
5. A interpretación de cancións tanto tradicionais como de nova creación.
6. Os instrumentos de percusión.
7. A improvisación corporal, instrumental e vocal.
8. As cualidades do son: a altura, timbre e intensidade.
9. Análise corporal das audicións propostas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

INDICADORES PARA A AVALIACIÓN CURRICULAR 3 ANOS.

Nota: Establécese unha escala de 1 a 3 (1 mínimo grado de adquisición e 3 máximo).

INDICADOR	1	2	3
Memoriza e interpreta cancións seguindo o ritmo.			
Distingue entre ruído e silencio.			
Identifica algúns instrumentos musicais.			
Identifica os ritmos musicais lento-rápido.			
Discrimina sons longos e curtos.			
Identifica e reproduce algún sons do entorno.			
Experimenta e controla estados de relaxación e movemento.			
Reproduce sons co seu propio corpo.			
Desenvolve diferentes desprazamentos no espazo ao ritmo da música.			
Valoración global da área.			

INDICADORES PARA A AVALIACIÓN CURRICULAR 4 ANOS.

Nota: Establécese unha escala de 1 a 3 (1 mínimo grado de adquisición e 3 máximo).

INDICADOR	1	2	3
Diferencia ruído-silencio-canción.			
Participa con atención nas audicións musicais.			
Reproduce estruturas rítmicas co corpo.			
Diferenza sons longos e curtos.			
Discrimina sons de distintos entornos.			
Clasifica instrumentos musicais: percusión, corda e vento.			
Desenvolve o control en actividades enterpretativas en movemento.			
Iníciase na técnica de relaxación e reposo.			
Interpreta bailes e danzas.			
Valoración global da área.			

INDICADORES PARA A AVALIACIÓN CURRICULAR 5 ANOS.

Nota: Establécese unha escala de 1 a3 (1 mínimo grado de adquisición e 3 máximo).

INDICADOR	1	2	3
Disfruta con cancións, danzas e audicións musicáis.			
Representa a figura humana.			
Reproduce ritmos con instrumentos musicais.			
Discrimina ruído-silencio-música e canción.			
Identifica instrumentos de percusión, corda e vento.			
Identifica e interpreta cancións.			
Distingue sons longos-curtos, graves-agudos.			
Acompaña a música con movementos corporais.			
Expresa co corpo vivencias, emocións e sentimentos.			
Valoración global da área.			

1º curso de E.P.

Empezamos o seu andar pola Música no Ensino Primario coa Pregunta-Resposta musical “¿Cómo te llamas?” que nos serve de presentación de todos – tanto dos coñecidos de Reibón como ós procedentes doutros centros- con ese xogo musical. Continuamos coa canción-xogo “*Me gusta la leche*” de Jos Wuytack. Non nos esquecemos da danza “*Polonesa*”.

Iniciamos a andadura musical con Xogar 1, de Ed. Galinova, por empregar unha metodoloxía lúdica, colorista, e de amplo espectro, xa que abrangue todo-los aspectos da Linguaxe Musical para o Ensino Primario.

Traballaremo-lo pentagrama (presentación, partes). A crave de Sol e duas notas no pentagrama: Sol e Mi. Entoarán toda a escala (ascendente e descendente).

O ritmo terá como eixo principal a percusión corporal, así como os instrumentos de altura indeterminada, empezando con prosodia.

Achegamento o pulso e o acento.

Comprensión e escritura de negras, corcheas e silencios de negra, tanto como ritmos como melodías.

Discriminación auditiva de sons múltiples e de instrumentos de Pequena Percusión.

Danzas.

Audicións.

Canto de cancións.

2º curso de E.P.

Continúase coa metodoloxía da Ed. Galinova, co texto Xograr 2.

Tres notas novas serán presentadas e aprendidas: La e Fa, que serán identificadas e escritas no pentagrama, así como entoadas. A nota Re será a seguinte.

A novidade será a utilización da fonomimia absoluta (Kodaly) para identificar e entoar as catro notas xa aprendidas (Mi, Fa, Sol, La).

O ritmo traballarase con Percusión Corporal e con Percusión de Altura Indeterminada. Inventarán ritmos coas figuras coñecidas e faran dictados sinxelos.

Presentación dunha figura rítmica nova: a branca e o seu silencio equivalente.

Paulatino abandono da prosodia rítmica.

Discriminación de sons diversos.

Danzas.

Audicións.

Canto de cancións.

3º curso de E.P.

Continúase coa metodoloxía de Ed. Galinova, pero deixando de lado a serie “Proxecto Século XXI” e decantándonos por Xograr 3, xa adaptado a LOE.

Aprendizaxe de toda-la escala diatónica, tanto leída como escrita, e tamen entoada. As notas novas son: Do e Si. A maiores descubrirán o Do’ (agudo). Utilización da fonomimia absoluta para toda-la escala.

Dictados melódicos de intervalos de 3^a. Dictados rítmicos.

Signos de prolongación: calderón.

Definición das cualidades do son: timbre, duración , altura, intensidade.

Discriminación auditiva de sons múltiples e familias de Percusión Altura Indeterminada.

Danzas.

Audicións.

Canto con cancións.

Presentación, aprendizaxe e uso da frutua doce “soprano”, como instrumento melódico escolar, de carácter persoal, tanto para interpretacións individuais como colectivas.

Técnicas de aproximación e de execución.

A primeira posición aprendida será o Si, logo o La (exercicios con Si e con La), posteriormente o Sol (exercicios con La e con Sol, con Si en con Sol, con Si, con La e con Sol). Xa rematando o curso coñecerán a posición de Fa, con exercicios específicos que chegarán a pasar de Si a Fa. Todo elo con melodías sinxelas e progresivas.

4º curso de E.P.

Metodoloxía da Ed. Galinova, pero deixando de lado o “Proxecto Século XXI” para adaptarnos a LOE, co texto Xograr 4.

Toda-la escala diatónica sofexada, entoada e tocada coa frauta (Mi, Re, Do). A maiores engadiremos unha posición nova: Re’ (agudo).

Instrumentacións con frautas, Percusión Altura Indeterminada e Percusión Altura Determinada.

Dictados melódicos de 4 notas en intervalos de 2^a. Dictados rítmicos con toda-las figuras coñecidas.

Presentación da figura rítmica “redonda” e o seu silencio equivalente, das semicorcheas. Liñas divisorias, signos de repetición, “anacrusa” (comenzo da canción en parte débil).

Compases de 2, 3 e 4 pulsos.

Discriminación auditiva de sons múltiples, de instrumentos de corda fretada, de vento (vento-madeira, vento-metal).

Traballar-lo “tempo” e o “matiz”.

Danzas.

Audicións.

Canto de cancións.

Interpretación de cancións con frauta.

5º curso de E.P.

Metodoloxía da Ed. Galinova, abandoando o “Proxecto Século XXI” de 5º para adoitar o novo texto “Xograr 5”, xa adaptado a LOE.

Coa frauta traballarán intervalos de 3ª, 4ª e 5ª, o mesmo que coa voz.

Introducción das tonalidades de FA Mayor e Sol Mayor (aprenderán a posición de Si Bemol e Fa Sostido, para o cal traballaremos os graos da escalas maiores, os tonos e os semitonos, os sostidos e os bemoles).

Rítmicamente traballaremo-las semicorcheas, o silencio de corchea, o tresillo, a repetición, obstinatos, etc.

Especial atención o compás ternario.

Manexo e instrumentacións con Percusión Altura Determinada (placas) acompañando cancións.

A Forma musical con exercicios de pregunta-resposta e “rondó”.

Partes dos instrumentos da Orquestra Sinfónica.

Dictados rítmicos e melódicos.

Escritura musical en pentagrama, tanto por copia como por dictado.

Danzas.

Audicións.

Canto de cancións.

Interpretación de pezas clásicas e tradicionais con frauta.

6º curso de E.P.

A novidade deste ano –que rompe co costume habitual- e a adopción de libro de texto para sexto (Xograr 6, Editorial Galinova). Busco dar certa continuidade a todo o proceso iniciado en primeiro de Primaria con cancións xa grabadas e exercicios programados en función do proceso e secuenciación da aprendizaxe; nembargantes non se remata coa metodoloxía anterior no que repecta a escrita musical, o dictado e certas dosis de adaptación o momento, innovación e satisfacción das peticións que se formulen en canto a cancións propostas para tocar ou cantar.

Graos da escala maior. Tons e semitons. Utilización das alteracións accidentais para modificar a altura do son. Escala cromática ascendente e descendente. Alteracións propias e accidentais. Uso e utilidade do becuadro. Aprendizaxe de canción con bemois e sostidos, empezando por Fa Maior (1 bemol) xa que Sol Maior xa foi (1 sostido) xa foi trabllada en 5º curso. Continuarase con outras tonalidades en función do progreso, aceptación e demanda.

Intervalos ascendentes e descendentes.

Coñecemento de todas as figuras rítmicas e os seus silencios. Traballo rítmico, vocal e instrumental das semicorcheas.

Ligadura de extensión e de expresión. O puntino. A síncopa.

Matices de intensidade. O carácter na música.

Musica a una voz solista, a dos voces, a tres, La forma canon.

Audicións musicais diversas de música clásica e contemporánea. Traballo exhaustivo da forma musical como medio para comprender a escota da obra musical.

Potenciación da escritura musical para conseguir unha boa destreza, tanto dixital como na lectura.

Interpretación de todas as cancións que propón o método máis as que eu crea que conveñen para acadar a máxima aprendizaxe significativa, incluíndo todas aquelas que eles propoñan e sexan convenientes, asumibles e asequibles para a maioría.

8.10.7 RELIXIÓN

EDUCACIÓN INFANTIL

INTRODUCCIÓN

A formación relixiosa e moral católica contribúe á formación integral do alumnado, ó desenvolver especialmente a súa capacidade de apertura á transcendencia, facilitarlle unha proposta de sentido para a súa vida e ilumina-lo fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan decisiva para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é o momento no que o neno ou nena comeza a comprende-lo mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no ámbito familiar e da escola, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe. O sentido transcendente da vida –capacidade básica do individuo– está enraizado no máis profundo do ser, e o neno ou nena pode recoñecelo nos símbolos e signos do seu contorno, nas experiencias relixiosas dos seus maiores, así como na cultura que se transmite na escola. Non podería existir unha formación integral se non se desenvolvesen tódalas capacidades inherentes ó ser humano, entre as que se atopa constitutivamente a capacidade transcendente.

Esta formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no que se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais.

FINALIDADE DA ÁREA

A ensinanza relixiosa católica na etapa de Educación Infantil pretende achega-lo neno ou nena ás principais claves da fe cristiá, axudalo

a descubrir esta experiencia no seu contorno, e a que el mesmo desenvolva as súas facultades de expresión e se inicie nos primeiros elementos que facilitan a comunicación con Deus.

A síntese da mensaxe cristiá fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos, favorece os hábitos de comportamento, e contribúe tamén ó desenvolvemento de destrezas e habilidades básicas dos nenos e as nenas desta idade. Para iso, válese dos elementos cristiáns presentes no contorno do alumnado, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos que posibilitan a comprensión da experiencia relixiosa adecuada a esta idade.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA

A ensinanza desta área contribúe, de maneira relevante, a que nenos e nenas desenvolvan as súas capacidades, reciban unha educación integral e alcancen o desenvolvemento pleno da súa personalidade:

Favorece o desenvolvemento das capacidades cognitivas, creativas, manipulativas, de relación social, de autoestima e de apertura á transcendencia dos alumnos.

Dá unha visión clara e sinxela dos feitos máis importantes da intervención de Deus no mundo, das palabras e os feitos da vida de Xesús e María, así como da vida das persoas cristiás capaces de ser testemuñas da súa fe e de lles transmitir ós seus fillos os valores do Evanxeo.

Invita os nenos e as nenas a formar parte do grupo de amigos de Xesús, para construír un mundo mellor, máis xusto e solidario, máis respectuoso coa Creación e máis humano.

Promove valores de amor e respecto ás persoas do contorno familiar e social do alumnado.

PSICOLOXÍA RELIXIOSA DO ALUMNO E ALUMNA

Ata os seis anos, aproximadamente, as únicas experiencias relixiosas que ten o neno/a son as familiares (se a familia e crente) e a escolar (se os pais/nais optan pola área de relixión). Incluso cando os pais levan aos seus fillos a igrexa, esta experiencia tamén é familiar.

OBXECTIVOS PARA EDUCACIÓN INFANTIL

Descubrir e coñece-lo propio corpo, regalo de Deus, promovendo a confianza e o desenvolvemento das súas posibilidades persoais.

Observa-las manifestacións do contorno familiar, social e natural que expresan a vivencia da fe católica para sentirse membro da comunidade á que pertence.

Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que lle permitan ó neno ou nena desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, confianza, alegría e admiración.

Expresar e celebra-las tradicións, festas e aniversarios máis importantes, exercitando as primeiras habilidades motrices, para relacionarse cos demais e para acceder á oración, os cantos de loanza e o sentido das festas relixiosas.

Favorece-la realización de actividades que promovan a participación, a cooperación e a xenerosidade como medio de expresa-lo amor de Deus e a fraternidade.

Descubrir que os cristiáns lle chaman Pai a Deus Creador de tódalas cousas, e saben que está con todos nós, quérenos e perdóanos sempre.

Coñecer que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e nos quere, morreu por nós e resucitou para estar con nós.

Descubrir que a Virxe María é a Nai de Xesús e tamén Nai de tódolos cristiáns, que forman unha gran familia.

Respecta-las persoas e cousas do seu contorno, coidalas e preocúpase por elas, como Xesús fixo e nos ensina a facer.

CONTIDOS DE E.I.

O corpo humano obra de Deus Creador coa colaboración dos pais. A diferenciación sexual (neno-nena) como don recibido por Deus.

Valoración da saúde como regalo de Deus. Medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde; cercanía das persoas que nos atenden e quere, alimentos, vestido e limpeza.

A creación, obra de Deus e regalo aos seus fillos. Deus pide colaboración e respecto no cuidado e no uso da natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola creación.

Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, o sal e o aceite.

Deus noso Pai, cuídanos e invítanos a servir aos demais.

Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e cuidado do libro que contén a Palabra de Deus.

Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María (Pai noso, Ave María e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristitana).

Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai, o fillo Xesús e amigo noso, a Virxe María nai de Xesús e nai nosa, a Igrexa.

Amor de Xesucristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.

Xesús coida das persoas e preocúpase por elas. Algúns paisaxes do evanxelio: a ovella perdida, as bodas de Caná, Xesús e os nenos.

Diálogo con Deus: a oración do Cristián. O home con Deus para escoitalle, pedirlle axuda e darlle grazas.

Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para constuir a vida familiar e as relación cos demais, según o plan de Deus.

A manifestación do amor cristian en xestos concretos: saudar, axudar a compartir cousas, perdoar, ser perdoados, axudar aos compañeiros.

A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e Cristián. Somos os fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento por pertencer a unha familia.

Comportamento cos amigos, os compañeiros da escola e as persoas do entorno.

Valor do domingo como festa do Señor resucitado. Principais festas cristiáns. O canto como expresión relixiosa de alabanza, alegría e gratitude.

Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos perto dos nenos.

CONCRECIÓN DE CONTIDOS PARA E.I. 3 ANOS

O corpo humano, obra de Deus Creador, coa colaboración dos pais. A diferenciación sexual (neno-nena) como don recibido de Deus.

Deus, Creador de tódalas cousas, tamén do corpo humano, coa colaboración dos pais.

O corpo humano, regalo de Deus: embarazo, parto, crecemento.

O primeiro home e a primeira muller, fillos de Deus dos que todos vimos.

A diferenciación sexual (neno-nena) como don recibido de Deus.

Escoita e comprensión do relato bíblico da Creación.

Recoñecemento do propio corpo e das súas diferencias respecto do dos demais.

Exploración e desenvolvemento das propias posibilidades de acción.

Valoración e gratitude polo regalo recibido de Deus, o corpo.

Alegría por vivir e medrar xunto ás demais persoas.

Respecto, coidado e estima cara a un mesmo e polos demais.

Aprecio das aprendizaxes e a autonomía que comporta o crecemento.

Aceptación cristiá das diferencias entre as persoas.

Valoración da saúde como regalo de Deus. Medios que Deus nos ofrece para conserva-la saúde. A proximidade das persoas que nos atenden e queren; alimentos, vestido e limpeza.

A saúde como regalo de Deus ó ser humano.

Medios que Deus ofrece para conserva-la saúde.

Os coidados e atencións familiares: alimentos, vestido, limpeza...

A proximidade dos nosos amigos e das persoas que nos queren.

As ensinanzas recibidas dos nosos maiores.

Análise de comportamentos que axuden a conserva-la saúde e o benestar.

Identificación de hábitos saudables; alimentación, hixiene, atención médica...

Descubrimento de que co seu corpo (mans, pés, palabra...) pode causar alegría ou dano ós demais.

Discriminación de accións positivas e negativas nas súas relacións cos demais.

Gratitude polos coidados e aprendizaxes recibidos das persoas queridas.

Interese por adquirir hábitos saudables relacionados co coidado do propio corpo.

Axuda e solidariedade coas persoas necesitadas.

A Creación, obra de Deus e regalo ós seus fillos. Deus pide colaboración e respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratidade e admiración poa Creación.

A Creación, obra de Deus e regalo ós seus fillos.

Deus Pai, Creador de tódalas cousas.

O coidado e uso da natureza confiados por Deus á intelixencia e acción das persoas.

O relato bíblico da Creación.

Escoita e comprensión do relato bíblico da Creación.

Interpretación de imaxes secuenciadas sobre o relato da Creación.

Discriminación de accións construtivas e destrutivas do contorno natural.

Memorización e recitación de oracións de loanza e gratidade a Deus pola Creación.

Admiración e gratidade a Deus por tódolos elementos da Creación.

Colaboración na tarefa de manter fermoso o mundo que Deus nos deu, empezando polo noso contorno.

Compromiso e colaboración no coidado de plantas e animais domésticos.

Satisfacción e interese por gozar da natureza sen malgastos nin abusos.

Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, o sal e o aceite.

Os símbolos relixiosos.

A estrela en Nadal.

A luz na Pascua.

As imaxes: o Neno Xesús, a Virxe María...

Identificación de símbolos cristiáns.

Observación directa e indirecta de símbolos e imaxes relixiosas.

Relación dos símbolos co seu significado.

Elaboración de manualidades con significado relixioso: estrela de Nadal, cirio pascual...

Aprecio e respecto polos símbolos relixiosos.

Deus é o noso Pai, coida de nós e invítanos a servi-los demais.

Deus Pai, Creador de tódalas cousas, está con todos nós, quérenos e perdoa sempre.

A expresión do amor de Deus a través dos valores cristiáns: amizade, convivencia, respecto, perdón, xenerosidade, fraternidade...

Procedementos

Desenvolvemento de estratexias para descubrir a Deus como noso Pai, amoroso e bo, en relación coa figura do pai e da nai.

Realización de actividades que promoven os valores cristiáns como medio de expresa--lo amor a Deus e ós demais.

Satisfacción por coñecer e adquiri-los valores que emanan do amor de Deus.

Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.

A Biblia, o libro santo dos cristiáns.

A Biblia, Palabra de Deus.

Relatos do Antigo e do Novo Testamento.

Todo isto é imprescindible para a comprensión da linguaxe en todas as linguas da cultura occidental. A ensinanza relixiosa fai posible unha verdadeira comunicación lingüística, ao empregar distintos linguaxes na súa expresión verbal o escrita, explícitos e implícitos nas fontes diversas. Finalmente, o análise dos feitos sociais que se presentan na clase de relixión, como elementos motivadores da realidade evanxélica, posibilitan o enriquecemento do vocabulario.

2. Competencia matemática:

A área de Relixión contribúe a expresar as ideas con rigor e orde , a aprender a argumenta-los contidos desta ensinanza, estimando e enxuciando a lóxica da argumentación.

O desenvolvemento da ensinanza da ERE axuda a adquirir a competencia da búsqueda da verdade a través da razón e do razoamento hipotético-deductivo.

3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:

A área de relixión contribúe en canto axuda á percepción do espacio físico e a habilidade para interactuar con el mesmo. Tamén contribúe ao coidado e a protección da saúde e do medio ambiente; ao uso responsable e ao consumo racional dos recursos naturais, Esta área promove a procura, obtención e procesamento de información sobre as imaxes e os símbolos relixiosos do mundo físico, así coma a súa interpretación, expresión e comunicación. Contribue á percepción e recoñecemento das distintas persoas e as función e tarefas dos diversos grupos relixiosos.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

A ERE integra o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para informar, aprender e comunicarse. Busca, obtén e analiza información sobre os diferentes elementos da realidade relixiosa, procesa e comunica transformándoa en coñecemento.

No uso das Tic na ERE como instrumento do traballo intelectual que transmite e xenera información e coñecemento vése facilitada pola interrelación entre grupos que permiten este intercambio. O emprego das diversas tecnoloxías e os seus linguaxes mírase reforzado pola súa aplicación nos contidos da área.

Este proceso que ten lugar na área facilita valorar, avaliar e contrastar todo o adquirido, xerando e aportando á persona autonomía, sentido crítico e reflexivo á hora de tratar e empregar a información responsablemente.

5. Competencia social e cidadana:

A área de Relixión contribúe á competencia favorecendo a comprensión da estrutura e o funcionamento de determinados grupos sociais. Tamén aprenden os alumnos, nesta área, a cooperar, convivir, exercer na cidadanía e comprometerse na mellora da sociedade, gracias aos modelos de participación litúrxica e os proxectos de acción social dos grupos relixiosos, así como a formulación de xuízos éticos e a aplicación de normas de conducta coherentes coas súas crenzas e o sentido da vida. O coñecemento dos grupos relixiosos como a reflexión ética contribúen a adquirir destrezas necesarias para a resolución de conflitos sociais, e expresar naturalidade e espírito de diálogo o contido das propias ideas e a visión do mundo.

6. Competencia cultural e artística:

A área de relixión contribúe na consecución de esta competencia axudando á identificación das crenzas a partir do coñecemento, comprensión, apreciación e valoración crítica das diferentes manifestacións artísticas, culturais e relixiosas empregándoas como fonte de enriquecemento persoal e gozo estético, considerándoas como parte do patrimonio dos pobos. Colabora e capacita para que este coñecementos da diversidade de

expresións artísticas, culturais e relixiosas que existen no noso entorno, promove unha acción de respecto, valoración e crítica, facilitando a convivencia con outras persoas e grupos sociais.

7. Competencia para aprender a aprender:

Neste competencia a área de relixión contribúe igualmente ao desenvolvemento de aprender a aprender, fomentando as capacidades a través da educación , o impulso do traballo en equipo a síntesis da información e opinión.

Esta ensinanza axuda aos alumnos a ser protagonistas do seu propio aprendizaxe como resposta a súa colaboración no plan de Deus. No que o ser humano colaborea activa e libremente. Isto conleva non só a una proposta consensuada de sentimentos, valores, actitudes, senón un marco de referencia aceptado según as súas conviccións, que ha de ser motor na procura da verdade e do ben.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

A Ere aporta unha cosmovisión que fai posible a apertura hacia o fundamento e o sentido último da vida, e por tanto, ao sentido da ciencia e da cultura, da identidade mesma da persoa humana.

Na contribución do desenvolvemento persoal do alumno, a relixión e motor xerador de valores e de integración social. Colabora, esta área, nesta competencia entregando ao alumno e alumna as virtualidades necesarias para crear as disposicións e actitudes que favorecen a inserción social.

A autonomía do individuo cristiá ven favorecida pola apertura dunha visión totalizante do mundo e da realidade, unha cosmovisión que fai posible a formación integral do alumno e alumna fronte a visións parciais e determinantes da liberdade propia.

Desde o punto de vista dos procedementos esta área favorece esa competencia básica desenvolvendo iniciativas e atendendo especialmente aos alumnos e alumnas a que constrúan un xuício moral baseado nos principios, valores e actitudes que se xeneran no evanxelio.

COMPETENCIAS BÁSICAS DOS NIVEIS 1º E 2º

- Comunicación lingüística:
 - Comprender a linguaxe bíblica.

- Coñecer a linguaxe simbólica das parábolas e milagres.
 - Comprender e utilizar a linguaxe xestual.
 - Valorar a linguaxe testemuñal.
 - Enriquecer o propio vocabulario.
- Social e cívica:
- Construír a personalidade humana.
 - Ilusionarse nun proxecto de vida altruísta.
 - Sentirse membro dun colectivo.
 - Desenvolver o sentimento de fraternidade universal.
 - Procurar o ben e a felicidade do próximo.
 - Discriminar actitudes de solidariedade e entrega aos demais das que non o son.
 - Coñecer o testemuño de María, a nai de Xesús e dos cristiáns e sentirse invitado a seguilo.
 - Descubrir e asumir valores de xenerosidade, perdón, entrega dun mesmo, solidariedade, servizo aos demais, xustiza, a non-discriminación, a tolerancia, a xustiza, o compromiso social, o perdón, a cooperación e a xenerosidade.
 - Mellorar as relacións interpersoais.
 - Respetar e admirar o testemuño de homes e mulleres santos.
- Cultural e artística:
- Cantar cancións de contido relixioso.
 - Recitar poemas de contido relixioso.
 - Interpretar obras de teatro de contido relixioso e humano.
 - Confeccionar traballos manuais de contido relixioso.
 - Respetar o símbolo da cruz.
 - Coñecer e valorar as festas, a liturxia e os símbolos da Semana Santa.
 - Abrirse a coñecer con respecto outras culturas.
 - Asumir valores do feito relixioso na súa expresión vivencial.
- Aprender a aprender:

- Traballar en equipo para confeccionar un mural, carteis, manualidades, obras de teatro, monicreques, xogos de mesa, campañas...
 - Implicarse na busca da verdade e do ben.
 - Relacionar, sintetizar e resumir información.
- Autonomía e iniciativa persoal:
- Coñecerse a si mesmo
 - Formarse desde dentro.
 - Construír un xuízo moral baseado en valores evanxélicos.
 - Prepararse para celebrar festas.
 - Reflexionar acerca do seu modo de vida.
 - Abrirse ao sentido da transcendencia e da vida.
 - Tomar iniciativa para elixir a técnica do seu traballo.
 - Adquirir un sinxelo compromiso.
 - Aprender a pedir perdón como unha liberación que leva á felicidade.
 - Aprender a observar a realidade social para emitir un xuízo baseado nos valores evanxélicos e actuar.
 - Reflexionar acerca das súas propias actitudes.
 - Ilusionarse por construír un mundo mellor.
- Coñecemento e interacción co mundo físico:
- Valorar e coidar a natureza como creación de Deus.
 - Identificar elementos da natureza (auga, luz, aceite...) que adquiren valor simbólico.

OBXETIVOS DOS NIVEIS 1º E 2º DE E.P.

1. Identificar a presenza do fenómeno relixioso na sociedade e recoñecer algúns elementos relixiosos do contorno.
2. Respetar e apreciar o compromiso dos crentes que traballan por un mundo mellor.
3. Identificar a Biblia como libro especial para os cristiáns porque fala de Deus.

4. Ler algúns relatos bíblicos nos que Deus se manifesta como Pai Creador e misericordioso.
5. Mostrar interese por aprender a localizar unha cita bíblica.
6. Ler o relato bíblico da Creación para descubri-lo amor de Deus ás súas criaturas.
7. Apreciar a beleza da Creación.
8. Identificar a natureza como un regalo e amosar interese polo seu coidado e conservación
9. Recoñecer e valorar o amor de Deus a través da natureza e a través das persoas que o rodean
10. Ler o relato bíblico de Abraham, Moises, María e Xesús e a súa relación con Deus.
11. Valorar a fe en Deus de personaxes bíblicos
12. Recoñecer a María como modelo para os cristiáns e cristiás.
13. Recoñecer a Xesús como amigo que ensina a amar
14. Identificar a Deus como un Pai bo que ama e perdoo.
15. Ler e analizar algunhas parábolas nas que Xesús fala do amor de Deus.
16. Considerar a Xesús como amigo que ensina a amar.
17. Le-lo relato da paixón, morte e resurrección de Xesús e a presenza do Espírito Santo en Pentecostés.
18. Relaciona-los acontecementos dos últimos días da vida de Xesús coas celebracións cristiás da Semana Santa.
19. Valora-las ensinanzas de Xesús que fala de Deus.
20. Identifica-la Igrexa como a familia dos cristiáns e cristiás que se reúnen para celebra-lo amor de Deus.
21. Recoñece-los elementos que interveñen na celebración do sacramento do Bautismo.
22. Identifica-lo significado das festas cristiás máis importantes.
23. Recoñecer e nomear algúns símbolos que interveñen nos ritos e celebracións da Igrexa.
24. Coñecer vocabulario relacionado coa Eucaristía e utilizalo nas súas descrições do culto cristián.

25. Valora-los Mandamentos como normas ou consellos de Deus para amar e ser feliz.
26. Respetar e acepta-los valores humanos e crisitáns na vida cotiá como pautas para construír un mundo de amor.
27. Descubrir que os valores humanos e cristiáns se reflicten nas relacións e actitudes da vida diaria.
28. Valorar a vida da Igrexa parroquial e apreciar o seu compromiso e o dos crisitáns e cristiás na sociedade actual ó transmitir o amor de Deus.
29. Ler algúns relatos bíblicos nos que os personaxes responden a vontade de Deus. Abraham, Moisés, María, Xesús e os seguidores de Xesús.
30. Valorar o testemuño dos santos e santas ó responder a Deus.
31. Valorar a oración como diálogo con Deus e coñecer a oración do NosoPai.
32. Identificar e describir as imaxes e os templos crisitáns do seu medio, relacionalos co seu significado e apreciar a súa beleza.
33. Desenvolver a súa capacidade de apertura e transcendencia.
34. Coñecer que a vontade de Deus é a felicidade para todos.
35. Adquirir conciencia de que a esperanza na festa xa é vivir a festa.
36. Achegarse á idea da esperanza cristiá e a gran festa do ceo.

VALORES E ENSINANZAS TRANSVERSAIS

- Educación moral e cívica:
 - Respecto e estima polas persoas que nos aman.
 - Aprecio cara aos valores que xorden da mensaxe de Xesús.
 - Interese por amosar amor e afecto a outras persoas.
 - Interese por actuar e resolver situacións correctamente.
 - Participación responsable e creativa en traballos de equipo.
 - Aprecio e respecto polas celebracións relixiosas.
 - Interese e esforzo por desenvolver capacidades para afrontar situacións novas.
 - Sinceridade e liberdade nas mostras de afecto.
 - Interese por establecer relacións afectivas.
 - Responsabilidade ante o propio traballo e o do grupo.

-
- Interese por aprender a compartir.
 - Alegría por levar o amor aos que máis o necesitan.
 - Aprecio e estima por pertencer a un colectivo.
 - Desexo de coñecer e axudarlles aos demais.
- Educación para a paz:
- Estima por favorecer o perdón.
 - Interese por superar situacións difíciles.
 - Interese por coñecer e respectar as festas doutras culturas.
 - Aceptación das normas.
 - Hábitos de diálogo e cooperación cos demais.
 - Participación activa e alegre nos traballos de equipo.
 - Valoración das condutas humanas e cristiás sobre o perdón
 - Respecto pola cultura cristiá da nosa sociedade.
 - Interese por construír un mundo mellor.
 - Valoración e gratitude polas mostras de amor.
- Educación ambiental:
- Descubrimento e respecto pola natureza.
 - Admiración pola beleza da Creación.
 - Respecto por todos os elementos da Creación.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos:
- Identificación e análise de situacións de marxinación.
 - Respecto e interese por descubrir a dignidade de toda persoa.
- Educación do consumidor:
- Valoración das cousas non-materiais.
- Educación para o lecer:
- Apreciar e valorar as vantaxes que nos ofrecen os medios de comunicación no referente á cultura, á información, ao deporte... e recoñecer os seus inconvenientes: o consumismo, as opinións partidarias...
- Educación sexual:

- Amosar aprecio, delicadeza e respecto polas persoas, con independencia da súa condición sexual.
- Manifestar unha actitude de estima e de igualdade entre os sexos a través de sentimentos que favorecen o respecto e a amizade.
- Valorar o corpo, con independencia de que sexa de home ou de muller, como elemento creado por Deus, que nos permite comunicarnos cos demais a través do amor.

CONTIDOS DOS NIVEIS 1º E 2º DE E.P.

1. A creación do ser humano e do mundo, obra admirable de Deus e tarefa para o home.
2. Estructura e sentido da Biblia, palabra de Deus.
3. Manifestación de Deus Pai, creador e misericordioso, na Biblia.
4. A resposta do home a Deus. O valor da oración como relación con Deus. Significado do templo e das imaxes.
5. Deus quere a felicidade do ser humano. O seu amor e providencia.
6. Deus mostra o seu amor. A intervención salvadora de Deus na historia do pobo de Israel, asumida pola Tradición cristiana.
7. amor de Deus e fonte de verdade e bondade para os que creen.
8. Os mandamentos, expresión da ley natural e do amor de Deus. Regla de conducta da vida cristian e humana.
9. Deus envía o seu fillo, Xesucristo, para a salvación dos pecados dos fillos. Xesucristo camino, verdade e vida.
10. Principais ensinanzas da vida de Xesús, narradas nos evanxelos. As parábolas.
11. Deus manifesta o seu amor coa morte do seu fillo. Última cea, Pasión, Morte e Resurrección. Deus quédase con nos: o Espírito Santo.
12. Formamos unha grande familia dos fillos de Deus, a Igrexa, que reúnen para celebrar o amor de Deus.
13. As festas e celebracións do ano litúrxico. O sentido da festa Cristián: Deus con nos. Significado das festas marianas máis importantes.
14. Significado e sentido de algúns símbolos relixiosos nas celebracións: a auga, o lume, a luz, o aceite, os xestos, a música.

15. Os ritos coma expresión da relación de Deus. O culto cristian.
16. cristian espera a gran festa do ceo.

AVALIACIÓN

A avaliación debe entenderse como un proceso continuo e integrado ó longo de toda a etapa. A súa finalidade principal consiste na adecuación da ensinanza ó progreso real dos alumnos. A información que proporciona debe servir para valorar tanto o rendemento académico dos alumnos como a eficacia do proceso de ensinanza e a súa propia práctica docente.

A forma de avaliar deriva dos obxectivos formulados e dos criterios metodolóxicos que definen a práctica educativa. Así unha metodoloxía que segue criterios construtivistas, globalizada, personalizada e integradora, require unha avaliación formativa, global e continua.

Empregaremos diversos instrumentos para a avaliación:

- Actividades que permiten avalia-la marcha dos procesos formativos a través de resultados concretos.
- Pautas de observación útiles para centra-los aspectos fundamentais da avaliación e os modos prácticos de levala a cabo.

Segundo o momento e situación nos que se produza, a avaliación terá diversas funcións e modalidades: *avaliación inicial*, *avaliación continua* e *avaliación final*.

Avaliación inicial

Cando se emprende un novo percorrido educativo é imprescindible ter en conta toda unha serie de factores que interveñen no proceso de aprendizaxe: coñecementos previos do alumno ou alumna sobre o que vai aprender, a súa motivación, o seu historial académico...

De ahí a necesidade da avaliación inicial para:

- Determina-los coñecementos previos de cada alumno ou alumna en cada nova situación de aprendizaxe.
- Valora-la disposición emotiva do alumno ou alumna cara á área.
- Facilita-la toma de conciencia por parte do alumno das lagoas, imprecisións e contradicións nos seus esquemas de coñecemento e, así, poder asumi-la necesidade de superalos.

- Detectar aquelas alteracións e disfuncións que poden interferir no proceso educativo e que requiran unha atención educativa especial.
- Comproba-lo grao de interiorización dos valores e normas propios do grupo de convivencia.

A avaliación inicial non trata de medi-la cantidade de aprendizaxe que o alumno ou alumna posúe, senón a calidade desta: as estratexias e recursos que utiliza, o proceso de razoamento e asimilación...

Avaliación formativa

A avaliación continua realízase ó longo de todo este camiño e pretende recoller información para proporcionar unha *atención individualizada* en cada momento.

O aspecto clave da avaliación continua radica en obxectiva-la progresión na competencia dos alumnos.

A avaliación nesa escala de criterios permitirá descubri-lo verdadeiro progreso na competencia do alumno/a.

Avaliación final. Avaliación sumativa

A avaliación tamén ten por finalidade determinar se se conseguiron ou non, e ata onde, as intencións educativas propostas. A avaliación sumativa valora os resultados da aprendizaxe para comprobar se acadan o grao de desenvolvemento desexado.

As finalidades da avaliación sumativa poden sintetizarse en:

- Medi-los resultados da aprendizaxe para comprobar que se consegue o nivel establecido.
- Pronunciarse sobre o grao de éxito ou fracaso do proceso educativo no cumprimento das intencións propostas.
- Acreditar ó final dun ciclo ou etapa que os alumnos realizaron as aprendizaxes correspondentes.
- Orienta-lo alumno ou alumna para as súas novas experiencias de aprendizaxe.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 1º E 2º DE E.P.

1. Describir e respecta-las distintas prácticas relixiosas e o seu sentido: a oración, o culto e o compromiso.

2. Saber localizar unha cita bíblica.
3. Recoñecer nalgúns textos bíblicos sobre a Creación a bondade e a paternidade de Deus.
4. Aprecia-lo amor de Deus ás persoas desde a natureza e a súa presenza xunto a nós.
5. Distinguir algúns personaxes bíblicos significativos e a súa resposta de fe, con especial atención á figura da Virxe María e á persoa de Xesús como dignos de imitación.
6. Sacar conclusións dalgunhas parábolas básicas na ensinanza de Xesucristo.
7. Sinala-la relación do crente con Deus nalgúns textos bíblicos.
8. Comprender que Cristo nos amosa o seu amor presentándose como camiño para chegar a Deus, morrendo por nós, perdoándonos e enviándonos-lo seu Espírito.
9. Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus.
10. Identifica-lo significado dos símbolos cristiáns e do templo, e reconece-la raíz celebrativa da festa cristiá.
11. Comprender e respectar que o domingo é o Día do Señor.
12. Saber situar algúns símbolos relixiosos nas festas do seu contorno.
13. Saber aplica-los Mandamentos da lei de Deus á vida cotiá.
14. Relaciona-lo final feliz das parábolas das vodas e a gran festa do ceo.

CONTIDOS DO PRIMEIRO CURSO

A creación do ser humano e do mundo, obra admirable de Deus e tarefa para o home.

- A Creación como regalo de Deus Pai.
 - O Deus Pai creador.
 - O ser humano: cima da Creación.
 - A Creación como tarefa do home.
- Interpretación de textos bíblicos.
 - Lectura comprensiva do relato bíblico da Creación.
 - Relación de imaxes e texto.
- Aprecio e gratitude pola Creación.

- Estima pola beleza da Creación.
 - Respecto, coidado e estima ás demais persoas.
 - Respecto, coidado e conservación da natureza.
 - Estructura e sentido da Biblia, palabra de Deus.
 - A Biblia.
 - Relatos bíblicos.
 - Lectura comprensiva de textos bíblicos.
 - Respecto pola Biblia.
 - Interese pola lectura de relatos bíblicos.
 - Manifestación de Deus Pai, creador e misericordioso, na Biblia.
 - Narracións da Biblia nas que Deus se manifesta.
 - A Creación.
 - A elección de María.
 - A anunciación do nacemento de Xesús a pastores e Magos.
 - As palabras e os feitos de Xesús.
 - Lectura comprensiva de textos bíblicos.
 - Identificación de personaxes na historia da anunciación do nacemento de Xesús.
 - Interese por descubrir e valora-la manifestación de Deus.
- A resposta do home a Deus. O valor da oración como relación con Deus. Significado do templo e das imaxes.
- Narracións da Biblia sobre a liberdade de elección.
 - María, modelo de fe.
 - Relatos evanxélicos sobre María.
 - Xesús fala de Deus.
 - Arte cristiá no contorno.
 - Arquitectura relixiosa: as igrexas.
 - Identificación de obras de arte cristiá como patrimonio cultural da nosa sociedade.
 - Observación de templos e imaxes.
 - Descrición de templos e imaxes.

- Identificación do sentido e significado de templos e imaxes.
- Realización de debuxos, pinturas, colaxes, murais... de temas relixiosos.
- Actitude positiva cara ó patrimonio relixioso artístico e cultural.
 - Sensibilidade ante a beleza dos templos e das imaxes.
 - Respecto polo significado dos templos e das imaxes para os cristiáns.
- Aprecio pola oración como diálogo con Deus.
 - Respecto pola relación dos cristiáns con Deus a través da oración.
Deus quere a felicidade do ser humano. O seu amor e providencia.
- O amor.
 - As mostras de amor.
 - O coidado amoroso de Deus ás súas criaturas.
 - Os regalos de Deus.
 - O perdón.
- Lectura de narracións sobre o comportamento das persoas.
- Reflexión sobre os propios sentimentos.
 - Análise, interpretación e toma de decisións.
- Recitación de poemas e cantos sobre o amor.
- Aprecio polas mostras de amor.
Deus amosa o seu amor. A intervención salvadora de Deus na historia do pobo de Israel, asumida pola tradición cristiá.
- O amor de Deus.
 - Relatos bíblicos de personaxes que experimentan o amor de Deus: Deus colma de graza a María; Deus dá o seu fillo Xesús.
 - O Deus de Xesús: Deus, Pai que ama e perdoa; palabras de Xesús sobre o amor de Deus.
 - A Salvación de Deus: o anuncio da vinda do Salvador; Advento, tempo de preparación para o Nadal.
- Análise de actitudes dos personaxes dos relatos bíblicos.
- Dramatización de textos bíblicos.

- Memorización de frases curtas.
- Reflexión sobre a participación na dramatización.
- Aprecio polo amor de Deus.
- Estima polas actitudes de personaxes bíblicos.
- Interese por participar na dramatización de textos bíblicos.
 - O amor de Deus é fonte de verdade e bondade para os que cren.
- Manifestacións de bondade no seu contorno.
 - A bondade na familia.
 - A bondade dos amigos e dos compañeiros do colexio.
 - O coidado da natureza ou das cousas.
- Manifestacións de bondade na súa propia persoa.
- Testemuños do amor de Deus.
 - Crentes que fan da bondade e da verdade a súa razón de fe e de vida.
- Expresión dos valores que xorden do amor de Deus, a mensaxe de Xesús.
 - A amizade.
 - A xenerosidade.
 - A convivencia e o respecto.
 - O perdón.
 - A fraternidade.
 - A sinceridade.
 - A alegría.
 - A axuda ós demais.
- Discriminación de actitudes que favorecen a bondade.
 - Identificación de actitudes de bondade e verdade.
- Lectura de narracións sobre o comportamento das persoas.
- Lectura de textos bíblicos nos que Xesús ensina a bondade e a verdade.
- Aprecio pola verdade e a xenerosidade.
- Actitude de solidariedade e axuda desinteresada ós demais.

- Actitude positiva ante comportamentos e condutas que son o resultado dunha opción relixiosa e cristiá.
- Interese polos valores que emanan do amor de Deus e aprecio pola actitude de entrega dos crentes.

Deus envía o seu fillo Xesucristo para a salvación dos pecados dos fillos. Xesucristo, camiño, verdade e vida.

- Xesús, o Salvador prometido por Deus.
 - Vida pública de Xesús.
- A mensaxe de Xesús.
- A obra de Xesús.
 - Xesús e os nenos.
 - Xesús e os pecadores.
- Lectura de narracións sobre o comportamento das persoas.
- Lectura e análise de relatos sobre as manifestacións do amor humano, para extraer conclusións sobre a mensaxe de Xesús.
- Interese por aprender a expresa-las mostras de amor ás persoas achegadas.
 - Estima e gratitude polas mostras de amor recibido.
 - Interese por diferencia-las mostras de amor das que non o son.
 - Aprecio polas mostras de amor como mensaxe de Xesús.

Principais ensinanzas da vida de Xesús narradas nos Evanxeos. As parábolas.

- Xesús, mestre e amigo. Narracións do Novo Testamento que presentan modelos de conduta cristiá.
 - Parábolas: o bo samaritano.
 - Feitos: Xesús cos nenos, Xesús cos seus amigos, o mandamento do amor, o perdón a Zaqueo...
- Lectura de narracións sobre o comportamento das persoas.
- Lectura comprensiva de textos sobre as ensinanzas de Xesús.
 - Análise de feitos da vida de Xesús.
 - Conclusións sobre as parábolas e os feitos de Xesús.
- Dramatización de parábolas..

- Representacións de personaxes e situacións por medio de mímica e de expresión corporal.
- Aprecio e respecto polas ensinanzas de Xesús.
 - Interese por descubri-la mensaxe das parábolas e dos feitos de Xesús.
 - Interese por vivi-las ensinanzas de Xesús.
- Respecto polas normas e acordos democráticos que se adoptan para realizar traballos en grupo.

Deus manifesta o seu amor coa morte do seu Fillo. Última Cea, Paixón, Morte e Resurrección. Deus queda connosco: o Espírito Santo.

- Relatos dos Evanxeos sobre a Última Cea, a Paixón, a Morte e a Resurrección de Xesús.
 - Entrada en Xerusalén.
 - A Última Cea. O mandamento do amor.
 - Morte de Xesús.
 - Resurrección de Xesús. Xesús vive.
- A Semana Santa e a Pascua.
 - Celebracións da Semana Santa.
 - As palmas e os ramos.
 - O cirio pascual.
- Lectura de narracións sobre o comportamento das persoas.
- Lectura comprensiva de textos bíblicos sobre a Última Cea, a Paixón, a Morte e a Resurrección de Xesús.
 - Descubrimento da mensaxe da Resurrección de Xesús.
 - Utilización de símiles relacionados coa Morte e Resurrección de Xesús.
- Identificación de manifestacións culturais e artísticas sobre a Paixón, a Morte e a Resurrección de Xesús na sociedade actual.
- Interese por descubri-la mensaxe da Resurrección de Xesús.
- Aprecio pola mensaxe de salvación.
- Respecto polas celebracións de Semana Santa.

Formámo-la gran familia dos fillos de Deus, a Igrexa, que se reúne para celebra-lo amor de Deus

- A Igrexa.
 - A familia dos amigos de Xesús, os cristiáns e as cristiás.
 - A Igrexa, comunidade parroquial.
- A vida dos cristiáns.
- Descrición de imaxes onde se amosa a vida dos cristiáns.
 - Identificación das actitudes de servizo e alegría.
- Audición e interpretación de cancións.
- Respecto pola familia dos cristiáns e cristiás.
 - Interese por coñece-la vida dos cristiáns e cristiás.
 - Aprecio pola vida de servizo con alegría dos cristiáns.

As festas e celebracións do ano litúrxico. O sentido da festa cristiá:

Deus conosco. Significado das festas marianas máis importantes.

- Festas e tempos do calendario litúrxico.
 - Advento e Nadal.
 - Semana Santa e Pascua.
- Características das festas.
 - Nome da festa.
 - Significado da festa.
 - Elementos litúrxicos da celebración da festa.
- Lectura de narracións sobre o comportamento das persoas.
- Descrición das festas cristiás.
 - Observación directa e indirecta da realidade.
 - Participación en manifestacións artísticas e culturais relacionadas coas festas.
- Recitación de poemas e cantos referentes ás festas.
- Respecto polas festas e as celebracións relixiosas.
 - Interese por participar nas festas relixiosas.
- Respecto pola figura da Virxe María como nai e modelo para os cristiáns.

Significado e sentido dalgúns símbolos relixiosos nas celebracións: a auga, o lume, a luz, o aceite, os xestos, a música.
- A cruz, sinal dos cristiáns.
- Identificación de símbolos.

- Descrición de celebracións.
- Aprecio e respecto polos símbolos relixiosos.
- Interese, curiosidade e respecto polos lugares relixiosos (templo) e polas celebracións litúrxicas.
- Actitude de respecto cara ás persoas que participan nas celebracións litúrxicas.

Os ritos como expresión da relación con Deus. O culto cristián.

- A relación con Deus.
 - A relación filial e a relación de amizade.
 - A oración como expresión da relación con Deus.
- O culto da Igrexa.
- O domingo.
 - Carácter sagrado do domingo para os cristiáns.
 - A festa dos cristiáns.
 - Xesús convida a todos á súa festa.
 - A Eucaristía.
 - A alegría pola festa.
 - Actitudes cristiás do domingo.
- Localización de lugares e espazos onde a Igrexa realiza o culto e a catequese.
- Respetto pola festa do domingo.
 - Interese por descubri-lo carácter sagrado do domingo.
 - Actitude positiva e sensibilidade ante a riqueza cultural e artística dos elementos litúrxicos.

O cristián agarda a gran festa do ceo.

- O amor para sempre.
 - A separación e o reencontro coas persoas amadas.
 - A ilusión da espera do reencontro.
- A festa do ceo.
 - O amor ás persoas.
 - A beleza da Creación.
 - O coidado da terra.
 - A construción dun mundo novo.

- Lectura comprensiva de narracións sobre o comportamento das persoas.
- Identificación de actitudes e sentimentos referentes á capacidade de apertura
- Aprecio pola beleza e abundancia da natureza como símbolo do ceo novo e da terra nova, pegada de Deus.
- Estima ás persoas e a Xesús como símbolo da gran festa do ceo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PRIMEIRO CURSO

1. Describir e respectar as distintas prácticas relixiosas e o seu sentido: a oración, o culto e o compromiso.
2. Recoñecer nalgúns textos bíblicos sobre a creación, a bondade e paternidade de Deus.
3. Apreciar o amor de Deus polo home desde a natureza e a súa presenza xunto a nós.
4. Distinguir algúns personaxes bíblicos significativos e a súa resposta de fe, con especial atención á figura da Virxe María e á persoa de Xesús como digno de imitación.
5. Sacar conclusións dalgunhas parábolas básicas na ensinanza de Xesucristo.
6. Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus.
7. Identificar o significado dos símbolos cristiáns e do templo e a festa cristiá.
8. Comprender e respectar que o domingo é o Día de o Señor.
9. Saber situar algúns símbolos relixiosos nas festas do seu contorno.
10. Explicar o significado dalgunos textos que fagan referencia á gran festa do ceo.

CONTIDOS DE SEGUNDO CURSO

A creación do ser humano e do mundo, obra admirable de Deus e tarefa para o home.

- A Creación como tarefa do home.
- Interpretación de textos bíblicos.
 - Lectura comprensiva do relato bíblico da Creación.
 - Relación de imaxes e texto.
- Respecto, coidado e estima ás demais persoas.

- Respecto, coidado e conservación da natureza.
Estrutura e sentido da Biblia, palabra de Deus.
- A Biblia, un conxunto de libros.
 - Estrutura da Biblia.
 - Partes da Biblia: Antigo Testamento e Novo Testamento.
 - Libros, capítulos e versículos.
- A Biblia, palabra de Deus.
 - Carácter sagrado da Biblia.
 - Celebracións nas que se le a Biblia.
- Busca de citas bíblicas.
 - Identificación da cita.
 - Localización do libro, capítulo e versículos.
 - Lectura comprensiva do texto.
- Respecto pola Biblia.
 - Respecto pola Biblia como libro sagrado para os cristiáns.
Manifestación de Deus Pai, creador e misericordioso, na Biblia.
- Narracións da Biblia nas que Deus se manifesta.
 - A promesa a Abraham.
 - A relación con Moisés. Os Mandamentos.
 - A elección de María.
 - A anunciación do nacemento de Xesús ós pastores e ós Magos.
 - A presentación de Xesús no templo.
 - O bautismo de Xesús.
 - As palabras e os feitos de Xesús.
 - Lectura comprensiva de textos bíblicos.
 - Identificación de personaxes na historia da Salvación.
 - Interese por descubrir e valora-la manifestación de Deus.
- A resposta do home a Deus. O valor da oración como relación con Deus.
Significado do templo e das imaxes.
 - Narracións da Biblia sobre a liberdade de elección. A resposta de confianza dos personaxes da historia da Salvación.
 - Abraham e a promesa de Deus.
 - Moisés e a liberación do pobo de Israel. Os Mandamentos.

- María, a fe e a confianza na vontade de Deus. María, modelo de fe.
- Relatos evanxélicos sobre María.
- Xesús fala de Deus.
- Resposta á invitación de Xesús.
- Arte cristiá no contorno.
 - Significado dos templos e das imaxes.
 - Arquitectura relixiosa: as igrexas.
 - Pintura relixiosa: escenas da vida de Xesús e de María.
 - Escultura relixiosa. Os pasos.
- A relación con Deus a través da oración.
 - A oración que ensinou Xesús: o Nosopai.
- Identificación de obras de arte cristiás como patrimonio cultural da nosa sociedade.
 - Observación de imaxes.
 - Descrición de imaxes.
 - Identificación do sentido e o significado de templos e imaxes.
 - Realización de debuxos, pinturas, colaxes, murais... de temas relixiosos.
- Actitude positiva cara ó patrimonio relixioso artístico e cultural.
 - Sensibilidade ante a beleza dos templos e das imaxes.
 - Respecto polo significado dos templos e das imaxes para os cristiáns.
- Aprecio pola oración como diálogo con Deus.
 - Respecto pola relación dos cristiáns con Deus a través da oración.
 - Interese por coñece-la relación dos cristiáns con Deus.
- Aprecio e respecto polo Noso Pai.
 - Deus quere a felicidade do ser humano. O seu amor e providencia.
- A felicidade.
 - A felicidade do ser humano en amar.
 - A felicidade do ser humano en sentirse amado.
 - Personaxes que encontran a felicidade ó confiar en Deus.
 - O desexo de felicidade para sempre.
 - A vontade de Deus de felicidade para todos e para sempre.

- O amor e a providencia de Deus.
- O coidado amoroso de Deus ás súas criaturas.
- Os regalos de Deus.
- O perdón.
- Lectura de narracións sobre o comportamento das persoas.
 - Lectura comprensiva de textos nos que as persoas se senten felices.
 - Análise de lecturas para extraer mensaxes sobre a felicidade.
- Reflexión sobre os propios sentimentos e os desexos de felicidade.
 - Análise, interpretación e toma de decisións.
 - Comparación de actitudes que comportan felicidade con outras que non.
 - Recitación de poemas e cantos sobre a felicidade.
 - Aprecio da felicidade.
 - Interese por descubri-los motivos da propia felicidade.
 - Interese por esforzarse en colaborar na felicidade dos demais.
 - Interese por comparti-la felicidade propia e a felicidade allea.

Deus amosa o seu amor. A intervención salvadora de Deus na historia do pobo de Israel, asumida pola tradición cristiá.

- O amor de Deus.
 - Relatos bíblicos de personaxes que experimentan o amor de Deus: Deus cumpre a súa promesa en Abraham; Deus guía a Moisés; Deus colma de graza a María; Deus dá o seu fillo Xesús.
 - O Deus de Xesús: Deus, Pai que ama e perdoa; palabras de Xesús sobre o amor de Deus.
 - A Salvación de Deus: o anuncio da chegada do Salvador.
- Lectura comprensiva de relatos bíblicos sobre a intervención de Deus na historia da Salvación.
 - Análise de actitudes dos personaxes dos relatos bíblicos.
- Dramatización de textos bíblicos.
 - Memorización de frases curtas.
 - Reflexión sobre a participación na dramatización.
- Aprecio polo amor de Deus.
 - Estima polas actitudes de personaxes bíblicos.

- Interese por participar na dramatización de textos bíblicos.
- O amor de Deus é fonte de verdade e bondade para os que cren.
- Manifestacións de bondade no seu contorno.
 - A familia.
 - Os amigos e os compañeiros do colexio.
 - A sociedade a través dos medios de comunicación.
 - O coidado da natureza ou das cousas.
 - Manifestacións de bondade na súa propia persoa.
 - Referente ó seu corpo e saúde.
 - Referente á súa autoestima.
 - Referente ás súas relacións sociais.
 - Testemuños do amor de Deus.
 - Crentes que fan da bondade e da verdade a súa razón de fe e de vida.
 - Expresión dos valores que xorden do amor de Deus, a mensaxe de Xesús.
 - A amizade.
 - O amor a todos.
 - A esperanza.
 - O perdón.
 - A xenerosidade.
 - A sinceridade.
 - A alegría.
 - O valor e a defensa da vida.
 - O servizo ós demais.
 - A confianza nas propias capacidades e nas capacidades alleas.
 - A paz.
 - Discriminación de actitudes que favorecen a bondade.
 - Identificación de actitudes de bondade e verdade.
 - Lectura de narracións sobre o comportamento das persoas.
 - Lectura de textos bíblicos nos que Xesús ensina a bondade e a verdade.
 - Aprecio pola verdade e a sinceridade.

- Actitude de solidariedade e axuda desinteresada ós demais.
- Actitude positiva ante comportamentos e condutas que son o resultado dunha opción relixiosa e cristiá.
- Interese polos valores que emanan do amor de Deus e aprecio pola actitude de entrega dos crentes.
- Os mandamentos, expresión da lei natural e do amor de Deus. Regra de conduta humana e cristiá.
 - Os Mandamentos.
 - Moisés e os Mandamentos da lei de Deus.
 - Significado dos Mandamentos.
 - Aplicación dos Mandamentos na vida.
 - Lectura de narracións sobre o comportamento das persoas.
 - Análise dos Mandamentos.
 - Lectura comprensiva do relato bíblico de Moisés e os Mandamentos.
 - Relación do enunciado dos Mandamentos co seu significado.
 - Interpretación dos Mandamentos como regras de conduta humana e cristiá.
 - Reflexión sobre as propias actitudes.
 - Aprecio polos Mandamentos como consellos para ser feliz.
 - Interese por aplica-los Mandamentos na relación consigo mesmo e cos demais.
- Deus envía o seu fillo Xesucristo para a salvación dos pecados dos fillos. Xesucristo, camiño, verdade e vida.
 - Xesús, o Salvador prometido por Deus.
 - Frases bíblicas sobre Xesús, o Salvador, fillo de Deus.
 - Mensaxe do nacemento de Xesús.
 - Vida pública de Xesús.
- A mensaxe de Xesús.
 - Xesús, camiño cara a Deus. Xesús fala de Deus.
 - Xesús, verdade. As expresións do amor: perdón, caridade, solidariedade, xustiza, compañía, consolo, sinceridade...
 - Xesús, vida. O triunfo da vida sobre a morte, o perdón sobre o pecado, o ben sobre o mal...

- A obra de Xesús.
- Xesús e os nenos.
- Xesús e os pecadores.
- Lectura de narracións sobre o comportamento das persoas.
- Lectura comprensiva de frases nas que se di que Xesús é o Salvador.
- Lectura e análise de relatos sobre as manifestacións do amor humano, para extraer conclusións sobre a mensaxe de Xesús.
- Identificación da mensaxe de Xesús para a vida.
- Elaboración de traballos con soporte visual.
- Interese por aprender a expresárlle-las mostras de amor ás persoas achegadas.
 - Estima e gratitude polas mostras de amor recibido.
 - Interese por diferencia-las mostras de amor das que non o son.
 - Aprecio polas mostras de amor como mensaxe de Xesús.
 - Aprecio por Xesús de Nazaré como camiño, verdade e vida para os cristiáns.
- Principais ensinanzas da vida de Xesús narradas nos Evanxeos. As parábolas.
 - Xesús mestre e amigo. Narracións do Novo Testamento que presentan modelos de conduta cristiá.
 - A comparación dos lirios do campo e a parábola do pai bo.
 - Feitos: Xesús cos nenos, o lavatorio dos pés na Última Cea, o mandamento do amor, a multiplicación do pan e dos peixes.
- Lectura de narracións sobre o comportamento das persoas.
 - Lectura comprensiva de textos sobre as ensinanzas de Xesús.
 - Análise de feitos da vida de Xesús.
 - Conclusións sobre as parábolas e os feitos de Xesús.
- Dramatización de parábolas.
 - Representacións de personaxes e situacións por medio de mímica e de expresión corporal.
 - Aprecio e respecto polas ensinanzas de Xesús.

- Interese por descubri-la mensaxe das parábolas e dos feitos de Xesús.
- Interese por vivi-las ensinanzas de Xesús.
- Respecto polas normas e acordos democráticos que se adoptan para realizar traballos en grupo.

Deus manifesta o seu amor coa morte do seu Fillo. Última Cea, Paixón, Morte e Resurrección. Deus queda connosco: o Espírito Santo.

- Relatos dos Evanxeos sobre a Última Cea, a Paixón, a Morte e a Resurrección de Xesús.
 - Entrada en Xerusalén.
 - A Última Cea. O Mandamento do amor.
 - Condema de Xesús.
 - Morte de Xesús. A mensaxe de salvación.
 - Resurrección de Xesús. Xesús vive.
- A Semana Santa e a Pascua.
 - Celebracións da Semana Santa.
 - Símbolos de Semana Santa.
 - Símbolos de Pascua.
 - Relatos bíblicos sobre a manifestación de Deus na Igrexa.
 - Pentecoste. Vinda do Espírito Santo.
 - A forza, o valor e a alegría recibidos do Espírito Santo.
 - A presenza do Espírito Santo na vida da Igrexa.
- As testemuñas do amor de Deus.
 - Lectura de narracións sobre o comportamento das persoas.
 - Lectura comprensiva de textos bíblicos sobre a Última Cea, a Paixón, a Morte e a Resurrección de Xesús. O Espírito Santo.
 - Identificación dos feitos e dos personaxes máis destacados.
 - Descubrimento da mensaxe da Resurrección de Xesús.
 - Utilización de símiles relacionados coa morte e a resurrección de Xesús.
 - Identificación de manifestacións culturais e artísticas sobre a paixón, a morte e a Resurrección de Xesús na sociedade actual.
 - Observación e descrición de imaxes e fotografías.

- Recitación de poemas e cantos.
- Elaboración de carteis e murais sobre a Resurrección de Xesús.
 - Interese por coñece-la Paixón, Morte e Resurrección de Xesús.
 - Interese por descubri-la mensaxe da Resurrección de Xesús.
 - Aprecio pola mensaxe de salvación.
 - Respecto polas celebracións da Semana Santa.
 - Interese por coñece-los símbolos da Semana Santa e da Pascua.
- Formámo-la gran familia dos fillos de Deus, a Igrexa, que se reúne para celebra-lo amor de Deus.
 - A Igrexa.
 - A familia dos amigos de Xesús, os cristiáns e as cristiás.
 - A Igrexa, comunidade parroquial.
 - O templo parroquial e as dependencias parroquiais.
 - Actividades da Igrexa parroquial.
 - A vida dos cristiáns.
 - A actitude de fraternidade.
 - A actitude de axuda a todos.
 - O anuncio da Palabra.
 - A liturxia.
- Descrición de imaxes onde se amosa a vida dos cristiáns.
 - Identificación das actitudes de servizo e alegría.
 - Audición e interpretación de cancións.
 - Respecto pola familia dos fillos de Deus.
 - Interese por coñece-la vida dos cristiáns e cristiás.
 - Aprecio pola vida de servizo con alegría dos cristiáns.
- As festas e celebracións do ano litúrxico. O sentido da festa cristiá: Deus connosco. Significado das festas marianas máis importantes.
 - Festas e tempos do calendario litúrxico.
 - Advento e Nadal.
 - Semana Santa.
 - Festas marianas: a Inmaculada Concepción e a Asunción de María.
- Características das festas.
 - Nome da festa.

- Significado da festa.
- Elementos litúrxicos da celebración da festa.
- Lectura de narracións sobre o comportamento das persoas.
- Descrición das festas cristiás.
- Observación directa e indirecta da realidade.
- Participación en manifestacións artísticas e culturais relacionadas coas festas.
- Elaboración de carteis informativos sobre as festas.
- Utilización de calendarios do ano litúrxico para extraer información.
- Recitación de poemas, cantos e danzas referentes ás festas.
- Respecto polas festas e celebracións relixiosas.
- Interese por participar nas festas relixiosas.

Respecto pola figura da Virxe María como nai e modelo para os cristiáns.

- Significado e sentido dalgúns símbolos relixiosos nas celebracións: a auga, o lume, a luz, o aceite, os xestos, a música.
 - Os símbolos relixiosos nas celebracións.
 - A auga.
 - O lume e a luz.
 - O aceite.
 - Os xestos e a música.
 - Significado e sentido dos símbolos nas celebracións.
 - Significado da auga, do aceite e da luz no Bautismo.
 - Significado da luz e do lume na Pascua.
 - Significado da música e dos xestos nas misas e nas celebracións sacramentais.
 - Identificación de símbolos.
 - Descrición de celebracións.
 - Observación directa e indirecta dos símbolos.
 - Relación dos símbolos co seu significado.
- Aplicación do vocabulario de carácter relixioso.
 - Aprecio e respecto polos símbolos relixiosos.

- Interese, curiosidade e respecto polos lugares relixiosos (templo) e polas celebracións litúrxicas.
- Aprecio polo labor evanxelizador da Igrexa (catequese).
- Actitude de respecto cara ás persoas que participan nas celebracións litúrxicas.

Os ritos como expresión da relación con Deus. O culto cristián.

- A relación con Deus.
 - A relación filial e a relación de amizade.
 - A oración como expresión da relación con Deus.
 - O culto da Igrexa e os sacramentos.
 - O Bautismo.
 - O domingo.
 - Carácter sagrado do domingo para os cristiáns.
 - A festa dos cristiáns.
 - Xesús convida a todos á súa festa.
 - A Eucaristía.
 - A alegría pola festa.
 - Actitudes cristiás do domingo.
 - Localización de lugares e espazos onde a Igrexa realiza o culto e a catequese.
 - Respecto pola festa do domingo.
 - Interese por descubri-lo carácter sagrado do domingo.
 - Actitude positiva e sensibilidade ante a riqueza cultural e artística da liturxia do culto.
 - Aprecio polo carácter alegre e solidario do culto.
 - Interese por participar na audición e interpretación de cancións.
- O cristián agarda a gran festa do ceo.
 - O amor para sempre.
 - A separación e o reencontro coas persoas amadas.
 - A festa do ceo.
 - O amor ás persoas.
 - A conservación do amor ás persoas.
 - A beleza da Creación.

- O coidado da terra.
- A construción dun mundo novo.
- Lectura comprensiva de narracións sobre o comportamento das persoas.
 - Identificación de actitudes e sentimentos referentes á capacidade de apertura á transcendencia.
 - Aprecio pola beleza e abundancia da natureza como símbolo do ceo novo e da terra nova, pegada de Deus.
 - Estima ás persoas e a Xesús como símbolo da gran festa do ceo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE SEGUNDO CURSO

1. Describir e respectar as distintas prácticas relixiosas e o seu sentido: a oración, o culto e o compromiso.
2. Saber localizar unha cita bíblica.
3. Apreciar o amor de Deus e a súa presenza xunto a nós.
4. Distinguir algúns personaxes bíblicos significativos e a súa resposta de fe, con especial atención á figura da Virxe María e á persoa de Xesús como digna de imitación.
5. Sacar conclusións dalgúns parábolas básicas nas ensinanzas de Xesucristo.
6. Sinalar a relación do crente con Deus nalgúns textos bíblicos.
7. Comprender que Cristo nos amosa o seu amor presentándose como camiño para chegar a Deus, morrendo e resucitando, perdoándonos e enviándonos o seu Espírito.
8. Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus.
9. Identificar o significado dos símbolos cristiáns e do templo, e recoñecer a raíz celebrativa da festa cristiá.
10. Comprender e respectar que o domingo é o Día do Señor.
11. Saber situar algúns símbolos relixiosos nas festas do seu contorno.
12. Saber aplicar os mandamentos da lei de Deus á vida cotiá.
13. Explicar o significado dalgúns textos que fagan referencia á gran festa do ceo.

APOIO Á ACCIÓN EDUCATIVA

Para facilita-la adecuación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe á realidade concreta de cada alumno e alumna, emprego tipos de fichas de actividades: de reforzo e de ampliación.

As fichas de reforzo conteñen propostas de actividades que permiten consolida-las aprendizaxes mínimas.

As fichas de ampliación suxiren outras actividades para afondar naqueles aspectos do currículo susceptibles diso, ben pola súa proximidade á realidade do alumno, ben polo seu carácter motivador.

METODOLOXÍA

Este proxecto está baseado nas fontes pedagóxicas da aprendizaxe construtivista. Axuda á:

Potencia-los contidos instrumentais co fin de que sirvan de apoio a novas aprendizaxes: a lectura deixa de ser un fin en si mesma e convértese en actividade de aprendizaxe para adquirir novos coñecementos.

Secuencia-los obxectivos, contidos e criterios de avaliación en función da idade e do nivel dos alumnos permite o desenvolvemento pleno das capacidades.

Facilitarlle ó alumno a construción de novas aprendizaxes, enlazándoas coas que xa posúe.

Establece-la interrelación que se dá entre a área de Relixión e Moral Católica e as demais áreas do currículo, co fin de obter perspectivas globalizadoras e dotar de unidade interna as aprendizaxes escolares.

Atende-la diversidade dos alumnos, tendo en conta as carencias instrumentais e motivándoos a pensar, razoar e reflexionar.

Facer referencia constante á realidade inmediata, ó medio coñecido e a todo aquilo que lle evoque vivencias próximas.

Proporcionar coherencia na secuencia de aprendizaxe: manipulación, estímulo perceptivo, expresión oral e escrita, representación gráfica, clasificación, recordo...

Coa finalidade de que o alumno e a alumna acaden os obxectivos da área de Relixión e Moral Católica, esta programación ten como metodoloxía que o alumno/a parta sempre do plano da propia experiencia, de todo o que

lle evoque vivencias persoais e da realidade máis inmediata para alcanza-lo plano da relixión e se abra á transcendencia.

TEMPORALIZACIÓN

Neste ciclo o 1º curso ten unha hora de Relixión Católica á semana e dúas no 2º curso.

As unidades didácticas están programadas para axustarse ao horario. De tal xeito que en cada trimestre se desenvolven 4 unidades didácticas. No primeiro curso do ciclo correspóndelles a cada unha delas unhas 3 ou 4 sesións así como unha adicada a avaliación. No segundo curso do ciclo é o dobre.

A distribución das unidades didácticas coinciden, en maior ou menor medida, coa distribución dos tempos litúrxicos. Deste xeito cara ó Nadal os alumnos realizan as unidades didácticas do adevento e preparación do Nadal antes de ter o período de vacacións do 1º trimestre, e así sucesivamente.

Existen, ao longo do curso, algunhas variacións sobre a programación das unidades didácticas debido ás saídas e diversas conmemoracións que se realizan no colexio, tanto as programadas no principio de curso, como as esporádicas. Deste xeito algunhas aulas non terán o mesmo tempo adicado á asignatura, así por exemplo un 1º A pode ter todas as horas preestablecidas e outro por mor dos días nos que se imparte esta asignatura, ter un par de horas menos no trimetre.

Programación Xeral Anual

2º Ciclo E.P.

INTRODUCCIÓN

A área de relixión e moral católica contribúe na educación ao desenvolvemento de:

Desenvolvemento psicomotor:

Proporcionando unha visión moral da sexualidade humana.

Promovendo unha aceptación do propio corpo e a adopción de actitudes positivas respecto a él.

Desenvolvemento coginitvo:

Proporciona as claves de interpretación das civilizacións e da identificación e aproximación das culturas.

Desperta e replantexando interrogantes sobre Deus, sobre a interpretación do mundo, sobre o significado e valor da vida, e sobre as normas do obrar humano, e fai positiva a resposta que nace da revelación e da fe da Igrexa.

Desenvolvemento do equilibrio e autonomía persoal:

Capacita para o respecto e o diálogo con outros sistemas de crenzas, favorecendo a comprensión e a tolerancia ante as opcións alleas.

Desenvolvemento do ámbito de inserción social:

Fomenta actitudes de participación activa na sociedade.

Desenvolvemento do ámbito transcendente:

Ofrece o sentido transcendente e asegura un soporte firme para unha moral estable.

Esta área ten por finalidade neste ciclo:

Presentar o contido do acontecemento cristiá no continuo diálogo coa cultura para sensibiliza aos alumnos sobre as raíces cristiás do patrimonio cultural.

Descubrir e presentar a fe cristiá como instancia crítica da sociedade para invitar aos alumnos a unha actitude de cambio e transformación.

Proporcionar unha xerarquía de valores e actitudes respecto ao sentido da vida, para educar a dimensión, ético-moral da persoa fronte a problemas da humanidade.

Suscitar e aclarar preguntas radicais do individuo acerca de sí mesmo, da sociedade e da historia, para acadara súa comprensión, e abrir un diálogo con outras tradicións relixiosas.

Educar na dimensión relixiosa da persoa no conxunto dunha formación integral.

CARACTERÍSTICAS DOS ALUMNOS E ALUMNAS

Xerais:

Este ciclo constitúe unha etapa moi interesante no proceso de maduración e ofrece unhas grandes posibilidades de intervención pedagóxica.

Entre os 8 e 10 anos encóntranse nun período de evolución do coñecemento subxectivo ao obxectivo que os leva a contrastar as súas propias representacións mentais coa realidade, despertando neles unhas actitudes de curiosidade e interese pola observación e explicación dos feitos e acontecementos do medio que os rodea. Isto permite partir dunha motivación natural por aprender.

Desenvolvemento psicomotor:

Presentan, en termos xerais, unha boa coordinación xeral, tanto en repouso coma en movemento. Esta situación posibilitalles un adecuado dominio do espazo, que favorecerá a súa propia organización nel.

A súa motricidade faise máis eficaz e precisa, o que permite unha maior resistencia e unha mellor calidade de execución.

A interiorización do propio esquema corporal vai evolucionar dende unha concepción parcial e fragmentada do corpo ata unha visión máis integrada, cunha maior conciencia do seu funcionamento e posibilidades.

Desenvolvemento cognitivo:

Entre os 8 e os 10 anos os alumnos consolidan os recursos intelectuais que se foron cultivando en anos anteriores. Aumentan, paulatinamente, a capacidade de elaborar respostas máis organizadas, o que lles vai permitir realizar as chamadas operacións concretas,, que se manifestan na comprensión lóxica da realidade:

- Percepción en conciencia da permanencia do obxeto, das súas calidades e dos seus posibles cambios.
- Conciencia de que as calidades permanecen constantes a pesar dos cambios na súa aparencia.
- A captación das relacións lóxicas de causa-efecto entre feitos e situacións .
- Ordenación e clasificación de obxetos e materiais en función de criterios comúns (peso, tamaño)
- Multiplicación de clases.

Pouco a pouco, os alumnos van tomando conciencia das cousas que descoñecen, e intentan superar contradicións entre o seu pensamento e o mundo real mediante a manipulación dunha información concreta,

directamente perceptible. Lentamente, vanse afastando das explicacións subxetivas dos feitos e fenómenos e vanse achegando á comprensión ordenada da realidade.

Aprenden a utilizar estratexias máis elaboradas, empregando recursos de organización e agrupación para memorizar comprensivamente. Non obstante, se o contido de ensinanza non é significativo. Tenden a reter a información de forma repetitiva e a utilizar esquemas de pensamento propios de ciclos anteriores.

Desenvolvemento da igualdade:

Necesitan comunicarse co mundo exterior e cos demais, nestes momentos esfórzanse por comunicarse cos iguais. Intentan activamente compartir ideas e coñecer os puntos de vista do outro, é dicir, entran no diálogo socializado.

Agora xa articulan correctamente tódolos fonemas propios da súa ilingua, e o seu interese céntrase en ampliar as súas posibilidades de comprensión e expresión: comparacións e significados, contrarios e semellanzas, vocábulos referidos ó espazo e ó tempo.

Comenzan a asimilar as estruturas básicas da lingua, pero este vai ser un proceso longo.

Desenvolvemento persoal:

A cosntrucción da súa personalidade pasa por un período tranquilo, que avanza cara á afirmación dun autoconceito menos global e máis matizado. Distinguen as calidades físicas das psicolóxicas e van conseguindo lentamente a súa identificiación sexual.

A esta idade, xa poden reflexionar sobre os seus propios pensamentos e sentimentos; poden anticipar o pensamento dos outro e comprender queson xulgados polos demais da mesma maneira que eles os xulgan.

O seu marco de referencia amplíasee, lentamente, vanse independizando do seu contexto. Senten a necesidade de conducirse de forma máis personal, segundo os seus propios criterios e resolven os problemas que os rodean utilizando un coñecementos máis obxectivo da realidade.

Os alumnos presentan un potencial que ofrece grandes posibilidades de intervención educativa.

Desenvolvemento social:

Na súa maduración afectiva e social enlázanse intimamente moitos elementos, entre os que destacan os seguintes:

Relacións familiares:

Os comportamentos dos nenos e nenas de esta idade están condicionados polo adulto, que aínda é un marco de referencia importante para eles. A procura de novos modelos facilita a súa identificación con eles; e mediante a súa imitación aprenden novas formas de comportarse. Non obstante, prodúcese un desenvolvemento progresivo da autonomía, que favorece unha paulatina independencia dos pais.

En canto á maduración afectiva-sexual, os nenos destas idades continúan desenvolvendo a súa sensibilidade e as súas facultades afectivas: a capacidade para adotar o punto de vista do outro permitirálle-lo abandono das tendencias egocéntricas e axudarálles a descubrir a satisfacción de establecer vínculos afectivos cos demais.

Os seus intereses e curiosidades céntranse no seu propio sexo e no referente á orixe da vida.

Relacións escolares:

O grupo de compañeiros adquire unha grande importancia pois permítelles concretar os seus intereses e facerse conscientes das súas posibilidades e das dos demais, axudándolles a adquirir seguridade na conquista da autonomía.

Relacións de grupo:

Os grupos fanse máis estables e producen un sentimento de pertenza máis profundo. Algúns dos seus membros convértense en líderes, mentres que outros poden quedar illados do resto do grupo.

Desenvolvemento moral e apertura á transcendencia:

O alumnado pasa de enterder a norma como un ben en si mesmo, rixida, dogmática, desligada de calquera vocación persoal, a vela como o resultado dunha necesidade do grupo. Así e todo, tenden a aplicala con

pouca flexibilidade: cren que deben empregala en igualdade de consicións para todos e non entenden a relatividade de cada situación.

Comenzas a analizar os feitos desde un punto de vista persoal, a entender a xustiza e as normas de formas máis crítica e a gozar aceptando pequenas responsabilidades. Isto permite que vaian adquirindo unha escala de valores máis integrados na súa personalidade.

No aspecto relixioso, tenden a adoptar os conceptos e as prácticas do medio que os rodea. destacándose a especial influencia do medio ambiente familiar no desenvolvemento das súas actitudes e respostas..

PSICOLOXÍA RELIXIOSA DO ALUMNO E ALUMNA

Enriquecese a linguaxe relixiosa ata o punto de estar capacitado apra dar unha primeira síntese elemental da mensaxe e o acontecemento cristián.

Época da atribuidade, o neno aplica á imaxe de Deus, atributos tanto subxetivos coma afectivos.

Non ten demasiado claro o concepto de Deus Creador.

Os rasgos máxicos que poden perdurar nesta fase son: sentimentos de xusticia inmanente; intencionalismo protector; carácter máxico dos sacramentos.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE RELIXION Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia en comunicación lingüística:

A ensinanza relixiosa católica aporta elementos básicos en canto ao logro da competencia en comunicación lingüística posto que sírvese do linguaxe académico, de aqueles linguaxes que conforman a cultura que se transmite nesta área, así como dos propios desta ensinanza relixiosa.

O diálogo da fe coa cultura contribúe a esta competencia na medida en que existe exercitarse na palabra de Deus, na exposición dos contidos e a aplicación á cultura e as distintas formas de vida social, así como a argumentación adecuada a esta idade e sempre presente na ensinanza relixiosa.

Por outra banda, é propio da ensinanza relixiosa católica o emprego de diversos modos de comunicación que a acción de Deus sobre o home a

empregado. A súa revelación é rica en distintos linguaxes. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a precisión conceptual, analítica e argumental, a linguaxe litúrxica e a súa cercanía na linguaxe de símbolos do pobo cristian, a linguaxe , en fin, testemuñal que fai posible a transmisión vital do creído.

Todo isto é imprescindible para a comprensión da linguaxe en todas as linguas da cultura occidental. A ensinanza relixiosa fai posible unha verdadeira comunicación lingüística, ao empregar distintos linguaxes na súa expresión verbal o escrita, explícitos e implícitos nas fontes diversas. Finalmente, o análise dos feitos sociais que se presentan na clase de relixión, como elementos motivadores da realidade evanxélica, posibilitan o enriquecemento do vocabulario.

1. Competencia matemática:

A área de Relixión contribúe a expresar as ideas con rigor e orde , a aprender a argumenta-los contidos desta ensinanza, estimando e enxuciando a lóxica da argumentación.

O desenvolvemento da ensinanza da ERE axuda a adquirir a competencia da búsqueda da verdade a través da razón e do razoamento hipotético-deductivo.

2. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:

A área de relixión contribúe en canto axuda á percepción do espacio físico e a habilidade para interactuar con el mesmo. Tamén contribúe ao coidado e a protección da saúde e do medio ambiente; ao uso responsable e ao consumo racional dos recursos naturais. Esta área promove a procura, obtención e procesamento de información sobre as imaxes e os símbolos relixiosos do mundo físico, así coma a súa interpretación, expresión e comunicación. Contribue á percepción e recoñecemento das distintas persoas e as función e tarefas dos diversos grupos relixiosos.

3. Tratamento da información e competencia dixital:

A ERE integra o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para informar, aprender e comunicarse. Busca, obtén e

analiza información sobre os diferentes elementos da realidade relixiosa, procesa e comunica transformándoa en coñecemento.

No uso das Tic na ERE como instrumento do traballo intelectual que transmite e xenera información e coñecemento vése facilitada pola interrelación entre grupos que permiten este intercambio. O emprego das diversas tecnoloxías e os seus linguaxes mírase reforzado pola súa aplicación nos contidos da área.

Este proceso que ten lugar na área facilita valorar, avaliar e contrastar todo o adquirido, xerando e aportando á persona autonomía, sentido crítico e reflexivo á hora de tratar e empregar a información responsablemente.

4. Competencia social e cidadana:

A área de Relixión contribúe á competencia favorecendo a comprensión da estrutura e o funcionamento de determinados grupos sociais. Tamén aprenden os alumnos, nesta área, a cooperar, convivir, exercer na cidadanía e comprometerse na mellora da sociedade, gracias aos modelos de participación litúrxica e os proxectos de acción social dos grupos relixiosos, así como a formulación de xuízos éticos e a aplicación de normas de conducta coherentes coas súas crenzas e o sentido da vida. O coñecemento dos grupos relixiosos como a reflexión ética contribúen a adquirir destrezas necesarias para a resolución de conflitos sociais, e expresar naturalidade e espírito de diálogo o contido das propias ideas e a visión do mundo.

5. Competencia cultural e artística:

A área de relixión contribúe na consecución de esta competencia axudando á identificación das crenzas a partir do coñecemento, comprensión, apreciación e valoración crítica das diferentes manifestacións artísticas, culturais e relixiosas empregándoas como fonte de enriquecemento persoal e gozo estético, considerándoas como parte do patrimonio dos pobos. Colabora e capacita para que este coñecementos da diversidade de expresións artísticas, culturais e relixiosas que existen no noso entorno, promove unha acción de respecto, valoración e crítica, facilitando a convivencia con outras persoas e grupos sociais.

6. Competencia para aprender a aprender:

Neste competencia a área de relixión contribúe igualmente ao desenvolvemento de aprender a aprender, fomentando as capacidades a través da educación, o impulso do traballo en equipo a síntesis da información e opinión.

Esta ensinanza axuda aos alumnos a ser protagonistas do seu propio aprendizaxe como resposta a súa colaboración no plan de Deus. No que o ser humano colabore activa e libremente. Isto conleva non só a una proposta consensuada de sentimentos, valores, actitudes, senón un marco de referencia aceptado según as súas conviccións, que ha de ser motor na procura da verdade e do ben.

7. Autonomía e iniciativa persoal:

A ERE aporta unha cosmovisión que fai posible a apertura hacia o fundamento e o sentido último da vida, e por tanto, ao sentido da ciencia e da cultura, da identidade mesma da persoa humana.

Na contribución do desenvolvemento persoal do alumno, a relixión e motor xerador de valores e de integración social. Colabora, esta área, nesta competencia entregando ao alumno e alumna as virtualidades necesarias para crear as disposicións e actitudes que favorecen a inserción social.

A autonomía do individuo cristián ven favorecida pola apertura dunha visión totalizante do mundo e da realidade, unha cosmovisión que fai posible a formación integral do alumno e alumna fronte a visións parciais e determinantes da liberdade propia.

Desde o punto de vista dos procedementos esta área favorece esa competencia básica desenvolvendo iniciativas e atendendo especialmente aos alumnos e alumnas a que constrúan un xuício moral baseado nos principios, valores e actitudes que se xeneran no evanxelio.

COMPETENCIAS BÁSICAS DE 1º E 2º DE E.P.

1. Comunicación lingüística:

Comprender a linguaxe bíblica de relatos do Antigo e o Novo Testamento.

Coñecer e valorar a linguaxe dos signos do Reino de Deus.

Comprender a linguaxe simbólica das parábolas.

Interpretar a linguaxe dos símbolos.

Coñecer e valorar a linguaxe testemuñal.

Comprender a linguaxe litúrxica relacionada coa Misa.

Comprender a linguaxe doutrinal.

Comprender a linguaxe argumental da mensaxe do Nadal.

Coñecer e valorar a linguaxe litúrxica e simbólica relacionada co ano litúrxico.

Enriquecer o propio vocabulario.

2. Social e cívica:

Asumir o valor da pertenza a un colectivo.

Desenvolver o valor da gratitude.

Respectar outras crenzas e expresións de fe.

Construír unha personalidade humana baseada na confianza, no amor aos demais, na caridade e na participación, no perdón, na doazón dun mesmo, na xustiza, na solidariedade e na alegría.

Identificar as mostras de cariño e amor cara aos demais.

Valorar e admirar o testemuño de persoas que entregan a súa vida polos demais.

Ilusionarse en proxectos de vida altruísta e desinteresada.

Valorar os testemuños dos cristiáns comprometidos coa sociedade e as necesidades humanas.

Mellorar as relacións interpersoais.

Valorar e asumir a mensaxe de Xesús sobre a igualdade e a fraternidade universal.

3. Cultural e artística:

Coñecer e valorar a liturxia e símbolos do ano litúrxico.

Coñecer e valorar obras de arte de contido relixioso.

Aprender a interpretar obras de arte de contido relixioso.

Coñecer e cantar cancións de contido relixioso.

Elaborar uns traballos manuais relacionados co ano litúrxico.

Coñecer a estrutura da Biblia, valorala e respectala como libro sacro.

Comprender o valor do feito relixioso na súa expresión artística.

Coñecer e respectar os templos de relixións diferentes á propia.

4. Aprender a aprender:

Completar fichas de observación sistemática de obras de arte.

Interpretar e completar esquemas conceptuais.

Chegar a deducións.

Sintetizar e relacionar información.

Traballar en equipo para confeccionar carteis, murais, busca de información, obras de teatro...

Buscar o ben e a verdade.

5. Autonomía e iniciativa persoal:

Construír un xuízo moral baseado en valores evanxélicos.

Reflexionar sobre o amor e a confianza.

Organizar e participar en campañas solidarias.

Formarse desde dentro.

Aprender a vivir o perdón como resorte para ser feliz.

Reflexionar sobre os propios sentimentos e actitudes.

Descubrir a súa identidade persoal.

Abrirse ao fundamento da vida.

Abrirse ao significado da existencia.

6. Coñecemento e interacción co mundo físico:

Valorar e coidar a natureza como creación de Deus.

Valorar a beleza da natureza como obra creada por Deus.

Identificar elementos do mundo natural que adquiren significado simbólico relixioso.

OBXETIVOS DE 1º E 2º DE E.P.

1. Coñecer algúns mitos ou lendas sobre a orixe do mundo nas relixións desaparecidas de Exipto, Grecia e Roma.
2. Identificar a estrutura básica da relixión en sociedades antigas
3. Identificar aos fundadores do xudaísmo, do cristianismo e do islamismo.
4. Recoñecer a manifestación de Deus nos feitos máis importantes da Historia da Salvación e a súa relación con Abraham, Moisés, David e os profetas.
5. Valorar o carácter solvífico das relixións e o compromiso dos crentes no seu proxecto de vida

6. Identificar os textos da Biblia que falan de persoas como imaxe de Deus e a súa relación filiar con Deus Pai creador.
7. Recoñecer a estrutura interna da Biblia e manexar as citas.
8. Descubrir o amor de Deus no relato bíblico da Creación e nas ensinanzas de Xesús.
9. Mostrar interese por coñecer e vivir os valores humanos..
10. Coñecer os personaxes e os relatos máis representativos da Historia da Salvación
11. Identificar a Xesucristo como o cumprimento da promesa de salvación de Deus.
12. Coñecer feitos e palabras de Xesús que se refiren á mensaxe do amor de Deus ás persoas.
13. Relacionar os milagres, a morte e a resurrección de Xesús coa acción salvífica de Xesucristo na Biblia.
14. Respetar e valorar a persoa de Xesucristo como Salvador para os cristiáns e cristiás.
15. Tomar de referencia os relatos da presenza da Virxe María na vida de Xesús para recoñecela como modelo de fe para os cristiáns e cristiás.
16. Valorar a Virxe María como Nai da Igrexa, a familia dos cristiáns e cristiás.
17. Descubrir que as advocacións á Virxe María a desvelan como Nai de Deus e Nai da Igrexa.
18. Descubrir e recoñecer o Deus misericordioso do que fala Xesús.
19. Achegarse á idea de que o pecado rompe a relación con Deus e que a morte de Xesucristo restablece a citada relación.
20. Valorar e respetar a fe dos cristiáns na salvación do pecado por medio da vida, morte e resurrección de Xesucristo.
21. Valorar a Igrexa como unha familia que conforma o corpo de Cristo, na que cada membro é importante.
22. Identificar os inicios da Igrexa
23. Descubrir a unión dos membros da Igrexa como graza recibida do Espírito Santo.
24. Valorar os dons do Espírito Santo porque levan a vivir.

25. Coñecer o sentido e o significado dos sacramentos do Bautismo, da Reconciliación e da Eucaristía.
26. Identificar os símbolos que interveñen no rito da celebración dos sacramentos de iniciación.
27. Valorar a Eucaristía como parte fundamental da vida dos cristiáns e cristiás.
28. Achegarse á idea dos sacramentos como a salvación de Deus, e valorarlos e respetalos por iso.
29. Coñecer vocabulario relacionado cos sacramentos de iniciación e reconciliación, e utilizalo nas súas descrições do culto Cristián.
30. Identificar as festas máis importantes da relixión xudía, cristiá e islámica.
31. Respetar o sentido sagrado, festivo e cultural das festas da relixión propia e das relixións alleas.
32. Recoñecer nos feitos e palabras de Xesucristo a manifestación do amor de Deus.
33. Identificar a fe e as obras como resposta ó amor de Deus e valorar o amor como o valor máis grande.
34. Apreciar e respetar aquelas persoas que, coa súa entrega e compromiso na súa vida cotiá, son testemuño de fe dos cristiáns e cristiás no seu compromiso coas necesidades das demais persoas e da sociedade.
35. Valorar o perdón do pecado para restablecer a relación.
36. Recoñecer o tema relixioso en obras de arte representativas do patrimonio cultural do seu ámbito.
37. Identificar as ermidas, igrexas, catedrais e santuarios como arquitectura relixiosa cristiá
38. Achegarse á lectura simbólica da arte relixiosa.
39. Valorar e admirar a beleza da arte cristiá.
40. Respetar as obras de arte relixiosa como legado cultural que debe ser conservado.
41. Respetar as manifestacións artísticas doutras relixións.
42. Desenvolver a capacidade de apertura á trascendencia.

43. Identificar a esperanza cristiá como a alegría de vivir na confianza do amor de Deus para sempre.
44. Descubrir o significado dalgúns textos evanxélicos referentes á vida eterna. Valorar e respetar a fe cristiá no amor eterno a Deus.

VALORES E ENSINANZAS TRANSVERSAIS PARA 1º E 2º DE E.P.

1. Educación moral e cívica:

Estima polos valores que rexen a vida dos cristiáns.

Participación responsable nos traballos e actividades colectivas.

Admiración polo labor humanitario dos cristiáns comprometidos coa sociedade.

Respecto polos sentimentos e emocións propios e alleos.

Compromiso de respetar os pactos establecidos.

Actitude de respecto cara ás persoas que participan nas celebracións litúrxicas.

2. Educación para a paz:

Valoración da relación persoal que os crentes manteñen con Deus.

Interese por coñecer a figura e a mensaxe de Xesús de Nazaré.

Respecto polas persoas que buscan a Deus.

Aprecio pola reconstrución das relacións persoais baseadas no perdón e no amor.

Curiosidade por coñecer e respetar os templos e as festas da relixión propia e doutras.

Interese por participar na construción dun mundo novo baseado no amor

Respecto polas persoas de culturas ou etnias diferentes.

3. Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos:

Interese por acoller o valor da igualdade entre as persoas e o amor sen discriminación.

Admiración pola actitude dos cristiáns ao non discriminar a ninguén.

Compromiso por denunciar actitudes de desprezo e burla cara a outras persoas.

Riquezas que achegan a un grupo as diferentes características persoais.

Interese por aplicar na súa escala de valores a non-discriminación por razón de sexo.

4. Educación ambiental:

Respecto pola natureza e as persoas.

5. Educación para o lecer:

Aprender a organizar o tempo libre distribuíndoo en función do traballo e do lecer.

6. Educación sexual:

Manifestar unha actitude de estima e de igualdade entre os sexos a través de sentimentos que favorecen o respecto e a amizade.

CONTIDOS DE 1º E 2º DE E.P.

Deus é creador. O mundo e a vida coma don de Deus na Biblia. Algún relato sobre a orixe do mundo na antigüidade.

A Accion salvadora de Deus a través dos patriarcas e Moisés no pobo xudeu. Sentido salvífico e compromiso co home no Xudaísmo, Cristianismo e Islám.

A promesa da salvación que Deus fai ao home cúmprese na persoa de Xesucristo, verdadeiro Deus e verdadeiro home.

Significado da vida de Xesús en cuanto a entrega persoal e compromiso con tódolos homes.

O pecado do home como ruptura con Deus, cos demais e con un mesmo.

O perdón de Deus e a súa misericordia. Os milagres de Xesús.

A victoria do pecado e a morte. Xesucristo, o Mesías, o Salvador, resucitou e vive para sempre.

A fe e o seguimento, resposta a Xesucristo. O mandamento do amor.

O nacemento da Igrexa. O espírito é que da a vida. Manifestacións dos vínculos internos que unen aos membros da Igrexa.

A Igrexa, o Corpo de Cristo.

A salvación de Deus a través dos sacramentos da Igrexa, Os sacramentos da Iniciación e Reconciliación.

A Eucaristía orixe e meta da vida cristiá.

A Virxe María, Nai da Igrexa, Sentido das advocacións.

Comparación entre as principais expresións artísticas das relixións monoteístas. Identificación da fe do autor e da comunidade.

AVALIACIÓN

A avaliación debe entenderse como un proceso continuo e integrado ó longo de toda a etapa. A súa finalidade principal consiste na adecuación da ensinanza ó progreso real dos alumnos. A información que proporciona debe servir para valorar tanto o rendemento académico dos alumnos como a eficacia do proceso de ensinanza e a súa propia práctica docente.

A forma de avaliar deriva dos obxectivos formulados e dos criterios metodolóxicos que definen a práctica educativa. Así unha metodoloxía que segue criterios construtivistas, globalizada, personalizada e integradora, require unha avaliación formativa, global e continua.

Empregaremos diversos instrumentos para a avaliación:

- Actividades que permiten avalia-la marcha dos procesos formativos a través de resultados concretos.
- Pautas de observación útiles para centra-los aspectos fundamentais da avaliación e os modos prácticos de levala a cabo.

Segundo o momento e situación nos que se produza, a avaliación terá diversas funcións e modalidades: *avaliación inicial*, *avaliación continua* e *avaliación final*.

Avaliación inicial

Cando se emprende un novo percorrido educativo é imprescindible ter en conta toda unha serie de factores que interveñen no proceso de aprendizaxe: coñecementos previos do alumno ou alumna sobre o que vai aprender, a súa motivación, o seu historial académico...

De ahí a necesidade da avaliación inicial para:

- Determina-los coñecementos previos de cada alumno ou alumna en cada nova situación de aprendizaxe.
- Valora-la disposición emotiva do alumno ou alumna cara á área.

- Facilita-la toma de conciencia por parte do alumno das lagoas, imprecisións e contradicións nos seus esquemas de coñecemento e, así, poder asumi-la necesidade de superalos.
- Detectar aquelas alteracións e disfuncións que poden interferir no proceso educativo e que requiran unha atención educativa especial.
- Comproba-lo grao de interiorización dos valores e normas propios do grupo de convivencia.

A avaliación inicial non trata de medi-la cantidade de aprendizaxe que o alumno ou alumna posúe, senón a calidade desta: as estratexias e recursos que utiliza, o proceso de razoamento e asimilación...

Avaliación formativa

A avaliación continua realízase ó longo de todo este camiño e pretende recoller información para proporcionar unha *atención individualizada* en cada momento.

O aspecto clave da avaliación continua radica en obxectiva-la progresión na competencia dos alumnos.

A avaliación nesa escala de criterios permitirá descubri-lo verdadeiro progreso na competencia do alumno/a.

Avaliación final. Avaliación sumativa

A avaliación tamén ten por finalidade determinar se se conseguiron ou non, e ata onde, as intencións educativas propostas. A avaliación sumativa valora os resultados da aprendizaxe para comprobar se acadan o grao de desenvolvemento desexado.

As finalidades da avaliación sumativa poden sintetizarse en:

- Medi-los resultados da aprendizaxe para comprobar que se consegue o nivel establecido.
- Pronunciarse sobre o grao de éxito ou fracaso do proceso educativo no cumprimento das intencións propostas.
- Acreditar ó final dun ciclo ou etapa que os alumnos realizaron as aprendizaxes correspondentes.
- Orienta-lo alumno ou alumna para as súas novas experiencias de aprendizaxe.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 1º E 2º DE E.P.

1. Distingui-los fundadores das relixións monoteístas, comparándoos entre si nos aspectos concernentes á súa relación con Deus, ó seu compromiso co home e á súa acción salvífica.
2. Verifica-la acción salvadora de Deus a través dos personaxes bíblicos, e a súa plenitude en Xesucristo.
3. Recoñece-lo amor de Deus ó crearnos á súa imaxe e adoptarnos como fillos.
4. Identificar algúns feitos e palabras de Xesús que amosan o amor de Deus ó home.
5. Situa-las accións salvíficas de Xesús nas referencias bíblicas sobre os seus milagres, a súa morte e resurrección.
6. Comprender que o pecado rompe a relación con Deus, que Xesucristo a restablece coa súa morte e resurrección, e que o amor de Deus dura para sempre.
7. Explicar que a fe e as obras son respostas ó amor de Deus, manifestado en Xesucristo.
8. Distinguir e relaciona-los sacramentos da Iniciación, a Relación e a Eucaristía.
9. Explica-la nova vida que xorde polo Bautismo e se alimenta na Eucaristía.
10. Saber describi-la Igrexa como Corpo de Cristo.
11. Razoar que quen une os membros da Igrexa é o Espírito Santo.
12. Recoñecer nas distintas advocacións de María á Nai de Deus e á Nai nosa.
13. Aplicar a algunhas obras artísticas e xestos litúrxicos os contidos básicos da fe cristiá e doutras relixións.
14. Explica-lo significado dalgúns textos evanxélicos que fagan referencia á vida eterna.

CONTIDOS DO TERCEIRO CURSO

Deus é creador. O mundo e a vida como don de Deus na Biblia. Algún relato sobre a orixe do mundo na Antigüidade.

- Deus creador.
 - Relato bíblico sobre a Creación.

- A Creación, obra de Deus.
- O ser humano, colaborador da Creación.
- O amor e a providencia de Deus.
 - Relatos bíblicos sobre a vida como don de Deus.
 - Recoñecemento do Deus próximo e providencial.
- A Biblia.
 - Estrutura e sentido da Biblia.
 - As citas.
- Relatos mitolóxicos sobre a orixe do mundo na Antigüidade.
 - Lectura e interpretación de textos bíblicos.
 - Localización de citas bíblicas.
 - Comentario de textos bíblicos.
- Respecto e gratitude por todo o creado como manifestación de Deus.
 - Interese, curiosidade e respecto polas expresións e imaxes que fan referencia á obra creadora de Deus.
 - Respecto e coidado ós animais e á natureza.
 - Aprecio pola actitude de amor ó próximo.
- Interese por coñecer relatos sobre a orixe do mundo na Antigüidade.

A acción salvadora de Deus a través dos patriarcas e de Moisés no pobo xudeu. Sentido salvífico e compromiso co home no xudaísmo, no cristianismo e no islamismo.
- Relatos bíblicos sobre a manifestación de Deus na historia da Salvación.
 - Abraham e David.
 - A alianza de Deus co seu pobo.
 - Os profetas.
- A salvación no cristianismo.
 - Xesucristo, o Mesías, o Salvador. Morte e Resurrección.
 - Os fundadores das relixións monoteístas.
 - Lectura e interpretación de textos bíblicos sobre feitos e personaxes da historia da Salvación.
 - Gusto e interese pola lectura de relatos bíblicos.
 - Respecto polos fundadores das relixións monoteístas.
 - Respecto polas crenzas relixiosas distintas ás da relixión propia.

- A promesa de salvación que Deus lle fai ó home cúmprese na persoa de Xesucristo, verdadeiro Deus e verdadeiro home.
 - Relatos do Novo Testamento sobre Xesús de Nazaré, verdadeiro Deus.
 - Anunciación do anxo a María.
 - Canto dos anxos.
 - Canto de Simeón.
 - Xesús no templo.
 - O Bautismo de Xesús.
 - Xesús na sinagoga de Nazaré.
 - Xesús cura os enfermos.
 - Relatos do Novo Testamento sobre Xesús de Nazaré, verdadeiro home.
 - Relatos de Xesús onde se amosa próximo ós seus contemporáneos.
 - Relatos de Xesús onde amosa emocións e sentimentos humanos.
 - Relatos do Novo Testamento sobre Xesús de Nazaré, verdadeiro Deus e verdadeiro home.
 - Salvación de Deus por medio de Xesús.
 - Lectura e comprensión de textos do Novo Testamento sobre a actuación de Xesús, verdadeiro Deus e verdadeiro home.
 - Extracción da mensaxe de textos do Novo Testamento, como a nova. Alianza de Deus a través de Xesús.
- Interese por coñece-la figura de Xesús de Nazaré.
 - Significado da vida de Xesús en canto a entrega persoal e compromiso con tódolos homes.
- Feitos e palabras de Xesús que reflicten o amor de Deus ás persoas.
 - Relatos sobre a paixón e morte de Xesús.
 - A actitude de entrega e de servizo de Xesús.
 - Significado da morte de Xesús.
- Lectura e interpretación de textos bíblicos sobre a vida de Xesús.

- Análise das actitudes de Xesús para extrae-la mensaxe de entrega e compromiso.
- Extrapolación de datos e actuacións de citas sobre Xesús á situación actual.
- Aprecio pola vida de Xesús como modelo de entrega.

O pecado do home como ruptura con Deus, cos demais e consigo mesmo.

- O pecado.
 - Significado do pecado.
 - Significado do pecado para o cristián.
 - O pecado como ruptura con Deus: sentimento de afastamento de Deus.
 - O pecado como ruptura cos demais: sentimento de falta de amor.
 - O pecado como ruptura consigo mesmo: sentimento de tristeza e vergonza.
 - Comparación entre os termos que se refiren á relación con Deus, consigo mesmo e cos demais.
 - Discriminación de actitudes construtivas e negativas para as relacións.
 - Dramatizacións de casos de dilemas no comportamento humano.
 - Aprecio e interese pola reconstrución das relacións persoais.
- O perdón de Deus e a súa misericordia. Os milagres de Xesús.
 - Xesús anuncia o reino de Deus.
 - Xesús fala do perdón e da misericordia de Deus: parábolas sobre o perdón e a misericordia de Deus.
- Os milagres de Xesús, signos externos da salvación de Deus.
 - Milagres de curación física e curación espiritual.
 - A mensaxe dos milagres.
- Lectura e interpretación de textos bíblicos.
 - Análise, e posterior reflexión, de casos e situacións actuais sobre o perdón.

- Identificación do significado dos milagres.
- Respecto pola fe dos cristiáns e cristiás ó descubri-lo amor de Deus no seu perdón.

A vitoria sobre o pecado e a morte. Xesucristo, o Mesías, o Salvador, resucitou e vive para sempre.

- Significado da vitoria do perdón sobre o pecado e da vida sobre a morte.
 - Relatos bíblicos que acreditan que Xesús é o Mesías, o Salvador.
 - Significado da Resurrección de Xesús.
 - Comentario de textos bíblicos significativos sobre a Resurrección de Xesús.
 - Análise e reflexión sobre a mensaxe de vitoria da Resurrección de Xesús.
 - Interese e gusto pola lectura de textos bíblicos sobre a Resurrección de Xesús.
 - Aprecio pola vitoria sobre o pecado e a morte.
- A fe e o seguimento, resposta a Xesucristo. O mandamento do amor.
 - Textos do Novo Testamento que expresan o que significa seguir a Xesús.
 - Manifestacións externas sobre a liberdade ou decisión persoal.
 - O mandamento do amor.
 - Amor a si mesmo: respecto á propia vida e ó propio corpo.
 - O amor ó próximo a partir da mensaxe de Xesús: o amor a todos sen distinción.
 - Respecto e defensa da vida.
 - Respecto e amor á verdade.
- Características do Deus de Xesús.
 - Deus, Pai que ama e perdoa.
 - Deus quere que o home medre na fe.
- Testemuños de actitudes e comportamentos cristiáns.
 - Os santos.
 - Outros cristiáns auténticos.
 - Descrición das actitudes do cristián en relación consigo mesmo, en relación cos demais e en relación con Deus.

-
- Discriminación de actos e actitudes de amor con respecto a outros que non o son.
 - Dramatización de escenas bíblicas relacionadas co mandamento do amor aplicadas a personaxes e comportamentos do momento actual.
 - Realización de debates ou xuízos populares sobre o comportamento moral nunha situación concreta.
 - Aprecio e respecto pola persoa de Xesús e polos seus seguidores.
 - Interese por vivi-los valores que emanan do mandamento do amor.
- O nacemento da Igrexa. O Espírito Santo é quen dá vida. Manifestacións dos vínculos internos que unen os membros da Igrexa.
 - A orixe da Igrexa.
 - A elección dos apóstolos.
 - A misión dos apóstolos.
 - A vida das primeiras comunidades cristiás.
 - O Espírito Santo.
 - Xesús promete o Espírito Santo.
 - A vinda do Espírito Santo en Pentecoste.
 - Os dons do Espírito Santo reflectidos na vida da Igrexa.
 - A manifestación do Espírito Santo na Igrexa.
 - A unión dos membros da Igrexa.
 - Persoas actuais: os que traballan para construí-lo Reino de Deus aquí e agora.
 - A vida dos cristiáns e cristiás.
 - Observación directa e indirecta de datos sobre a Igrexa no contorno.
 - Lectura e comentario de documentos da Igrexa.
 - Interese e gusto pola lectura de textos sobre os apóstolos.
 - Aprecio e respecto polas persoas que traballan para construí-lo Reino de Deus aquí e agora.
 - Interese por participar na vida da Igrexa.

- A Igrexa, o Corpo de Cristo.
 - A Igrexa.
 - A Igrexa, a familia dos cristiáns e cristiás.
 - A Igrexa, pobo de Deus.
- Manifestacións da estrutura visible da Igrexa.
 - A misión da Igrexa.
 - A vida da Igrexa. Festas.
 - Membros da Igrexa.
 - Significado da palabra igrexa.
 - Elaboración de esquemas, murais e gráficas sobre a Igrexa.
 - Descrición de escenas sobre a misión da Igrexa.
 - Respecto e aprecio pola Igrexa e a súa misión.
- A Eucaristía, orixe e meta da vida cristiá.
 - A Eucaristía.
 - A Eucaristía, alimento para a vida no Espírito.
 - Partes da Eucaristía.
 - Presenza de Deus na Eucaristía.
 - Comentario de letras de cancións.
 - Interpretación de cantos.
 - Interese, curiosidade e respecto polos lugares sagrados e polas celebracións litúrxicas.
 - Aprecio polos valores que xorden da Eucaristía.
 - Conciencia da necesidade dunha xerarquía de valores para orienta-la vida e a conduta do home.
- A Virxe María, Nai da Igrexa. Sentido das advocacións.
 - María, personaxe fundamental na historia da Salvación.
 - Respostas de María a Deus.
 - Visita á súa curmá Isabel. O Magníficat.
 - María, seguidora de Xesús.
 - María, ó pé da cruz.
 - Títulos da Igrexa a María.
 - Nai de Deus.
 - Nai dos cristiáns e cristiás.

-
- Modelo de fe.
 - Manifestacións culturais e artísticas sobre a figura de María.
 - Festas marianas.
 - Santuarios e templos.
 - Lectura de textos do Novo Testamento sobre María.
 - Reflexión sobre os valores da actitude de María.
 - Descrición do legado cultural e artístico referido a María que exista no contorno.
 - Aprecio e sensibilidade cara á figura de María.
 - Interese, curiosidade e respecto polas expresións e imaxes que fan referencia a María.
 - Aprecio polo carácter relixioso, familiar e social das grandes festas e celebracións.
- Comparación entre as principais expresións artísticas das relixións monoteístas. Identificación da fe do autor e da comunidade.
 - Arte relixiosa.
 - Temas relixiosos na arte: arquitectura, pintura, escultura, música, literatura e liturxia.
 - Simbología na arte relixiosa.
 - Análise de arte relixiosa.
 - Observación e descrición de obras de arte.
 - Identificación dos temas da fe na descrición de obras de arte relixiosa.
 - Identificación do autor e da comunidade crente á que pertence.
 - Interpretación de símbolos e iconas en obras de arte.
 - Aprecio pola beleza da arte relixiosa.
 - Respecto polas obras de arte relixiosa, da relixión propia e doutras relixións.
 - A vida que Deus dá dura para sempre.
 - A esperanza cristiá.
 - Textos bíblicos sobre a vida eterna.
 - Textos da Igrexa sobre a vida eterna.

- Lectura e interpretación de textos bíblicos sobre o amor eterno de Deus.
- Interpretación de símiles sobre a vida eterna.
- Interese por achegarse á transcendencia.
- Aprecio pola construción dun ceo novo e dunha terra nova.
- Respecto á dignidade e á integridade das persoas.
- Responsabilidade e permanente avaliación dos propios actos.
 - Interese por adquirir un punto de referencia permanente para orientar e avalia-la conduta propia e a conduta allea.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TERCEIRO CURSO

1. Verificar a acción salvadora de Deus a través dos personaxes bíblicos, e a súa plenitude en Xesucristo.
2. Recoñecer o amor de Deus ao crearnos á súa imaxe e adoptarnos como fillos.
3. Identificar algúns feitos e palabras de Xesús que mostran o amor de Deus ao home.
4. Situar as accións salvíficas de Xesús nas referencias bíblicas.
5. Comprender que o pecado rompe a relación con Deus, que Xesucristo a restablece, e que o amor de Deus dura para sempre.
6. Explicar que a fe e as obras son respostas ao amor de Deus, manifestado en Xesucristo.
7. Explicar a nova vida que se alimenta na Eucaristía.
8. Razoar que quen une os membros da Igrexa é o Espírito Santo.
9. Aplicar a algunhas obras artísticas e xestos litúrxicos os contidos básicos da fe cristiá.

CONTIDOS DE CUARTO CURSO

Deus é creador. O mundo e a vida como don de Deus na Biblia. Algún relato sobre a orixe do mundo na Antigüidade.

- A Biblia.
 - Estrutura e sentido da Biblia.
 - Os Evanxeos.
 - As citas bíblicas.

- Lectura e interpretación de textos bíblicos.

- Localización de citas bíblicas.
- Comentario de textos bíblicos.

- Interese, curiosidade e respecto pola Biblia.

A acción salvadora de Deus a través dos patriarcas e de Moisés no pobo xudeu. Sentido salvífico e compromiso co home no xudaísmo, no cristianismo e no islamismo.

- Relatos bíblicos sobre a manifestación de Deus na historia da Salvación.

- Moisés: escravitude en Exipto. Éxodo. Os mandamentos. A Alianza.
- A alianza de Deus co seu pobo.
- A salvación no xudaísmo.
- Os profetas.

- A salvación no cristianismo.

- Xesucristo, o Mesías, o Salvador. Morte e Resurrección.

- A salvación no islamismo.

- Os fundadores das relixións monoteístas.
- Localización xeográfica dos lugares máis significativos da manifestación de Deus.
- Lectura e interpretación de textos bíblicos sobre feitos e personaxes da historia da Salvación.
- Análise comparativa dos fundadores das relixións monoteístas nos aspectos concernentes á súa relación con Deus, ó seu compromiso co home e á súa acción salvífica.
- Gusto e interese pola lectura de relatos bíblicos.
- Respecto polos fundadores das relixións monoteístas.
- Respecto e interese por coñecer algunhas crenzas relixiosas distintas ás da relixión propia.

- A promesa de salvación que Deus lle fai ó home cúmprese na persoa de Xesucristo, verdadeiro Deus e verdadeiro home.

- Relatos do Novo Testamento sobre Xesús de Nazaré, verdadeiro Deus e verdadeiro home.

- A salvación de Deus por medio de Xesús.

-
- Lectura e comprensión de textos do Novo Testamento sobre a actuación de Xesús, verdadeiro Deus e verdadeiro home.
 - Extracción da mensaxe de textos do Novo Testamento, como a nova Alianza de Deus a través de Xesús.
 - Interese por coñece-la figura de Xesús de Nazaré.
 - Significado da vida de Xesús en canto a entrega persoal e compromiso con tódolos homes.
 - Feitos e palabras de Xesús que reflicten o amor de Deus ás persoas.
 - A actitude de entrega e de servizo de Xesús.
 - Significado da morte de Xesús.
 - Lectura e interpretación de textos bíblicos sobre a vida de Xesús.
 - Análise das actitudes de Xesús para extrae-la mensaxe de entrega e compromiso.
 - Extrapolación de datos e actuacións de citas sobre Xesús á situación actual.
 - Aprecio pola vida de Xesús como modelo de entrega.
 - O pecado do home como ruptura con Deus, cos demais e consigo mesmo.
 - O pecado.
 - Narracións bíblicas sobre o pecado.
 - O pecado como ruptura con Deus: sentimento de afastamento de Deus.
 - O pecado como ruptura cos demais: sentimento de falta de amor.
 - O pecado como ruptura consigo mesmo: sentimento de tristeza e vergonza.
 - Comparación entre os termos que se refiren á relación con Deus, consigo mesmo e cos demais.
 - Discriminación de actitudes construtivas e negativas para as relacións.

- Dramatizacións de casos de dilemas no comportamento humano.
- Aprecio e interese pola reconstrución das relacións persoais.
- O perdón de Deus e a súa misericordia. Os milagres de Xesús.
 - Os milagres de Xesús, signos externos do Reino de Deus.
 - Milagres de curación física e curación espiritual e milagres sobre a natureza.
 - A mensaxe dos milagres.
 - Lectura e interpretación de textos bíblicos.
 - Identificación do significado dos milagres.
 - Respecto pola fe dos cristiáns e cristiás ó descubri-lo amor de Deus no seu perdón.
- A vitoria sobre o pecado e a morte. Xesucristo, o Mesías, o Salvador, resucitou e vive para sempre.
 - Significado da resurrección de Xesús.
 - Comentario de textos bíblicos significativos sobre a Resurrección de Xesús.
 - Análise e reflexión sobre a mensaxe de vitoria da Resurrección de Xesús.
 - Interese e gusto pola lectura de textos bíblicos sobre a Resurrección de Xesús.
 - Aprecio pola vitoria sobre o pecado e a morte.
- A fe e o seguimento, resposta a Xesucristo. O mandamento do amor.
 - Textos do Novo Testamento que expresan o que significa seguir a Xesús.
 - Manifestacións externas sobre a liberdade ou decisión persoal.
 - O mandamento do amor.
 - Amor a si mesmo: respecto á propia vida e ó propio corpo.
 - O amor ó próximo a partir da mensaxe de Xesús: o amor a todos sen distinción.
 - Respecto e defensa da vida.
 - Respecto e amor á verdade.
 - Características do Deus de Xesús.

- Deus, Pai que ama e perdoa.
 - Deus quere que o home medre na fe.
 - Testemuños de actitudes e comportamentos cristiáns.
 - Os santos de hoxe en día.
 - Descrición das actitudes do cristián en relación consigo mesmo, en relación cos demais e en relación con Deus.
 - Discriminación de actos e actitudes de amor con respecto a outros que non o son.
 - Dramatización de escenas bíblicas relacionadas co mandamento do amor aplicadas a personaxes e comportamentos do momento actual.
 - Realización de debates ou xuízos populares sobre o comportamento moral nunha situación concreta.
 - Aprecio e respecto pola persoa de Xesús e polos seus seguidores.
 - Interese por vivi-los valores que emanan do mandamento do amor.
- O nacemento da Igrexa. O Espírito Santo é quen dá vida. Manifestacións dos vínculos internos que unen os membros da Igrexa.
 - Os dons do Espírito Santo reflectidos na vida da Igrexa.
 - A manifestación do Espírito Santo na Igrexa.
4. Análise de símiles sobre a vida eterna.

5. Participación en debates e coloquios sobre a vida despois da morte.
Valores
6. Respecto pola dignidade e pola integridade das persoas.
7. Respecto e interese pola esperanza cristiá.

AVALIACIÓN

A avaliación debe entenderse como un proceso continuo e integrado ó longo de toda a etapa. A súa finalidade principal consiste na adecuación da ensinanza ó progreso real dos alumnos. A información que proporciona debe servir para valorar tanto o rendemento académico dos alumnos como a eficacia do proceso de ensinanza e a súa propia práctica docente.

A forma de avaliar deriva dos obxectivos formulados e dos criterios metodolóxicos que definen a práctica educativa. Así unha metodoloxía que segue criterios construtivistas, globalizada, personalizada e integradora, require unha avaliación formativa, global e continua.

Empregaremos diversos instrumentos para a avaliación:

- Actividades que permiten avalia-la marcha dos procesos formativos a través de resultados concretos.
- Pautas de observación útiles para centra-los aspectos fundamentais da avaliación e os modos prácticos de levala a cabo.

Segundo o momento e situación nos que se produza, a avaliación terá diversas funcións e modalidades: *avaliación inicial*, *avaliación continua* e *avaliación final*.

Avaliación inicial

Cando se emprende un novo percorrido educativo é imprescindible ter en conta toda unha serie de factores que interveñen no proceso de aprendizaxe: coñecementos previos do alumno ou alumna sobre o que vai aprender, a súa motivación, o seu historial académico...

De ahí a necesidade da avaliación inicial para:

- Determina-los coñecementos previos de cada alumno ou alumna en cada nova situación de aprendizaxe.
- Valora-la disposición emotiva do alumno ou alumna cara á área.

- Facilita-la toma de conciencia por parte do alumno das lagoas, imprecisións e contradicións nos seus esquemas de coñecemento e, así, poder asumi-la necesidade de superalos.
- Detectar aquelas alteracións e disfuncións que poden interferir no proceso educativo e que requiran unha atención educativa especial.
- Comproba-lo grao de interiorización dos valores e normas propios do grupo de convivencia.

A avaliación inicial non trata de medi-la cantidade de aprendizaxe que o alumno ou alumna posúe, senón a calidade desta: as estratexias e recursos que utiliza, o proceso de razoamento e asimilación...

Avaliación formativa

A avaliación continua realízase ó longo de todo este camiño e pretende recoller información para proporcionar unha *atención individualizada* en cada momento.

O aspecto clave da avaliación continua radica en obxectiva-la progresión na competencia dos alumnos.

A avaliación nesa escala de criterios permitirá descubri-lo verdadeiro progreso na competencia do alumno/a.

Avaliación final. Avaliación sumativa

A avaliación tamén ten por finalidade determinar se se conseguiron ou non, e ata onde, as intencións educativas propostas. A avaliación sumativa valora os resultados da aprendizaxe para comprobar se acadan o grao de desenvolvemento desexado.

As finalidades da avaliación sumativa poden sintetizarse en:

- Medi-los resultados da aprendizaxe para comprobar que se consegue o nivel establecido.
- Pronunciarse sobre o grao de éxito ou fracaso do proceso educativo no cumprimento das intencións propostas.
- Acreditar ó final dun ciclo ou etapa que os alumnos realizaron as aprendizaxes correspondentes.
- Orienta-lo alumno ou alumna para as súas novas experiencias de aprendizaxe.

As fichas de reforzo conteñen propostas de actividades que permiten consolidar as aprendizaxes mínimas. Son fotocopiabes e ofrécense no Libro Guía.

As fichas de ampliación suxiren outras actividades para afondar naqueles aspectos do currículo susceptibles diso, ben pola súa proximidade á realidade do alumno, ben polo seu carácter motivador. Tamén son fotocopiabes e ofrécense, así mesmo, no Libro Guía.

Deste xeito, os materiais curriculares permítenlle ao mestre/a axustarse en cada momento ás necesidades dos alumnos. Á vez, constitúen modelos que poden ser reproducidos para xerar novos materiais de apoio personalizados.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE QUINTO CURSO

1. Saber identificar algúns signos representativos do fenómeno relixioso na Antigüidade.
2. Relacionar as grandes relixións vixentes, descubriendo as súas principais semellanzas e diferenzas.
3. Describir que consecuencias ten no ser humano o feito de ser creado e amado por Deus como fillo.
4. Sintetizar os puntos esenciais sobre a salvación do home realizada por Xesucristo, e razoar como Deus se nos dá a través dos sacramentos.
5. Describir a misión dos membros da Igrexa como continuidade da misión de Xesucristo.
6. Situar e valorar a presenza da Virxe María nos momentos culminantes da vida de Cristo, recoñecendo que ocupa un lugar especial na salvación.
7. Razoar o valor da liberdade e a responsabilidade dos propios actos á luz do Evanxeo, e saber aplicar o mandamento do amor ás situacións cotiás.
8. Identificar algunhas institucións da Igrexa dedicadas á axuda aos necesitados.
9. Sinalar e respectar os valores das distintas relixións e a súa contribución á cultura.
10. Interpretar o significado transcendente da arte relixiosa, e distinguir as festas civís das festas cristiás.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN SEXTO CURSO

1. Relacionar as grandes relixións vixentes, descubriendo as súas principais semellanzas e diferenzas.
2. Saber diferenciar as concepcións sobre a salvación do home no hinduísmo e no budismo.
3. Comentar algúns textos do Novo Testamento onde se manifestan a humanidade e a divindade de Xesucristo.
4. Describir que consecuencias ten no ser humano o feito de ser creado e amado por Deus como fillo.
5. Sinalar en textos evanxélicos a orixe da Igrexa e a súa finalidade de salvación.
7. Describir a misión dos membros da Igrexa como continuidade da misión de Xesucristo.
8. Especificar o servizo eclesiástico que os apóstolos e os seus sucesores lle prestan ao pobo de Deus, a organización da Igrexa e distinguir o significado das palabras *apóstolo*, *parroquia*, *diocese* e *provincia eclesiástica*.
9. Razoar o valor da liberdade e a responsabilidade dos propios actos á luz do Evanxeo, e saber aplicar o mandamento do amor ás situacións cotiás.
10. Identificar algunhas institucións da Igrexa dedicadas á axuda aos necesitados.
11. Sinalar e respectar os valores das distintas relixións e a súa contribución á cultura.
12. Interpretar o significado transcendente da arte relixiosa, e distinguir as festas civís das festas cristiás.
13. Resumir a fe da Igrexa acerca da vida eterna.

APOIO Á ACCIÓN EDUCATIVA

Para facilita-la adecuación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe á realidade concreta de cada alumno e alumna, emprego tipos de fichas de actividades: de reforzo e de ampliación.

As fichas de reforzo conteñen propostas de actividades que permiten consolida-las aprendizaxes mínimas.

As fichas de ampliación suxiren outras actividades para afondar naqueles aspectos do currículo susceptibles diso, ben pola súa proximidade á realidade do alumno, ben polo seu carácter motivador.

NÚCLEOS FORMATIVOS DA ÁREA

Deseguido, e de forma moi breve, presento a incorporación destes núcleos formativos na área de Relixión Católica.

Expresión oral

Ser capaz de expresar por medio da narración feitos bíblicos, da vida de Xesucristo, dos santos, da vida dos cristiáns e cristiás...

Sentirse nun ambiente propicio para expresar sentimentos.

Comprensión lectora

Comprende-la mensaxe dos textos bíblicos (en especial dos narrativos), diferenciando o esencial do accesorio ou anecdótico.

Descubri-la beleza literaria dos textos e relatos bíblicos adaptados á súa idade e nivel.

Descubri-la beleza dalgúns recursos literarios que se utilizan nos textos bíblicos para explicar ou describir (comparacións, parábolas, símiles...).

Analizar textos e relatos sobre o comportamento das persoas para valora-las actitudes que constrúen as relacións baseadas no amor.

Tecnoloxías da Información e da Comunicación

Utiliza-lo correo electrónico como medio de comunicación e de solicitude de información.

Coñece-los principais medios de información da Igrexa; en especial na súa comunidade e localidade (emisoras de radio, periódicos e revistas, folla parroquial...).

Acceder mediante Internet a páxinas informativas que ten a Igrexa, co fin de obter información.

VALORES E ENSINANZAS TRANSVERSAIS PARA 5º E 6º DE E.P.

Educación moral e cívica

- Curiosidade por coñecer a relación do islam co xudaísmo e co cristianismo.
- Valoración das iniciativas solidarias cristiás.

- Admiración polas persoas que realizan un labor humanitario.
- Relación entre as promesas e o compromiso que implican e a importancia do seu cumprimento.
- Gratitude cara ás persoas que traballan por levar o Reino de Deus ao Terceiro Mundo e ao Cuarto Mundo.
- Interese por crecer como persoa e ser responsable.
- Respecto cara ás persoas que manteñen unha actitude ante Deus distinta á propia.
- Participación responsable en traballos de equipo.
- Respecto polas obras de arte como patrimonio colectivo.

Educación para a paz

- Interese por participar en accións concretas que melloran a relación cos demais.
- Desexo de reflectir na vida cotiá actitudes baseadas no amor e no perdón.
- Aprecio e admiración pola actitude dos cristiáns ante o problema dos inmigrantes, dos presos e ante a enfermidade.
- Respecto polos Dereitos Humanos.
- Respecto polo feito relixioso.
- Interese por vivir a mensaxe do Nadal.
- Valoración do amor cristián como pauta de conduta.

Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos

- Importancia das mulleres da Biblia.
- Educación do consumidor
- Aprecio e admiración pola actitude solidaria e corporativa dos cristiáns ante o problema da fame e as necesidades básicas.
- Aprecio por vivir con valores non-consumistas.

Educación para a saúde e a calidade de vida

- Aprecio e admiración pola actitude dos cristiáns ante o problema da enfermidade.

METODOLOXÍA

Esta programación está baseado nas fontes pedagóxicas da aprendizaxe construtivista. Axuda á:

Potencia-los contidos instrumentais co fin de que sirvan de apoio a novas aprendizaxes: a lectura deixa de ser un fin en si mesma e convértese en actividade de aprendizaxe para adquirir novos coñecementos.

Secuencia-los obxectivos, contidos e criterios de avaliación en función da idade e do nivel dos alumnos permite o desenvolvemento pleno das capacidades.

Facilitarlle ó alumno a construción de novas aprendizaxes, enlazándoas coas que xa posúe.

Establece-la interrelación que se dá entre a área de Relixión e Moral Católica e as demais áreas do currículo, co fin de obter perspectivas globalizadoras e dotar de unidade interna as aprendizaxes escolares.

Atende-la diversidade dos alumnos, tendo en conta as carencias instrumentais e motivándoos a pensar, razoar e reflexionar.

Facer referencia constante á realidade inmediata, ó medio coñecido e a todo aquilo que lle evoque vivencias próximas.

Proporcionar coherencia na secuencia de aprendizaxe: manipulación, estímulo perceptivo, expresión oral e escrita, representación gráfica, clasificación, recordo...

Coa finalidade de que o alumno e a alumna acaden os obxectivos da área de Relixión e Moral Católica, o noso proxecto elixiu como metodoloxía que o alumno/a parta sempre do plano da propia experiencia, de todo o que lle evoque vivencias persoais e da realidade máis inmediata para alcanza-lo plano da relixión e se abra á transcendencia.

TEMPORALIZACIÓN

Cada aula ten: unha hora a semana en 5º e dúas en 6º . As unidades didácticas están programadas para axustarse a este horario. De tal xeito que no primeiro trimestre por exemplo, cada unidade didáctica se desenvolve en tres semanas, 3/6 sesións.

Existen ao longo do curso variacións sobre a programación das Unidades didácticas debido ás saídas e conmemoracións que se veñen realizando tódolos anos ao longo do curso e en tódolos ciclos.

9. PLAN ANUAL DE LECTURA

Obxectivos:

1. Desenvolver as competencias básicas da lectura e da escritura.
2. Fomentar os hábitos de lectura.
3. Fomentar tanto o disfrute como a actitude crítica da lectura en xeral e da información en particular.
4. Favorecer as competencias literarias.

Organización:

En todos os cursos, tanto de Educación Infantil, como de Educación Primaria se adicará un tempo mínimo de 15 minutos diarios a lectura, preferiblemente silenciosa.

Estes 15 minutos deberán de establecerse, a ser posible, na primeira sesión de cada mañán.

Potenciarase a coordinación das distintas tutorías cos especialistas de cada área para que estes poidan aplicar este Plan de Lectura cando coincida a sesión.

Utilizarase a biblioteca da aula, a biblioteca escolar e os distintos periódicos e revistas que chegan ao colexio.

Todos os cursos deberán pasar unha vez a semana pola biblioteca escolar. Establécese un calendario de uso para cada tutoría.

Periódicamente faranse sesións de animación a lectura.

En todos os recreos estará a biblioteca escolar aberta e atendida por un profesor ou profesora. Neste momento ademais de lectura farase o préstamo de libros.

As tardes nas que hai actividades tamén está aberta a biblioteca a tendida por un profesor ou profesora.

Recursos:

Empregaranse os distintos medios de que dispón o centro e calquera outro que poida conseguirse:

Biblioteca escolar.

Biblioteca de aula.

Xornais: cada día chegan ao colexio diversos exemplares de xornais como “La voz de Galicia”, “Faro de Vigo”, “Diario de Pontevedra”.

Revistas: O colexio está suscrito a diversas revistas (Natura, Pipo...).

Blog da biblioteca. Dende aquí pode accederse directamente a todas as bibliotecas de Moaña, así como a varias enciclopedias dixitais e a varios xornais on line. Tamén hai continua información sobre libros e actividades do colexio.

Todo tipo de soporte tanto audiovisual como informático dos que dispón o colexio.

Actividades:

Ademais do tempo de lectura diaria colabararase coas distintas actividades que programen os distintos equipos do centro, fundamentalmente os equipos de Biblioteca e Normalización lingüística, con especial incidencia nas actividades de animación a lectura, conmemoración de datas especialmente importantes e realización da revista escolar “A Xunqueira”

Avaliación:

Farase unha avaliación continuada, tendo en conta os avances e as dificultades e adaptándonos progresivamente aos traballos de elaboración do Proxecto lector do centro.

10. PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

Obxectivos:

1. Adquisición de coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantías de éxito a utilización das TIC nos contornos do aprendizaxe, familiares e de lecer.
2. Adquisición dunha competencia dixital ó remate da escolarización obrigatoria.
3. Saber utilizar as TIC, como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

4. Fomentar tanto o disfrute como a actitude crítica na utilización das TIC.
5. Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
6. Facilitarlle o acceso a esta ferramenta, ó alumnado con necesidades educativas especiais.
7. Facilitarlles recursos nas tarefas de apoio e reforzo no seu aprendizaxe.
8. Impulsar a comunicación con outros centros e localidades.
9. Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento
10. Proporcionarlle o alumnado extratexias para obter e xestionar a información.
11. Utilizar programas que faciliten a consecución dos obxectivos previstos nas diversas áreas.
12. Utilizar o ordenador como medio de creación e de expresión das súas propias ideas.
13. Intercambiar experiencias na rede.
14. A través da ANPA potenciar e aproveitar a estrutura tecnolóxica para favorecer por parate dos pais e nais a adquisición dos coñecementos necesarios.

Organización:

En todos os cursos, tanto de E.Infantil, como de E. Primaria se adicará unha semanal o manexo das TIC.

Potenciarase a coordinación das distintas titorías cos especialistas de cada área, para que éstos poidan utilizar tamén as TIC.

Potenciarase a utilización da aula como recurso polas tardes nas actividades extraescolares.

Na Biblioteca potenciarase a utilización da rede para a busca de información.

Daráselle a máxima importancia á comunicación por medio das TIC, tanto dentro do Centro, como con outros centros ou entidades.

Recursos:

3 PC na Biblioteca conectados en rede e conectados a Internet.

2 na Sala de Profesores.

- 4 nas aulas de E.Infantil.
- 16 na aula de informática.
- Conexión a Internet en audiovisuais.
- Pantalla Smart Borrada.
- 4 portátiles.
- 3 canóns de video.

11. PROXECTO LINGÜÍSTICO

11.1 NORMATIVA LEGAL

- **D 79/2010, do 20 de Maio, para o plurilingüismo.**
- ***DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.***

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs...

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moilonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

11.2 ADENDA ANUAL AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Cada curso faise unha adenda en función do “tema global” elixido.

11.2.1 ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADAS POLO CENTRO NO CURSO 2016-2017.

As actividades previstas para o **curso 2016-2017** foron as seguintes:

- Actividades relacionadas coas FESTIVIDADES: Samaín, Nadal, Entroido, día do libro, semana da prensa, etc.
 - As actividades plantexadas para cada festividade estarán tamén relacionadas co tema “ÁFRICA”.

- **Uso das NOVAS TECNOLOXÍAS:**
 - Colaboración con tódolos blogs do colexio así como na web con materiais en galego, colgaremos diferentes informacións e actividades relacionadas coa lingua galega.
 - Creación de actividades en java clice en edlim.

- **PUBLICACIÓNS:**
 - Publicación dun periódico escolar de carácter trimestral.
 - Boletíns quincenais de información do profesorado.
 - Boletíns de formación de usuarios da Biblioteca para o Profesorado.
 - Axendas escolares.
 - Trípticos para recomendacións de lecturas para o Alumnado e as Familias
 - Elaboracións de carteis de fomento do galego.
 - Catálogo de Libros sobre ÁFRICA.

- **DÍA DAS LETRAS GALEGAS:**
 - Trataremos de que o autor homenaxeado, Carlos Casares, estea presente durante todo o ano e non solo na semana das Letras Galegas polo que proporemos diferentes actividades ao longo do curso relacionadas con él. A primeira actividade será poñer un cartel coa súa biografía.
 - Audiovisuais do autor homenaxeado, Carlos Casares.
 - Unidades didácticas do autor.
 - OBRADOIRO con todo o alumnado do centro sobre a obra e vida de Carlos Casares.

- **O ENTROIDO:**
 - Relacionado co entroido e con ÁFRICA prepararemos unhas coplas en galego sobre o tema.

- **FOMENTO DA LECTURA:**
 - Contacontos, traídos de fóra ou entre os propios alumnos e alumnas.

- KAMISHIBAI
 - Exposición de Biografías de Científicos e outros personaxes relacionados co tema de ÁFRICA.
 - Pasaporte lector (continuación)
- **O GALEGO NO ENTORNO:**
 - Búsqueda por parte do alumnado do uso que se fai do galego no seu entorno e propostas de mellora.
 - Colaborar con entidades culturais da zona (como por exemplo a escola municipal de música) para charlas, obradoiros, etc.
- **ACTIVIDADES RELACIONADAS CO PROXECTO DE ÁFRICA:**
 - Exposición sobre XOGOS TRADICIONAIS GALEGOS facendo unha comparativa con xogos tradicionais e África.
 - Exposición de fotos “GALICIA E ÁFRICA UNIDOS POLO MAR”, unha recopilación de fotografías de mariñeiros da zona que traballaran en África, aportadas polos nenos e nenas.
 - “HISTORIAS DO MAR”, charlas de xente que traballara polos mares de África e entrevistas feitas polo alumnado.
 - Video-contos africanos en galego e no idioma orixinal.
 - Contacontos senegalés.
 - Adicar o día da paz a Nelson Mandela e facer un mural en galego.
 - Hermanamento con algún colexio de africano de fala portuguesa.
 - Exposición de datos sobre ÁFRICA.
 - Elaboración de proxectos sobre ÁFRICA en galego, feitos polo alumnado, e que serán colgados no blog do colexio.
 - **Tradución ao galego por parte do alumnado ao galego de textos e vocabulario relacionado con África.**
 - Creación dun documental sobre África.

VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES

A.- PARA O CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO.

No referente ás medidas a adoptar foron as seguintes:

- Colaborar coa ANPA, asociacións de centros privados, e outras entidades con incidencia no ámbito escolar, en distintas actividades
- Promover a interacción entre a escola e o seu contorno.

- Fomentar a colaboración coas entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas do contorno e organizar actividades conxuntas.
- Establecer fórmulas de interacción e colaboración con empresas locais para favorecer o emprego da lingua galega e para mellorar a súa valoración social.

Todas foron cumpridas excepto a última.

B.- PARA O PROFESORADO.

Neste apartado aínda queda moito que traballar posto que houbo algún acercamento ao galego por parte do profesorado pero non é suficiente, polo que debe ser un dos obxectivos fundamentais do próximo ano.

C.-PARA O ALUMNADO.

Pensamos que en maior ou menor medida se cumpriron todos.

D.- PARA O CENTRO.

En xeral cumpridos. Funcionou ben a coordinación co resto dos equipos pedagóxicos do centro (o equipo da Biblioteca, TICS,...):

11.2.2 ACTIVIDADES PREVISTAS PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA A REALIZAR POLO CENTRO NO CURSO 2017-2018.

As **actividades previstas para este curso 2017-2018** son as seguintes:

- Actividades relacionadas coas **FESTIVIDADES**: Samaín, Nadal, Entroido, día do libro, semana da prensa, etc.
- As actividades plantexadas para cada festividade estarán tamén **relacionadas co tema “A MÚSICA “**.
- Uso das **NOVAS TECNOLOXÍAS**:

- Colaboración con tódolos blogs do colexio así como na web con materiais en galego, colgaremos diferentes informacións e actividades relacionadas coa lingua galega.
- Creación de **actividades en java clice en edlim.**
- **Exposición de diferentes informacións sobre A MÚSICA.**
- Elaboración de proxectos sobre A MÚSICA en galego, feitos polo alumnado, e que serán colgados no blog do colexio.

PUBLICACIÓNS:

- Publicación dun **periódico escolar de carácter trimestral.**
- **Boletíns** quincenais de información do profesorado..
- **Boletíns de formación de usuarios da Biblioteca para o Profesorado.**
- **Axendas escolares.**
- **Trípticos** para recomendacións de lecturas para o Alumnado e as Familias
- Elaboracións **de carteis de fomento do galego.**
- **Catálogo de Libros sobre A MÚSICA GALEGA.**
- **Boletíns de Novidades da Biblioteca para o Profesorado.**

DÍA DAS LETRAS GALEGAS:

- Trataremos de que a autora homenaxeado, **Victoria Moreno Márquez**, estea presente durante todo o ano e non solo na semana das **Letras Galegas** polo que proporemos diferentes actividades ao longo do curso relacionadas con él. A primeira actividade será poñer un cartel coa súa biografía..
- **Audiovisuais da autora** homenaxeado, **Victoria Moreno Márquez.**
- **Unidades didácticas da autora.**
- **Mural xigante** na entrada do colexio.

O ENTROIDO:

- Relacionado co **entroido** e coa MÚSICA prepararemos unhas coplas en galego sobre o tema.

FOMENTO DA LECTURA:

- **Contacontos**, traídos de fóra ou entre os propios alumnos e alumnas.
- **KAMISHIBAI**
- **Exposición de Biografías e obras de autores, músicos e outros personaxes relacionados co tema da música galega**
- **Pasaporte lector** (continuación)

O GALEGO NO ENTORNO:

- Búsqueda por parte do alumnado do uso que se fai do galego no seu entorno e propostas de mellora.
- **Colaborar con entidades culturais** da zona (como por exemplo a escola municipal de música) para charlas, obradoiros, etc.

ACTIVIDADES RELACIONADAS CO PROXECTO DA MÚSICA :

- Creación de pequenas **unidades didácticas** sobre A MÚSICA escritas en galego.
- **Elaboración de traballos en galego por parte do alumnado sobre personaxes relacionados coa MÚSICA GALEGA.**
- **Muráis e exposicións** sobre os diferentes estilos musicais presentes en Galicia.
- **Os instrumentos:** fabricación de instrumentos con material de refugallo para despois realizar unha exposición acompañada dunha laboura de investigación por parte do alumnado.

- Elaboración de **documentais** sobre a vida e a obra dos músicos mais importantes do panorama galego.
- Elaborar un “**cancioneiro de Moaña**”, recopilando cancións propias da zona.
- **Charlas** de músicos do entorno.
- Estudiar as **danzas populares** do entorno.
- Elaboración dun “**videoclip**”.
- **Cancioneiro do outono** con cancións propias desta época do ano.

LINGUA MATERNA PREDOMINANTE ENTRE O ALUMNADO DE INFANTIL.

Unha vez realizados os cuestionarios sobre a súa lingua materna en educación infantil comprobamos que mais do 90 % do alumnado ten como lingua materna predominante o castelán, polo que este proxecto e as súas actividades de fomento cobran moita importancia.

ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA O COÑECEMENTO DAS LINGUAS OFICIAIS.

Técnicas e estratexias para a adquisición das linguas na educación infantil:

- Conversas espontáneas (nos xogos, no patio, na aula,...) e dirixidas (tema do día, asemblea, relacionado co proxecto, ...)
- Lectura de contos, posterior posta en común e reflexión sobre o mesmo.
- Uso das formas de cortesía (saúdo e despedida, agradecementos, pedir perdón)
- Traballo con diferentes textos, xornais, revistas, contos, poesías,...
- Lectura a través de láminas, co fin de estimular a linguaxe.
- Conversas entre nenos, e entre o neno e o mestre.
- Xogos de invención ou imaxinación con contos incompletos, preguntas e adiviñas.
- Xogos como trabalinguas, sons onomatopéicos, repetición de sons, ...
- Dramatizacións

NOTA A TER EN CONTA: Debido á metodoloxía empregada no colexio, baseada nos intereses e motivacións do alumnado, poderíanse elaborar algunhas actividades aínda non planificadas nesta presente achega pero que si serán reflectidas na seguinte addenda do vindeiro curso.

12. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO. NORMAS DE CONVIVENCIA

12.1 O CENTRO, CARACTERÍSTICAS E OBXECTIVOS

O Ceip Reibón é un centro Público de Ensino Infantil e Primaria, con domicilio en A Xunqueira nº 17, Moaña (Pontevedra), C.P. 36.950, Teléfonos 886120347/8, Código do Centro 36004733, e Código de Identificación Fiscal Q8655034J. Dirección de correo electrónico: ceip.reibon@edu.xunta.es Páxina web : www.reibon.com. Trátase dun centro de liña tres con 500 alumnos/as aproximadamente distribuídos en 6 aulas de EI e 18 de EP. O claustro ten 40 mestres/as aproximadamente, posúe transporte e comedor e o nivel económico social e cultural das familias é medio.

A Comunidade Educativa , que constitúe o Centro, ten como obxectivo a educación integral dos seus membros, fundamentada no respecto ás liberdades fundamentais, á igualdade de oportunidades sin distinción de ningún tipo, e á igualdade de trato e non discriminación das persoas. O noso fin é impartir unha educación baseada no exercicio da tolerancia e nos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.

Estas normas de organización e funcionamento e as de convivencia non se deben entender como un código de sancións, senón como un conxunto de normas e instrucións que teñen como obxectivo regular a organización e convivencia do Centro, dunha maneira práctica e accesible para toda a Comunidade Educativa.

Preténdese que cumpra as seguintes finalidades:

-Ser marco de referencia para a boa marcha da institución escolar e para cada un dos sectores que a compoñen.

-Mellorar o funcionamento do Centro facilitando a toma de decisións.

-Optimizar a convivencia entre todos os sectores da Comunidade Educativa mediante o respecto mutuo e a tolerancia.

-Potenciar a participación democrática dos membros de dita Comunidade Educativa.

O CEIP Reibón cumpre cos requisitos mínimos establecidos no Real Decreto 132/2010 de 12 de febreiro

12.2 FUNDAMENTOS LEGAIS

- *Requisitos mínimos Rd132/2010 de 12 de febrero*

- *Lei Orgánica 8/1985, reguladora do dereito á educación*

- *Lei Orgánica de Educación 2/2006 artigos 120,124. Redacción dada pola lai orgánica 8/2013 de 9 de decembro. Artigo 124 da LOE-LOMCE.*

- *Decreto 30/2007 polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos*

- *Orde de 17 de marzo de 2007 polo que se regula o procedemento para a admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos*

- *Decreto 10/2007 (DOG 06/02/07) e pola Orde do 13 de xuño de 2008 (DOG 19/06/08) pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios...*

- *Real decreto 732/1995 do 5 de maio polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as Normas de Convivencia nos centros.*

- *Decreto 374/96 de 17 de outubro ROC, PAT, tutores, órganos de coordinación docente.*

- *Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro sobre a convivencia.*

12.3 ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

Órganos de goberno :

Os órganos de goberno do centro, tanto unipersonais de carácter **executivo** (Dirección (LOMCE cap. IV art. 132), Xefatura de Estudos(Decreto 374/1996 art.31 e Secretaría (Decreto 374 art.32)), como **colexiados** (Claustro (LOMCE cap.III arts.128-129) e Consello Escolar LOMCE cap. III Sección I arts. 126-127)), veñen determinados, tanto na súa composición, como nas súas funcións e competencias, pola *Lei Orgánica de Educación, de 3 de maio de 2006*.

Ademáis terase en conta o seguinte:

Equipo Directivo

Os integrantes do Equipo Directivo deberán procurar a maior coordinación entre eles. A este efecto, dentro do horario semanal disporán dunha hora común para coordinación.

Na Programación Anual do Centro incluírase un Plan de Traballo que asegure a xuntanza e obxectivos dos distintos Equipos de coordinación docente. A Xefatura de Estudos supervisará o cumprimento deste plan.

A Dirección poderá convocar calquera xuntanza con carácter urxente se o considerase necesario, modificando o plan previsto.

Consello Escolar

O Consello Escolar é o órgano a través do cal participan na xestión do centro os distintos membros da Comunidade Educativa. A súa estrutura, composición e funcións veñen determinadas no *artigo 127, capítulo 3 da Lei Orgánica de Educación*.

Claustro

O Claustro é o órgano propio de participación do profesorado no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar e informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos.

Todas as decisións importantes deberán tomarse por acordo deste órgano, sen menoscabo das competencias propias do Consello Escolar.

As súas reunións estarán baseadas no respecto á opinión e aportacións de todo o profesorado. Para facilitar as intervencións estableceranse quendas de palabra.

Nos asuntos máis importantes procurarase consensuar as posturas de todos os membros do claustro.

O Claustro reunirse, preceptivamente, unha vez por trimestre e sempre que o convoque a Dirección ou cando sexa solicitado por un tercio (1/3) dos seus membros.

A orde do día será fixada polo Equipo Directivo, tendo en conta as peticións dos demais membros, que terán a opción de engadir algún punto.

As votacións faranse a man alzada, ou en segredo sempre que algún membro do Claustro así o solicite.

O Claustro reunirse antes de cada sesión do Consello Escolar para tratar os temas a debater co obxecto de que os representantes do profesorado neste órgano sexan portadores dunha postura o máis consensuada posible.

Órganos de Coordinación Docente :

(Decreto 374 Título III Capt.I Art.53 e LOMCE Capt.III Secc.III Art.130)

Equipos:

Normalización e Dinamización Lingüística

Actividades Complementarias e Extraescolares

Biblioteca

Natureza e Laboratorio

TICs

Tema global

Todos os Equipos terán como mínimo unha reunión mensual e a persoa encargada da súa coordinación contará cun mínimo de dúas horas semanais para adicar ás actividades xeneradas polo Equipo.

Todo o profesorado deberá estar adscrito a algún Equipo

Coordinación de nivel

Dadas as condicións e a experiencia de traballo do noso centro considerase de especial importancia a existencia dos Equipos de Nivel, que estarán constituídos polos titores ou titoras de cada nivel.

A súa función será a de coordinar, organizar e desenvolver as ensinanzas propias do nivel.

Os equipos de nivel reuniranse unha vez á semana. O centro facilitará nos horarios a existencia dunha hora de coordinación na que os titores ou titoras non teñan outras actividades.

Comisión de Coordinación Pedagóxica

(Decreto 374/96 Título III Cap.I Art. 61)

Estará presidida pola Xefatura de Estudos e composta polo Xefe ou xefa do Departamento de Orientación e polos Coordinadores ou Coordinadoras dos Equipos de Ciclo, Normalización, Actividades, Biblioteca, Natureza e Tics.

Reunirse cunha periodicidade mensual.

A súa función será a de ter un seguimento da aplicación do currículo, así como a detección de dificultades na súa aplicación.

Encargarase tamén de coordinar e dar coherencia ás distintas actividades desenvolvidas polos distintos Equipos.

Departamento de Orientación

(Orde de 24 de xullo 1998 regulada polo decreto 120/1998 de 23 de abril)

Estará formado polo Orientador ou Orientadora, que actuará como xefe do departamento, o profesorado de Audición e Linguaxe e a Pedagogía Terapéutica e os Coordinadores ou Coordinadoras dos distintos Ciclos.

A súa función ven determinada polo *Decreto 120/1998 e a Orde do 24 de xullo de 1998*.

Comisión de Convivencia

(Decreto 8/2015 de 8 de enero art. 6)

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de convivir nun marco de respecto mutuo e solidariedade recíproca, expresada

na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo e é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

A Comisión de Convivencia está formada polo director que a preside e nomea aos representantes do profesorado, das familias e do personal de administración e servizos, na mesma proporción que o Consello escolar.

No artigo 6 e concretamente no punto 4 do citado Decreto 8/2015 de 8 de Xaneiro nomeanse as funcións da Comisión de Convivencia:

- Elaborar o Plan de Convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado Plan.

- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato entre todos os membros de comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

- Propor ao CE as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar ao CE sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do

centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao CE do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo CE do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Órganos de participación, colaboración e representación social :

ANPA

Definición.

As asociacións que constitúen os pais, nais e titores nos centros docentes, terán, a efectos legais, o carácter de Asociacións de Nais e Pais cunhas finalidades e estatutos específicos.

Finalidades.

Asistir ás familias en todo aquilo que atinxe á educación dos seus fillos e fillas.

Colaborar nas actividades educativas dos centros.

Promover a participación das familias no exercicio do seu dereito á intervención no control e xestión dos centros sostidos con fondos públicos.

Facilitar a representación e a participación das familias no Consello Escolar.

Calquera outras que, dentro da normativa vixente lle asignen os seus respectivos estatutos.

Actuacións en relación co Centro.

Propoñer un representante seu para formar parte do Consello Escolar do centro.

Elevarlle propostas ao Equipo Directivo para a elaboración da Programación Xeral Anual.

Informar ao Consello Escolar daqueles aspectos da marcha do Centro que consideren oportunos.

Informar aos asociados e asociadas da súa actividade.

Recibir información, a través dos seus representantes no Consello Escolar, sobre os temas tratados nel.

Elaborar informes para o Consello Escolar a iniciativa propia ou a petición deste.

Elaborar propostas de modificación das NOF

Formular propostas para a realización de actividades complementarias e extraescolares que, unha vez aceptadas, deberán figurar na Programación Xeral Anual.

Coñecer os resultados académicos referidos ao centro e a valoración que deles realice o Consello Escolar.

Recibir un exemplar da Programación Xeral Anual. .

Recibir información sobre os libros de texto e os materiais didácticos adoptados polo Centro.

Fomentar a colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.

Facer uso das instalacións do centro nos termos que estableza o Consello Escolar de acordo coa lexislación vixente.

Dispoñer dun local para o desenvolvemento das actividades internas, sempre que a disponibilidad do Centro o permita.

Concello

O centro colabora e mantén un estreito nexos de unión co Concello cedendo o uso do mesmo para a realización de actividades formativas e sen ánimo de lucro fora do horario escolar. As solicitudes de uso son rexistradas no centro e remitidas á Xefatura Territorial para a súa aprobación. Ademais o centro, participa nas reunións que fai o Consello escolar Municipal aportando ideas e necesidades de actuación e mantén unha comunicación aberta con todas as dependencias do Concello.

Persoal non docente

As características da súa función virán determinadas pola lexislación que afecta a cada unha destas persoas.

- Deberá respectar e ser respectado por todos os membros da comunidade educativa.

- Deberá ser escoitado cando faga propostas encamiñadas á mellora do funcionamento do Centro.
- Deberá colaborar na consecución dos fins e obxectivos propostos polo Centro.

Funcións da persoa encargada da Conserxería

- Recibir ás persoas alleas ao Centro e darlles pautas de espera, así como acompañalas ás dependencias do Centro cando sexa oportuno
- Abrir e pechar as portas ás entradas e saídas.
- Tocar os timbres á entrada e saída de clase e á saída e entrada dos recreos.
- Poñer todos os medios que estean ao seu alcance para que o recinto e dependencias do Centro estean nas mellores condicións.
- Realizar, dentro do Centro, os traslados de material e mobiliario e enseres que foran necesarios.
- Cooperar coa dirección e co profesorado nas tarefas educativas.
- Atender a cantas persoas requiran a súa información ou axuda.
- Velar polo bo uso e coidado das instalacións e do mobiliario, e comunicar á dirección os desperfectos ocasionados, e os responsables dos mesmos.
- Calquera outra tarefa de carácter análogo que por razóns de servizo se lle encomenden.

Critérios e procedementos garantes na toma de decisións por parte dos órganos de goberno e de coordinación docente en procesos importantes do centro

O rigor e a transparencia na toma de decisións por parte dos órganos de goberno é un dos obxectivos fundamentais nas NOF e constitúe un principio básico de actuación que regula a vida docente do centro. Cando se producen feitos ou procesos importantes para o centro, a existencia dun acordo maioritario considérase esencial para a toma de decisións. A adopción de acordos deberá respectar a legalidade e deberá ter en conta informes e documentación relacionados co tema en concreto.

A publicidade dos acordos garante a transparencia destes, que serán reflectidos en actas e ou comunicados por escrito sempre que non se vulnere a pivicidade e protección de datos das partes interesadas.

Procederase mediante comunicación previa da información necesaria ás partes interesadas a través de medios de difusión do centro (correo electrónico, tokapp, páxina webb...)

O proceso de Admisión do alumnado ven regulado pola ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación.

A avaliación do alumnado ven regulada na ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria, Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Canles de coordinación entre órganos de goberno e de coordinación docente

Os diferentes órganos de goberno precisan dunha organización e coordinación que permita mellorar o proceso educativo.

O equipo directivo reúnese unha vez á semana para o cal faise coincidir unha sesión aos tres compoñentes.

As tardes dos martes en horario de 16:00 a 18:00 adícanse a reunións varias (Claustros, C.Escolares, C.C.P., C.convivencia, Equipos...) e atención por titorías a pais/nais. (Orde do 22 de xulio de 1997)

O Caustro de profesorado reúnese con carácter ordinario unha vez ao trimestre, previamente ao Consello Escolar.

As convocatorias tanto ordinarias coma extraordinarias ou de carácter urxente faranse usando os medios de comunicación que posúe o centro e cun tempo adecuado segundo sexa o carácter da reunión, nela aparecerán os puntos á tratar fixados pola dirección do centro tendo en conta as

peticións dos demais membros. Para a aprobación dos temas propostos farase por acordo da maioría absoluta (Orde do 22 de xulio de 1997).

Organización práctica da participación de todos os membros da comunidade educativa e reparto de responsabilidades

Canles de participación dos distintos sectores da comunidade educativa :

.- Coa ANPA

Unha persoa nomeada por esta asociación será membro do Consello Escolar.

Trasladará as inquiredanzas e suxerencias das familias á comunidade educativa e o funcionamento do centro.

Colaborará economicamente co centro nos orzamentos aprobados previamente pola súa xunta directiva e a proposta do Claustro ou do Concello Escolar.

Encargarase, en colaboración co equipo directivo, da programación e organización das actividades de tarde e das celebracións que se fagan no centro.

.- Con outras asociacións

O equipo directivo coordinará con outras asociacións diversas actuacións no centro que poderán repercurir nos seguintes aspectos:

Económico, a través de posibles colaboracións que se poidan percibir.

Didáctico, organizando actividades que competan ao seu ámbito.

Material, facendo uso das instalacións do centro para reunións e actividades que se consideren interesantes.

.- Co Concello

Un representante elixido polo Concello formará parte do Consello Escolar.

Comunicacións, entrevistas e reunións co fin de dar cobertura ás necesidades de mantemento das instalacións do centro.

Participación en actividades culturais organizadas polo Concello.

Colaboración cos servizos municipais nas actividades propostas para educación infantil e primaria.

.- Atención a pais/nais de alumno. Tutorías. (Lei 4/2011 de 30 de xuño de Convivencia, Artigo 33).(Orde do 22 de xulio de 1997)

Protocolo educativo para prevención e control do absentismo:

O titor/a adicará unha hora semanal para atención a pais/nais, dentro do horario non lectivo de obrigada permanencia. Así mesmo programará reunións globais coas familias encamiñadas a expoñer as liñas xerais respecto ao plan de traballo. O titor deberá ofrecer canles de comunicación coas familias e facilitará a información que considere relevante do alumnado á familia correspondente.

As familias poderán solicitar atención do DO, Xefatura de Estudos e Dirección para situacións educativas específicas. En todo caso, a canle primeira correspóndelle ao titor, a continuación ao DO e, en casos moi puntuais, á Xefatura de Estudos e á dirección.

Protocolo para a prevención e control do absentismo

Tal como establece o artigo 22 do decreto 229/2011 do 7 de decembro, absentismo é a ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria.

Se o número de faltas inxustificadas supera o 10% do total de horas lectivas, poderase aplicar o protocolo.

O control de asistencia faise diariamente polos titores/as.

O titor/a, a o comezo de curso, informará ás familias sobre cómo se xustifican as faltas e levará un rexistro de faltas diario que quedarán reflectidas na aplicación XADE a tal efecto, faltas que aparecerán nos boletíns de calificacións trimestrais. Así mesmo nas avaliacións quedará constancia das faltas inxustificadas de asistencia cando supere o límite establecido..

O criterio de xustificación de faltas vai dende a enfermidade ata imprevistos, un pouco a criterio do equipo directivo que, xunto co titor/a e

unha vez reunidos cos pais/nais do alumnado, sopesarán a viabilidade da xustificación para actuar en consecuencia.

Cando as faltas de asistencia presenten dificultades para a súa xustificación poderanse utilizar os anexos I e II do protocolo de absentismo. Se a situación non mellora iniciárase o expediente (anexo III). Activado o protocolo, a Xefatura de Estudos recollerá a información notificando ao Servizo Territorial de Inspección Educativa e ao Concello.

Procedemento para a atención de alumnado en caso de accidente

Axeitarase o regulado no capítulo 12 da Orde de 22 de xullo de 1997.

Cando un alumno/a teña un accidente que se considere que non reviste gravidade, o titor/a o atenderá e en todo caso o comunicará á familia.

No caso de indisposición ou enfermidade leve, se avisará á familia para que se faga cargo do alumno/a en cuestión.

Na sala de profesores figura unha lista de alumnos/as con alerxias e procedementos de actuación en casos urxentes, de todos os xeitos, o profesorado non se fai responsable da administración de medicamentos sen, con isto, omitir a súa obriga de axudar ao alumno/a que o necesite. En caso de que se observe que se trata dun caso grave se chamará directamente ao 112.

Atención de alumnado en caso de enfermidade prolongada

Actuarase segundo a normativa LOE/LOMCE art.91. e co Decreto 229/2011 de 7 de decembro da atención á diversidade arts. 25,4-6.

Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado que deba permanecer convalecente no domicilio por un período superior a un mes ou aquel que padeza enfermidades crónicas que sexan a

causa de faltas de asistencia 6 ou máis días continuados no mes, dentro dun período mínimo de seis meses.

A familia deberá presentar unha solicitude cun informe médico que se trasladará á Xefatura Territorial xunto cun informe da situación académica do alumno/a do titor/a e orientador/a. Con carácter xeral a X.Territorial nomeará un profesor específico, non obstante poderá proporcionarse esa atención mediante un profesor do centro sempre que a súa participación sexa voluntaria.

O centro colaborará coa familia tanto a nivel administrativo como educacional. Axudará na elaboración da solicitude á administración dun profesor de asistencia domiciliar e, a través do DO e coa colaboración do titor e o profesorado, se elaborará un plan de acción personalizada para o alumno/a.

Atención do alumnado que require medicamentos ou outras medidas sanitarias durante a xornada escolar

O persoal do centro non administrará medicación ao alumnado. Excepcionalmente, cando un alumno/a precise por prescripción médica algunha atención que non se lle poda administrar noutra hora, poderanse facer as actuacións que pauten o médico, sen que conleve ningún tipo de responsabilidade legal pola actuación. En todo caso deberá ter informe médico e autorización da familia.

A Consellería de Educación puxo en marcha dende o curso 2007/08 o programa Alerta Escolar que ten coma obxectivo a atención inmediata e eficiente do alumnado que presente unha patoloxía crónica e poida desenvolver, en calquera momento, unha crise.

O centro elaborará unha listaxe co alumnado que posúa algunha patoloxía do tipo de alerta escolar e a adopción de medidas sanitarias. Esta información é confidencial e soamente o profesorado terá acceso a ela.

As familias serán as encargadas de achegar ao centro a medicación necesaria, rotulada e renovada según a caducidade.

En caso de actuación urxente ou aparición dunha crise severa calquera da comunidade educativa deberá chamar ao 061.

Agrupamento do alumnado

O agrupamento do alumnado faise a comenzo do curso, reunidos os titores correspondentes deciden os agrupamentos e o comunican ao equipo directivo. Estes agrupamentos serán mixtos e atendendo a razóns pedagóxicas, favorecedores da aprendizaxe e evitando calquera tipo de discriminación. Para agrupar ao alumnado procedente de parto múltiple (mellizos, xemelgos...) e como criterio xeral, óptase por separalos, excepto se por razóns pedagóxicas, consultados o departamento de orientación, o titor/a e a propia familia, se decidise mantelos xuntos.

Acollida ao novo alumnado (PAT)

Cando un alumno/a se incorpora ao centro por primeira vez, sexa provinte do centro adscrito (EI Berducedo), de tres anos ou alumnado provinte de outros centros procederase segundo o protocolo de acollida establecido no Plan de Convivencia.

En todo caso, as familias de alumnado de tres anos terán reunións xerais e individuais no mes de xuño nas que se informará da dinámica do centro e o periodo de adaptación. O alumnado de 6º de EP realizará unha visita ao IES As Barxas, adscrito ao noso centro. Finalmente se acollerá ao alumnado de EI de Berducedo adscrito ao noso e se farán os agrupamentos correpondentes.

Acollida ao novo profesorado

Cando se incorpore un novo mestre/a ao centro aplicarase o protocolo de acollida, en todo caso a Xefa de Estudos encargarse de darlle a información necesaria e dende a secretaría se farán as oportunas formalidades administrativas.

12.4 NORMAS DE CONVIVENCIA

Dereitos e deberes da Comunidade Educativa

(Lei 4/2011 R.D. 732/1995)

(Decreto 8/2015 de 8 de enero, art. 19)

Alumnado

(Títulos II e III do R.D. 732/1995 do 5 de maio)

Dereitos:

O exercicio dos dereitos do alumnado implicará o recoñecemento e respecto dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa.

.- Recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.

.- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

.- Ás mesmas oportunidades de acceso aos distintos niveis de ensinanza.

.- A que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade. Podendo o alumnado ou os seus pais reclamar contra as decisións e cualificacións, como resultado do proceso de avaliación, se adopten ao finalizar un ciclo ou curso. Dita reclamación deberá basearse na inadecuación da

proba proposta ao alumno/a ou na incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos.

.- A recibir orientación escolar e profesional para acadar o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses.

.- A que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.

.- A que se respecte a súa liberdade de conciencia, convicción relixiosa, moral ou ideolóxica, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións, polo que poderán elixir a formación relixiosa ou moral acorde coas mesmas.

.- A que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, e en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes, en particular contra a situación de acoso escolar.

.- A que a información sobre as súas circunstancias persoais ou familiares sexan gardadas e reservadas polo centro, sen perxucio do deber do centro de informar á autoridade competente de circunstancias que poidan implicar malos tratos ou calquera outro incumprimento dos deberes establecidos pola lei de protección de menores.

.- A participar no funcionamento e na vida do centro, na actividade escolar e na xestión do mesmo, de acordo coas disposicións vixentes ao respecto.

.- Á liberdade de expresión sem perxuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as institucións de acordo cos principios e dereitos constitucionais.

.- A manifestar a súa discrepancia com respecto ás decisións educativas que lles afecten.

.- A percibir as axudas precisas para compensar as posibles carencias de tipo familiar, económico de sociocultural, de forma que se promova o seu dereito ade acceso aos distintos niveis educativos.

.- Non poderán ser privados do dereito a asistencia ao centro por ausencia do profesorado.

.- A calquera outro dereito que lle poida corresponder pola lexislación vixente ou se derive do Proxecto Educativo do centro.

Deberes :

O estudo constitúe un deber básico do alumnado e concrétase nas seguintes obrigas:

.- Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento do plan de estudo.

.- Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.

.-Seguir as orientacións do profesorado respecto a súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración, respectando a dignidade das súas funcións no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como a autoridade educativa no centro.

.-Respectar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros/as.-

.- Respectar a liberdade de consciencia e conviccións relixiosas e morais, así coma a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

.- Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal o social.

.- Respectar o Proxecto Educativo e o carácter propio do centro conforme á lexislación vixente.

.- Coidar e utilizar correctamente os bens inmobles e as instalacións do centro e respectar as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.

.- Participar na vida e funcionamento do centro.

Profesorado

Dereitos :

O profesorado ten os dereitos e deberes que establezan e desenvolvan as Leis, Decretos, Ordes e demais disposicións legais, ademais daquelas derivadas da propia Constitución.

.- Liberdade de cátedra.

.- De reunión, sempre que non se perturbe o desenvolvemento das actividades docentes.

.- Formar parte do claustro.

.- Participar activamente na organización do centro a través dos órganos correspondentes (con voz e con voto).

.- Ser electores e elixidos en todos os órganos colexiados e demais órganos creados no centro.

.- Exercer as súas actividades nas mellores condicións que o centro poida asegurar.

.- Ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

.- Desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral. Dentro do desenvolvemento da súa función docente contéplase o dereito de propor deberes ao alumnado (Decreto 105/2014 disposición adicional 3ª) sempre que o considere necesario e oportuno, tendo en conta a adecuación

coas familias, a conciliación coa vida familiar e o respecto ao tempo de ocio do propio alumnado.

.- Participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

.- Protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

.- Coñecer os antecedentes do alumnado a través dos expedientes que están custodiados en secretaría. De ser o caso de ser custodiados en Orientación, poderán ser consultados previa autorización.

.- Ser informado dos aspectos relevantes para o desenvolvemento das súas funcións.

.- Recibir formación específica a través dos organismos e entidades habilitados para tal función.

.- Exercer todos os dereitos políticos inherentes á súa condición de cidadán.

.- Calquera outro dereito que lle puidese corresponder pola lexislación vixente ou se derive deste NOF.

Deberes :

.- Asistir ás reunións de Claustro.

.- Participar nas actividades aprobadas na PXA.

.- Participar de xeito activo nas concreccións curriculares e outras planificacións.

.- Facer as programacións de aula.

.- Cortrolar a asistencia á clase do alumnado.

.- Velar por un uso correcto das instalacións.

.- Cooperar na educación de todo o alumnado independentemente de que sexa da súa titoría.

.- Asistir puntualmente ás clases e xustificar as ausencias perante e Xefatura de Estudos cubrindo o modelo proporcionado para tal efecto.

.- Respetar e facer respetar as Normas de Covivencia.

.- Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia, corrixindo, cando lles corresponda, as condutas contrarias á convivencia, ou poñéndolas en coñecemento do equipo directivo.

.- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia.

.- Informar ás familias do progreso de aprendizaxe do seu fillo/a no horario que teña establecido o centro.

.- Informar aos responsables do centro das alteracións da convivencia, gardando a oportuna reserva e sxiilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

.- Calquera outro que puidese corresponderlle a lexislación vixente ou se derive destas NOF.

Elección de cursos

.- Respetarase sempre a continuidade no ciclo (tendo en conta que consideraremos para efectos de elección de curso, os ciclos formados polos cursos 1º-2º, 3º-4º, 5º-6º).

.- Terán preferencia para escoller ciclo o profesorado **definitivo** que proceda do ciclo inmediatamente anterior e queira continuar, cambiando de grupo.

(O terceiro ciclo considerase anterior ao primeiro ciclo)

.- En caso de que haxa dúas liñas ao rematar o ciclo, este profesorado terá os mesmos dereitos que o que remata o terceiro ciclo.

.- Debe facerse a elección provisional de cursos no último claustro de xuño.

.- O profesorado especialista procurará chegar a acordos tendo en conta o espírito de rotación do centro. De non habelos aplicarase o presente regulamento.

.- Todos os demais casos resolveranse por antigüidade no Centro, no caso de que teñan a mesma antigüidade no centro resolverase por antigüidade no corpo e, de ser o caso que persiste o empate, resolveríase por nota de oposición

Horarios

Os horarios de clase, os turnos de substitucións e outros... serán elaborados pola Xefatura de Estudos en colaboración coa Comisión de Coordinación pedagóxica e unha vez oído o claustro.

Os horarios de Atención a Familias e de Secretaría, Dirección, Xefatura de Estudos e Orientación estarán expostos nas distintas dependencias e serán difundidos a través de todo tipo de comunicación, tanto en papel como de modo informático.

Nais e pais

Dereitos

- .- Garantese a liberdade relixiosa dos seus fillos/as
- .- A recibir información da evolución académica dos seus fillos/as, ás dificultades atopadas no proceso de ensino-aprendizaxe e as intervencións ao respecto.
- .- A asociarse e formar parte de ANPA.
- .- A participar na vida do centro a través dos órganos de goberno.
- .- A ser informados sobre as liñas de traballo, contidos, avaliación e demais aspectos relativos ao alumnado incluído servizos complementarios, axudas etc.
- .- A defender os dereitos en relación á educación dos seus fillos/as.
- .- A elixir e ser elixido como representante nos órganos colexiados.
- .- A manter intercambio de opinión co equipo directivo, titores, Mestres...dentro dos horarios establecidos.
- .- A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- .- A ser informados sobre o progreso na aprendizaxe e integración dos seus fillos/as.
- .- A recibir información sobre as normas que regulan a convivencia.
- .- A ser oídos nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia.
- .- A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Deberes

- .- Coñecer e respectar o modelo educativo e o funcionamento do centro a través destas NOF.

.- Cumprir e facer cumprir o presente documento especialmente no relativo ás normas de convivencia.

.- Respectar o exercicio das competencias profesionais do persoal docente.

.- Informar aos docentes daqueles aspectos máis relevantes dos seus fillos/as para favorecer o seu proceso de formación. No caso de que queiran celebrar e/ou invitar a outros nenos/as do centro a calquera festa particular, deberán facelo de xeito que non produzan no resto do alumnado ningún sentimento de discriminación.

.- Atender ás chamadas dos mestres/as e ao equipo directivo.

.- Coñecer, apoiar e participar na evolución do proceso educativo, colaborando co profesorado e os demais membros da comunidade educativa.

.- Coñecer, respectar e facer respectar as normas establecidas polo centro así como a autoridade do profesorado no exercicio das súas competencias.

.- Fomentar o respecto polos demais compoñentes da comunidade educativa.

.- Colaborar co centro na prevención e corrección de condutas contrarias ás normas de convivencia.

Normas xerais de convivencia

(Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Ley 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar)

A convivencia no Centro debe estar marcada polo respecto mutuo entre todas as persoas que compoñen a Comunidade Educativa : alumnado, profesorado, familias, persoal non docente...

No acto diario de convivir deberemos expresar con liberdade as nosas opinións, sen violencia, sen berros nin atropelos.

Debemos de ser tolerantes cos demais, escoitando as súas opinións, recomendacións, reflexións e a expresión dos seus sentimentos, aínda que non coincidan cos nosos.

O respecto entre todos e todas empeza pola corrección no trato. Fomentaremos as expresións de cortesía: dar as grazas, pedir as cousas por favor, dar os bos días, as boas tardes, ofrecerse a axudar...

Condutas contrarias á convivencia (faltas leves), condutas gravemente prxudiciais para a convivencia (faltas graves), correccións e procedemento sancionador.

(Decreto 8/2015 título III)

Toda a normativa referente a condutas contrarias á convivencia escolar, as súas medidas de corrección e os procedementos sancionadores veñen especificadas no devandito título III do Decreto. Nestas NOF faise un resumo sen perxuízo de acudir ao decreto en caso de dúbida ou omisión.

Condutas contrarias ás normas de convivencia (faltas leves)

(Cap. III art. 42)

- .- Retraso na incorporación ao aula.
- .- Comportamento inadecuado en entradas, saídas e durante cambios de clase.
- .- Insultos e pelexas entre compañeiros/as sen lesións.
- .- Faltas de puntualidade ata un nº de tres.
- .- Falta de atención nas explicacións do profesorado.
- .- Falta de asistencia a clase sen xustificar.
- .- Molestar na aula durante o desenvolvemento das clases.
- .- Neglixencia no uso do material e as instalacións.
- .- Descoidar a limpeza do centro por uso inadecuado de servizos, papeleiras...
- .- Asistencia a clase sen o material necesario.

Correccións para as condutas contrarias ás normas de convivencia

Correccións	Órgano competente	Condições ou requerimentos
Amoestación privada ou por escrito	Profesorado do alumno/a, e/ou titor/a	Escoitar ao alumno/a Dar conta ao titor/a e a X. de estudos
Comparecencia inmediata ante a X. de estudos	Profesorado do alumno/a, e/ou titor/a. X. de estudos	Escoitar ao alumno/a Dar conta ao titor/a e a X. de estudos
Realización de traballos específicos en horario lectivo	Professorado do alumno/a, e/ou titor/a. X. de estudos e/ou director/a	Escoitar previamente aos implicados: profesor/a, titor/a ,alumno/a
Realizar tarefas dirixidas á mellora das actividades,instalacións ou a reparar o dano causado	Professorado do alumno/a, e/ou titor/a. X. de estudos e/ou director/a	Escoitar previamente aos implicados: profesor/a, titor/a ,alumno/a
Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares e complementarias	O X. de estudos e/ou Director/a	Escoitar previamente aos implicados: profesor/a, titor/a ,alumno/a
Cambio de grupo do alumno/a por un período de tempo prudencial	O X. de estudos e/ou Director/a	Escoitar previamente aos implicados: profesor/a, titor/a ,alumno/a
Suspensión do	O C.E. Este	O alumno/a

dereito de asistencia a determinadas clases por un tempo prudencial	poderá encomendar ao director/a a comunicación da decisión á Comisión de Convivencia	deberá facer deberes para non interromper o seu proceso educativo. Audiencia do alumno/a, titor/a, equipo directivo e familia. Levantar acta
Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un tempo prudencial	O C.E. Este poderá encomendar ao director/a a comunicación da decisión á Comisión de Convivencia	O alumno/a deberá facer deberes para non interromper o seu proceso educativo. Audiencia do alumno/a, titor/a, equipo directivo e familia. Levantar acta
Restitución do ben deteriorado	C.E. Equipo directivo	Unha vez probados os feitos

As condutas contrarias ás normas de convivencia prescribirán no prazo dun mes.

As correccións correspondentes prescribirán á finalización do curso escolar.

As familias ou titores legais poderán presentar unha reclamación, nun prazo de 48 horas, contra correccións que supoñan suspensión de clases, perante Xefatura Territorial

Condutas gravemente perxudiciais para a convivencia do centro (faltas graves)

(Cap. II art. 38)

- .- Deterioro intencionado do edificio e mobiliario escolar.
- .- Indisciplina, inxuria ou ofensa grave ante calquera membro da comunidade educativa.
- .- Agresión grave física, moral ou discriminatoria.

.- Suplantación da personalidade, falsificación ou substracción de documentos.

.- Actos inxustificados que perturben a normalidade do centro.

.- Actuacións perxudiciais para a saúde ou integridade das persoas.

.- Romper, danar ou apoderarse do material do colexio ou atentar contra a propiedade privada.

.-Apropiación indebida do alleo.

.- Ausentarse do centro sen permiso.

.- Faltas reiteradas de asistencia sen xustificar.

.-Reiteración de condutas contrarias á convivencia, formalmente sancionadas e corrixidas com anterioridade.

.- Incumprimento das sancións que se lle marcan.

Corrección para as condutas gravemente pexudiciais para a convivencia

Correccións	Órgano competente	Condições ou requerimentos
Realización de tarefas, em horário non lectivo, que contrubúan á mellora do centro ou a reparar o dano causado nas instalacións, materiais ou dalgún membro da comunidade educativa	C.E. previo desenvolvemento e tramitación de expediente disciplinario que terá coma instrutor a um mestre/a do centro	O Procedemento para a tramitación do expediente disciplinario regúlase no artigo 54 do RD 732/1995 do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivência nos centros. Neste período o alumno deberá realizar os traballos que se lle marquen

Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias	Idem do anterior	Idem do anterior
Cambio de grupo	Idem do anterior	
Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período superior a tres días	Idem do anterior	Idem do anterior
Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período superior a tres días com deberes e traballos específicos	Idem do anterior	Idem do anterior
Cambio de centro en caso extremo	Idem do anterior	Idem do anterior

Procedementos na imposición de sancións

A sanción das faltas leves correrá a cargo do profesor , titor ou Xefatura de Estudos e Dirección.

A sanción das faltas graves correspóndelle á Dirección do centro.

Hai que poñer en coñecemento das familias a falta e a sanción imposta.

A imposición de sancións por faltas graves só se poderá facer despois da instrución do correspondente expediente e baixo proposta do CE.

As condutas gravemente perxudiciais para a convivencia prescribirán no prazo de catro meses e as correccións á finalización do curso escolar.

Criterios para a adopción de medidas correctoras

Na adopción de medidas correctoras, deberanse ter en conta os seguintes criterios xerais:

A imposición de correccións terá finalidade e carácter educativo, e procurará a mellora da convivencia no centro.

Deberanse ter en conta, con carácter prioritario, os dereitos da maioría dos membros da comunidade educativa e os das vítimas de actos antisociais, de agresións ou de acoso.

Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

Valoraranse a idade, situación e circunstancias persoais, familiares e sociais do alumnado, e demais factores que puidesen incidir na aparición das condutas ou actos contrarios ás normas establecidas.

Deberanse ter en conta as secuelas psicolóxicas e sociais dos agredidos ou agredidas, así como a alarma ou repercusión social creada polas condutas sancionables.

As correccións deberán ser proporcionais á natureza e gravidade das faltas cometidas, e deberán contribuír á mellora do clima de convivencia do centro.

O procedemento conciliado

O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e compromiso do alumnado e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

O procedemento conciliado aplicarase de se cumprirem os seguintes requisitos:

.- Que o alumno/a recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposto/a a reparar o dano causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.

.- No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse a dito procedemento.

O procedemento conciliado non procederá:

.- cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.

.- Cando a persoa agraviada, titora do gravio ou as súas familias non comunique a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.

.- Cando xa se fixese uso deste procedemento durante o mesmo curso, cos mesmos implicados e para corrixir unha conduta semellante.

Desenvolvemento do procedemento conciliado

1.- No procedemento conciliado, a dirección convocará á persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e ás afectadas, a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo.

2.- Na reunión, a persoa instrutora recordarlles a todos, que están a participar nun procedemento conciliado ao que se someteron voluntariamente e que iso supón acatar os acordos que se deriven deste. Tamén comunicará que as declaracións que se realicen, formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

3.- A persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección e, oídas as partes, propondrá algunha medida correctora para aquela conduta. Dará a palabra ao alumno/a e aos convocados para que manifesten a súa opinión sobre a conduta que se pretende corrixir e as consideracións que pensen oportunas para a súa corrección.

4.- A petición de desculpas por parte do alumno/a será tida en conta á hora de determinar a medida correctora.

5.- As persoas participantes no procedemento deberán acordar as medidas correctoras que consideren mais adecuadas e, se procede, as

medidas educativas reparadoras. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas. O director/a ratificará o acordo.

6.- O incumprimento das medidas correctoras acordadas dará lugar a aplicación do procedemento común.

7.- O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común.

O Procedemento común

O procedemento común de corrección de medidas gravemente perxudiciais para a convivencia utilizarase cando o alumno/a ou, de ser o caso, os proxenitores ou representantes legais non cheguen a un acordo mediante o procedemento conciliado ou non queiran facer uso deste.

Desenvolvemento do procedemento común

A persoa responsable da tramitación deste procedemento será un docente designado como persoa instrutora.

A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta, a corrección correspondente en función dos feitos probados, circunstancias e grao de responsabilidade e disporá de cinco días lectivos para a súa instrucción a partir da súa designación.

Finalizada a instrucción, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia ao alumno/a e familia, convocándoos a unha comparecencia nun prazo máximo de tres días lectivos a partir da recepción da citación.

12.5 SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS E O SEU FUNCIONAMENTO (NORMATIVA PROPIA)

Comedor

(Decreto 132/2013 do 1 de agosto)

Segundo a normativa antes citada o Comedor do Ceip Reibón é do tipo D, de 251 a 350 comensais e pertence aos comedores agrupados no artigo 2º, apartado a, de xestión directa polo propio Centro...

Cada curso o Consello Escolar establecerá a oferta de prazas en función das baixas que se vaian producindo.

Para a **admisión de novos usuarios e usuarias** do servizo de Comedor aplicarase o seguinte criterio :

1º) Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.

2º) Alumnado usuario lexítimo do servizo de transporte escolar.

3º) Alumnado pertencente a familias en situación de exclusión social ou que teña discapacidade superior ó 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes

4º) Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido a tal efecto.

5º) Alumnado fillo de pais,nais...traballadores e con incompatibilidade de horarios. Acreditado mediante a correspondente documentación.

6º) Outro alumnado do centro. Neste suposto atópanse os escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponde.

7º) Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

Outros criterios aportados polo propio centro:

8º) Alumnado con irmáns que xa estaban no comedor.

9º) Alumnado solicitante en cursos anteriores que non puido entrar.

10º) Alumnado transportado de menos de dous kms. segundo a parada que lle corresponda e de maior a menor distancia do centro.

11º) Alumnado que faga un uso continuado do comedor, entendendo por continuado o feito de usar o comedor todos os días lectivos sen excepcións.

O alumnado usuario de comedor no centro adscrito EEI de Verducedo, considerarase usuario do comedor do Ceip Reibón cando se traslade a este.

Criterios de selección do persoal cuidador do comedor

1º). Terán prioridade as persoas que fixeran a solicitude regulamentariamente e non poideran entrar en anos anteriores.

2º). A orden de selección primará as solicitudes que contén con fillos en cursos superiores e irase baixando de curso.

3º). No caso de persoas con máis dun fillo terase en conta o do curso superior .

4º). Os empates resolveranse por orde alfabética, escollendo o chou a primeira letra.

Normas Comedor

O alumnado admitido deberá asistir tódolos días e completar a asistencia durante un trimestre enteiro.

A non asistencia reiterada sen xustificar implica perda de plaza.

Se deixa de facer uso do comedor, para unha nova incorporación pasará ó final da lista de solicitudes.

O pago do comedor farase segundo a normativa, esta obriga ao pago nos vinte días seguintes ao finalizar o mes de uso, en caso contrario pode perder o dereito.

O alumnado de comedor ten dereito a facer uso del os días que lle faga falla sempre que avise con vintecatro horas de antelación en caso de ausencia.

Para calquer imprevisto, os pais ou nais deberán poñerse en contacto co encargado do comedor, en ningún caso deberán acceder directamente a este.

O alumnado deberá comportarse de xeito educado:

- Mans limpas. (Os titores de primaria e as encargadas, no caso de educación infantil, favorecerán este apartado deixando que o alumnado do comedor poda limpar as mans un pouquiño antes de baixar da aula).
- Falar baixiño
- Non facer ruído na entrada e na saída (Ter coidado e non arrastrar as sillas).
- Respectar ós demais.
- Manterse correctamente sentado durante as comidas.
- Non estragar comida nin tirala ó chan.
- Usar os cubertos ben (non facer ruído con eles).

Transporte escolar

(Real decreto 443/2001 do 27 de abril)

O alumnado transportado observará as seguintes normas:

- Estará fóra do recinto escolar, tanto nas entradas como nas saídas, só o tempo imprescindible para subir ou baixar ordeadamente dos autocares.
- Deberán ir sentados e sen cambiar de sitio
- Gardarase un coidado especial cos alumnos e alumnas máis pequenos
- Tratarase con coidado e respecto o material do autobús
- Deberán dirixirse con corrección ao persoal dos autobuses
- Os usuarios e usuarias do transporte escolar non poderán prescindir do seu uso, nin baixarse en paradas que non sexan as propias, agás autorización expresa das súas familias.
- Deberá observar as normas xerais que rixen en calquera transporte público.

Actividades Extraescolares de tarde

As actividades da tarde son as ofertadas pola ANPA e polo propio centro nas dependencias do mesmo. Son sempre de carácter voluntario.

Deberán gardarse as seguintes normas :

- O persoal responsable das actividades velará polo coidado das instalacións, mobiliario e material do centro que se empregue no desenvolvemento destas actividades.
- O alumnado que asiste a estas actividades deberá estar perfectamente atendido durante o tempo que duren as mesmas.
- As normas de convivencia do centro rixen tamén neste período de tarde.
- A representación do Centro nas actividades extraescolares de tarde estará a cargo do profesorado que se encargue da Biblioteca e Ludoteca, no caso de que haxa Ludoteca.
- As familias dos nenos e nenas que asistan ás actividades de tarde deberán estar localizables telefonicamente.

- A tardanza reiterada en recoller ao alumnado cando rematan as actividades escolares ou extraescolares por parte das familias será obxecto de notificacións por parte da dirección do centro. Estas serán inicialmente verbales, logo por escrito e de persistir o problema notificarase aos servicios sociais do concello.

12.6 ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E DEPENDENCIAS

Uso das instalacións

Poñerase especial coidado co mobiliario e as instalacións do Centro. Cando un alumno ou alumna estrague ou faga uso indebido dos mesmos, a súa familia será responsable de abonalo ou repoñelo.

- Tanto a comunidade escolar, como todas as persoas que utilicen as instalacións do colexio procurarán manter o edificio e o recinto escolar libre de papeis e lixo, así como de pintadas en muros e paredes.
- O profesorado organizará campañas para sensibilizar ao alumnado da necesidade de manter limpo o Centro.
- Está prohibido fumar en todo o recinto escolar.
- Está prohibido o acceso ao recinto escolar con vehículos e animais ata o remate das actividades, salvo vehículos de servizos ou persoal autorizado. Os provedores do comedor absteranse de facelo durante o recreo.

Entradas e saídas

- Nada máis escoitar o timbre de entrada o alumnado formará filas por cursos diante dos accesos respectivos de cada nivel.

- A entrada e subida de escaleiras farase co debido orde, sen correr, sen facer ruídos e sen entorpecer a subida dos demais.
- Nas saídas ao recreo e do colexio procederase do mesmo xeito.
- O alumnado transportado non poderá saír do recinto ata que llo indique o profesorado presente no acceso aos autobuses, ou as coidadoras e coidadores destes.

Patio de recreo

O recreo é un tempo e un espacio con liberdade para decidir qué facer, cómo e con quen; para descansar e disfrutar, despexarse, desestresarse, xogar, correr, ler, repasar tarefas e interactuar entre pares.

Actividades físicas espontáneas e libres, como correr, saltar, perseguirse, xogar con pelotas ou bailar, moverse ou charlar, melloran o rendemento posterior da atención, concentración, comprensión e memoria.

O castigo no recreo debe ter polo tanto un carácter moi excepcional e non prolongarse moito no tempo.

- Todo o profesorado se encargará de que o alumnado que atenda no momento de saír ao recreo acceda ao patio e non quede ninguén nas aulas, salvo que sexa coa presenza e autorización dalgún profesor ou profesora.
- Estableceranse zonas de vixiancia no patio escolar e asignaranse un ou varios profesores ou profesoras a cada zona establecida.
- O alumnado poderá facer uso do material deportivo nas condicións que estableza o profesorado de Educación Física.
- Respectaranse as zonas de recreo ou áreas de xogo que se establezan na PXA.
- Durante os recreos o alumnado non poderá acceder as aulas, polo que deberán ir ao servizo utilizando os accesos dos patios cubertos.
- Os días de choiva o alumnado fará o recreo nos patios cubertos correspondentes e sempre atendendo ás indicacións ou suxerencias do profesorado de vixiancia

Biblioteca

O seu funcionamento está dirixido polo equipo de Biblioteca. Pode ser usada como sala de lectura ou de consulta. Permanece aberta nos recreos. Tamén permanece aberta tódolos días pola tarde, os catro días que hai actividades extraescolares sendo atendida polo profesorado en horario de 16 h. a 17'15h.

Aula de Música

É o local onde se imparten estas clases. Asiste o alumnado de E.Primaria e Infantil.

Aulas de apoio

Existen tres aulas para atender ó alumnado con NEAE.

Aulas de idioma estranxeiro

Hai tres aulas específicas, dotadas de material audiovisual.

Ludoteca e Aula de Audiovisuais

Tén unha cabida máxima de 35 a 40 alumnos, e está dotada de material de proxección de diapositivas, vídeo,retroproyector, proyector de vídeo e equipo de DVD, case todo adquirido polo propio Centro. Faise un reparto horario.

Conta tamén con xogos e actividades lúdicas para os nenos e nenas que asistan a Actividades Extraescolares como complemento da Biblioteca (cando o nº de alumnos/as sexa excesivo na biblioteca) sendo atendidos/as polo profesorado en horario de 16 a 17'15 h.

Laboratorio

Haberá un profesor ou profesora encargado do mesmo e tamén haberá un horario para que poida ser utilizado por todos os cursos.

Ximnasio

Úsase, fundamentalmente, para clases de psicomotricidade. Para determinadas clases de Educación Física e para Actividades Extraescolares.

Pavillón Escolar

Utilízase para as clases de Educación Física e para Actividades Extraescolares.

Aula de Informática

Dispón de 16 ordenadores e unha pantalla smartboard conectados a internet para impartir clases a todo o alumnado do Centro. Tamén se imparten Actividades Extraescolares de informática por parte da ANPA.

Ascensor

O ascensor será usado por persoas que teñan dificultades motrices, ou que, por algunha razón, non poidan subir as escaleiras. Sempre irán acompañados por persoal do centro que dispoña de chaves. O alumnado irá sempre acompañado pola cuidadora, por un profesor/a, ou polo conserxe.

Local da ANPA

Está situado na entrada do colexio, ten acceso directo dende o patio.

Está dotado de todo o necesario para poder prestar un servizo adecuado.

Invernadoiro

Está perto dunha das entradas do colexio. No seu entorno hai plantados diversas árbores fruteiras

Utilízase pra plantar diversas especies vexetais e ir facendo un seguemento da súa evolución.

Uso das instalacións por parte de persoas ou entidades alleas ao centro

Para a utilización das instalacións do Centro por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar, presentarase unha solicitude ante a Dirección do centro, que solicitará do Consello Escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Delegación Provincial de Educación, que resolverá o que proceda, logo do informe da inspección educativa.

O centro indicará ós solicitantes como deben quedar limpas e ordenadas as cousas despois de rematar as actividades. Tamén informará dos gastos.

No caso de incumprimento das normas non se volverá a informar favorablemente a solicitude.

Para o uso ocasional e con carácter excepcional, a dirección poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

A utilización das instalacións por parte das anpas, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de profesorado, só require a solicitude previa á Dirección do Centro, cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización, no marco das directrices fixadas polo Consello Escolar, se o seu destino é a finalidade propia das ditas institucións, sempre que non altere o normal funcionamento do Centro.

As instalacións do Centro poranse sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos para a educación de adultos, etc.

12.7 MEDIOS E FORMAS DE DIFUSIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA

Información dos titores ao inicio de cada curso escolar:

- .- Normativa sobre dereitos e deberes do alumnado.

- .- Normativa sobre as faltas de asistencia e procedementos de comunicación ás familias.

- .- Obriga de permanecer no recinto escolar durante o horario lectivo.
- .- Respecto ós horarios tanto de entrada e saída coma de cambio de clase.

- .- Lembrar que ao rematar a xornada as cadeiras deberán quedar enriba das mesas.

.- Sobre as condutas contrarias ou gravementes perxudiciais á convivencia escolar e as súas correccións.

.- Os libros de texto.

.- Horarios de clase e de atención ás familias.

.- Calendario escolar.

.- Autorizacións para saídas.

.- Actividades propostas pola ANPA e xeito de anotarse.

.- O comedor.

.- O transporte.

Toda esta información achegarase verbalmente ao alumnado, mediante notificación escritas ás familias e a través dos medios de difusión do centro.

12.8 AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS NOF

As Normas de Organización e Funcionamento deben ser un documento vivo que facilite a organización e convivencia no centro, e que debe ser periodicamente actualizado segundo as necesidades que vaian xurdindo.

Por tanto a avaliación debe cumprir un triplo obxectivo :

- Revisar e actualizar o documento
- Propiciar a participación do alumnado na elaboración das normas que lles afecten de forma directa.
- Facilitar a incorporación non só de medidas punitivas para a compensación de faltas, senón de aspectos relacionados con criterios organizativos, programas de mediación, convivencia e resolución pacífica de conflitos.

A responsabilidade da avaliación será de toda a comunidade educativa e as modificacións serán aprobadas polo Consello Escolar e a Comisión de Convivencia.